

A Economía Galega

Informe 2024

Equipo realizador

Dirección

Roberto Bande Ramudo • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

M^a Dolores Riveiro García • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Membros

Juan J. Ares Fernández • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Belén Fernández Castro • Universidade de Santiago de Compostela

Manuel Fernández Grela • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Diana Fernández Méndez • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Melchor Fernández Fernández • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Edelmiro López Iglesias • Universidade de Santiago de Compostela

Miguel Pazos Otón • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

María José Piñeira Mantiñán • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Gonzalo Rodríguez Rodríguez • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Bernardo Valdés Paços, Universidade de Santiago de Compostela

Miguel Anxo Vázquez Taín • Universidade de Santiago de Compostela

Manuel Vilas Fernández • Universidade de Santiago de Compostela

Deseño e maquetación

Manuel López Sande

Supervisión lingüística

Ana Suárez Piñeiro • Universidade de Santiago de Compostela

— • —

Editado por IDEGA, Santiago de Compostela

ISSN: 2171-8830

11 I. Contexto macroeconómico

Belén Fernández Castro

- 13 A contorna global en 2024: crecemento moderado, conflitos, inflación descendente, e aumento de débeda
- 15 A Economía Española en 2024: crecemento sobresaínte con baixa produtividade
- 18 A Cohesión Mundial en 2024 e os obxectivos 2030
- 21 Os obxectivos 2030 en Europa
- 22 Perspectivas

25 II. Mercado de traballo

Roberto Bande Ramudo e Melchor Fernandez Fernandez

- 27 Introducción
- 28 Caracterización da evolución da ocupación en Galicia
- 32 Caracterización da evolución do desemprego en Galicia
- 35 O futuro do emprego: o camiño cara a 2030
- 35 Prezos e salarios
- 39 Recadro 1. O reto do relevo xeracional
- 42 Recadro 2. Sobre a redución da xornada laboral: elementos para o debate

47 III. Sector Agrario

Edelmiro López Iglesias e Bernardo Valdés Paços

- 49 A dinámica estrutural recente da agricultura galega: análise dos resultados da Enquisa de Estruturas 2023
- 51 Peso global e dinámica do complexo agroalimentario e do complexo da madeira no período 1995-2022
- 41 A conxuntura agraria en 2023: contexto internacional, na UE e en España
- 55 Tendencias a medio prazo do sector agrario (1990-2022)
- 56 A conxuntura agraria en 2024: contexto internacional, na UE e en España
- 58 A dinámica do sector agrario galego en 2024: unha visión global
- 59 Evolución da produción
- 63 Conxuntura das principais ramas agrarias
- 64 Poboación ocupada
- 65 Censos gandeiros

69 IV. Pesca

Gonzalo Rodríguez Rodríguez

- 71 Introducción
- 71 A produción de pescado
- 79 A inserción exterior
- 80 O consumo

85 V. Industria

Juan José Ares Fernández

- 87 A actividade
- 98 A ocupación
- 98 Prezos, custos e salarios
- 101 As opinións dos empresarios industriais sobre a actividade
- 102 A dimensión das empresas
- 104 A presenza da industria galega nos mercados estranxeiros
- 107 A evolución da especialización industrial galega con respecto a España

109 VI. Sector exterior

Diana Fernández Méndez e Dolores Riveiro García

- 111 Comercio exterior de mercancías
- 133 O investimento estranxeiro directo (IED)

145 VII. Construción

Manuel Vilas Fernández

- 147 Introducción
- 147 Indicadores de actividade
- 151 Vivenda
- 163 Demanda pública de obras

167 VIII. Servizos

Juan José Ares Fernández e Manuel Fernandez Grela

- 169 A actividade do sector servizos en 2024
- 173 Os prezos no sector de servizos
- 174 A distribución e o comercio
- 183 Os transportes en Galicia
- 195 O sector bancario

199 IX. Sector turístico

María José Piñeira Mantiñán e Miguel Pazos Otón

- 201 Introducción
- 201 A oferta de aloxamento en Galicia
- 204 A demanda turística en Galicia
- 209 Estadía media e gasto turístico
- 210 Turismo urbano e de cruceiros
- 211 O Camiño de Santiago

213 X. Sector público

Miguel Ángel Vázquez Taín

- 215 Introducción
- 215 O sector público autonómico galego
- 221 O sector público local galego
- 223 O sector público estatal en Galicia
- 224 O sistema público de pensións en Galicia
- 227 O gasto sanitario en Galicia
- 231 O gasto en educación en Galicia

Presentación dos coordinadores

Un ano máis presentamos o Informe sobre a evolución da economía galega que desde o Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) levamos realizando de xeito ininterrompido desde 1986. Trátase, pois, dun estudo cun longo percorrido, que se asentou como referencia para os colectivos que cada ano están interesados en ter unha visión academicamente rigorosa, pero accesible, dos principais fitos da economía galega ao longo do ano anterior. O equipo de persoas expertas que elaboran o traballo, todas elas recoñecidas como investigadoras de prestixio nos seus respectivos ámbitos de análise, proporcionan unha visión informada e completa da evolución dos diferentes sectores da economía, desde o sector primario ata os servizos, incluíndo capítulos específicos sobre pesca, industria ou turismo, entre outros.

As enormes incertezas ás que se enfronta non só a economía galega, senón tamén a española e a mundial, fan que estudos como o que se presenta sexan un instrumento imprescindible para comprender o contexto actual. A guerra comercial iniciada polos Estados Unidos de América, coa fixación de elevados aranceis ás importacións; unida ás tensións xeopolíticas en Oriente Medio (coa ocupación israelí de Gaza) e en Europa Oriental (co conflito ruso-ucraíno enquistado) abren escenarios difíciles de predicir e esixirán das autoridades responsables respostas adecuadas e firmes para facer fronte aos desafíos: inflación, retardación do crecemento económico, caída do comercio exterior etc. As análises desenvolvidas nos distintos capítulos permitirán ás persoas interesadas unha contextualización das posibles consecuencias sobre a economía galega de todos estes acontecementos.

Queremos, coma sempre, agradecer a participación dos autores, que fixeron un enorme esforzo por sintetizar en poucas páxinas os principais fitos en cada un dos ámbitos aquí analizados. Eles son, sen dúbida, o maior activo deste proxecto.

A colaboración da Deputación da Coruña e da Caixa Rural Galega volveu ser esencial para levar a cabo este traballo. O apoio decidido e continuado destas dúas institucións non só fai posible a elaboración deste Informe, senón que nos anima a continuar xerando coñecemento para a sociedade no futuro; sabedores de que contamos con dous piares básicos para desenvolver proxectos co foco posto en Galicia.

Por último, tamén queremos agradecer o labor dos dous colaboradores técnicos na elaboración do Informe, Manuel López Sande (que se encargou da preparación do documento) e Ana Suárez (que realizou a revisión lingüística).

Roberto Bande e Dolores Riveiro

Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)

Universidade de Santiago de Compostela

I. Contexto macroeconómico


- En 2024 un contexto xeopolítico fragmentado lastra o desenvolvemento mundial. Importantes conflitos militares e comerciais ralentizan o comercio internacional e levan a un crecemento global moderado (3,3% segundo o FMI) e moi desigual.
- A Inflación diminúe. A caída nos prezos da enerxía e os alimentos e a mellora das cadeas de subministros reducen a inflación, aínda que persiste a vulnerabilidade fronte as ameazas.
- Nos mercados financeiros dase un repunte das cotizacións bursátiles impulsado pola intelixencia artificial. Os tipos de xuro permanecen altos freando o investimento.
- A débeda pública global alcanza niveis preocupantes pola combinación de grandes gastos militares, elevados investimentos en infraestrutura e transición enerxética e políticas fiscais expansivas.
- España lidera o crecemento na zona euro: O PIB medrou un 3,2%, cun mercado laboral forte, alto consumo privado e redución do déficit e da débeda pública. Aínda nesta fase expansiva, España non consegue impulsar a produtividade nin o emprego xuvenil.
- No 2024 os avances a nivel mundial cara ós obxectivos 2030 son modestos: a cooperación climática e migratoria é insuficiente e o acceso á tecnoloxía e á sanidade é desigual.
- Non se logra unha distribución da riqueza máis equitativa, malia que se implementan distintas medidas orientadas a conseguilo.
- Os logros de Europa na consecución dos seus obxectivos son claramente insuficientes. Hai algún avance, aínda que pequeno, cara aos obxectivos 2030 e aos fixados na European Green Deal e a Brújula Dixital, en materia de transición verde, dixitalización, obxectivos sociais e gobernanza.
- Os retos cara o futuro pasan por incrementar a cohesión internacional. A coordinación e imprescindible para protexer a estabilidade macroeconómica e incorporar as innovacións ó proceso produtivo e acadar unha distribución máis equitativa dos recursos.

A contorna global en 2024: crecemento moderado, conflitos, inflación descendente, e aumento de débeda

O ano 2024 caracterizouse por un crecemento económico moderado a nivel global. Os datos do Fondo Monetario Internacional ofrecen unha taxa de crecemento mundial de 3,3%, que é claramente inferior á media histórica anterior ao gran parón de actividade que tivo lugar en 2020 como consecuencia do coronavirus.

Desde o final da pandemia a economía mundial atravesa un período de gran inestabilidade: a recuperación de 2021 ralentizouse en 2022 como consecuencia da crise enerxética e alimentaria e a complicación xeopolítica que se materializa a partir da guerra en Ucraína. As cifras de crecemento mundial pouco elevadas foron acompañadas dun aumento xeneralizado da inflación. Este aumento nos prezos forzou un endurecemento conxunto da política monetaria na maioría dos países que levou a temer pola aparición de cifras negativas no crecemento mundial. A solidez das políticas económicas en moitos países axudou a soste a actividade e a temida recesión non chegou a producirse. Así, en 2023 conseguíuse un crecemento positivo, aínda que reducido, pero a custa de maiores niveis de débeda e de maiores custos de endebedamento.


En 2024 o crecemento mundial vese lastrado pola situación xeopolítica mundial. Un contexto, aínda caracterizado polas políticas monetarias restritivas, as tensións comerciais e os axustes estruturais en varias economías emerxentes, non permite incrementar o ritmo de crecemento e mantén as cifras en valores similares aos do ano anterior. As tensións xeopolíticas, en particular a prolongación dos conflitos en Ucraína e Oriente Medio, deterioraron a confianza empresarial e o aumento das medidas proteccionistas provocou unha contracción importante do comercio internacional que lastrou o crecemento económico. As cadeas de subministros, aínda que en mellor estado que en 2022 e 2023, continuaron mostrando vulnerabilidades. Na parte positiva, en 2024 a adopción de tecnoloxías dixitais e a transición cara a enerxías limpas ofreceron novas oportunidades de investimento e aumentos de produtividade nalgúns rexións.



Como é habitual, o crecemento global do 3,3% provén dunha evolución moi dispar entre o grupo das economías avanzadas e o de economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento. No gráfico 1 recóllese o crecemento mundial xunto có destes dous grupos de países nos últimos anos. No ano 2024 as economías avanzadas, creceron en media un 1,8%, impulsadas lixeiramente polo descenso da inflación e a reactivación do consumo privado, mentres que as economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento o fixeron a un ritmo do 4,3%. A reactivación da

actividade de 2021 vai acompañada dunha maior converxencia entre estas rexións, pero a ralentización do crecemento que ten lugar nos anos posteriores volve a ensanchar a brecha.

Unha vez máis, o desenvolvemento non foi uniforme dentro dos grupos sinalados. O gráfico 2 reflexa algunhas das principais diferencias. Dentro das economías avanzadas, Estados Unidos rexistrou un crecemento do 2,8%, impulsado por un mercado laboral robusto, un consumo privado resistente e unha moderada expansión fiscal. O crecemento do 0,1% de Xapón indica estancamento e a taxa de 1,1% do Reino Unido é substancialmente inferior á media. Tamén por debaixo da media do grupo, sitúase a Unión Europea, que experimentou un aumento agregado do PIB na zona euro do 0,9%, o que supón unha lixeira mellora respecto ao ano anterior, apoiado por un repunte do gasto



dos consumidores a medida que diminuíron as presións inflacionarias. Pero, mentres Alemaña entra en recesión e moitos países europeos se estancan, debido á caída das exportacións e ós altos custos enerxéticos, España destaca cun crecemento do PIB do 3,2%, impulsado por un mercado laboral forte e altos niveis de inmigración.

No grupo de economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento destacan 3 entidades por riba da cifra conxunta sinalada: India sobresaíu cun crecemento do 6,5%, consolidándose como unha das principais locomotoras do crecemento mundial, os países emerxentes e en desenvolvemento de Asia chegaron a un 5,3% e China, a pesar de que experimenta unha diminución no seu crecemento debido a unha recuperación máis gradual do esperado tralos confinamentos por COVID-19, aos desafíos no sector inmobiliario e a ralentización do seu consumo interno, conseguiu alcanzar un 5%.

En canto aos prezos, a inflación global mostrou unha tendencia á baixa durante 2024. Esta redución atribuíuse a unha combinación de factores económicos e estruturais que actuaron conxuntamente para aliviar as presións sobre os prezos. En primeiro lugar, os principais bancos centrais, como a Reserva Federal e o Banco Central Europeo, continuaron con políticas monetarias restritivas con tipos de xuro elevados para arrefriar a demanda. Ademais, as cadeas de subministros normalizáronse tras as disrupcións de anos anteriores, facilitando a dispoñibilidade de bens e reducindo os custos de transporte. A isto sumouse unha notable caída nos prezos da enerxía e as materias primas, como consecuencia dunha menor demanda global e unha maior produción. Os prezos dos alimentos comezaron a estabilizarse grazas a mellores colleitas e o crecemento económico moderado en moitas rexións axudou a conter o consumo e, con iso, a inflación. Tamén influíu a estabilidade nas expectativas inflacionarias, o que permitiu aos bancos centrais manter o control sen alarmar aos mercados.. Todos estes elementos contribuíron a unha moderación relevante da inflación a nivel global.


En 2024, os mercados financeiros globais viviron unha recuperación das cotizacións bursátiles, especialmente nas economías avanzadas. Nun contorno marcado por unha elevada incerteza xeopolítica e condicións monetarias restritivas, os mercados bursátiles alcanzaron máximos históricos

en 2024 impulsados polo auxe da intelixencia artificial e a expectativa de baixadas de tipos para 2025. O índice S&P 500 subiu un 22,35% durante o ano, mentres que o Eurostoxx50 creceu un 9,43% e o Nikkei 225 de Xapón alcanzou o seu nivel máis alto desde 1989, situándose en 38.882 puntos.

Este incremento nas cotizacións non foi uniforme. As empresas tecnolóxicas, de saúde e enerxías limpas lideraron os avances, mentres que sectores sensibles aos tipos de xuro, como a construción ou o consumo, mostraron un comportamento máis débil. Nos mercados emerxentes, as subidas bursátiles foron máis contidas e condicionadas polas tensións internacionais, o encarecemento do crédito e a volatilidade das divisas.

O entorno financeiro seguiu sendo restritivo. Os tipos de xuro elevados que mantiveron os bancos centrais aumentaron os custos de financiamento e limitaron o investimento, sobre todo en economías con menor marxe fiscal ou maiores necesidades de financiamento externo. O mercado de débeda reflexou estas tensións con aumentos nos rendementos de bonos soberanos, especialmente en países de baixos ingresos.

En conxunto, aínda que os mercados bursátiles ofreceron sinais de recuperación, o contexto financeiro de 2024 actuou como un factor de moderación do crecemento económico, xerando presións sobre o investimento, a débeda e o acceso a recursos para moitas economías en desenvolvemento.



A débeda global alcanzou niveis preocupantes. O gráfico 3 mostra cómo, tras os incrementos necesarios na pandemia, en 2021 e 2022 intentouse reducir o peso da débeda no PIB, pero en 2023 e 2024 a situación internacional levou á maioría dos países a postergar o axuste fiscal. A concorrencia de distintos factores, como os conflitos comerciais, as tensións xeopolíticas e a implementación de políticas fiscais expansivas en economías tan relevantes como a de Estados Unidos, China e Europa contribuíron a este incremento. O ano 2024 é un ano de gastos importantes, a

modo de exemplo, a Comisión Europea planeou emitir 800.000 millóns de euros en débeda para o rearme, mentres que Alemaña engadiu medio billón máis para infraestrutura e descarbonización.


En resumo, 2024 foi un ano de estabilización económica mundial con crecemento moderado, resultado dunha complexa interacción entre políticas macroeconómicas prudentes, axustes estruturais, factores xeopolíticos que aumentan a incerteza e o gasto militar e cambios tecnolóxicos significativos. Aínda que a inflación mostrou signos de desaceleración, a elevada débeda global e as tensións comerciais e políticas presentaron desafíos significativos para as economías do planeta. Aínda que as perspectivas para 2025 apuntan a unha lixeira aceleración no crecemento, persisten riscos significativos, como novas disrupcións comerciais, un endurecemento adicional das condicións financeiras e o impacto do cambio climático sobre a produción agrícola e a estabilidade económica mundial.

A Economía Española en 2024: crecemento sobresaínte con baixa produtividade

O desempeño global da economía española en 2024 pódese considerar satisfactorio no contexto internacional, xa que logrou consolidar a súa recuperación postpandemia e superar as expectativas iniciais. Cun crecemento do PIB superior ao da maioría das economías da zona euro, unha

significativa redución do desemprego e unha inflación moderada, España posicionouse como unha das economías máis dinámicas de Europa.

En 2024, o PIB de España creceu un 3,2%, superando a cifra rexistrada o ano anterior e consolidando a recuperación económica iniciada tras a pandemia. Este comportamento situou a España como líder en crecemento económico dentro da zona euro, representando aproximadamente o 50% do crecemento total deste grupo de países.



No gráfico 4 obsérvase que tras a pandemia España crece substancialmente por riba dos grupos aos que pertence, superando a media de crecemento das economías avanzadas e da zona euro.

O crecemento español foi impulsado principalmente pola demanda interna, que contribuíu con 2,8 puntos porcentuais, mentres que a demanda externa achegou só 0,4 puntos. Se se analiza o crecemento das compoñentes individuais, maniféstase que son o gasto público e o consumo privado as compoñentes que creceron substancialmente por riba da media.


O consumo dos fogares experimentou un aumento do 3,7% en 2024, respaldado pola moderación dos prezos, especialmente en alimentos e enerxía, a implementación de axudas públicas para fomentar o consumo, o importante incremento do salario medio e o crecemento da poboación inmigrante.

O crecemento do 4,9% no gasto público debeuse principalmente ao aumento dos soldos dos funcionarios e á ampliación de persoal en sanidade, educación e xustiza. Tamén se reforzou o gasto en bens e servizos esenciais, en particular no ámbito sanitario e educativo. Este comportamento enmárcase nunha política fiscal de carácter expansivo, que, malia os esforzos por reducir o déficit público, mantén altos niveis de gasto corrente co obxectivo de soste-lo crecemento económico e fortalece los servizos públicos nun contexto de incerteza internacional. A pesar deste aumento no gasto, o déficit e a débeda pública reducíronse. O déficit público reduciuse ao 2,8% do PIB en 2024, mellorando as previsións gobernamentais, aínda que aumenta ao considerar as axudas extraordinarias polas inundacións da DANA, situando o déficit axustado no 3,15%. A débeda pública descendeu ao 101,8% do PIB, unha mellora significativa respecto ao 107,7% rexistrado en 2023. O aumento no gasto foi compatible con estas reducións grazas a un aumento extraordinario na recadación impositiva como consecuencia do crecemento económico, o aumento do emprego e os aumentos nominais das variables que provocou a inflación.

O investimento mostrou unha recuperación significativa. Medida a través da formación bruta de capital fixo, o investimento crece de maneira apreciable, especialmente no último trimestre do ano, impulsado polo investimento en bens de equipo e a construción, acada un crecemento de 2,8% a final do ano, reflexando unha mellora na confianza empresarial na economía española.

A demanda externa tamén aumentou, as exportacións totais creceron un 2,8% anual mentres as importacións o fixeron só nun 2,4%. O crecemento das exportacións acelerouse principalmente no sector servizos, especialmente o turismo, que rexistrou un incremento do 12,3%, moi por riba do crecemento das exportacións de bens. A evolución menos favorable da venda de bens no estranxeiro debeuse fundamentalmente á debilidade da demanda na Unión Europea, que constitúe o principal destino das exportacións españolas, pero o efecto foi menos acusado porque para contrarrestar esta situación España diversificou os seus mercados, aumentando as súas exportacións a rexións como

América Latina, Asia e África. Así, aínda que as exportacións netas creceron de maneira moderada en 2024, a súa contribución ao crecemento económico foi positiva, mostrando un sector exterior español que resistiu nun contorno global desafiante.



España pechou 2024 cunha inflación interanual de 2,8%, segundo datos do INE, oito décimas por debaixo da do ano anterior. O gráfico 5 mostra que, aínda que en 2021 España experimentou unha inflación superior á mundial e aos países do seu contorno, en 2022 consegue reducir a cifra a un valor bastante menor que a media da Unión Europea, a das economías avanzadas e o mundial, que alcanzan o seu máximo ese ano. En 2023 a inflación diminúe drasticamente en todos os grupos mencionados, grazas ás medidas para paliar a crise enerxética e a unha política monetaria

contractiva na maioría dos países, e en 2024 o crecemento dos prezos segue diminuindo, aínda que a un ritmo menor.

A inflación subxacente foi aínda menor, indicando unha tendencia á moderación dos prezos. Esta desaceleración respondeu, en primeiro lugar, á normalización dos prezos enerxéticos, especialmente do gas e a electricidade, tras o forte impacto da guerra en Ucraína e as tensións nos mercados internacionais durante os anos anteriores. Ademais, a mellora das cadeas de subministros globais contribuíu a conter os prezos de bens intermedios e das importacións, que en 2022 e 2023 alimentaran unha inflación de custos. Durante o último trimestre do ano, a inflación en España experimentou un repunte que leva a que remate o ano lixeiramente por riba da inflación da zona euro e da Unión Europea. Os factores que causaron o aumento foron o encarecemento dos carburantes e da electricidade, a eliminación parcial da rebaixa do IVE aos alimentos básicos e o dinamismo laboral e a alza salarial, que permitiron que o consumo resistise. Aínda que en conxunto a inflación se modera en España en 2024, persiste certo risco de novos aumentos pola vulnerabilidade fronte a variacións en factores non controlables, como os prezos enerxéticos ou os aranceis, que experimentan unha elevada volatilidade.

Durante o ano 2024 en España aumenta o emprego. O mercado laboral español experimentou un crecemento notable nos niveis de ocupación, acadando cifras históricas en canto a número de traballadores activos: creáronse, segundo o INE, aproximadamente 468.100 empregos, elevando o número total de ocupados a 21.857.900. A taxa de paro descendeu ao 10,61%, a máis baixa desde 2008, e a temporalidade reduciuse ao 15,48%, o que supón un incremento da calidade do emprego. Como debilidade do mercado de traballo español, destaca unha produtividade inferior á dos países do seu contorno e unha taxa de paro xuvenil do 25%.

Ao longo do ano 2024, a produtividade por hora traballada mostrou unha evolución moi moderada. Segundo datos agregados, a produtividade total dos factores alcanzou un pico no terceiro trimestre do ano. Este incremento foi resultado dun crecemento do PIB superior ao 3,7% combinado cunha ralentización na creación de emprego. A produtividade do traballo tivo unha evolución positiva ata o terceiro trimestre, descendendo lixeiramente no cuarto. En termos anuais, a produtividade por hora traballada creceu só un 1,5%, e a produtividade por ocupado apenas un 0,6%, o que explica só un 7% do crecemento económico total do país.

Un dos datos máis relevantes do mercado laboral español en 2024 é que o 80% do crecemento económico rexistrado no último lustro explicouse polo incremento do número de traballadores estranxeiros. O aumento da forza laboral estranxeira supliu o déficit demográfico dos nacionais, que

envellecen e teñen unha taxa de reposición insuficiente. O crecemento do emprego prodúcese especialmente na construción e no sector servizos, principalmente en hostalaría e loxística, e cubriuse maioritariamente con estranxeiros.

O ano 2024 pechou con bos resultados en termos de emprego, pero con avances limitados en produtividade. O crecemento da economía española continúa dependendo en gran medida do aumento do emprego, máis que de melloras na súa eficiencia ou innovación. Para lograr un crecemento sustentable a longo prazo, é imprescindible reforzar a formación e cualificación do capital humano, incentivar o investimento tecnolóxico e a innovación empresarial e abordar desafíos como o absentismo laboral, que xera altos custos estruturais.

En resumo, en 2024 a economía española demostrou unha notable capacidade de recuperación e crecemento, superando as expectativas e consolidándose como unha das máis dinámicas da zona euro. O fortalecemento do consumo interno, a mellora do mercado laboral, a moderación da inflación e a redución do déficit e a débeda pública son indicadores dunha economía en proceso de consolidación. Non obstante, persisten desafíos como a baixa produtividade, o elevado paro xuvenil e a necesidade de diversificar as exportacións para reducir vulnerabilidades externas. As previsións para 2025 son optimistas, o goberno espera un crecemento do PIB do 2,6% e o Banco de España prevé que se alcance o 2,7%. Estas proxeccións reflicten a confianza na continuidade da recuperación económica, a estabilidade do mercado laboral e o mantemento de políticas fiscais e monetarias favorables.

A Cohesión Mundial en 2024 e os obxectivos 2030

A Axenda 2030, adoptada en 2015 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, estableceu un marco global de cooperación para acadar o desenvolvemento sostible. O seu éxito depende en gran medida da cohesión mundial, isto é, da capacidade dos Estados e organismos internacionais de actuar de maneira coordinada para superar desafíos comúns. Lamentablemente, en 2024 a cohesión mundial atopouse seriamente comprometida, o que dificultou seriamente o camiño cara á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) formulados. A tendencia cara a un rexionalismo económico máis pechado socavou a idea dun mercado global integrado, dificultando o progreso conxunto cara aos ODS.

En 2024 aumenta a polarización política e ralentízase o comercio internacional

O ano caracterizouse por un contorno xeopolítico cada vez máis fragmentado, as tensións xeopolíticas xa existentes intensificáronse: o conflito en Ucraína continuou sen solución definitiva, implicando novos paquetes de sancións económicas da Unión Europea e Estados Unidos contra Rusia. Ademais, a rivalidade comercial e tecnolóxica entre Estados Unidos e China agudizouse, con novas restricións sobre semicondutores e tecnoloxías de intelixencia artificial. Esta división política internacional repercutiu directamente na cooperación multilateral, xerando bloqueos en foros como a Organización Mundial do Comercio e o G20.

Tamén tivo lugar un claro deterioro dos fluxos comerciais e financeiros. Os datos do Organización Mundial do Comercio indican que o comercio global de bens creceu un 2,9% en 2024, fronte a unha media do 3,4% nos cinco anos anteriores á pandemia. Ademais, o investimento estranxeiro directo caeu, segundo a UNCTAD, un 5% a nivel global, afectando especialmente aos países en desenvolvemento.

Cooperación climática con avances modestos

En 2024 non se avanza en compromisos cara a unha maior redución de emisións. Na Conferencia das Partes (COP29) celebrada en Azerbaiyán, os países reafirmaron o seu compromiso co Acordo de París. Porén, non se alcanzaron novos compromisos de redución de emisións máis ambiciosos. Só

39 países, de 195, presentaron Contribucións Determinadas a Nivel Nacional axustadas a conseguir o obxectivo de limitar o incremento na temperatura do planeta a 1,5 °C neste século. Os científicos do Panel Intergubernal do Cambio climático advirten de que ao ritmo actual este incremento podería alcanzarse entre o ano 2030 e o 2040.

Na Cume de París para un Novo Pacto Financeiro Global de Xuño, logrouse o compromiso de que as institucións financeiras multilaterais mobilicen polo menos 100.000 millóns de dólares anuais do sector privado para desenvolvemento sostible mediante garantías, préstamos e fondos de mitigación de riscos. O destino destes fondos é proxectos climáticos, infraestruturas sostibles e defensa de dereitos humanos en países en desenvolvemento. A meta destas actuacións é multiplicar o impacto do financiamento público con investimentos privados, pero os obxectivos de financiamento climático non se acadan en 2024: o financiamento alcanzou, segundo datos da OCDE, tan só uns 89.000 millóns de dólares. Ademais, a utilización dos fondos é moi asimétrica: o 80% dos fondos destinouse a países de ingresos medios, mentres que África, unha das rexións máis vulnerables, recibiu apenas un 12%. Esta distribución desigual limita a capacidade das rexións máis afectadas para adaptarse e mitigar os efectos do cambio climático, comprometendo o obxectivo 13 dos ODS.

Para amortecer esta desigualdade nos efectos do cambio climático púxose en funcionamento o Fondo de Perdas e Danos na COP28. Aínda que foi creado na COP27, foi na COP28 de 2023 cando se operacionalizou o Fondo para Perdas e Danos, é dicir, estableceron as regras e mecanismos necesarios para o seu funcionamento. O fondo busca compensar os países máis vulnerables polos danos ocasionados polo cambio climático. En 2024, xa recibira máis de 700 millóns de dólares en compromisos iniciais de países como Alemaña, Emiratos Árabes Unidos e EE. UU.

Cooperación insuficiente en materia de migración e refuxio

En 2024 alcanzáronse cifras récord de desprazados, o número de persoas desprazadas forzosa-mente, como consecuencia de conflitos, persecucións e desastres naturais, chegou, segundo AC-NUR, aos 123 millóns, dos que o 40% eran refuxiados internacionais e o resto desprazados internos. A maioría dos refuxiados (73%) foron acollidos por países en desenvolvemento, especialmente Turquía, Paquistán e Uganda.

Esta gran cantidade de desprazados enfróntase á ausencia de resposta coordinada ante as necesidades que formula. En 2024 reforzáronse algúns mecanismos rexionais (como o Pacto sobre Migración e Asilo da UE), pero a nivel global non se logrou un acordo para redistribuír solidariamente as cargas migratorias. A fragmentación na política migratoria mundial provocou unha xestión ad hoc dos fluxos, dificultando a integración e aumentando a xenofobia nalgúns países receptores.

Desigualdade en acceso a tecnoloxía informática e sanitaria

O progreso tecnolóxico global foi moi desigual en 2024: Mentres Europa e Norteamérica avanzaron na adopción de 5G e a intelixencia artificial, só o 27% dos fogares en África Subsahariana tiña acceso á internet en 2024.

En tecnoloxía sanitaria o avance é asimétrico, aínda que a pandemia de COVID-19 xa non dominaba a axenda global, a distribución de tecnoloxías médicas avanzadas (vacinas, antivirais...) continuou sendo moi dispar.

Avances e retrocesos en cohesión económica

En 2024, a desigualdade económica seguiu sendo un desafío significativo. Oxfam Intermón informou de que o 1% máis rico do mundo posuía máis riqueza que o 95% da poboación mundial. Ademais, o Banco Mundial sinalou que o 44% da poboación mundial vivía con menos de 6,85 dólares diarios, unha cifra similar á de 1990, indicando un estancamento na redución da pobreza e no camiño cara á converxencia do crecemento das distintas economías.

A pesar de que a situación dista moito de ser satisfactoria, non se pode negar que 2024 foi un ano no que se realizaron esforzos multilaterais por parte da comunidade internacional para abordar as desigualdades económicas e promover un desenvolvemento máis equitativo e sostible. Abordáronse desafíos globais relacionados coa desigualdade económica empregando como instrumentos novos impostos, reestruturación de débeda, reformas financeiras e novos fondos.

En Xaneiro, entrou en vigor o imposto mínimo global do 15% para grandes corporacións, acordado pola OCDE e o G20, que se aplica a multinacionais con ingresos superiores a 750 millóns de euros, e busca evitar que estas empresas evadan impostos trasladando beneficios a paraísos fiscais. Estímase que a medida xerará entre 155.000 e 192.000 millóns de dólares anuais en ingresos fiscais adicionais, marcando un paso histórico cara a unha fiscalidade internacional máis equitativa.

O Marco Común do G20 para o Tratamento da Débeda facilitou acordos clave para países en crise de endebedamento externo, dos que se beneficiaron algúns países como Zambia e Ghana. Estes acordos liberan recursos para investir en servizos públicos esenciais. Pero, malia os esforzos do G20 por renovar a Iniciativa de Suspensión do Servizo da Débeda, en 2024, a carga da débeda nos países de baixos ingresos alcanzou niveis récord, os datos do Banco Internacional mostran que o 60% dos países de baixos ingresos estaban en situación de sobreendebedamento ou en alto risco de estalo.

O G77+China posicionou a reforma financeira global como prioridade na ONU. En Abril, o Grupo dos 77 + China liderou no Foro do ECOSOC sobre Financiamento para o Desenvolvemento, un forte chamado a reformar a arquitectura financeira internacional. Propuxeron superar as métricas tradicionais como o ingreso per cápita e usar criterios máis amplos que reflectan as desigualdades estruturais. Esta posición fortalece a voz colectiva do Sur Global nos debates mundiais sobre xustiza financeira e desenvolvemento sostible.

Aínda que a cooperación financeira internacional é aínda limitada, o Fondo Monetario Internacional aprobou liñas de crédito preventivas para varios países vulnerables, pero a capacidade de resposta foi insuficiente, o Fondo Fiduciario para a Resiliencia e a Sostibilidade mobilizou apenas 42.000 millóns de dólares en 2024, fronte a necesidades estimadas de máis de 300.000 millóns. A falta de ampliación de recursos multilaterais debilitou a cohesión mundial na resposta ás crises económicas.

Valoración global na cohesión mundial en 2024

En 2024, a cohesión mundial sufriu un deterioro considerable. O contorno xeopolítico fragmentado, o proteccionismo económico, o baixo cumprimento dos compromisos climáticos e a falta de solidariedade financeira internacional obstaculizaron os avances colectivos cara aos obxectivos 2030. O panorama global mostra importantes desafíos en diversos ámbitos clave. O comercio presenta un estado débil, caracterizado por un crecemento limitado e un aumento do proteccionismo. A cooperación climática resulta insuficiente, cun cumprimento parcial dos compromisos financeiros e escasos avances en canto á ambición necesaria para enfrontar a crise climática. A xestión migratoria mantense fragmentada, sen a concreción de acordos globais sólidos. A ampliación de financiamento internacional destinado a apoiar os países máis vulnerables e a innovación tecnolóxica é insuficiente e reflicte un desenvolvemento desigual, con crecentes brechas entre o Norte e o Sur global.

Este debilitamento da cohesión mundial en 2024 ten consecuencias directas para o cumprimento dos ODS. No fin da pobreza (ODS 1) avánzase lentamente, con desigualdades rexionais crecentes. Respecto á redución das desigualdades (ODS 10), a fragmentación comercial e tecnolóxica existente fai temer un retroceso. O que concirne á acción climática (ODS 13), vese comprometido por políticas claramente insuficientes para limitar o quentamento global a 1,5 °C. En canto ás Alianzas para lograr os obxectivos (ODS 17), o retroceso na cooperación multilateral pon en risco o conxunto da axenda.

Para reverter esta tendencia, será necesario reactivar a gobernanza multilateral baseada en regras, fortalece-las institucións financeiras internacionais, aumenta-los compromisos de cooperación

climática e humanitaria e fomentar unha recuperación económica inclusiva que peche brechas tecnolóxicas e sociais.

Os obxectivos 2030 en Europa

2024 foi un ano crucial para avaliar o camiño de Europa cara aos Obxectivos 2030, tanto no referente á Axenda de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas, como aos propios plans estratéxicos da Unión Europea, en particular o European Green Deal e a Brúxula Dixital 2030. Aínda que se rexistraron avances importantes nalgúns frontes, a combinación de incerteza económica, tensións xeopolíticas e limitacións orzamentarias fixo que o ritmo xeral fose insuficiente para cumprir as metas establecidas no referente a transición verde, dixitalización, obxectivos sociais e gobernanza.

Emisións de carbono e enerxías renovables: avance lento

En 2024, a emisión de gases diminuíu, os gases de efecto invernadoiro na Unión Europea baixaron un 4,1% respecto a 2023, segundo datos preliminares de Eurostat. Porén, esta redución non foi tanto resultado de políticas estruturais senón consecuencia dun menor crecemento industrial (o PIB industrial europeo creceu só un 0,4%). A xeración de electricidade renovable cubriu un 44% do mix enerxético, fronte ao 41,3% de 2023. Alemaña, Dinamarca e España lideraron a transición cara a enerxías renovables, mentres que Polonia, Bulgaria e Romanía seguiron dependendo en gran medida do carbón. A meta europea para 2030 é reducir as emisións nun 55% respecto a 1990. A finais de 2024, a UE logrou unha redución acumulada do 33%, o que implica que deberá acelerar o ritmo nos próximos anos se quere alcanzar o obxectivo.

O investimento en transición verde foi insuficiente, o investimento público e privado na UE foi duns 370.000 millóns de euros en 2024, segundo os datos da Comisión Europea, lonxe do mínimo necesario de 620.000 millóns anuais estimado para cumprir os obxectivos 2030. Os factores que determinaron este investimento insuficiente foron uns tipos de xuro elevados, o BCE mantivo taxas de referencia arredor do 3,75% case todo o ano, a incerteza que xeraron os conflitos a nivel mundial e a lentitude dalgúns procesos. Por exemplo, España, executou en 2024 só un 55% dos fondos Next Generation, fronte ao 80% planificado.

A transición dixital: progreso máis rápido pero desigual

Europa experimentou un avance en conectividade e infraestruturas dixitais con diferenzas substanciais entre países. A Brúxula Dixital 2030, establece metas en canto á cobertura de 5G e a implantación de tecnoloxías clave. A finais de 2024, o avance foi significativo, o 85% da poboación da UE tiña acceso a redes 5G, (o obxectivo é do 100% en 2030) e o 78% das PEMES europeas tiña unha presenza dixital básica (web, redes sociais, e-commerce). O índice DESI 2024 indica que esta dixitalización foi moito maior nalgúns países, estivo liderada por Estonia, Finlandia, Países Baixos e Suecia, mentres que Grecia, Bulgaria e Rumanía mantivéronse nos últimos postos.

O ano 2024 houbo un aumento intenso no uso de intelixencia artificial e moderado en ciberseguridade. O emprego da intelixencia artificial en diversos ámbitos aumentou de xeito moi relevante, pero a ciberseguridade non creceu ao ritmo necesario. En empresas grandes de Europa o uso de intelixencia artificial creceu un 22% en 2024, impulsado pola aprobación da AI Act (Lei de Intelixencia Artificial) da UE, que creou un marco normativo claro. Non obstante, tan só o 64% das empresas medianas implementaron estratexias básicas de protección, unha cifra afastada do 80% fixado como obxectivo para 2030, e incrementáronse os ataques de ransomware nun 17% respecto a 2023.

Avances sociais: luces e sombras

O desemprego reduciuse. O desemprego xeral na UE caeu ao 6% en 2024, o nivel máis baixo desde 2008. A taxa de emprego xeral alcanzou o 75% en 2024, non moi lonxe da meta do 78% establecida

para 2030. A brecha de xénero en emprego reduciuse lixeiramente, cunha taxa de participación feminina do 68,9%, fronte ao 67,7% en 2023. Porén, o desemprego xuvenil seguiu sendo alto: 14,5% en media, e moito máis elevado nalgúns países como España e Grecia.

Fracaso rotundo na redución da pobreza e a desigualdade. Un dos peores resultados respecto aos obxectivos 2030 en Europa no ano 2024 foi en termos de pobreza e desigualdade social. Os datos de Eurostat indican que a taxa de risco de pobreza ou exclusión social na UE mantívose en 21,4%, sen melloras respecto ao período anterior, e que cerca de 95 millóns de europeos, dos que 20 millóns eran nenos, vivían en risco de pobreza ou exclusión.

Cooperación e gobernanza: divisións internas e marxes estreitos

En 2024 a cooperación climática e migratoria complicouse, as divisións internas da UE creceron en cuestións clave recollidas en diversos pactos. Nalgúns países, como Alemaña e Países Baixos, xurdiron partidos críticos coa transición ecolóxica que ralentizaron o proceso planeado no Pacto Verde Europeo e algúns Estados membros negáronse a compartir as responsabilidades que implicaba o novo Pacto de Migración e Asilo.

En Europa a marxe fiscal reduciuse notablemente. O déficit público medio da UE foi do 3,5% do PIB en 2024 e a débeda pública media mantívose arredor do 84% do PIB, aínda que países como Italia (141%) e España (110%) mostraron niveis moito máis elevados. A falta de espazo fiscal dificultou o investimento en sostibilidade, saúde, educación e dixitalización, comprometendo a velocidade de implementación das estratexias 2030.

Balance dos logros europeos en 2024

En 2024 Europa demostrou que o compromiso cos Obxectivos 2030 segue sendo forte a nivel institucional, pero os resultados prácticos foron desiguais: a transición verde avanzou, pero moito máis lentamente do necesario, a dixitalización progresou de maneira satisfactoria, aínda que con desigualdades internas, e o desemprego diminuíu, pero sen conseguir unha taxa de emprego xuvenil aceptable. Sen dúbida o maior fracaso produciuse en termos de redución da pobreza e a desigualdade.

Como principais obstáculos destacan os altos custos financeiros, que dificultan o investimento previsto para avanzar na transición verde e dixital, a persistente desigualdade rexional, que atrasa a converxencia entre territorios en termos de dixitalización e emprego, e a fragmentación política, que debilita a cooperación tanto en materia climática como social. Por outra banda, a crecente presión migratoria e social contribúe ao aumento de tensións internas e fiscais. Finalmente, a falta de marxe fiscal limita considerablemente a capacidade do sector público para realizar investimentos estratéxicos que impulsen o desenvolvemento sostible.

O ano deixou claro que, sen unha aceleración coordinada de investimentos, reformas estruturais e políticas públicas inclusivas, será moi difícil alcanzar todas as metas da Axenda 2030. En particular, Europa necesita redobrar os seus esforzos en integración social e redución de desigualdades, acelerar o financiamento e execución de proxectos verdes e dixitais e reforzar a cohesión política para soste a transición nun contexto de crecente fragmentación.

Perspectivas

O mundo enfronta dous grandes desafíos que requiren unha coordinación e cooperación internacional, particularmente complicadas no contexto actual.

O primeiro é protexer a estabilidade macroeconómica, enfrontando riscos como novos shocks xeopolíticos, axustes fiscais abruptos e o reto de seguir reducindo a inflación aos niveis desexados. Tamén será indispensable seguir brindando apoio ás poboacións e economías máis afectadas.

O segundo desafío é crecer incorporando as transformacións de longo prazo, como o cambio climático, a dixitalización e a revolución da intelixencia artificial, que promete alterar radicalmente o mercado laboral.

Fortalecer a cooperación multilateral parece cada vez máis necesario. É imprescindible unha resposta colectiva para minimizar os riscos que comportan as novas perturbacións e para aproveitar oportunidades que non se deberían desperdiciar.


Aínda que con frecuencia se atribúe o escaso avance nos obxectivos 2030 e na cooperación internacional ás crecentes tensións xeopolíticas entre potencias, esta explicación resulta parcial. Se a cooperación internacional non é suficiente para diminuí-la pobreza e as desigualdades económicas débese en gran medida á existencia mesma de desigualdade. A concentración de riqueza a escala global, facilitada en parte polo poder de mercado de grandes corporacións, permite que estas entidades exerzan unha influencia significativa sobre a formulación de normas internacionais, afectando en ocasións á consecución de obxectivos colectivos. A interacción entre desigualdade económica, poder empresarial e influencia política contribúe a unha crecente concentración de poder en mans dunha minoría con alta capacidade de incidencia en decisións políticas internacionais. Esta concentración pode dificultar a adopción de medidas globais en ámbitos como a cooperación fiscal, a resposta a pandemias ou a reestruturación da débeda soberana. Na parte positiva, estanse a desenvolver novas iniciativas, moitas delas lideradas por países do Sur Global, orientadas a fomentar unha maior cooperación e equidade. A adopción de medidas para abordar a concentración excesiva de riqueza podería contribuír a unha distribución máis equilibrada do poder político. Un sistema multilateral máis inclusivo, cunha tributación proporcional que inverta na defensa de dereitos fundamentais podería xerar beneficios sostíbeis para o conxunto da sociedade.

II. Mercado de traballo

- Galicia mantén unha evolución positiva do emprego, pero cunha fenda crecente respecto ao conxunto de España.
- Nun contexto internacional marcado pola volatilidade, Galicia presenta unha dinámica laboral favorable ao superar os niveis de ocupación anteriores á pandemia. Segundo a enquisa de poboación activa (EPA), entre 2020 e 2024 a ocupación na comunidade aumentou en máis de 72.400 persoas.
- Destaca o crecemento do emprego feminino, que rexistrou entre 2020 e 2024 un incremento de case 48.400 traballadoras, máis do dobre do avance experimentado polos homes, cuxa subida se situou nas 23.900 persoas.
- Diverxencia no nivel educativo: medra a ocupación entre a poboación con maior formación; redúcese entre os colectivos con niveis educativos máis baixos.
- Intenso incremento da ocupación da poboación estranxeira. Desde 2021, dous de cada tres novos ocupados son estranxeiros.
- Galicia é unha das comunidades cunha poboación ocupada máis envellecida, o que supón un reto estrutural para o futuro do mercado laboral.
- A situación do emprego autónomo tamén resulta preocupante, cunha evolución negativa malia o contexto xeral positivo.
- Cómpre destacar a significativa redución do desemprego de longa duración, un dos principais problemas estruturais do mercado laboral galego e español.
- De cara aos próximos anos, nun contexto de baixo crecemento, Galicia afronta como principal reto o relevo xeracional. A clave para garantir a sostibilidade do mercado laboral pasa por promover a inclusión da poboación inmigrante e reforzar a formación no emprego. Estes esforzos son fundamentais para adaptarse aos cambios tecnolóxicos que implicarán unha transformación profunda das ocupacións actuais.
- Nun contexto de competencia internacional polos traballadores, as medidas de mellora da calidade do emprego son tamén prioritarias. O salario xa non é o principal determinante para a participación laboral. Debemos adecuar as relacións laborais aos cambios sociais e culturais (valoración do ocio).



Introdución

A ocupación no mercado laboral galego aumentou en 2024, segundo a información ofrecida pola enquisa de poboación activa (EPA), nun 1,53 % (17.400 ocupados, diferenza interanual no cuarto trimestre) e mantén a dinámica positiva de creación de emprego iniciada tras a pandemia (gráfico 1). Desde 2020 Galicia encadea catro anos de crecemento da ocupación e finaliza 2024 con 72.400 ocupados máis que no cuarto trimestre de 2020, superando as cifras de ocupación de 2019, pero aínda lonxe dos valores máximos acadados en 2008. Este bo comportamento do emprego dáse nun contexto internacional moi complexo, onde a volatilidade afecta con intensidade os motores da economía europea, que sofren para manter a actividade e o emprego. Durante 2024, en Alemaña a ocupación subiu un 0,34 %, en Francia un 1,42 % e no conxunto da Eurozona un 1,07 %.




A evolución da afiliación do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións confirma a dinámica de crecemento do emprego en Galicia. Con 15.307 afiliados máis que en decembro de 2023, Galicia finaliza 2024 con 1.070.373 afiliados; cifra moi próxima á máxima absoluta acadada nun mes de decembro (1.071.890 no ano 2007).

O bo comportamento do mercado laboral desde 2020 reflíctese tamén nos datos avanzados da estimación de postos de traballo da Contabilidade trimestral do Instituto Galego de Estatística. Na estimación da evolución das tres variables laborais (postos de traballo, postos de traballo equivalentes a tempo completo e horas traballadas) móstrase claramente a desaceleración na creación de emprego en Galicia. Despois do forte rebote de 2021, o aumento da ocupación reduce o seu ritmo cada ano (gráfico 2), o que tamén acontece no conxunto de economías do noso contorno.



Nun contexto de elevada inestabilidade política internacional (cos conflitos activos en Ucraína e Palestina) e coa inflación asomando como un elemento potencialmente desestabilizador, España sobresaí entre as grandes potencias europeas cunha robustez inusitada, sustentada na boa marcha do mercado laboral que pechou 2024 cun novo récord de afiliación e coa cifra de paro máis baixa en 17 anos. Porén, Galicia non consegue manter o ritmo do conxunto da economía española (gráfico 3), o que supón unha brecha cada vez maior en termos de emprego e rendas



salariais (gráfico 4). As alarmas xa están acendidas hai anos, pero os bos resultados (aparentes) en indicadores laborais agregados, como a taxa de desemprego ou a positiva evolución da renda *per capita*, dulcifican unha situación, globalmente positiva, pero que está limitando as posibilidades de crecemento a medio e longo prazo de Galicia e a súa futura converxencia con España e Europa. Un reflexo directo desta dinámica é a perda de peso de Galicia no conxunto da economía española. De supoñer en 2009 o 5,97 % da ocupación e da poboación, a finais de 2024 Galicia rolda o 5,28 % do emprego e o 5,53 % da poboación española. A fenda entre ambas as economías continúa aumentando e, se as previsións macroeconómicas oficiais se cumpren, nos próximos anos as diferenzas na evolución do emprego seguirán medrando incluso a un ritmo superior (as previsións de crecemento do emprego de España para o período 2024-2027 duplican as taxas de crecemento anual previstas para Galicia polo Instituto Galego de Estatística).

En resumo, como mostra a figura 1, a taxa de paro en Galicia entre 2023 e 2024 reduciuse en aproximadamente tres décimas, pasando do 9,71 % ao 9,37 %. A poboación activa aumentou en 12.400 persoas, maioritariamente mulleres, mentres que a ocupación subiu en 15.500; o que, finalmente, supón unha redución de 3.100 desempregados (o 80 % mulleres).

Como xa sucedera noutras etapas de forte recuperación do emprego, a caída do paro está a ser máis contida. O dinamismo do mercado laboral actúa como incentivo para que colectivos tradicionalmente con maiores dificultades de inserción se animen a buscar traballo; ao tempo que pode atraer man de obra do exterior, ampliando así a oferta dispoñible. De feito, o 90 % do incremento na poboación activa nos dous últimos anos de expansión do emprego en Galicia non ten nacionalidade española; o que incide na dificultade de traducir o aumento da ocupación en redución do desemprego. Pero, por outra banda, este crecemento da poboación activa estranxeira poder ser unha solución, cando menos parcial, aos desaxustes no mercado laboral que a evolución demográfica galega está a provocar. O relevo xeracional en moitas ocupacións e sectores de actividade esta converténdose nunha "misión imposible", non só pola demografía senón tamén polo evidente desaxuste entre o perfil das oportunidades de emprego que se están a xerar e o perfil dos desempregados galegos.

Caracterización da evolución da ocupación en Galicia



No último ano, a poboación ocupada en Galicia subiu en media anual en 15.500 persoas segundo os datos da EPA, confirmando a dinámica positiva iniciada tras o final da pandemia. De feito, Galicia finaliza 2024 con 72.400 ocupados máis que no cuarto trimestre de 2020. A continuación analizaremos brevemente as características principais da evolución a curto e medio prazo da ocupación segundo diferentes colectivos e características.

Evolución do emprego por sexo: as mulleres manteñen un diferencial positivo

Como pode observarse a partir do gráfico 5, o incremento da ocupación foi máis favorable para as mulleres desde 2021, aínda que a brecha de comportamento é cada ano menor. No período 2020-2024, dous de cada tres novos ocupados son mulleres, o que supón que actualmente o 48,3 % dos ocupados galegos sexan mulleres; 1,2 puntos porcentuais máis que en 2020, e case 2 puntos máis que o peso da ocupación feminina en España (46,4 %).

A boa evolución do emprego feminino durante as fases de expansión económica non se traduce en descensos da taxa de paro tan intensos como no caso dos homes. As mulleres amosan unha maior

sensibilidade ao ciclo económico no que atinxe á súa decisión de participar no mercado laboral, o que limita a redución da fenda de xénero no desemprego en períodos de crecemento. Con todo, Galicia presenta unha mellor situación que o conxunto do Estado: o diferencial na taxa de paro por razón de xénero situouse en 2024 en 1,3 puntos, fronte aos 2,5 puntos rexistrados a nivel estatal.




Evolución do emprego por nivel educativo. Dinámica diverxente: aumenta a ocupación entre os máis formados, mentres se reduce nos niveis inferiores

Por nivel educativo, a ocupación aumenta entre os máis educados e redúcese entre a poboación cos niveis formativos inferiores. Estes datos confirman a dinámica dos últimos anos, só alterada pola forte entrada na ocupación da poboación inmigrante (moitos deles con nacionalidade española, posiblemente fillos de emigrantes) no ano 2023.

Intenso incremento da ocupación da poboación estranxeira

Outra importante característica da evolución da ocupación nos últimos anos é a elevada participación da poboación estranxeira (gráfico 7). Galicia nunca destacou por ser un destino atractivo para os fluxos de inmigrantes que desde inicios deste século optaron por vir a España. Porén, nos últimos anos parece modificarse a intensidade do fluxo de inmigrantes e tamén observamos un cambio na orixe dos mesmos. Mentres que desde 2020 a 2023 a procedencia era maioritariamente iberoamericana, no último ano, 2024, o




incremento da ocupación internacional se centra nos orixinarios doutros países membros da Unión Europea. En resumo, desde 2021, por cada ocupado galego adicional, conseguiron emprego dous traballadores doutras nacionalidades, especialmente de América Central. En 2023, parece igualarse a variación da ocupación entre nacionais e estranxeiros. Non obstante, este resultado oculta a forte chegada de traballadores con nacionalidade española, pero nados fóra de España (maioritariamente nados en Venezuela, en moitos casos fillos de emigrantes). A intensa chegada de mozos inmigrantes sen completar os seus estudos ten como consecuencia que por primeira vez desde a pandemia aumente o emprego dos traballadores con niveis formativos máis baixos (gráfico 6). Estas diferenzas na dinámica da ocupación por nacionalidade supón que o peso dos estranxeiros no total da ocupación pasase do 4,04 % en 2018 ao 6,56 % en 2024; en calquera caso, aínda moi lonxe do peso na ocupación dos estranxeiros no conxunto da economía española que está próximo ao 15 %.

Progresivo envellecemento da poboación ocupada. Galicia mantén unha das poboacións máis envellecidas do Estado

En 2024, a idade media da poboación galega situouse nos 48,36 anos, só por detrás de Castela e León e Asturias. Esta cifra supera en catro anos a media nacional, que se sitúa nos 44,36 anos. Con todo, a idade media da poboación ocupada é lixeiramente inferior e presenta menos diferenzas entre territorios: 46,10 anos en Galicia fronte a 44,48 no conxunto do Estado. Tanto a idade media total como a dos ocupados continúan medrando ano tras ano, sen que a inmigración logre frear de forma


significativa esta tendencia. Entre 2021 e 2024, todas as comunidades autónomas rexistraron un incremento da idade media de, polo menos, medio ano —e, nalgúns casos, un ano completo—, malia que a orde relativa entre territorios apenas mudou. Estes datos evidencian un proceso de envellecemento xeneralizado en todo o país. Un último dato para cuantificar o proceso de envellecemento da poboación ocupada: en 2008, antes da crise financeira mundial, o 13,6 % dos ocupados galegos tiñan máis de 55 anos; en 2024 supera esa idade máis do 23,1 % (case 10 puntos porcentuais máis).



Por grupos de idade a dinámica da ocupación é moi asimétrica. Mentres os extremos (mozos e maiores) aumentan a súa ocupación e o seu peso no total, as idades intermedias perden peso. O grupo de 30 a 44 mantén unha continua perda de efectivos desde moito antes da pandemia, situación que comparte co conxunto de España. Se exceptuamos 2020, a ocupación dos máis mozos sobe en todos os anos analizados, cun forte incremento en 2023 que coincide cunha importante entrada en Galicia de inmigrantes con menor formación; dinámica que parece frearse case por completo en 2024.

As dificultades do emprego autónomo. Nun contexto positivo para o emprego, a evolución do emprego autónomo é negativa

Despois de apoiar os negocios das persoas autónomas para superar os obstáculos e axudar a súa supervivencia con diferentes plans de rescate, desde 2023 as diferentes Administracións dirixiron importantes esforzos financeiros a incentivar a actividade emprendedora. En Galicia, programas como o Bono Autónomo, Impacto Autónomo, Xempre Autónomo ou Bono Remuda achegan importantes incentivos económicos para as persoas traballadoras autónomas. Porén, os resultados non son os esperados. Galicia perde traballadores autónomos nun escenario de crecemento do emprego total.



O máis sorprendente é que o emprego autónomo si esta remontando en España, aínda que en menor medida que o asalariado.

Se analizamos en detalle a evolución dos autónomos sen asalariados ou traballadores independentes (gráfico 10), obsérvase que no ano 2023 o número de autónomos medrou considerablemente, pero ese crecemento non se mantivo. Recorde-mos que en 2023 se poñen en marcha numerosos programas de axudas que teñen como fin favorecer o inicio da actividade económica dos traballadores autónomos. Afondar na análise da evolución do emprego autónomo e a súa relación co nivel de axudas proporcionado permitirá avaliar se os programas de fomento do auto-emprego están acadando os seus obxectivos.

Para rematar a análise da evolución da ocupación en Galicia, no cadro 1 sintetizamos os principais resultados. Entre os aspectos máis relevantes do comportamento da ocupación en Galicia desde 2020 (cadro 1) podemos destacar: (1) o positivo dina-


Cadro núm. 1
Evolución da ocupación en Galicia segundo a EPA
Taxas de crecemento interanuais (en %)

	2020	2021	2022	2023	2024
Ocupación	-1,9	1,2	1,5	2,3	1,4
Homes	-0,9	0,6	0,4	1,9	1,0
Mulleres	-3,1	1,9	2,8	2,7	1,7
Ocupación segundo a relación laboral					
Asalariados	-1,1	1,1	2,1	2,5	1,8
Por duración de contrato					
Indefinidos	2,2	0,5	8,9	5,9	2,7
Temporais	-10,2	2,8	-18,8	-12,0	-2,7
Por duración de xornada					
Xornada completa	0,5	0,8	1,6	2,6	2,7
Xornada parcial	-9,5	2,3	5,4	1,6	-3,7
Non asalariados	-5,3	1,8	-1,1	1,6	-0,6
Ocupación por ramas de actividade					
Agricultura	3,6	-0,6	1,2	6,6	-2,0
Industria	1,7	-6,3	-3,0	1,5	9,0
Construción	7,1	0,8	1,6	0,5	6,5
Servizos	-4,1	3,2	2,6	2,2	-0,4
Hostalería	-13,1	-8,0	8,4	10,6	-3,1
Actividades sanitarias e servizos sociais	0,6	2,9	-0,5	-2,8	5,3
Ocupación por nivel de formación					
Estudos primarios	-15,2	-11,9	3,0	21,0	2,7
Estudos secundarios. 1ª etapa	-3,8	-0,1	-1,1	0,6	-4,4
Estudos secundarios. 2ª etapa	-5,7	0,3	1,4	8,2	3,1
Estudos altos (ed. superior)	2,3	3,2	3,1	-0,4	3,9
Ocupación por nacionalidade					
Nacionais	-2,2	1,6	0,5	1,6	0,7
Estranxeiros	4,9	-7,3	24,8	14,4	11,4

Fonte: Elaboración propia a partir de EPA, INE e IGE.

misma da ocupación total, aínda que mostrando unha tendencia decrecente, manténdose o diferencial positivo cara ás mulleres; (2) segue reducíndose o emprego temporal, pero a unha taxa moi inferior á de 2022 e 2023; (3) despois da recuperación parcial en 2023 da ocupación non asalariada, en 2024 volve baixar o número de traballadores autónomos, especialmente os traballadores independentes; (4) forte aumento relativo (9 %) no emprego industrial e na construción (6,5 %); (5) en 2024 mantense o forte incremento da ocupación da poboación estranxeira que comezara en 2022, en particular dos procedentes de América Latina, e (6) destaca tamén a perda de emprego na hostalería. Despois dunha subida importante en 2022 e 2023, a ocupación en 2024 redúcese un 3,1 % segundo os datos da EPA. O máis sorprendente deste dato é que o número de afiliacións á Seguridade Social nesta rama de actividade segue medrando (malia que de xeito moderado) e esta diminución acontece coa actividade turística marcando novos rexistros máximos en ocupación hoteleira, con máis de 720.000 viaxeiros e 13.600.000 noites (os datos de 2024 aínda son provisionais pero a tendencia está plenamente confirmada).


Unha análise preliminar permítenos relacionar a caída do emprego na rama da hostalería entre 2024 e 2023 coa evolución do traballo autónomo. Durante 2023 obsérvase un notable aumento dos traballadores independentes na rama, que non se mantén en 2024. De feito, o que observamos nos




microdatos da EPA é unha forte caída do emprego autónomo, en concreto do traballador independente. Esta observación confirma os resultados mostrados nos gráficos 8 e 9 sobre a evolución do traballador independente en Galicia desde a pandemia. Ante a evidencia preliminar presentada, parece necesario avaliar con maior detalle o impacto das medidas promovidas desde as distintas Administracións públicas para o fomento do traballo autónomo, onde os niveis de inversión-subvención pública foron moi significativos.

Caracterización da evolución do desemprego en Galicia

Como resultado da evolución positiva da ocupación, a taxa de paro situouse no 9,37 %, a máis baixa desde 2008. O desemprego estimado pola EPA descendeu en 2024 en 3.100 persoas; cando en 2023 a caída fora moi superior (15.500 persoas), confirmando a tendencia cara a unha estabilización dos niveis de desemprego. A redución segue a ser máis intensa entre as mulleres que entre os homes.



Nos gráficos podemos observar como en 2006 as mulleres presentan unha taxa de paro superior á dos homes tanto en España como en Galicia. Durante a crise económica (2008-2013), en Galicia ambas as taxas soben de maneira significativa e converxen arredor de 2013, acadando máximos do 22 %. En calquera caso, o aumento do paro é máis abrupto nos homes, que chegan mesmo a superar as mulleres en 2012-2013. A partir de 2014, as dúas curvas descenden progresivamente. Desde 2017 obsérvase unha lixeira vantaxe para



os homes, pero a diferenza entre xéneros redúcese a niveis mínimos (menor de 1 punto porcentual en 2024). Os gráficos reflicten unha evolución converxente, cunha tendencia sostida de mellora do emprego en ambos os xéneros.

En España, tamén en 2006 a taxa de paro feminina é máis alta que a masculina, cunha brecha clara. Desde 2014, a recuperación favorece máis os homes, cuxa taxa baixa máis rápido. A partir de 2015-2016 volve abrirse unha fenda de xénero, coas mulleres mantendo taxas sistematicamente máis altas (ata 4 puntos de dife-

renza nalgúns anos). En 2024, a brecha de xénero persiste, o que evidencia unha recuperación do emprego máis desigual en España.

En resumo, Galicia mostra una evolución máis equilibrada entre xéneros, cunha fenda de paro practicamente pechada en 2024, mentres que España mantén unha brecha a favor dos homes tras a crise. Estes datos invitan a analizar en profundidade as estruturas sectoriais e as políticas activas de emprego con enfoque de xénero que se están aplicando, o que podería explicar as diferenzas observadas.

A positiva evolución da ocupación feminina incide de modo moi favorable nos indicadores de evolución do desemprego (cadro 2). Este feito nótase sobre todo no desemprego de longa duración feminino, que remata o ano 2023 con taxas de paro semellantes ás dos homes e cunha incidencia menor (en 2020 a taxa de paro de longa duración dos homes era do 3,5 % e a das mulleres do 4,7 %). O desemprego de longa duración é un dos principais problemas do mercado de traballo actual, e parece que a evolución nos últimos anos é moi positiva, situándose en mínimos próximos aos acadados en 2008. Tamén se reduce a brecha na taxa de paro por xénero (gráfico 12), resultado oposto ao observado no conxunto de España (gráfico 13). Por último, cómpre destacar que a creación de emprego afecta a todos os colectivos por idade e nivel de formación, tendo un impacto máis

Cadro núm. 2
Evolución do desemprego segundo a EPA
Taxas de variación (en %) e niveis (en %) da poboación activa de cada categoría

	2020	2021	2022	2023	2024
Desemprego	0,6	-3,3	-3,5	-11,3	-2,6
Homes	0,6	-3,3	-4,2	-10,9	-0,9
Mulleres	0,5	-3,4	-2,8	-11,7	-3,9
Taxa de paro	12,0	11,5	11,0	9,7	9,4
Por sexos					
Homes	10,9	10,5	10,1	8,9	8,8
Mulleres	13,3	12,7	12,1	10,5	10,0
Por idades					
De 16 a 24 anos	33,1	32,0	32,7	24,6	25,7
De 25 a 54 anos	11,7	10,9	10,2	9,2	8,6
55 e máis anos	8,9	9,7	9,2	8,3	8,1
Por nivel de formación					
Estudos primarios	24,2	22,4	23,6	21,8	20,9
Estudos secundarios. 1ª etapa	13,9	13,4	13,1	10,9	11,6
Estudos secundarios. 2ª etapa	13,1	12,9	12,7	11,3	10,3
Estudos altos (ed. superior)	9,4	9,0	8,3	7,2	6,7
Taxa de paro de longa duración	4,1	4,7	4,2	3,4	3,1
Homes	3,5	4,0	3,7	3,3	3,1
Mulleres	4,7	5,4	4,7	3,6	3,1
Incidencia paro de longa duración	38,9	45,9	43,3	40,5	37,4
Homes	38,3	44,5	42,6	43,4	40,1
Mulleres	39,4	47,5	44,0	38,0	34,8

Fonte: Elaboración propia a partir de EPA, INE e IGE.

significativo nas cifras de desemprego dos colectivos máis vulnerables (mozos e niveis formativos inferiores). Entre 2020 e 2024 a taxa de paro agregada descendeu en 2,6 puntos porcentuais, a dos mozos (16 a 24 anos) 7,4 puntos e a da poboación con estudos primarios, 3,3 puntos.


Ata este punto definimos o desemprego (e a taxa de paro) utilizando a metodoloxía de Eurostat, que aplica o concepto de desemprego da Organización Internacional do Traballo (OIT). A cifra de desemprego definido deste xeito é a medida oficial do paro na Unión Europea e a única comparable internacionalmente. Porén, se queremos contar cunha radiografía máis completa da infrautilización ou o desaproveitamento da man de obra podemos acudir a medidas alternativas do desemprego como as propostas polo Bureau ou Labor Statistics (BLS), a Oficina de Estatísticas Laborais do Departamento de Traballo de Estados Unidos. Ademais destas medidas alternativas que tratan de incluír os desanimados que renuncian a intentar atopar un emprego e as persoas que si o buscan, pero non teñen dispoñibilidade para aceptalo; en España contamos cun rexistro administrativo no servizo público de emprego (SEPE), que denominamos paro rexistrado e que inclúe todos os demandantes de emprego que acoden a estas oficinas e cumpren unha serie de características.

As diferenzas entre o paro estimado pola EPA e o paro rexistrado en España son importantes, xa que as fontes, as metodoloxías e os obxectivos dos dous son distintos. Por esta razón, ambas as cifras por definición son diferentes, o cal non debe de sorprendernos. Neste sentido é doado atopar na prensa comentarios políticos de diverso signo que, en función dunha das medicións do desemprego, traten de crítica-la ou incluso desacredita-la en favor da outra. Actualmente, en Galicia a diferenza entre as dúas estimacións é relativamente pequena. No cuarto trimestre de 2024 o número de parados estimados pola EPA é de 109.400, mentres que o de parados rexistrados (media dos tres meses finais de 2024) era 120.931, un reducido 9,5 % de diferencial agregado. Porén, este aparente axuste agregado é unha casualidade que non supera un mínimo contraste.

O gráfico 14 mostra a diferenza absoluta entre o número de persoas desempregadas segundo a EPA e os datos do rexistro de desemprego, desagregado por xénero (homes e mulleres) e por grupos de idade para a media anual de 2024. Nos grupos de idade máis baixa (de 16 a 19, 20 a 24 e 25 a 29

Gráfico 14

Diferenzas entre o paro EPA e o paro rexistrado por tramos de idade
Galicia, 2024 (en valor absoluto)



anos), tanto en homes como en mulleres o diferencial é positivo; é dicir, hai máis persoas declaradas desempregadas na EPA que no rexistro. Este fenómeno pódese deber a que os mozos non se rexistran como demandantes de emprego pese a estar desempregados, o cal é habitual neles, xa que dificilmente teñen posibilidade de solicitar axudas vinculadas á súa situación persoal que requiran o rexistro previo como demandante de emprego nas oficinas do SEPE. A partir do grupo de 30 a 34 anos, o diferencial pasa a ser negativo, indicando que hai máis rexistrados como desempregados que os que sinala a EPA. Esta brecha negativa acentúase coa idade, especialmente en mulleres. Aínda que as tendencias son similares, as mulleres presentan diferenzas máis negativas que os homes na maioría dos tramos de idade a partir dos 30 anos. Isto suxire unha maior infraestimación do desemprego feminino na EPA ou unha maior proporción de mulleres rexistradas como demandantes de emprego que non cumpren os criterios de desemprego na EPA. O grupo de 60 a 64 anos en mulleres presenta o maior diferencial negativo, preto de -9.000, indicando unha forte discrepancia entre o rexistro e a EPA neste grupo. Análises específicas por xénero e idade poden axudar a interpretar por que as mulleres maiores están máis representadas no rexistro que na EPA.

Recordemos que as estimacións da EPA son as máis adecuadas para análises estruturais e comparacións internacionais ao seren consideradas a estatística oficial de desemprego por organismos como Eurostat e a OIT. O paro rexistrado é máis útil para o seguimento das políticas activas de emprego e reflicte a demanda dos servizos públicos. Neste caso, se sumamos as diferenzas por idade/xénero en valor absoluto, aproximadamente o 44 % dos parados EPA non estarían recoñecidos como parados rexistrados, só atendendo ás diferenzas na estrutura por idade e sexo.

O futuro do emprego: o camiño cara a 2030


O contexto global continúa a experimentar transformacións profundas que implican unha evolución constante dos postos de traballo e das competencias asociadas. De non adaptarse, moitas ocupacións están expostas á obsolescencia. As previsións iniciais para a economía mundial nos vindeiros anos eran, en termos xerais, moi favorables. Segundo o *Future of Jobs Report 2025* do Foro Económico Mundial, espérase un crecemento do emprego do 7 % no período 2025-2030; o que se traduciría nun saldo neto de 78 millóns de novos postos de traballo.

Porén, as estimacións elaboradas pola Xunta de Galicia a partir do cadro macroeconómico do Instituto Galego de Estatística (IGE) son máis moderadas e apuntan a un incremento da ocupación significativamente inferior para o período 2025-2027 (un 1,8 % acumulado); mentres que, segundo o Banco de España, o emprego no mesmo período en España aumentará un 4,3 % (máis do dobre). De confirmarse, aínda que sexa parcialmente as previsións, a brecha nos resultados laborais entre España e Galicia seguirá medrando, o que dificultará afrontar as importantes transformacións que xa están aquí. En especial no caso galego, os procesos de transformación do mercado laboral estarán fortemente condicionados por factores demográficos, en concreto o envellecemento da poboación e a redución do grupo en idade de traballar, unha tendencia compartida por moitos países con rendas elevadas. A estes cambios demográficos engádese o impacto crecente das tecnoloxías emerxentes e da automatización, que actúan como unha segunda forza transformadora. Por último, a transición ecolóxica e as políticas de mitigación do cambio climático configuran unha terceira liña de impacto que poderá influir de maneira decisiva na evolución do emprego nos vindeiros anos. Neste contexto as habilidades máis demandadas estarán relacionadas coa intelixencia artificial, a seguridade cibernética, a enxeñería de enerxías renovables e todas aquelas ocupacións relacionadas coa sostibilidade e a transformación dixital.

Prezos e salarios


O comportamento dos prezos ao longo do ano confirmou a moderación iniciada en 2023, validando a eficacia das políticas monetarias restritivas que iniciara o Banco Central Europeo para combater o xerme inflacionista iniciado en 2021. Superado este proceso, o BCE foi rebaixando

progresivamente os xuros ata situalos, na reunión de principios de xuño de 2025, no 2,15 %. A taxa de inflación, a pesar de repuntar timidamente na primeira metade do ano (pasando do 3,2 % de febreiro ata o 4 % de abril), experimentou un descenso acusado ata o mes de setembro (1,5 %), para subir lixeiramente ata decembro, rematando o ano no 2,7 %; é dicir, moi próxima ao obxectivo do BCE.




Para o conxunto do ano, polo tanto, a taxa de inflación media foi o 2,95 %. En comparación coa evolución a nivel nacional, a taxa de inflación galega tivo un mellor dinamismo relativo, xa que o diferencial entre ambas, que comezara o ano en positivo, se foi reducindo de forma progresiva, e xa desde o mes de setembro a taxa nacional foi superior á galega. Con todo, a estabilización no crecemento dos prezos no contorno do 2 % confirmouse na primeira metade de 2025, con taxas cada vez máis reducidas, ata acadar o 1,9 % en abril, por debaixo da taxa nacional, situada no 2,2 %.

Na evolución dos prezos desenvolven un papel importante determinados produtos, que polas súas características (maior peso no consumo das familias) tenden a condicionar a evolución do índice xeral. Por este motivo o INE proporciona unha medida da inflación subxacente a través do índice de prezos ao consumo excluindo os alimentos non elaborados e os produtos enerxéticos. Este índice, que medrara de xeito explosivo desde mediados de 2021, amosou un máximo a comezos de 2023 para ir reducíndose desde entón. En 2024 esta tendencia continuou, aínda que o ritmo de diminución da inflación subxacente foi inferior ao do ano precedente. Con todo, a taxa que a comezos de ano era do 4,3 % rematou o ano no 2,4 %. Ao igual que aconteceu co índice xeral, o diferencial coa taxa nacional, que era positivo a principios de ano, foise reducindo, de xeito que en decembro a taxa de



de inflación subxacente en Galicia era dúas décimas inferior á nacional, ampliándose este diferencial nos primeiros meses de 2025. Semella, pois, que a maior exposición ao aumento dos prezos que presentaba a economía galega durante todo o período inflacionista de 2021-2023, e que se traducira nunha maior inflación subxacente, se foi suavizando. De todos os xeitos, as incertezas derivadas da guerra comercial iniciada por Estados Unidos poderían estar detrás da repunta na inflación subxacente de comezos de 2025, o que deberá ser confirmado polos datos ao longo deste ano.

A moderación na taxa de inflación trasladouse aos procesos de negociación colectiva, dando como resultado menores subidas nos salarios pactados nos convenios colectivos. A *Estadística de Convenios Colectivos de Trabajo*, publicada polo Ministerio de Traballo e Economía Social, reflicte un descenso no aumento salarial pactado, que para a media do ano se situou no 3,31 %, lixeiramente por riba da taxa de inflación media do ano (2,95 %). A moderación no aumento salarial foi especialmente relevante no caso dos convenios de empresa, que pasaron do 4,32 % de 2023 ao 2,91 % en



nios (sectoriais, de comunidade autónoma ou mesmo nacional) as subidas salariais veñen xeralmente marcadas polos sectores máis dinámicos, que despois son imitados polo resto de sectores ou rexións. A literatura demostrou que estes efectos imitación poden estar detrás da relativa rixidez salarial en determinadas rexións, caracterizadas por sectores menos dinámicos que seguen os aumentos salariais marcados nas rexións máis dinámicas.

A evolución dos custos salariais que se deriva da análise da *Encuesta Trimestral de Costes Laborales* do INE contrasta coa imaxe de moderación salarial, xa que reflicte unha tendencia ao aumento no crecemento dos salarios percibidos nos sectores non primarios. Segundo esta enquisa, os custos totais medraron un 5,2 % respecto a 2023, con incrementos en todos os compoñente do custo excepto nas percepcións non salariais, que se reducen lixeiramente nun 0,5 %. A subida concentrouse nos sectores da industria (6,3 %) e nos servizos (5,2 %), mentres que na construción os custos salariais

Cadro núm. 3
Evolución dos custos laborais

	2023	2024					Variación	
	Media	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	Media	Absoluta	%
Industria								
Custo total	3.155,9	3.188,7	3.292,9	3.258,8	3.672,5	3.353,2	197,4	6,3
Custo salarial total	2.304,4	2.289,7	2.404,3	2.346,7	2.791,4	2.458,0	153,6	6,7
Custo salarial ordinario	1.956,6	2.049,0	2.050,7	2.053,5	2.059,6	2.053,2	96,6	4,9
Outros custos	851,5	899,0	888,6	912,2	881,1	895,2	43,8	5,1
Custo por percepcións non salariais	78,7	69,3	72,4	87,9	63,7	73,3	-5,4	-6,8
Custo por cotizacións obrigatorias	785,0	836,7	824,7	832,2	838,2	833,0	48,0	6,1
Subvencións e bonificacións da S. Social	12,2	7,0	8,5	7,9	20,8	11,1	-1,1	-9,4
Construción								
Custo total	3.021,3	2.884,4	3.134,5	2.986,2	3.142,9	3.037,0	15,7	0,5
Custo salarial total	2.028,4	1.904,0	2.133,3	2.031,6	2.178,2	2.061,8	33,4	1,6
Custo salarial ordinario	1.824,6	1.828,6	1.879,5	1.838,7	1.872,0	1.854,7	30,1	1,6
Outros custos	992,8	980,4	1.001,2	954,6	964,7	975,2	-17,6	-1,8
Custo por percepcións non salariais	206,4	168,8	184,4	146,5	154,1	163,4	-42,9	-20,8
Custo por cotizacións obrigatorias	796,8	822,5	830,8	821,4	830,1	826,2	29,4	3,7
Subvencións e bonificacións da S. Social	10,4	10,9	14,0	13,3	19,5	14,4	-0,1	-0,7
Servizos								
Custo total	2.531,5	2.595,4	2.679,8	2.616,2	2.763,9	2.663,8	132,3	5,2
Custo salarial total	1.867,4	1.897,0	1.979,4	1.914,3	2.061,2	1.963,0	95,6	5,1
Custo salarial ordinario	1.688,9	1.755,3	1.764,6	1.790,8	1.776,5	1.771,8	82,9	4,9
Outros custos	664,2	698,5	700,3	701,9	702,7	700,8	36,7	5,5
Custo por percepcións non salariais	56,0	63,3	62,2	54,4	61,7	60,4	4,4	7,9
Custo por cotizacións obrigatorias	624,6	648,2	652,8	661,8	659,6	655,6	31,0	5,0
Subvencións e bonificacións da S. Social	16,5	13,1	14,7	14,3	18,7	15,2	0,1	0,8
Total non primario								
Custo total	2.670,7	2.718,1	2.815,7	2.752,6	2.947,4	2.808,4	137,7	5,2
Custo salarial total	1.952,5	1.965,6	2.062,8	1.997,0	2.195,8	2.055,3	102,8	5,3
Custo salarial ordinario	1.743,7	1.811,3	1.821,5	1.839,5	1.832,1	1.826,1	82,4	4,7
Outros custos	718,2	752,5	752,9	755,6	751,6	753,1	34,9	4,9
Custo por percepcións non salariais	70,0	71,6	72,2	66,5	68,4	69,7	-0,3	-0,5
Custo por cotizacións obrigatorias	663,5	692,8	694,3	702,2	702,3	697,9	34,4	5,2
Subvencións e bonificacións da S. Social	15,3	11,9	13,6	13,1	19,1	14,4	0,0	-0,2

Fonte: INE, *Encuesta trimestral de costes laborales*.

2024, 1,4 puntos menos. Aínda que máis numerosos, estes convenios cobren unha porcentaxe de traballadores menor, e soen fixar aumentos nos salarios inferiores aos convenios de ámbito superior, xa que a descentralización da negociación permite acordos máis sinxelos en ámbitos extrasalariais, como comedores de empresa, transporte etc. Como vén sendo habitual (a excepción do acontecido nos tres últimos anos), o incremento salarial pactado nos convenios de ámbito superior ao de empresa foi maior, acadando o 3,34 %. Cómpre destacar que neste tipo de conve-

permaneceron practicamente constantes, cun avance de tan só o 0,5 %. As diferenzas fundamentais entre sectores céntranse nos custos por percepcións non salariais, que medran nos servizos (7,9 %), pero caen con forza na construción (20,8 %) e na industria (6,8 %). No resto de compoñentes do custo, o resultado xeral é un maior aumento dos custos nos servizos e na industria e unha maior moderación na construción.

Recadro 1. O reto do relevo xeracional

Galicia enfróntase a un panorama marcado pola incerteza xeopolítica e económica e con desafíos pendentes como o relevo xeracional, a dixitalización, a automatización, a exposición á intelixencia artificial (60 % do emprego en economías avanzadas está exposto á IA) e a transición enerxética (o informe *Future of jobs*, elaborado polo World Economic Forum, estima que a transición enerxética podería crear 20 millóns de empregos en enerxías renovables, o que se denomina emprego verde). Sen dúbida, todos estes retos van causar unha profunda transformación do mercado laboral galego, con significativas implicacións na empregabilidade e na produtividade de determinados colectivos. É urxente adaptar tanto as políticas activas (formación e intermediación laboral) como as pasivas (prestacións e rendas de inserción) a esta nova realidade. Pero tamén as empresas deben adaptar estratexias que permitan un traspaso do coñecemento efectivo e unha transición laboral que asegure o equilibrio. Segundo cálculos do *Observatorio de la Formación Profesional* (CaixaBank Dualiza), arredor do 82 % das oportunidades de emprego en España ata 2035 van vir provocadas polo relevo, e só un 18 % pola expansión ou crecemento económico. Seguramente en Galicia a situación sexa aínda máis intensa en termos de relevo, con grandes diferenzas por rama de actividade e ocupación que deben analizarse con detalle (cadro R1).

Cadro núm. R1
Ocupados maiores 60 anos por actividade
(IV trimestre de 2024)

Actividade	Incidencia	Actividade	Número
91 - Actividades de bibliotecas, arquivos, museos...	32,27%	86 - Actividades sanitarias	12.276
97 - Actividades dos fogares persoal doméstico	30,65%	84 - Administración pública e defensa; S. S. obrigatoria	10.719
88 - Actividades de servizos sociais sen aloxamento	21,30%	01 - Agricultura, gandería, caza	9.439
01 - Agricultura, gandería, caza	21,08%	85 - Educación	9.247
41 - Construción de edificios	20,36%	47 - Comercio polo miúdo	8.704
80 - Actividades de seguridade e investigación	19,88%	97 - Actividades dos fogares persoal doméstico	8.098
49 - Transporte terrestre e por tubaxe	19,73%	43 - Actividades de construción especializada	6.830
55 - Servizos de aloxamento	19,34%	49 - Transporte terrestre e por tubaxe	5.853
86 - Actividades sanitarias	17,23%	56 - Servizos de comidas e bebidas	5.519
84 - Administración pública e defensa; S. S. obrigatoria	16,06%	46 - Comercio polo xunto e intermediarios do comercio	4.664
Total	11,43%	Total	131.809

Fonte: Microdatos da EPA.

Galicia é xa hoxe unha sociedade moi envellecida, onde nacen menos nenos (14.004 en 2023) que persoas que acadan a xubilación contributiva (19.604 en 2023). Asegurar o relevo xeracional require xa o acollemento e inclusión dun número crecente de poboación inmigrante, mais tamén un importante esforzo para cubrir as necesidades de perfís cualificados que requiren unha alta especialización e formación específica, en sectores como o sanitario, a educación ou a industria manufactureira. Ademais, sectores tradicionais como o primario necesitan dun novo esforzo formativo para non perder competitividade. Sempre existiron diferenzas entre as distintas xeracións de traballadores, pero o nivel de dixitalización actual, as novas competencias e, sobre todo, a propia percepción da relevancia e significado do emprego na vida das persoas supoñen hoxe diferenzas moito máis marcadas que no pasado recente. Non xestionar o relevo xeracional pode supoñer conflitos dentro dos propios cadros de persoal, desmotivación e perda de continuidade na cultura empresarial.

A evolución demográfica galega mostra unha realidade que non se pode ocultar: a idade da poboación creceu. Está o mercado de traballo preparado para este reto? Algúns datos inclinan a resposta cara ao non. Como se non podemos entender que o 62 % dos parados rexistrados en Galicia teñan máis de 45 anos? Por que non é unha prioridade para as empresas contar con programas de talento sénior ou medidas para reducir a discriminación laboral por idadeismo?

Ilustremos a situación actual en España e Galicia a partir dun simple cálculo. Segundo os datos da EPA, no cuarto trimestre de 2024 Galicia contaba con 419.611 ocupados con idades comprendidas entre os 50 e os 65 anos. Nese mesmo trimestre a poboación potencialmente activa entre 16 e 30 anos, que debería ser o seu relevo na actividade laboral, acadaba a cifra de 353.790; e iso tendo en conta a contribución positiva nos últimos anos da inmigración, tanto por parte dos estranxeiros que chegan para traballar en Galicia, como dos fillos das xeracións anteriores que naceron e se criaron aquí e agora se incorporan ao mercado laboral. Polo tanto, podemos aproximar a capacidade de cada economía para afrontar o relevo xeracional poñendo en relación ambas as cifras. No caso de Galicia faltan polo menos 65.821 persoas para asegurar ese relevo nos próximos 15 anos (como mínimo, porque aínda que a taxa de emprego pode ser moi elevada no futuro próximo para este grupo de idade, non vai ser nunca do 100 %). En termos relativos temos un déficit do 15,69 %. Situacións similares preséntanse en todo o norte de España (cadro R2). En

Cadro núm. R2

Estimación das necesidades de relevo xeracional

Ocupados entre 50 e 65 anos en relación á poboación

potencialmente activa entre 16 e 30 anos. IV trimestre 2024


	% incidencia		Diferenza absoluta
Asturias	-26,09	Castela e León	-82.457
Castela e León	-19,85	Galicia	-65.821
Galicia	-15,69	Asturias	-42.805
Cantabria	-10,70	País Vasco	-35.780
A Rioxa	-9,52	Aragón	-10.865
País Vasco	-9,46	Cantabria	-10.231
Aragón	-4,93	A Rioxa	-5.241
Navarra	-2,50	Navarra	-2.950
Extremadura	5,34	Ceuta	4.300
Total nacional	6,03	Melilla	4.894
C. Valenciana	7,55	Extremadura	8.066
Canarias	8,35	Baleares	18.085
Castela-A Mancha	8,47	Castela-A Mancha	26.764
Madrid	8,89	Canarias	29.122
Cataluña	9,03	C. Valenciana	61.891
Baleares	9,41	Murcia	66.182
Andalucía	23,46	Madrid	101.216
Murcia	30,70	Cataluña	114.446
Ceuta	38,05	Andalucía	273.224
Melilla	45,97	Total nacional	452.040

Fonte: Microdatos da EPA.

dade de adaptacións dos plans formativos dos desempregados. A colaboración público-privada neste momento é máis importante que nunca, e aínda hoxe estamos dando os primeiros pasos.

Ademais, o reto do relevo xeracional presenta unha dimensión territorial. A poboación máis nova ten unha clara preferencia pola vida nas áreas urbanas, mentres que as necesidades de relevo se están xerando maioritariamente no contorno rural. Só comparando os afiliados e traballadores de mutualidades residentes por concello maiores de 55 anos en relación aos parados rexistrados do propio concello (mapa R1) podemos apreciar as dificultades de acadar un equilibrio interno a escala local e, polo tanto, a necesidade urxente para gran parte da xeografía galega de incorporar novos residentes para asegurar a súa sostibilidade. A situación é especialmente complexa no interior de Galicia e, sobre todo, en concellos cunha importante actividade agraria, onde por cada parado rexistrado contamos con máis de 1,5 traballadores activos de máis de 55 anos. Recordemos que o emprego é a ferramenta fundamental para construír sociedade, progreso e benestar.

En síntese, a boa situación do mercado laboral en termos agregados é máis aparente que real. Os indicadores de emprego (taxa de emprego) e desemprego (taxa de paro) son positivos e evolucionan polo momento de xeito favorable. Pero non debemos quedarnos nunha análise superficial. Unha poboación máis envellecida ten impactos significativos en moitos dos indicadores que usamos para caracterizar a saúde do mercado laboral.



termos absolutos, Galicia é a segunda comunidade autónoma con maior déficit, só superada por Castela e León.

Examinada a situación demográfica do mercado laboral é evidente que Galicia ten que abordar o relevo xeracional coa máxima urxencia. Non obstante, a resposta ao reto demográfico desde o punto de vista laboral é cada vez máis complicada. Nunha sociedade na que existe unha gran dificultade para cubrir as vacantes que se producen por xubilación, hai que sumar os profundos cambios nas habilidades e competencias que demandan hoxe en día as empresas, sobre todo dixitais e *soft skills* (habilidades brandas). A formación permanente dos traballadores é unha prioridade para manter a competitividade ante a necesidade de dispoñer de profesionais con novas competencias. O sector privado non pode deixar soa a Administración pública na responsabili-

Como acabamos de comprobar, a economía galega afronta un enorme reto: o relevo xeracional. Medidas que aumenten a empregabilidade dos traballadores de maior idade son xa unha urxencia, posto que unha maior participación dos traballadores en idade avanzada pode compensar a falta de activos de menor idade. As políticas activas do mercado laboral en Galicia (formación e intermediación laboral) deben ter como un dos seus obxectivos principais acomodar os efectos do cambio demográfico. Coñecemos desde hai tempo a dirección do cambio demográfico e temos estimacións precisas da súa intensidade nas diferentes ocupacións e actividades. Agora toca tomar medidas correctoras, entre as que debe ser prioritario un plan de atracción de

traballadores que facilite o relevo xeracional; que sexa ordenado e consensuado cos diferentes axentes sociais; que estea debidamente xustificado, e que defina os seus fins con claridade. Non só temos que atraer inmigrantes formados para as necesidades do mercado laboral galego, senón que cómpre tamén asegurar a súa inclusión social, para o cal, ademais dos empresarios e sindicatos, o conxunto da poboación debe estar informada. Neste sentido, o labor informativo-comunicativo das accións a realizar ten que ser unha prioridade ineludible. Galicia pode ser un laboratorio natural para o conxunto da Unión Europea, xa que en breve esta deberá afrontar medidas correctoras deste tipo.

Recadro 2. Sobre a redución da xornada laboral: elementos para o debate

A redución da xornada laboral sen baixar os soldos é unha reivindicación recorrente do movemento obreiro internacional. Desde as últimas décadas do século XIX e as primeiras do XX loitouse pola implantación da xornada laboral de oito horas. Volveuse sobre a redución da xornada laboral a finais dos 60 e durante a crise dos 70, e de novo coa crise dos 90, malia que en todos estes anos os resultados reais foron mínimos salvo en Francia ou nos Países Baixos. A repartición do tempo de traballo era o principal argumento para solicitar a redución da xornada laboral, aspiración que revivía con forza durante as épocas de forte crise económica e destrución de emprego. Unha crise diferente, a provocada pola pandemia, recuperou para o debate público en gran parte de Europa esta cuestión. A xeneralización de xornadas laborais máis curtas é un reto actual das economías europeas, onde España é referente de avance neste obxectivo. O pasado mes de maio, o Consello de Ministros aprobou o anteproxecto de lei que reduce a xornada laboral de 40 a 37,5 horas. A norma actual está vixente desde o ano 1983.

Sen dúbida, adecuar as relacións laborais aos cambios sociais e culturais observados é unha necesidade urxente. As novas xeracións que acceden ao mercado laboral parece que cambiaron os parámetros dos tradicionais modelos de elección renda-ocio. É o noso deber como sociedade valorar estes cambios e actuar en consecuencia. España abriu un debate necesario que cuestiona a sostibilidade e permanencia do modelo laboral vixente, nun contexto onde a tripla transición (verde, demográfica e dixital) obriga a un cambio de modelo produtivo e nos forza a reconsiderar cal é a cantidade necesaria e adecuada de horas de traballo, a súa repartición e os seus efectos sobre a creación de emprego.

Nestes momentos o debate sobre a redución da xornada laboral céntrase en como mellorar o benestar e a calidade de vida da poboación e na relación de causalidade entre produtividade e tempo de traballo. Máis tempo para vivir, para coidar da familia e para descansar pode ser un obxectivo desexable socialmente, mesmo aínda que teña repercusións negativas sobre a produción; algo que aseguran ocorrerá os que defenden que só con incrementos da produtividade podemos empezar a considerar baixar a xornada laboral. Desde esta perspectiva, pensar nunha causalidade inversa considérase crear falsas expectativas. Como pode aumentar a produtividade do traballador polo simple feito de traballar menos?

Ter mellor saúde, pasar máis tempo coa familia, contar con máis posibilidades de ocio, é dicir, ser máis feliz, pode ter repercusións sobre a produtividade tanto directas (se melloramos a saúde do traballador poderemos mellorar o aproveitamento da xornada pactada, polo tanto, menos horas de traballo perdidas por incapacidade temporal ou por outros tipos de absentismo), como indirectas (existe ampla evidencia a favor de que as xornadas máis curtas reducen a fatiga, incrementan a concentración e favorecen a formación ao dispoñer de tempo para ela). A estes argumentos tamén se engadiron como elementos que hai que considerar o posible aumento da demanda de emprego, xa que as empresas poderían necesitar contratar máis persoal para cubrir as horas de traballo reducidas; e, sobre todo, un impacto de xénero positivo ao acurtar a brecha de horas de traballo e permitir unha repartición xusta do traballo de coidados. Por último, pode existir un importante impacto distributivo de renda a favor dos salarios e dos colectivos máis vulnerables, que en principio se ven máis afectados polas prácticas de xornadas laborais máis extensas. O Goberno deixou claro que esta é unha das súas intencións. Trátase de reducir a xornada laboral por lei para que este dereito chegue onde a negociación colectiva non o fai.


Os contrarios a reducir a xornada laboral centran os seus argumentos no posible incremento dos custos laborais que podería afectar a competitividade (sobre todo no caso de empresas en mercados internacionais) e nas posibles dificultades para as pemes, que poderían ter menos capacidade para adaptarse á nova normativa sen afectar a súa rendibilidade ante as dificultades de organización interna e o maior custo laboral. Se as empresas non puidesen facer fronte a unha rebaixa da xornada laboral dos seus traballadores, podería chegarse a destruír emprego. Nun país onde a produtividade real por hora traballada creceu desde 1983 case o dobre que a remuneración dos traballadores, parece difícil que non sexa posible asumir esta nova repartición de beneficios cos traballadores.

En todo caso, o debate está aberto. A estas alturas da tramitación do decreto sabemos que non conta cos apoios parlamentarios necesarios e que se enfronta a unha forte oposición por parte das patronais maioritarias, malia que tamén recibiu apoios desde as asociacións de traballadores autónomos. No recente *Observatorio del trabajo Autónomo*, da Unión de Asociacións de Traballadores Autónomos e Emprendedores (UATAE), conclúese que o 79 % dos autónomos non está en contra desta medida.

Trátase dun problema complexo que non acepta solucións sinxelas nin únicas. Por iso, a proposta de redución do tempo de traballo ten que ser unha oportunidade para plasmar a realidade dos distintos colectivos sociais aos que se pode favorecer ou prexudicar e debe analizarse dentro do marco da negociación colectiva. Aprobar unha normativa sen acordo de todas as partes "debilita o diálogo social", que foi


fundamental para establecer acordos que resultaron beneficiosos para todas as partes. Debemos escoitar e analizar con detalle todos os argumentos a favor e en contra. A posición da academia, como sempre, debe ser ofrecer datos que permitan unha toma de decisións informada. Seguindo esta proposta, a continuación presentamos algúns datos e reflexións para o debate, desde a perspectiva da economía galega.

1. A redución da xornada laboral efectiva é unha realidade, sen que se producisen cambios lexislativos, tanto en España como no conxunto de Europa. Por suposto, os ritmos e valores difiren dentro da UE (gráfico R1). A xornada media efectiva semanal en 2024 foi de 36,3 horas para o conxunto de España e de 37,1 para Galicia. En España sempre se traballou máis horas que en Alemaña ou Francia, pero menos que en Galicia ou Portugal. Desde 1999 a xornada laboral media semanal reduciuse 4,5 horas en Alemaña; 3,2 en España, e unha hora máis (4,2) en Galicia.




A redución da xornada efectiva media está relacionada co incremento do emprego a tempo parcial e os ERTE, pero, sobre todo, co resultado da negociación colectiva. Segundo o seguimento da Comisión Consultiva Nacional dos convenios colectivos do sector privado, os convenios sectoriais fixan xornadas medias arredor das 38 horas semanais e os de empresa dunhas 37. A xornada laboral é un elemento esencial nas melloras nas condicións laborais e, polo tanto, unha variable en continua negociación dentro do marco legal. Recordemos que as horas efectivas traballadas son as horas que unha persoa realmente traballa sen contar o que se esperase que fixese. Inclúe, deste xeito, as horas

extras feitas esa semana e exclúe os días de ausencia e o tempo non traballado por calquera motivo.



A continuación mostramos a situación en Galicia e en España considerando todos os traballadores con emprego aínda que non estean traballando na semana de referencia (gráfico R2). A xornada laboral media efectiva dos ocupados é significativamente maior en Galicia que no conxunto de España. Non obstante, cando temos en conta os ocupados que non traballaron na semana de referencia, as diferenzas entre ambos

os espazos económicos despois da pandemia son mínimas. Pódese apreciar o impacto da pandemia na xornada laboral efectiva, cunha brusca caída na xornada laboral en 2020, que só se recuperou en parte nos anos seguintes. O resultado final é unha xornada laboral media efectiva desde 2021 moi similar en España e Galicia.




A evolución da xornada efectiva está moi condicionada pola dinámica expansiva das incapacidades temporais desde a pandemia (gráfico R3). Cómpre facer unha puntualización en relación a esta situación. O comportamento diferencial de Galicia dificilmente pode xustificarse escusándose nun diferencial de idade da poboación ocupada. Os catro anos de diferenza na idade media da poboación galega (48,36 fronte a 44,37) redúcense a menos de 1 ano cando facemos referencia á poboación ocupada (46,1 fronte a 45,3). A relación entre absentismo e condi-

cións laborais foi contrastada en moitos estudos, algo que se debe tamén ter en conta na revisión dos argumentos a favor e en contra da redución da xornada laboral.

- Galicia é a comunidade autónoma española coa xornada laboral media semanal máis elevada (gráfico R4), tanto en horas efectivas como en horas habituais (a xornada habitual debería ser a mellor aproximación á xornada pactada, xa que se refire á xornada regular segundo contrato do ocupado). En Galicia a xornada semanal habitual media acaba no cuarto trimestre de 2024 as 38,5 horas. No outro extremo sitúase o País Vasco con 36,3 horas (unha diferenza de máis de 2 horas semanais).

Polo tanto, o impacto económico e social da redución da xornada laboral prevese máis intenso en Galicia, Asturias ou Baleares. A situación contraria obsérvase no País Vasco, onde a xornada laboral media habitual e efectiva están xa hoxe por debaixo do novo límite legal proposto. As importantes diferenzas territoriais observadas deben ser un factor a ter en conta á hora de analizar a proposta de redución da xornada laboral. Ten sentido unha aplicación xeral ou debemos adaptar a proposta á situación concreta de cada territorio?



- En realidade é un debate similar ao formulado ante a subida do salario mínimo interprofesional, cando se afirmaba que existían importantes diferenzas no custo da vida entre as distintas comunidades autónomas. Neste caso as diferenzas non se distribúen territorialmente da mesma forma. Catro delas (Cataluña, Madrid, Andalucía e Valencia) suman o 62,5 % dos ocupados con xornada media superior ás 37,5 horas. Pero é Canarias a que presenta unha incidencia maior, co 54 % dos ocupados con xornadas medias superiores ás 37,5 horas; seguida de Cataluña, co 52,4 %. No outro extremo, no País Vasco a incidencia é o 40 %, e en Asturias e Cantabria inferior ao 43 %.
3. Pasar de 40 a 37,5 horas semanais de media en cómputo anual afecta a unha parte moi relevante da economía, o que nos advirte de que o seu impacto agregado pode ser moi significativo. Ademais, inevitablemente o impacto da medida non será neutral en relación aos diferentes colectivos que forman o mercado de traballo. Partindo dos datos da EPA do cuarto trimestre de 2024 (cadro R3) podemos estimar o número de ocupados que traballan máis de 37,5 horas semanais habituais segundo diversas características, en España e Galicia.

O número total de ocupados que traballan mas de 37,5 horas semanais ascende aproximadamente a 14,5 millóns (770.888 en Galicia); dous de cada tres ocupados. Hai que ter en conta que na actualidade máis da metade dos autónomos presentan xornadas semanais que superan as 40 horas, o máximo legal establecido. En total, o 13,6 % dos ocupados no resto de España e o 18,6 % en Galicia superaban as 40 horas de xornada habitual no cuarto trimestre de 2024.

Cadro núm. R3				
Número de traballadores que traballan máis de 37,5 horas habituais semanais. Cuarto trimestre 2024				
	Máis de 37,5 horas		% respecto ao total de ocupados en cada característica	
	Galicia	Resto de España	Galicia	Resto de España
16-34	142.964	3.358.219	59,6	64,4
35-44	190.668	3.486.193	66,6	68,9
45-54	242.638	4.131.806	67,6	68,2
55-64	156.441	2.517.712	65,5	62,4
65 ou máis	16.712	205.998	56,4	60,3
Nacidos en España	656.293	10.128.392	66,3	64,0
Nacidos no resto do mundo	114.595	3.584.455	70,2	73,6
Primarios ou menos	19.688	692.835	68,6	78,2
1ª etapa secundaria	226.889	3.848.715	77,6	75,1
2ª etapa secundaria	189.306	3.334.295	69,7	66,5
Superiores	340.680	5.920.875	60,8	61,1
Agricultura	60.455	583.258	87,0	87,4
Industria	172.919	2.446.747	91,1	90,3
Construción	75.247	1.281.373	91,4	91,7
Servizos	463.243	9.387.616	57,1	59,0
Hostalería	49.275	1.268.275	67,6	71,7
Educación	24.815	366.686	29,1	24,6
Autónomos empregados	57.532	825.158	89,1	90,8
Autónomos independentes	112.819	1.684.741	83,5	82,0
Asalariados sector público	46.918	720.854	23,6	21,3
Asalariados sector privado	550.724	10.420.328	73,5	73,1
Homes	470.853	8.728.061	79,1	78,6
Mulleres	300.035	4.984.785	53,8	52,0
Total	770.888	13.712.846	66,8	66,2

Fonte: Microdatos da EPA.

En resumo, os datos estimados mostran que contamos con máis homes que mulleres con xornada superior ás 37,5 horas; que esta é máis probable entre os ocupados nados fóra de España; e, por último, que, a maior nivel educativo, a incidencia da xornada laboral superior a 37,5 se reduce de forma considerable. Na construción e na industria é onde máis se traballa e na rama de servizos a incidencia é notablemente inferior. Os autónomos con empregados rexistran un maior número de horas habituais, e os que menos os asalariados do sector público.

Se realizamos a mesma análise para as horas efectivas, a incidencia en función das características ofrece unha distribución moi similar, pero con valores moito menores. A incidencia global sitúase no 48,5 % para o resto de España e no 47,9 % para Galicia.

En definitiva, a redución da xornada máxima legal podería ser un obxectivo alcanzable para a economía española, pero neste momento require crear as condicións que aseguren unha transición equilibrada que respecte a negociación colectiva e individual. Non graduar a súa aplicación ten o risco engadido de

desprazar actividade cara á informalidade, sobre todo a de pemes e autónomos con marxes mínimas e nula capacidade de manobra. A negociación permitiría adaptar a medida ás particularidades de cada sector e empresa. Seguramente, nalgúns sectores de servizos onde a produtividade está moi ligada ao tempo de traballo presencial, a medida debería estar acompañada doutras accións como: facilitar a contratación de novos traballadores a tempo parcial ou transformar contratos a tempo parcial en tempo completo; ofrecer ferramentas eficaces ás pemes que permitan un control efectivo do tempo de traballo para optimizar a utilización deste e que non sexa só unha ferramenta de rexistro da xornada cun afán basicamente sancionador. Tamén poderíamos seguir o exemplo de Francia, onde a xornada laboral legal é de 35 horas, aínda que existen excepcións (nalgúns sectores e ocupacións) a través dun réxime de horas extraordinarias ou complementarias, podendo chegar a un máximo de 44 horas en media durante 12 semanas consecutivas.

III. Sector agrario

- A *Enquisa sobre a Estrutura das Explotacións Agrarias de 2023* contabiliza en Galicia 41.500 explotacións, unha cifra moi inferior á indicada polo *Censo Agrario 2020*. Estes datos máis recentes confirman a crecente concentración do sector nas unidades medianas e grandes: as explotacións cun *output* anual superior a 100.000 euros (unhas 7.000) teñen preto do 80 % da cabana gandeira e xeran tamén case o 80 % da produción agraria.
- O complexo agroalimentario achega en 2022 o 5 % do VEB e o 5,7 % do emprego da economía galega, rexistrando unha produtividade do traballo que se aproxima xa ao 90 % da media da economía. A maior parte segue correspondendo ao sector agrario, pero a agroindustria tende a reforzarse nos últimos anos e xera hoxe o 43 % do VEB do complexo.
- Despois do importante descenso en 2023, os prezos mundiais dos alimentos experimentaron durante a maior parte de 2024 unha alza moderada e mantéñense en niveis historicamente elevados. De modo máis concreto, o contexto internacional caracterizouse este ano polo lixeiro aumento dos prezos da carne e dos produtos lácteos, ao tempo que continuou o abaratamento das materias primas para a alimentación animal, sobre todo dos cereais.
- Na UE-27 o ano 2024 saldouse cun crecemento do 1,9 % da renda agraria por ocupado. O balance foi aínda máis positivo na agricultura española, onde a mellora da renda por ocupado alcanzou o 6,9 %, grazas sobre todo ao forte aumento do volume da produción vexetal.
- Enmarcada nese contexto, a dinámica do sector agrario galego en 2024 estivo definida, en primeiro lugar, por unha lixeira redución do *output* (-1,2 %), debido á contracción da produción vexetal e ao práctico estancamento da produción animal.
- Ao mesmo tempo, asistimos a unha moderada diminución dos prezos percibidos polos agricultores (-1,5 %), que afectou sobre todo os produtos gandeiros. Mais isto acompañouse dunha caída maior dos prezos pagados polos insumos intermedios (-9,7 %), orixinando unha notable mellora da relación real de intercambio das explotacións.
- O resultado final foi que a renda agraria por ocupado rexistrou en Galicia, segundo as nosas estimacións, unha caída moi leve (-0,3 %), pero que contrasta co seu incremento na UE-27 (1,9 %) e especialmente en España (6,9 %).
- Deste modo, en 2024 cesou o aumento da renda do sector agrario galego que se viña dando no trienio 2021-2023, que permitira recuperar boa parte do descenso sufrido en 2020 no contexto da COVID-19.
- Polo seu peso no agro galego, cabe salientar a redución o último ano dos ingresos das explotacións lácteas, ao ser máis que contrarrestado o incremento da produción pola baixa do prezo do leite. Pero iso compensouse en boa medida coa diminución dos custos de produción, polo que a marxe neta destas explotacións se mantivo en niveis favorables.

A dinámica estrutural recente da agricultura galega: análise dos resultados da Enquisa de Estructuras 2023

O Instituto Nacional de Estadística (INE) vén de publicar os resultados da *Enquisa sobre a Estructura das Explotacións Agrarias de 2023* (EEEE 2023), que permite actualizar a imaxe sobre a estrutura do sector ofrecida polo *Censo Agrario 2020*. O ámbito poboacional da EEEA 2023 está formado polas explotacións que cumpran algunha das seguintes condicións mínimas:

- contar con 5 ha de SAU (cultivos e pastos);
- ter 2 ha de terra arable;
- contar con 0,5 ha de patacas ou de hortalizas frescas e fresas;
- ter 0,2 ha de plantas aromáticas, medicinais e especias, flores e plantas ornamentais, sementes e plántulas ou viveiros;
- contar con 0,3 ha de árbores froiteiras e oliveiras;
- ter 0,1 ha de vides;
- ter 100 m² en invernadoiro ou de setas cultivadas;
- contar con 0,5 ha de tabaco, lúpulo ou algodón;
- ter 1,7 unidades gandeiras totais (UGT).

Trátase dun universo similar ao do *Censo Agrario 2020*, o que en principio permite coñecer a evolución da estrutura das explotacións nos anos máis recentes. Aínda que, como veremos, os resultados fan dubidar da validez da comparación de ambas as estatísticas.

Ao respecto convén lembrar que, como advertimos no *Informe de 2022*, os datos do *Censo Agrario 2020* non son directamente comparables cos censos anteriores, debido aos cambios metodolóxicos. De feito, en 2024 o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) publicou un documento no que estima que o 7,7 % das explotacións contabilizadas en España polo *Censo Agrario 2020* non figurarían no mesmo de manter os limiares de tamaño mínimo do anterior censo, o de 2009¹. Os cambios metodolóxicos tiveron ademais especial impacto no caso galego, onde levaron a rexistrar en 2020 un 22,7 % de explotacións non incluídas no universo do censo de 2009. Trátase en xeral de unidades de moi pequena dimensión, dedicadas sobre todo ao viñado. Deste modo, de aplicar criterios homoxéneos, a redución do número de explotacións no período 2009-2020 tería sido en Galicia moito maior do que indicaba a comparación directa dos censos, e a superficie agraria utilizada (SAU) media por explotación en 2020 alcanzaría 14,2 ha, fronte ás 7,9 ha indicadas polo *Censo Agrario 2020*.

Convén ter presentes esas aclaracións previas á hora de analizar os datos da EEEA 2023 e compáralos co *Censo Agrario 2020*. Porque, aínda que formalmente o universo de ambas as estatísticas é similar, os resultados fan pensar que na enquisa de 2023 se retornou a un universo máis próximo ao do censo de 2009. Concretamente, a EEEA 2023 contabiliza en Galicia 41.500 explotacións, o que supón 34.000 menos que no *Censo Agrario 2020*; unha redución do 45 % en tres anos que non semella plausible. Outros dous feitos que se derivan dos datos e que si parecen corresponder á realidade son: que a desaparición de explotacións se concentrou nas de menor dimensión (aquelas con

¹ En realidade, nalgúns tipos de superficies o censo de 2020 é máis restritivo, o que dá lugar a unha exclusión de explotacións en comparación co censo de 2009 que é imposible cuantificar. En todo caso, o MAPA considera que este efecto exclusión foi menor que o de incorporación de explotacións pola redución da superficie mínima esixida nalgúns cultivos. Pódese consultar o documento en:

https://www.mapa.gob.es/es/ministerio/servicios/analisis-y-prospectiva/aypumbralesca2020_tcm30-697794.pdf

Cadro núm. 1
Evolución do número e superficie das explotacións agrarias en Galicia

SAU/explotación	Nº de explotacións			SAU (ha)		
	2020	2023	% variación	2020	2023	% variación
< 10 ha	59.033	24.943	-57,7	138.829	72.700	-47,6
>= 10 ha	16.418	16.564	0,9	459.164	506.460	10,3
Total	75.451	41.507	-45,0	597.993	579.160	-3,1

Fonte: Elaboración propia a partir de INE, *Censo Agrario 2020* e *Encuesta sobre la Estructura de las Explotaciones Agrícolas 2023*.

menos de 10 ha de SAU); e que iso se acompañou dunha lixeira contracción (-3 %) do volume global da SAU, a superficie de cultivos e pastos xestionada polas explotacións agrarias, prolongando neste aspecto a tendencia das últimas décadas (cadro 1).

Cadro núm. 2
Evolución da SAU media por explotación en Galicia

	2020	2023
SAU/explotación (ha)	7,93	13,95

Fonte: Elaboración propia a partir de INE, *Censo Agrario 2020* e *Encuesta sobre la Estructura de las Explotaciones Agrícolas 2023*.

metade da media española (30 ha) e é tamén moi inferior á media da UE. Polo tanto, nunha análise comparada, a reducida base territorial continúa aparecendo como o factor básico que lastra a produción e a viabilidade económica das explotacións galegas.

Froito dese proceso de reestruturación, a superficie media das explotacións aumentou ata alcanzar as 13,95 ha de SAU en 2023 (cadro 2). Esta é unha dimensión física que, con todo, segue supoñendo menos da


Neste aspecto, porén, os datos da EEEA 2023 mostran unha novidade importante. En 2023 a produción estándar total (PET)/explotación, o valor económico da produción obtida por cada explotación, supera xa en Galicia a media estatal: alcanza uns 70.000 euros, o 116,7 % da media da agricultura española (ao redor de 60.000 euros). A orixe disto está no valor moito maior que alcanza no agro galego a produción por unidade de superficie: case 5.000 euros/ha, o que multiplica por 2,5 a media española (uns 2.000 euros). Esta elevada intensidade produtiva ou produtividade da terra máis que compensa hoxe a limitada superficie das nosas explotacións (cadro 3).

Cadro núm. 3
Nivel e determinantes da produción/explotación

	Galicia	España	Galicia/España (%)
Producción estándar total (PET)/explotación (euros)	69.647,9	59.655,6	116,7
Compoñente estrutural SAU/explotación (ha)	14,0	30,0	46,6
Compoñente Intensificación PET/ha SAU (euros)	4.991,5	1.991,4	250,7

Fonte: Elaboración propia a partir de INE, *Encuesta sobre la Estructura de las Explotaciones Agrícolas 2023*.


Para precisar algo máis a estrutura actual do sector, no gráfico 1 recolleemos a distribución das explotacións, do traballo agrario, da SAU e da produción por intervalos de dimensión económica. A imaxe que se desprende da EEEA 2023 confirma a crecente concentración produtiva do sector agrario galego nas unidades medianas e grandes. Así, as explotacións cunha produción anual inferior a



8.000 euros son aínda o 37,5 % do total, mais o seu peso territorial e, sobre todo, produtivo é moi escaso: xestionan o 10,5 % da SAU, contan co 1,5 % da cabana gandeira (UGT) e achegan o 2,2 % do *output*. No extremo contrario, as explotacións que podemos cualificar de medianas e grandes son unha minoría, pero ocupan a maior parte da SAU e rexistran un predominio maior no censo gandeiro e na produción. En concreto, aquelas cun *output* anual igual ou superior a 100.000 euros son só 1/6 do total (unhas 7.000 en cifras absolutas), mais xestionan o 41 % da SAU, teñen preto

do 80 % das UGT e xeran tamén case o 80 % da produción agraria. Trátase das explotacións que constitúen, cada vez máis, o núcleo central da agricultura profesional galega (gráfico 1).

Ese núcleo central concéntrase principalmente nas producións bovinas e, sobre todo, no sector lácteo: das preto de 7.000 explotacións cunha produción anual igual ou superior a 100.000 euros, o 63 % pertencen á orientación técnico-económica (OTE) 45 bovino de leite. En conxunto, as explotacións especializadas nas producións bovinas (leite, carne e mixtas) supoñen o 44 % das contabilizadas na EEEA 2023, xestionan o 74 % da SAU e xeran o 54% da produción agraria. Resulta tamén salientable o peso produtivo das explotacións especializadas no porcino e aves (granívoros): estas son só o 5 % en número e contan unicamente co 2 % da superficie agraria (como corresponde ao modelo da gandería sen terras), pero achegan o 32 % da produción agraria. En cambio, a relevancia das explotacións especializadas nas producións vexetais é moito menor: as dedicadas á horticultura, raíces e tubérculos (patacas) e viñedo suman case 1/4 do total, pero só contan co 4 % da SAU e xeran o 6,4 % da produción (gráfico 2).



Peso global e dinámica do complexo agroalimentario e do complexo da madeira no período 1995-2022

Complexo de produción agroalimentario

Das 72 ramas que distingue o IGE nas súas *Contas Económicas de Galicia-Revisión Estatística 2024*, son 6 as que integran o complexo de produción agroalimentario (CPA): agricultura, gandería, caza e servizos relacionados; procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos; fabricación de produtos lácteos; fabricación de produtos para a alimentación animal; outras industrias alimentarias e fabricación de bebidas.

Este complexo segue mantendo un importante peso na economía galega, ao achegar en 2022 (últimas cifras publicadas polo IGE) o 5 % do VEB e o 5,7 % do emprego; unhas porcentaxes que superan

a media española, poñendo de manifesto a especialización de Galicia nestas actividades. No que levamos de século XXI continuou a tendencia a longo prazo de perda de peso do complexo no conxunto da economía. Pero esta caída produciuse sobre todo en termos de emprego (do 13,2 % do emprego en 2000 ao 5,7 % en 2022), mentres que foi moi moderada no VEB (do 5,6 % ao 5 %); o que orixinou unha mellora substancial do nivel relativo da produtividade do traballo: o VEB/ocupado pasou do 42,3 % da media da economía galega no ano 2000 ao 87,1 % en 2022 (cadro 6).

Cadro núm. 4

Evolución do valor engadido bruto (VEB) do complexo agroalimentario en Galicia

	Base 2000		Revisión estatística 2024					
	1995	2000	2000	2008	2015	2020	2021	2022
Millóns de euros correntes								
Agricultura, gandería e caza	892,3	856,9	1.154,0	1.729,1	1.927,1	1.725,5	1.750,4	1.862,8
Industria agroalimentaria	428,4	532,7	592,9	919,3	964,2	1.109,3	1.271,2	1.417,3
Industria cárnica	66,6	91,9	138,4	178,2	245,1	286,6	309,5	327,5
Industria láctea	78,8	75,7	111,5	185,0	136,6	119,3	155,2	194,1
Industria alimentación animal	65,4	65,8	55,1	109,3	67,6	91,7	95,5	100,5
Outras industrias alimentarias	145,2	186,0	197,0	291,3	239,6	280,4	323,1	383,9
Industria de bebidas	72,5	113,3	90,9	155,5	275,3	331,3	388,0	411,2
Total complexo	1.320,8	1.389,5	1.746,8	2.648,4	2.891,3	2.834,8	3.021,6	3.280,0
% sobre o total do complexo								
Agricultura, gandería e caza	67,6	61,7	66,1	65,3	66,7	60,9	57,9	56,8
Industria agroalimentaria	32,4	38,3	33,9	34,7	33,3	39,1	42,1	43,2
Industria cárnica	5,0	6,6	7,9	6,7	8,5	10,1	10,2	10,0
Industria láctea	6,0	5,4	6,4	7,0	4,7	4,2	5,1	5,9
Industria alimentación animal	4,9	4,7	3,2	4,1	2,3	3,2	3,2	3,1
Outras industrias alimentarias	11,0	13,4	11,3	11,0	8,3	9,9	10,7	11,7
Industria de bebidas	5,5	8,2	5,2	5,9	9,5	11,7	12,8	12,5
Total complexo	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Os datos de 2022 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001*.
- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2024. Serie 2000-2022*.

Analizando con maior detalle a dinámica ao longo das dúas últimas décadas, podemos diferenciar tres períodos estreitamente ligados coa conxuntura económica. Neste sentido, hai que lembrar que os alimentos se caracterizan en xeral pola súa baixa elasticidade-renda. Isto provoca que nas fases de expansión económica o CPA tenda a perder peso no conxunto da economía, mentres nas etapas de crise vese menos afectado que outros sectores, estabilizándose ou mesmo aumentando o seu peso relativo. Así, o peso deste complexo no VEB, e aínda máis no emprego, reduciuse notablemente na fase de expansión económica 1995-2007, para estabilizarse e mesmo aumentar no período de crise 2008-2013 e retomar o declive relativo coa recuperación económica a partir de 2014. Pois ben, nese contexto, as cifras máis recentes publicadas polo IGE indican que ese declive relativo continuou en 2020, 2021 e 2022, a pesar da crise provocada pola COVID-19 en 2020; de tal modo que o peso actual do sector no VEB (5 %) é inferior ao de comezos de século (5,6 %) (cadros 4, 5 e 6).

Cadro núm. 5

Evolución do emprego no complexo agroalimentario en Galicia

Postos de traballo equivalentes a tempo completo (miles)

	Base 2000		Revisión estatística 2024					
	1995	2000	2000	2008	2015	2020	2021	2022
Agricultura, gandería e caza	182,4	133,3	119,9	58,8	38,0	39,6	39,3	37,6
Industria agroalimentaria	16,3	18,6	16,3	19,9	18,4	20,5	21,0	22,0
Industria cárnica	2,5	2,9	4,3	5,4	4,4	4,7	4,8	4,9
Industria láctea	1,8	1,7	1,9	2,1	1,9	2,4	2,5	2,6
Industria alimentación animal	1,3	1,2	1,4	1,6	1,2	1,6	1,6	1,6
Outras industrias alimentarias	9,1	10,9	6,9	8,0	8,2	8,8	9,0	9,5
Industria de bebidas	1,6	1,9	1,9	2,9	2,6	3,0	3,1	3,3
Total complexo	198,6	151,9	136,2	78,7	56,3	60,2	60,3	59,6

Os datos de 2022 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001*.
- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2024. Serie 2000-2022*.

Cadro núm. 6

Evolución do peso do complexo agroalimentario no conxunto da economía galega

	Base 2000		Revisión estatística 2024					
	1995	2000	2000	2008	2015	2020	2021	2022
VEB (%)								
Agricultura, gandería e caza	3,7	2,5	3,7	3,2	3,9	3,3	3,0	2,8
Industria agroalimentaria	1,8	1,6	1,9	1,7	2,0	2,1	2,2	2,2
Industria cárnica	0,3	0,3	0,4	0,3	0,5	0,6	0,5	0,5
Industria láctea	0,3	0,2	0,4	0,3	0,3	0,2	0,3	0,3
Industria alimentación animal	0,3	0,2	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2
Outras industrias alimentarias	0,6	0,6	0,6	0,5	0,5	0,5	0,5	0,6
Industria de bebidas	0,3	0,3	0,3	0,3	0,6	0,6	0,7	0,6
Total complexo	5,5	4,1	5,6	5,0	5,9	5,4	5,1	5,0
Postos de traballo (%)								
Agricultura, gandería e caza	18,3	12,3	11,7	5,0	4,0	4,2	3,9	3,6
Industria agroalimentaria	1,6	1,7	1,6	1,7	1,9	2,2	2,1	2,1
Industria cárnica	0,2	0,3	0,4	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5
Industria láctea	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,3	0,2	0,3
Industria alimentación animal	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2
Outras industrias alimentarias	0,9	1,0	0,7	0,7	0,9	0,9	0,9	0,9
Industria de bebidas	0,2	0,2	0,2	0,2	0,3	0,3	0,3	0,3
Total complexo	19,9	14,0	13,2	6,7	5,9	6,4	6,0	5,7

Os datos de 2022 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001*.- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2024. Serie 2000-2022*.

No que respecta á estrutura do CPA, esta continúa caracterizándose en Galicia polo predominio do sector agrario e o limitado desenvolvemento da industria agroalimentaria. Porén, nos últimos anos obsérvanse mudanzas relevantes neste aspecto, que continuaron en 2022. Así, no período 2015-2022, ao tempo que se reducía o VEB do sector agrario en euros correntes, o xerado pola industria multiplicouse por 1,5. O resultado é que o peso relativo do sector agrario no VEB do complexo baixou 10 puntos (do 66,7 % en 2015 ao 56,8 % en 2022), reforzándose paralelamente o da industria agroalimentaria (do 33,3 % ao 43,2 %) (cadro 4).

Froito desa evolución, a industria agroalimentaria ten un notable peso no noso tecido industrial, e este aumentou ademais de modo significativo nos últimos 15 anos. En concreto, segundo as *Contas Económicas* do IGE, pasou de supoñer ao redor do 12 % do VEB da industria manufacturera na primeira década deste século a superar o 15 % desde 2013, ata alcanzar o 16,8 % en 2022. Unha porcentaxe esta última que supera a rama de fabricación de vehículos de motor ou a de fabricación de produtos metálicos.

En todo caso, a pesar dos avances recentes, o peso da industria agroalimentaria segue estando por baixo do que ten o sector agrario, en contraste co que se constata en España e na UE. Este trazo diferencial do noso CPA ten a súa orixe en dous factores que, con algúns matices, se manteñen na actualidade: a) unha parte significativa da produción agraria é transformada fóra de Galicia, co que perdemos o valor engadido e o emprego xerado na súa transformación industrial; b) ademais, a agroindustria galega continúa especializada en xeral en produtos de baixo valor engadido.

Complexo da madeira

O complexo da madeira integra catro ramas das *Contas Económicas de Galicia-Revisión Estatística 2024* publicadas polo IGE: silvicultura e explotación forestal; industria da madeira e da cortiza; industria do papel e fabricación de mobles. En 2022 xerou un VEB de 1.215,9 millóns de euros (1,9% da economía galega) e deu emprego a 24.000 persoas (2,3% do total), situándose a produtividade aparente do traballo (VEB /ocupado) no 80,3 % da media da nosa economía (cadros 7 e 8).

No referido á súa dinámica a medio prazo, lembremos que este complexo se vira fortemente afectado pola crise económica iniciada en 2008, debido á ligazón da industria da madeira e da cortiza e

Cadro núm. 7

Evolución do valor engadido e do emprego no complexo da madeira en Galicia

Valor engadido bruto (millóns de euros correntes)	Base 2000		Revisión estatística 2024					
	1995	2000	2000	2008	2015	2020	2021	2022
Silvicultura e explotación forestal	182,5	245,8	342,4	437,3	394,8	393,9	419,3	414,1
Industria da madeira e da cortiza	278,1	344,9	209,0	321,2	272,1	309,8	395,7	489,9
Industria do papel	127,5	158,2	161,1	139,9	160,3	121,0	167,5	149,2
Fabricación de mobles			112,4	201,0	115,3	118,5	151,1	162,9
Total complexo	588,1	749,0	824,9	1.099,5	942,5	943,2	1.133,6	1.215,9

Emprego (postos de traballo (miles))	Base 2000		Revisión estatística 2024					
	1995	2000	2000	2008	2015	2020	2021	2022
Silvicultura e explotación forestal	3,8	6,7	5,0	7,1	7,4	9,1	9,6	9,5
Industria da madeira e da cortiza	11,3	14,1	13,5	11,0	7,0	7,3	7,8	7,9
Industria do papel	1,1	1,0	1,3	1,7	1,8	1,9	1,9	2,0
Fabricación de mobles			8,8	6,7	3,7	4,0	4,3	4,6
Total complexo	16,2	21,8	28,5	26,5	20,0	22,2	23,6	24,0

Os datos de 2022 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001*.
- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2024. Serie 2000-2022*.

Cadro núm. 8

Evolución do peso do complexo da madeira no conxunto da economía galega

	Base 2000		Revisión estatística 2024					
	1995	2000	2000	2008	2015	2020	2021	2022
VEB (%)								
Silvicultura e explotación forestal	0,8	0,7	1,1	0,8	0,8	0,7	0,7	0,6
Industria da madeira e da cortiza	1,2	1,0	0,7	0,6	0,6	0,6	0,7	0,7
Industria do papel	0,5	0,5	0,5	0,3	0,3	0,2	0,3	0,2
Fabricación de mobles			0,4	0,4	0,2	0,2	0,3	0,2
Total	2,7	2,6	2,6	2,0	1,9	1,8	1,9	1,9
Postos de traballo (%)								
Silvicultura e explotación forestal	0,4	0,6	0,5	0,6	0,8	1,0	0,9	0,9
Industria da madeira e da cortiza	1,1	1,3	1,3	0,9	0,7	0,8	0,8	0,8
Industria do papel	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2
Fabricación de mobles			0,9	0,6	0,4	0,4	0,4	0,4
Total	2,1	2,6	2,8	2,3	2,1	2,3	2,3	2,3

Os datos de 2022 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001*.
- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2024. Serie 2000-2022*.

da fabricación de mobles coa construción e o mercado inmobiliario. Isto foi seguido dunha recuperación no período 2014-2018, que permitiu alcanzar de novo neste último ano os valores previos á crise. Esa recuperación só se viu interrompida en 2020, cando o complexo sufriu unha significativa caída tanto do VEB (-8,5 %) como do emprego (preto do -6 %); unha evolución negativa seguramente asociada ao impacto da pandemia da COVID-19. Pois ben, os datos máis recentes do IGE mostran un forte crecemento do VEB en 2021 e 2022 (29 % no bienio), que se deu tamén, aínda que en menor medida, no emprego (7,8 %). As cifras de 2022 confirman, pois, o que apuntamos no *Informe* anterior, sobre o carácter conxuntural da caída observada no ano 2020 (cadro 7).

O incremento do VEB no bienio 2021-2022 afectou as catro ramas que forman o complexo, pero foi especialmente relevante na industria da madeira e da cortiza onde se aproximou ao 60 %, alcanzando o valor xerado por esta rama máximos históricos. En conxunto, a diferenza do que acontece no complexo agroalimentario, na cadea forestal-madeira o peso global da industria supera o da produción primaria (as distintas ramas industriais supoñen en 2022 o 66 % do VEB e o 60 % do emprego da cadea). Pero as cifras seguen mostrando que esta cadea se caracteriza en Galicia pola súa especialización na produción primaria e na primeira transformación. As dúas ramas máis importantes, con moita diferenza, son a silvicultura e explotación forestal e a industria da madeira e da cortiza, que engloba tamén a produción de taboleiros e chapas. O peso da rama papeleira é claramente inferior, ao estar concentrada sobre todo na produción de pasta (primeira transformación) e non de papel. Finalmente, tamén a fabricación de mobles rexistra un peso modesto, moi baixo no contexto español,

aínda que en 2022 o seu VEB superou o da industria do papel e en termos de emprego máis que duplica esta rama (cadros 7 e 8).

Tendencias a medio prazo do sector agrario (1990-2022)

O cadro 9 recolle a evolución das principais macromagnitudes do sector agrario galego en euros correntes no período 1990-2022, segundo as contas económicas da agricultura publicadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA). Catro son as notas que definen as tendencias nas tres últimas décadas e que a continuación sinalamos.

- a) O valor económico da produción agraria experimentou un crecemento significativo: triplícouse neste período, o que supón unha taxa de incremento medio acumulativo anual do 3,5 %.
- b) Esa expansión do *output* acompañouse, porén, dunha suba moito máis moderada da renda do sector en euros correntes (88,4 %). Isto debeuse ao forte aumento dos consumos intermedios, que se multiplicaron por 5,2 neses 32 anos, e ao incremento tamén das amortizacións do capital fixo, que se multiplicaron por 2,9. Detrás do crecemento destas dúas partidas están as mudanzas operadas na tecnoloxía produtiva (uso crecente de insumos intermedios e bens de capital fixo) e tamén a alza maior dos prezos pagados polos insumos en comparación cos prezos percibidos polos agricultores².
- c) O terceiro feito a salientar foi o fortísimo axuste do emprego, que se concreta en que a poboación ocupada no sector caeu a menos de 1/5 do seu volume inicial (-83,8 %).
- d) Esa acelerada diminución da man de obra fixo que a produción obtida por cada agricultor se multiplicase por 18,5. E, a pesar da deterioración da relación entre os prezos percibidos e os prezos pagados, isto posibilitou que a renda por ocupado experimentase un notable incremento, multiplicándose por 11,6 en euros correntes (de 2.700 euros en 1990 a 31.800 en 2022).

En suma, o sector agrario galego conta hoxe (en 2022) con menos de 1/5 dos traballadores que tiña hai tres décadas, pero estes xeran unha produción (en valor monetario) 3 veces superior á de 1990; o que fixo posible que a renda por ocupado en 2022 multiplique por 11,6 a de 32 anos antes.

Se comparamos esa evolución coa da agricultura española, as conclusións poden resumirse así (cadro 9).

- O valor económico da produción agraria (resultado da dinámica combinada do *output* real e dos prezos) rexistrou en Galicia neses 32 anos un crecemento maior que en España, facendo que o noso peso na produción agraria española ascendese do 6 % ao 7 %.
- Isto acompañouse, porén, dun incremento máis forte dos consumos intermedios (o gasto das explotacións en *inputs* correntes), que limitou o crecemento do valor engadido e fixo que o peso da agricultura galega no VEB agrario español mesmo diminuíse lixeiramente, do 6,2 % ao 6,1 %.
- Se a iso unimos o menor aumento das subvencións³, o resultado é que, a pesar da expansión maior do valor da produción, a renda do sector rexistrou en Galicia unha evolución menos favorable: a participación do noso agro na renda agraria de España baixou do 5,8 % ao 5,2 %.

² No período 1990-2022 os prezos pagados polos insumos correntes aumentaron un 193 %, mentres que os prezos percibidos só o fixeron un 94 %. Ver máis adiante: cadro 16.

³ Como se deduce do cadro 9, a *ratio* "subvencións/produción agraria" limitábase en Galicia en 2022 ao 5,5 %, pouco máis da metade da media española (9,8 %). De feito, segundo as *Contas Económicas da Agricultura* do MAPA Galicia é a comunidade autónoma na que as "outras subvencións á produción" supoñen unha menor porcentaxe do valor da produción agraria.

Cadro núm. 9

Evolución das macromagnitudes do sector agrario galego e do seu peso na agricultura española*

	Millóns de euros correntes							Poboación ocupada (miles)	Renda agraria/ ocupado (miles de euros)
	(A) Produción agraria	(B) Consumos intermedios	(C = A-B) VEB a prezos básicos	(D) Amortizacións (consumo de capital fixo)	(E) Outras subvencións á produción	(F) Outros impostos sobre a produción	Renda agraria (VENcf) (C-D+E-F)		
Cifras absolutas									
1990	1.470,8	505,0	965,7	181,2	17,9	1,5	800,8	292,4	2,7
2000	1.653,7	788,3	865,4	266,1	23,9	2,0	621,1	140,0	4,4
2011	3.078,5	1.645,8	1.432,7	400,7	245,8	10,5	1.267,4	64,8	19,6
2015	3.690,8	1.868,2	1.822,6	461,7	161,0	13,8	1.508,1	45,6	33,1
2016	3.472,1	1.708,2	1.763,9	449,6	197,8	15,7	1.496,4	49,2	30,4
2017	3.482,1	1.793,7	1.688,3	452,6	197,3	14,2	1.418,8	55,4	25,6
2018	3.648,3	1.939,5	1.708,8	461,4	186,6	17,3	1.416,7	52,3	27,1
2019	3.865,3	1.934,3	1.931,1	472,3	190,6	18,3	1.631,0	49,9	32,7
2020	3.737,6	2.143,0	1.594,6	477,9	183,0	16,8	1.282,8	49,4	26,0
2021	3.877,0	2.234,1	1.643,0	493,7	179,8	18,2	1.310,9	47,1	27,8
2022	4.421,7	2.618,6	1.803,1	520,8	244,5	18,4	1.508,4	47,4	31,8
% variación									
1990-2000	12,4	56,1	-10,4	46,8	33,2	27,9	-22,4	-52,1	62,0
2000-2022	167,4	232,2	108,4	95,7	924,9	828,6	142,8	-66,1	617,3
1990-2022	200,6	418,5	86,7	187,4	1.265,5	1.088,0	88,4	-83,8	1.061,9
Galicia/España (%)									
1990	6,0	5,7	6,2	9,2	6,1	3,0	5,8	21,0	27,7
2000	4,6	5,9	3,8	9,6	1,8	1,5	2,9	14,5	20,2
2011	7,5	8,3	6,7	8,5	4,1	4,0	5,7	8,9	63,9
2016	7,2	8,1	6,5	8,8	3,4	4,1	5,4	6,7	81,2
2021	6,8	8,3	5,4	8,6	3,1	3,9	4,4	6,1	71,3
2022	7,0	7,8	6,1	8,6	4,0	3,8	5,2	6,4	81,0

*Rama Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- MAPA (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación): *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados nacionales 1990-2022*;*Resultados Renta Agraria Regional (serie histórica 1990-2000)*; *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados regionales 2011-2022*.

- INE, EPA.


- Cunha dinámica produtiva mellor e un comportamento máis desfavorable en cambio da renda agregada, a principal singularidade da evolución do sector en Galicia estivo na intensidade alcanzada polo axuste da man de obra. Se en 1990 a agricultura galega xeraba o 5,8 % da renda agraria española co 21 % dos agricultores, en 2022 obtiña o 5,2 % da renda pero só co 6,4 % da poboación ocupada agraria de España (a participación no emprego agrario español baixou a menos dun terzo da que se rexistraba 32 anos atrás).
- Esa intensidade moito maior do axuste do emprego posibilitou unha notable converxencia da renda por ocupado, que pasou do 27,7 % ao 81 % da media da agricultura española. Noutras palabras, se en 1990 a renda que obtiña cada agricultor galego se limitaba a pouco máis de 1/4 da media do sector en España, en 2022 supera os 4/5. Contamos cada vez con menos agricultores pero estes obteñen unha renda media moito máis próxima ao estándar español, se ben lonxe aínda de completar a converxencia segundo esta fonte estatística.

A conxuntura agraria en 2024: contexto internacional, na UE e en España

Evolución dos prezos internacionais das *commodities* agrarias

Partindo desas tendencias a medio prazo, a conxuntura do sector agrario galego en 2024 estivo marcada, en primeiro lugar, pola evolución dos mercados internacionais. Tras a caída experimentada ao longo de 2023 e nos dous primeiros meses de 2024, desde marzo deste ano o índice da FAO sobre os prezos dos alimentos en termos reais volveu crecer ata alcanzar un pico relativo en novembro-decembro. A pesar desa suba durante a maior parte do ano, o índice pechou 2024 cun valor medio inferior nun 3,7 % ao de 2023; un lixeiro descenso que sucedeu á forte caída en 2023 (-15,3 %), despois

da intensa alza do bienio 2021-2022. Visto en perspectiva, hai que sinalar que a cotización internacional dos prezos dos alimentos se mantén en niveis historicamente elevados: na serie da FAO 1990-2024 o valor medio alcanzado en 2024 só está por baixo do dos tres anos precedentes (2021, 2022 e 2023) (gráfico 3).




Dos cinco grupos de produtos que distingue a FAO⁴ interésannos en particular, polo seu peso no agro galego, a carne e os produtos lácteos. Os prezos da carne nos mercados internacionais experimentaron en 2024 unha alza moi lixeira (1 %), despois da caída sufrida en 2023 (-5,2 %) que puxo fin á notable elevación do bienio 2021-2022. O aumento o último ano foi máis significativo nas cotizacións dos produtos lácteos (3,1%), aínda que lonxe de recuperar a forte baixada de 2023 (-18,7 %).

Esa lixeira alza dos prezos dos produtos gandeiros (leite e carne) en 2024 acompañouse dunha notable redución das cotizacións internacionais dos cereais (-14,8 %), entre os que está o millo, unha materia prima fundamental para a alimentación do gando. Por outro lado, a pesar da suba global do prezo dos aceites vexetais (7,4 %), a cotización da soia continuou este ano a senda descendente iniciada en 2023. O resultado desde a perspectiva das explotacións galegas foi unha conxuntura global dos mercados internacionais en 2024 favorable, ao confluír un lixeiro aumento dos prezos dos produtos gandeiros cun abaratamento das materias primas para a alimentación animal (gráfico 3).

Esa lixeira alza dos prezos dos produtos gandeiros (leite e carne) en 2024 acompañouse dunha notable redución das cotizacións internacionais dos cereais (-14,8 %), entre os que está o millo, unha materia prima fundamental para a alimentación do gando. Por outro lado, a pesar da suba global do prezo dos aceites vexetais (7,4 %), a cotización da soia continuou este ano a senda descendente iniciada en 2023. O resultado desde a perspectiva das explotacións galegas foi unha conxuntura global dos mercados internacionais en 2024 favorable, ao confluír un lixeiro aumento dos prezos dos produtos gandeiros cun abaratamento das materias primas para a alimentación animal (gráfico 3).

Conxuntura do sector na Unión Europea e en España

Condicionada por ese contexto internacional, a dinámica do sector agrario na UE-27 saldouse en 2024 cunha lixeira suba da renda global en euros constantes (1 %), despois da contracción sufrida en 2023. Dada a leve diminución que seguiu experimentando o volume da man de obra (-0,9 %), iso orixinou un incremento algo maior (1,9 %) da renda por UTA (unidade de traballo ano) (cadro 10).




Deste modo, desde 2017 a agricultura comunitaria acumula unha mellora significativa e case continua (coas únicas excepcións de 2018 e 2023) da renda por ocupado (gráficos 4 e 5).

O balance en 2024 é aínda máis positivo no caso da agricultura española, e veu prolongar neste caso o notable incremento da renda por ocupado rexistrado en 2023; despois, iso si, dun descenso continuo nos seis anos previos (desde 2017). Concretamente, os cálculos provisionais do MAPA⁵ estiman que a renda do sector en euros

⁴ No gráfico 3 representamos os datos de catro deses grupos de produtos (carne, produtos lácteos, cereais, óleos e graxas). Prescindimos do azucre debido á súa carencia de interese para o agro galego.

⁵ Ver: https://www.mapa.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/cea20242estimacionmarzo2025_tcm30-706833.pdf



constantes experimentou en 2024 un aumento do 7,9 %, moi superior á media da UE-27 (1 %). A orixe principal disto estivo no forte crecemento do volume da produción agraria (10,9 %), debido sobre todo á produción vexetal (18,8 %). Mentres, no referido aos prezos asistimos a unha caída dos prezos percibidos (-7,3 %), compensada en parte polo abaratamento maior dos consumos intermedios (-10,1 %). O resultado foi o citado incremento (7,9 %) da renda global do sector. Dado que o volume de man de obra rexistrou un leve aumento (0,9 %), o saldo final foi un crecemento da

renda agraria por UTA do 6,9 %, moi superior á media comunitaria (1,9 %) e que veu sumarse á forte alza de 2023 (12,4 %) (cadro 10, gráficos 4 e 5).

Cadro núm. 10
Evolución da renda global e da renda por ocupado no sector agrario en Galicia, España e a UE
Taxas de variación anuais (en %)

	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023**	2024 **
Galicia								
Renda agraria ¹	-7,1	-1,8	14,4	-21,1	-1,3	5,5	13,8 *	-1,7 *
Man de obra (ocupados)	12,6	-5,6	-4,6	-1,0	-1,8	4,3	7,9	-1,5
Renda/ocupado	-17,5	4,0	19,9	-20,3	0,6	1,2	5,5 *	-0,3 *
España								
Renda agraria ¹	6,8	-0,3	-2,6	-8,6	6,4	-7,6	7,4	7,9
Man de obra (UTA)	7,3	1,4	0,8	-6,5	6,7	-5,8	-4,4	0,9
Renda/UTA	-0,5	-1,7	-3,4	-2,3	-0,3	-1,9	12,4	6,9
Unión Europea (UE-27)								
Renda agraria ¹	10,7	-3,3	2,0	-4,3	2,6	10,4	-8,9	1,0
Man de obra (UTA)	-4,2	-1,0	-2,0	-9,2	-0,1	-3,5	-1,8	-0,9
Renda/UTA	15,5	-2,3	4,2	5,4	2,8	14,4	-7,2	1,9

¹ VENcf en moeda constante.
* Estimacións propias.
** Os datos de 2023 son un avance e os de 2024 unha estimación.
Fonte: Elaboración propia a partir de:
- Eurostat, *Economic Accounts for Agriculture*.
- MAPA, *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados nacionales. Resultados regionales*.
- INE, EPA.

A dinámica do sector agrario galego en 2024: unha visión global

En Galicia non contamos polo momento con ningunha estimación oficial das contas económicas do sector agrario en 2023 e 2024⁶. Polo tanto, debemos conformarnos con perfilar un balance provisional a partir dos datos dispoñibles, referidos á dinámica das principais producións no noso agro e aos prezos percibidos e pagados a nivel español.

Centrándonos en 2024, eses datos apuntan a un balance claramente peor que o rexistrado polo sector na UE e sobre todo en España. A orixe estivo principalmente na lixeira caída que sufriu en Galicia a produción agraria, debido ao descenso da produción vexetal, en contraste co seu incremento na agricultura española. Mentres, os prezos seguiron unhas tendencias similares ás observadas a nivel estatal e europeo: baixa moderada dos prezos percibidos, acompañada dunha caída maior dos prezos pagados. O resultado, segundo os nosos cálculos, foi que a renda agraria en euros constantes

⁶ Para estes dous anos existen estimacións do IGE (nas súas *Contas Económicas Trimestrais*) sobre a evolución do VEB do sector agropesqueiro; e para 2023 dispoñemos tamén das estimacións do INE (na *Contabilidad Regional de España*). Pero estas cifras, ademais de limitarse a esa variable, non son directamente utilizables aos nosos efectos ao incluír tamén a pesca, que en Galicia achega ao redor do 25 % do VEB do sector primario.

experimentou no agro galego unha moderada redución (-1,7 %), en contraste co seu aumento na UE-27 (1 %) e sobre todo en España (7,9 %). O balance complétase cunha diminución similar da po-boación ocupada no sector (-1,5 %, de acordo coa EPA), polo que a renda por ocupado rexistrou aquí unha caída moi leve, un práctico estancamento (-0,3 %). Pero isto contrasta co seu incremento na UE-27 (1,9 %) e especialmente en España (6,9 %). Deste modo, en 2024 cesou a alza da renda agraria que se viña dando en Galicia no trienio 2021-2023, que permitira recuperar boa parte da caída sufrida en 2020 no contexto da pandemia da COVID-19 (cadro 10, gráficos 4 e 5).

Con algo máis de detalle, podemos sintetizar así a conxuntura do sector agrario galego en 2024⁷.

- O volume global do *output* rexistrou unha lixeira redución (-1,2 %) debido á contracción da produción vexetal (-4,9%) e ao práctico estancamento da produción animal (0,5 %). Dado que

Cadro núm. 11
Variación real do VEB a prezos básicos das ramas agraria e pesqueira
Taxas de variación interanuais (en %)
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

	Galicia	España
2022	-5,0	-20,3
2023	-1,8	6,5
2024	-1,0	8,3
I trim.	-2,6	11,5
II trim.	-1,2	7,3
III trim.	-1,9	10,3
IV trim.	1,8	4,2

Fonte: IGE e INE.

o volume dos consumos interme-dios aumentou levemente, iso deu lugar a un descenso algo maior do VEB real (ao redor do 2,6 %). Neste aspecto os nosos cálculos suxiren unha caída superior á estimada polo IGE nas *Contas Económicas Trimestrais* para o VEB agro-pesqueiro (-1 %) (cadro 11).

- A moderada contracción do *output* e do VEB real acompañouse dunha dinámica dos prezos con elementos contrapostos. Como aspecto negativo, asistimos a unha caída dos prezos per-cibidos polos agricultores galegos en termos correntes (-1,5 %) que, dada a alza do IPC (2,9 %), implicou un descenso maior en euros constantes. Na parte positiva, ese descenso dos prezos percibidos, que afectou sobre todo as producións gandeiras, foi acompañado dunha redución moito maior dos prezos pagados polos insumos intermedios (-9,7 %), orixinando unha notable mellora da relación real de intercambio dos agricultores.
- O resultado final foi que a contracción do VEB real provocou unha caída similar da renda agra-ria en euros constantes: segundo a nosa estimación, esta sufriu en Galicia un descenso do 1,7 %, en contraste co seu aumento na agricultura europea e sobre todo na española. Esta bai-xada en 2024 puxo fin á alza rexistrada no trienio 2021-2023.

Evolución da produción

Estrutura da produción agraria

No cadro 12 resumimos a evolución da estrutura da produción agraria en Galicia no período 1990-2022, incluíndo as cifras máis recentes dispoñibles: as publicadas polo MAPA para 2022. Cen-trándonos na situación actual, vemos que o agro galego continúa presentando unha nidia especiali-zación gandeira, cun peso relativo deste subsector (63,9 %) que é mesmo superior ao de tres décadas atrás (61,8 %). Esta especialización está focalizada en catro produtos, que achegan en conxunto o 95 % do valor da produción animal: leite, carne de vacún, carne de aves e porcino. Destaca sobre todo o leite, que supón tres de cada dez euros da produción agraria galega e preto da metade da produción animal. As ramas vexetais, pola súa parte, achegan o 34,4 % da produción agraria, destacando catro grupos de cultivos que suman tamén o 95 % do total: hortalizas, plantas forraxeiras, froitas (onde se inclúen as uvas) e patacas (cadro 12).

⁷ Os datos nos que se sustenta este balance provisional figuran de forma pormenorizada nos apartados seguintes.

Cadro núm. 12

Evolución da estrutura da produción agraria en Galicia; comparación con España

	Estrutura da produción agraria (en %)				España 2022	Índices de especialización de Galicia*	Peso de Galicia no total español (%)
	1990	2020	2021	2022			
Produción vexetal	35,2	35,1	36,4	34,4	59,0	0,6	4,1
Cereais	1,2	0,8	1,0	1,1	9,8	0,1	0,8
Plantas industriais ¹	1,0	0,2	0,2	0,3	2,1	0,1	0,9
Plantas forraxeiras	8,5	9,2	9,0	9,6	3,4	2,8	19,6
Hortalizas ²	7,2	10,2	11,9	12,0	19,3	0,6	4,4
Patacas	10,5	3,3	4,0	3,0	1,2	2,5	17,7
Froitas ³	3,6	11,1	10,0	8,2	15,1	0,5	3,8
Viño e mosto	2,8	0,2	0,3	0,2	2,2	0,1	0,7
Outros	0,3	0,0	0,0	0,0	6,0	0,0	0,0
Produción animal	61,8	61,9	61,3	63,9	38,7	1,6	11,6
Carne e gando	32,3	34,5	33,3	31,1	28,8	1,1	7,6
Bovino	16,3	12,0	13,1	12,6	5,8	2,2	15,1
Porcino	7,0	10,4	8,9	8,9	15,7	0,6	3,9
Equino	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,7	4,7
Ovino e caprino	1,1	0,2	0,2	0,2	2,0	0,1	0,8
Aves	6,9	10,6	10,0	8,7	4,8	1,8	12,7
Coellos e outros	1,0	1,2	1,1	0,6	0,3	2,1	14,9
Produtos animais	29,4	27,4	28,0	32,8	10,0	3,3	23,1
Leite	24,1	25,5	26,1	30,6	6,8	4,5	31,3
Ovos	5,1	1,5	1,5	1,9	2,8	0,7	4,9
Outros	0,3	0,4	0,3	0,3	0,4	0,9	6,1
Servizos e actividades secundarias non agrarias	3,1	3,1	3,0	1,7	2,3	0,8	5,3
Produción rama agraria	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	1,0	7,0

¹ Inclúe remolacha, tabaco, algodón, xirasol e leguminosas en gran.² Inclúe flores e plantas de viveiro.³ Inclúe froitas frescas, cítricos e uvas.

* Relación entre o peso relativo de cada produción en Galicia e o que ten en España.

Fonte: Elaboración propia a partir de MAPA: *Resultados Renta Agraria Regional (serie histórica 1990-2000)*; *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados regionales 2011-2022*.

Esa orientación gandeira do agro galego contrasta coa especialización agrícola do sector en España: o peso relativo dos dous subsectores móvese en ambos os espazos nunha relación 60/40 ou 65/35, pero con porcentaxes invertidas. Examinando con maior desagregación os datos, conséntase que no ámbito vexetal Galicia só presenta no contexto do Estado un índice de especialización superior a 1 (un peso relativo maior que a media española) nas plantas forraxeiras e nas patacas. Mentres, a nosa especialización gandeira no marco español céntrase no leite, na carne de vacún, na carne de aves e nos coellos; rexistrando en cambio unha desespecialización relativa nos ovos e nas restantes producións cárnicas (porcino, equino e ovino-cabrún) (cadro 12).

Partindo desas cifras sobre o peso económico das distintas ramas, examinamos a continuación a dinámica rexistrada en 2024 polo volume das principais producións agrícolas e gandeiras.

Evolución das principais producións agrícolas (en volume)

Segundo as estimacións provisionais do MAPA, o ano 2024 saldouse en España cunha forte suba do volume da produción vexetal (18,8 %); resultado dun incremento en practicamente todos os cultivos, coa única excepción das patacas que sufriron unha leve contracción. Iso contrasta co ocorrido na agricultura galega. As cifras subministradas polos *Avances de superficies y producciones de cultivos*⁸ indican para Galicia unha redución da colleita de hortalizas (-7,1 %) e de patacas (-33,5 %), e un estancamento da de millo forraxeiro e o sector vitivinícola. O único contrapunto positivo entre as principais ramas vexetais foi a suba do 8,9 % na produción de froitas (cadro 13). Ponderando esas

⁸ MAPA: *Avances de superficies y producciones de cultivos*.<https://www.mapa.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/agricultura/avances-superficies-producciones-agricolas/>

Cadro núm. 13
Evolución das principais producións agrícolas en volume en Galicia*

	Produción (miles de toneladas)					Variación (%)		
	2015	2016	2022	2023	2024	2023/ 2022	2024/ 2023	(2023-24)/ (2015-16)
Cereais en gran	208,9	188,3	149,0	151,3	189,2	1,6	25,0	-14,3
Trigo	46,8	35,1	39,4	31,6	37,0	-19,9	16,9	-16,2
Centeo	13,1	10,9	15,2	14,5	11,2	-4,8	-22,2	6,8
Millo	149,0	142,3	94,3	105,2	141,0	11,5	34,0	-15,5
Leguminosas en gran	4,4	4,8	4,3	3,0	4,4	-30,7	50,1	-19,7
Patacas	505,2	417,1	285,2	321,7	213,8	12,8	-33,5	-41,9
Millo forraxeiro	2.451,0	2.187,8	2.060,7	3.218,7	3.214,7	56,2	-0,1	38,7
Hortalizas	271,6	261,3	239,4	244,8	227,3	2,2	-7,1	-11,4
Leituga	19,9	22,2	22,0	22,2	19,8	1,1	-11,0	-0,1
Tomate	92,5	89,4	63,9	75,6	70,0	18,3	-7,4	-19,9
Pemento	70,3	65,5	71,0	70,0	79,0	-1,5	12,9	9,7
Cebola	41,0	32,6	32,7	29,9	36,5	-8,7	22,1	-9,8
Feixón verde	47,8	51,7	49,7	47,1	22,1	-5,4	-53,1	-30,5
Froitas	121,7	122,0	115,0	126,2	137,4	9,7	8,9	8,1
Mazá	112,2	112,6	104,8	116,9	125,7	11,6	7,5	7,9
Pera	9,5	9,4	10,2	9,3	11,7	-9,1	25,7	11,2
Uva de vinificación	141,1	123,0	121,1	124,5	124,5	2,8	0,0	-5,7

* Os datos de 2024 e os dalgúns produtos para 2023 son provisionais.
Fonte: MAPA, *Anuario de Estadística e Avances de superficies y producciones agrícolas*.

taxas de variación polo peso económico dos distintos cultivos, estimamos unha diminución global da produción vexetal do 4,9 % (cadro 17), en contraste co seu forte aumento no conxunto do Estado.

Evolución das principais producións gandeiras (en volume)

No ámbito gandeiro a conxuntura do agro galego en 2024 tivo como principal elemento positivo a continuación do crecemento da produción máis relevante, o leite (2,1 %), ao que se engadiu un aumento tamén na carne de aves (1,7 %). Mais iso acompañouse dunha caída xeneralizada das restantes producións cárnicas: lixeira na carne de vacún (-1 %), máis significativa no porcino (-3,8 %) e próxima ou superior ao 10 % nos coellos, ovino e cabrún (cadro 14). Se ponderamos esas taxas de

Cadro núm. 14
Evolución das principais producións gandeiras en volume en Galicia

	Volume de produción en cada ano								
	1985	2005	2020	2021	2022	2023	2024*		
Leite de vaca ¹	1.644,5	2.258,1	2.888,2	2.923,7	2.905,8	3.034,5	3.097,0		
Carne de vacún ²	52,5	96,1	95,6	100,8	97,5	96,4	95,5		
Carne de porcino ²	85,6	101,6	91,6	88,4	82,7	84,5	81,3		
Carne de ave ²	92,6	163,4	223,5	217,8	201,1	211,3	214,8		
Carne de ovino ²	0,9	0,6	0,3	0,3	0,4	0,3	0,2		
Carne de caprino ²	0,3	0,1	0,1	0,0	0,1	0,0	0,0		
Carne de coello ²	10,1	6,7	11,0	10,2	9,1	8,6	7,7		
Ovos ³	122,5	58,9	47,6	49,3	53,3	51,9			

	Taxa de variación acumulativa anual (%)						% variación 1985/ 2024**	Galicia/España (%)	
	1985/ 2005	2005/ 2020	2020/ 2021	2021/ 2022	2022/ 2023	2023/ 2024		1985	2024*
Leite de vaca ¹	1,6	1,7	1,2	-0,6	4,4	2,1	88,3	26,9	43,8
Carne de vacún ²	3,1	0,0	5,4	-3,2	-1,1	-1,0	81,9	13,1	13,4
Carne de porcino ²	0,9	-0,7	-3,5	-6,4	2,1	-3,8	-5,0	7,4	1,7
Carne de ave ²	2,9	2,1	-2,5	-7,7	5,1	1,7	131,9	11,4	11,9
Carne de ovino ²	-2,4	-4,9	19,0	14,7	-28,7	-10,5	-74,6	0,7	0,2
Carne de caprino ²	-3,5	-7,0	-10,0	24,4	-41,1	-9,1	-90,0	3,7	3,2
Carne de coello ²	-2,0	3,3	-7,2	-10,9	-5,3	-10,9	-24,2	12,9	22,6
Ovos ³	-3,6	-1,4	3,8	8,1	-2,6		-57,6	13,9	4,5

¹ Millóns de litros. ² Miles de toneladas. ³ Millóns de dúcias.
* Os datos de 2024 son provisionais. Para o leite estimación a partir dos datos de entregas á industria. O peso da produción galega de ovos no conxunto do Estado refírese a 2023.
** No caso dos ovos a variación é de 1985 a 2023.

Fonte: Elaboración propia a partir de:
- MAPA, *Anuario de estadística, Encuesta de sacrificio de ganado e Estadística láctea*.
- Consellería do Medio Rural, *Anuario de estadística agraria*.

variación co peso económico de cada rama, resulta un incremento do volume da produción animal de só o 0,5%, claramente inferior ao estimado polo MAPA para o conxunto do Estado (1,6%).

Nunha imaxe de conxunto temos, en definitiva, que a dinámica do sector agrario galego caracterizouse en 2024 por unha contracción da produción vexetal e un crecemento moi leve da gandeira. O resultado foi un descenso global do *output* agrario en torno ao 1,2 % (cadro 17), que contrasta co seu incremento nun 10,9 % en España.

Prezos percibidos e prezos pagados polos agricultores

No referido aos prezos, o índice xeral de prezos percibidos polos agricultores galegos rexistrou en 2024 un moderado descenso (-1,5 %) despois das fortes alzas nos tres anos anteriores. Ese descenso concentrouse nos produtos animais (-2,2 %) e debeuse principalmente á caída do prezo do leite (-8,9 %), que se mantivo de todos modos en niveis historicamente elevados. Nos restantes produtos gandeiros as dinámicas foron diversas: diminución dos prezos do porcino, coellos e ovos; e aumento, en cambio, en distintas contías nas restantes producións cárnicas (carne de vacún, carne de aves, ovino e cabrún). Pola súa parte, os prezos de venda dos produtos vexetais permaneceron en conxunto estancados en euros correntes (variación do -0,1 %), aínda que isto foi o resultado de comportamentos moi diferentes: alza notable do prezo das froitas (6,9 %), patacas (12,4 %) e viño (8,3 %); e forte caída, pola contra, nos cultivos forraxeiros (-45,9 %), cereais (-15,9 %) e hortalizas (-13,5 %) (cadro 15).

Cadro núm. 15

Porcentaxe de variación interanual dos prezos percibidos e pagados polos agricultores en Galicia

	2020	2021	2022	2023	2024
A. Prezos percibidos*					
Produtos agrícolas	-8,6	8,5	23,3	6,0	-0,1
Cereais	0,0	32,1	39,4	-21,0	-15,9
Leguminosas	-7,2	18,5	44,7	15,6	-1,4
Patacas	-21,4	6,4	42,3	16,5	12,4
Cítricos	29,8	-4,9	-8,0	47,1	-11,2
Froitas non cítricas	16,7	7,0	11,8	-4,6	6,9
Hortalizas	4,6	6,3	21,6	13,4	-13,5
Viño e subprodutos	-16,2	6,6	10,6	4,4	8,3
Flores e plantas ornamentais	-3,1	3,0	-0,4	10,5	-4,6
Cultivos forraxeiros	-5,6	-0,9	55,4	35,0	-45,9
Produtos animais	0,0	4,3	28,1	16,1	-2,2
Leite	2,5	4,4	29,3	21,2	-8,9
Carne e gando bovino	-3,5	6,0	29,0	10,1	11,0
Carne e gando porcino	-3,6	-2,3	22,1	18,5	-5,5
Carne e gando aviar	0,2	6,1	19,7	1,3	2,2
Carne e gando ovino	3,4	14,7	9,3	7,2	10,7
Carne e gando caprino	-2,2	6,3	9,6	8,1	2,0
Carne e gando coellos	-6,9	3,9	20,8	9,9	-7,0
Ovos	4,0	3,2	57,8	27,8	-7,5
Índice xeral de prezos percibidos	-3,0	5,7	26,5	12,8	-1,5
B. Prezos pagados**					
Sementes selectas e pés	-2,1	1,5	3,2	10,3	5,6
Alimentos para o gando	-0,3	14,0	31,7	-4,0	-13,5
Fertilizantes	-6,1	27,9	74,3	-20,1	-18,0
Enerxía e lubricantes	-18,5	32,9	59,4	-29,2	-13,0
Protección fitopatolóxica	0,6	4,3	19,7	1,8	-1,3
Tratamentos zosanitarios	0,4	1,1	1,9	2,2	2,0
Conservación e reparación de maquinaria	8,3	4,2	3,8	5,7	7,8
Conservación e reparación de edificios	-1,5	5,9	7,4	3,7	2,0
Índice xeral de prezos pagados	-2,6	14,5	31,7	-7,0	-9,7

* Evolución dos prezos por grupos de produtos no conxunto de España e variación dos índices de prezos por subsectores que resulta para Galicia ao aplicarlle á evolución anterior a estrutura da produción agraria galega.

** Evolución dos prezos dos diversos *inputs* correntes no conxunto de España, e variación do índice xeral de prezos pagados que resulta para Galicia ao aplicarlle á evolución anterior a estrutura dos consumos intermedios da nosa agricultura.

Fonte: Elaboración propia a partir de MAPA, *Índices de precios percibidos, precios pagados y salarios agrarios*.

Cadro núm. 16
Evolución dos índices de prezos percibidos e pagados polos agricultores galegos

	Índice xeral de prezos percibidos ¹	Índice xeral de prezos pagados ¹	IPC	Prezos percibidos/Prezos pagados	Prezos percibidos/IPC
1985	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
1990	128,3	108,4	138,5	118,4	92,6
1995	154,2	125,0	178,3	123,4	86,5
2000	158,0	140,6	203,0	112,4	77,9
2005	162,0	160,3	238,1	101,1	68,1
2010	174,8	188,5	266,7	92,7	65,5
2015	183,6	212,3	284,5	86,5	64,5
2016	181,5	204,3	283,6	88,8	64,0
2017	189,4	206,4	289,6	91,8	65,4
2018	196,9	215,4	294,5	91,4	66,8
2019	191,9	216,5	296,3	88,7	64,8
2020	186,2	210,8	295,4	88,3	63,0
2021	196,8	241,4	305,7	81,5	64,4
2022	248,9	317,8	333,4	78,3	74,7
2023	280,7	295,7	345,4	94,9	81,3
2024	276,3	267,1	355,4	103,5	77,8
TVI (%)					
2020/2019	-3,0	-2,6	-0,3	-0,4	-2,7
2021/2020	5,7	14,5	3,5	-7,7	2,1
2022/2021	26,5	31,7	9,0	-4,0	16,0
2023/2022	12,8	-7,0	3,6	21,2	8,8
2024/2023	-1,5	-9,7	2,9	9,0	-4,3

(1) Os índices de prezos percibidos e prezos pagados que ofrecemos son os que resultan de imputarlle os índices sectoriais españois (para os diferentes produtos agrarios e as diversas partidas dos consumos intermedios) á estrutura da produción e dos consumos intermedios da agricultura galega.

Fonte: Elaboración propia a partir de:
- MAPA, *Índices de precios percibidos, precios pagados y salarios agrarios*.
- INE.

Cadro núm. 17
Estimación da variación do valor da produción nas principais ramas agrícolas e gandeiras de Galicia. Ano 2024*

	TVI (%) 2024/2023		
	Volume de produción	Prezo	Valor da produción
Cereais	25,0	-15,9	5,1
Patacas	-33,5	12,4	-25,3
Froitas	8,9	6,9	16,4
Hortalizas	-7,1	-13,5	-19,7
Viño	0,0	8,3	8,3
Cultivos forraxeiros	-0,1	-45,9	-45,9
Producción vexetal	-4,9	-0,1	-5,0
Leite	2,1	-8,9	-7,0
Carne e gando vacún	-1,0	11,0	9,9
Carne e gando porcino	-3,8	-5,5	-9,1
Carne e gando aviar	1,7	2,2	3,9
Carne e gando ovino	-10,5	10,7	-0,9
Carne e gando caprino	-9,1	2,0	-7,3
Carne e gando coellos	-10,9	-7,0	-17,1
Ovos	2,6	-7,5	-5,0
Producción animal	0,5	-2,2	-1,7
Producción agraria	-1,2	-1,5	-2,7

* As cifras referidas á variación dos volumes de produción proceden das estimacións do MAPA para Galicia (excepto no viño, onde tomamos os datos da vendima nas cinco Denominacións de Orixe galegas). As relativas aos prezos corresponden, en cambio, á evolución dos prezos percibidos en España.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos dos cadros 13, 14 e 15.

A moderada redución do índice xeral de prezos percibidos (-1,5 %) acompañouse dunha baixada moito maior dos prezos pagados polos insumos adquiridos polas explotacións agrarias (-9,7 %). Neste aspecto hai que salientar sobre todo o abaratamento (-13,5 %) dos alimentos para o gando, o principal capítulo dos consumos intermedios do sector agrario galego⁹. Pero tamén rexistraron unha notable diminución os prezos dos fertilizantes (-18 %) e da enerxía e lubricantes (-13 %) (cadro 15).

O saldo final foi un descenso dos prezos percibidos polos agricultores; caída moderada en termos nominais (-1,5 %) pero máis significativa en euros constantes (-4,3 %), dada a alza do IPC (2,9 %). E unha notable mellora, en cambio, da súa relación real de intercambio, da *ratio* prezos percibidos/prezos pagados (9 %) (cadro 16).

Conxuntura das principais ramas agrarias

A partir dos datos que acabamos de expoñer, sobre os volumes de produción e os prezos, no cadro 17 elaboramos unha estimación da variación que experimentou en 2024 o valor da produción nas principais ramas do sector agrario galego. Estas cifras podemos asimilalas coa variación dos ingresos dos produtores e permiten perfilar un balance da conxuntura das diversas ramas¹⁰.

Nas ramas vexetais rexistrouse en conxunto unha contracción do *output* do 4,9 %, que, dado o estancamento dos prezos percibidos (-0,1 %), orixinou unha redución similar do valor da produción (-5 %). No lado positivo só cabe salientar o aumento do valor económico da produción nas froitas (16,4 %), viño (8,3 %) e cereais (5,1 %). Mentres, os ingresos dos produtores sufriron fortes caídas en hortalizas (-19,7 %), cultivos forraxeiros (-45,9 %) e patacas

⁹ Segundo as *Contas Económicas da Agricultura* publicadas polo MAPA, os alimentos para animais supoñen máis de tres cuartos dos consumos intermedios do sector en Galicia.

¹⁰ Convén recalcar que nese cadro os datos sobre os volumes de produción proceden das estimacións do MAPA referidas a Galicia. Mentres, os relativos aos prezos corresponden á evolución dos prezos percibidos de cada produto a nivel español.

(-25,3 %). Nos dous primeiros grupos de cultivos iso debeuse principalmente ao descenso dos prezos, e nas patacas á redución da colleita (cadro 17).

Pola súa parte, a conxuntura global das ramas gandeiras caracterizouse por un crecemento moi pequeno, case insignificante, dos volumes producidos (0,5 %) e unha baixada máis significativa dos prezos (-2,2 %), que deu como resultado unha lixeira contracción dos ingresos das explotacións (-1,7 %). Polo seu peso no agro galego, hai que salientar a redución que sufriron este ano os ingresos das explotacións lácteas (-7 %), dado que o incremento que seguiu experimentando a produción (2,1 %) foi máis que contrarrestado pola caída do prezo do leite (-8,9 %). Non obstante, iso compensouse en boa medida coa baixa dos custos de produción (polo abaratamento dos insumos), de tal modo que a marxe neta das explotacións lácteas se mantivo en niveis favorables¹¹. Das restantes ramas gandeiras, a maioría rexistraron tamén en 2024 unha diminución do valor da produción en contías diversas, desde o -0,9 % no ovino ata o -9,1 % no porcino e o -17,1 % nos coellos. As únicas excepcións foron o vacún de carne (9,9 %) e a carne de aves (3,9 %), nas que o aumento dos ingresos se apoiou de forma principal ou exclusiva na alza dos prezos (cadro 17).

Poboación ocupada

De acordo coas estimacións EPA, a poboación ocupada no sector agrario galego experimentou en 2024 unha lixeira redución (-1,5 %), retornando á tendencia descendente que define a súa dinámica a longo prazo. Porén, os datos anuais desta fonte deben tomarse con cautela dada a evolución irregular que mostran na última década: aumento en 2016 e 2017, descenso no cuadrienio 2018-2021, novo incremento en 2022 e 2023, para diminuír en 2024 (cadro 18).

Cadro núm. 18
Evolución da poboación ocupada no sector agrario en Galicia e en España
(medias anuais)

	Galicia		España	
	Número (miles)	Índices (1985=100)	Número (miles)	Índices (1985=100)
1985	415,1	100,0	1.829,6	100,0
1995	223,9	53,9	1.040,1	56,8
2008	69,8	16,8	779,4	42,1
2009	67,0	16,1	745,5	40,6
2010	66,0	15,9	749,1	41,3
2011	64,8	15,6	721,3	39,7
2012	59,3	14,3	703,5	39,0
2013	56,3	13,6	699,3	38,7
2014	49,1	11,8	702,4	38,4
2015	45,6	11,0	705,0	38,5
2016	49,2	11,9	738,0	40,3
2017	55,4	13,3	778,8	42,6
2018	52,3	12,6	772,9	42,2
2019	49,9	12,0	758,1	41,4
2020	49,4	11,9	723,9	39,6
2021	48,5	11,7	782,4	42,8
2022	50,6	12,2	760,8	41,6
2023	54,6	13,2	731,4	40,0
2024	53,8	13,0	719,9	39,3
Taxas de variación media acumulativa anual (%)				
1995/1985	-6,0		-5,5	
2008/1995	-8,6		-2,2	
2015/2008	-5,9		-1,4	
2024/2015	1,9		0,2	
2024/2008	-1,6		-0,5	

Fonte: EPA, INE e IGE, *Enquisa de poboación activa en Galicia*.

Máis alá desas oscilacións anuais, se nos fixamos nas tendencias a medio prazo obsérvanse dous feitos que si parecen responder á realidade e merecen ser salientados. O primeiro é o freo ou moderación da caída do emprego no sector a partir da crise económica de 2008-2013, o que cabe atribuír, polo menos en parte, á deterioración do mercado de traballo e á redución das oportunidades laborais fóra da agricultura. Así, no conxunto do período 2008-2024 o ritmo de diminución da poboación ocupada no sector agrario galego foi do 1,6 % acumulativo anual, menos da quinta parte do rexistrado durante a fase de expansión económica 1995-2007 (-8,6 % anual). O segundo feito a sinalar é que, a pesar diso, o emprego agrario segue reducíndose aquí a taxas superiores á media española (-0,5 % anual no período 2008-2024) (cadro 18).

Globalmente, nas catro últimas décadas, desde a integración europea, a poboación ocupada no sector agrario reduciuse

¹¹ Sobre a conxuntura do sector lácteo galego en 2024 pode consultarse o informe elaborado pola Fundación Juana de Vega: <https://juanadevega.org/publicacions/informe-do-sector-lacteo-2024/>

en Galicia en case un 90 % (de 415.000 a 54.000 persoas), mentres que en España a diminución foi do 61 % (cadro 18). Ademais, o elevado envellecemento dos que permanecen no sector fai prever que esa caída vai continuar con toda probabilidade nos próximos anos. Concretamente, das 53.800 persoas ocupadas no sector agrario galego (incluída a silvicultura) que estima a EPA en 2024, unha terceira parte superaban os 54 anos. Outros dous feitos a salientar na última década son a crecente masculinización da man de obra do sector e o peso cada vez maior do traballo asalariado, moi vinculado ás mudanzas na estrutura das explotacións. Así, tomando os datos da EPA, a porcentaxe de mulleres na poboación ocupada do sector agrario baixou do 44,1 % en 2015 ao 39,8 % en 2024; e a man de obra asalariada pasou do 28,3 % ao 34,4 %.

Censos gandeiros

Gando bovino

Os datos máis recentes das *Encuestas ganaderas* do MAPA, correspondentes a novembro de 2024, indican unha caída do censo total de gando bovino de Galicia neste último ano. Retómase así, despois da interrupción en 2022 e 2023, a tendencia case continua á redución constatada no que levamos deste século. O número de vacas tamén volveu diminuír, tras a lixeira suba en 2023. Como novidade hai que sinalar que, a diferenza do que viña sucedendo nas décadas anteriores, en 2024 e no conxunto do último cuatrienio (2021-2024) a redución do número de vacas de leite foi menor que a das vacas de carne; un feito que seguramente hai que poñer en relación coa conxuntura máis favorable do sector lácteo en comparación co vacún de carne. Esta evolución recente veu reforzar a marcada especialización láctea do noso censo de gando bovino no contexto español; así, en 2024 Galicia concentra o 42,4 % das vacas de leite do Estado, mentres que non alcanza o 10 % das vacas de carne, contando en conxunto co 14,8 % dos animais bovinos (cadro 19).

Cadro núm. 19
Evolución do censo de gando bovino en Galicia *

	1987	2000	2010	2020	2021	2022	2023	2024
Miles de cabezas								
Vacas	704,5	666,5	570,1	546,1	540,3	538,8	541,4	521,8
Leiteiras	602,6	432,3	350,3	340,0	336,7	334,3	337,2	328,1
Resto	101,9	234,1	219,8	206,1	203,6	204,6	204,2	193,7
Total bovinos	980,1	1.016,4	963,4	939,1	932,8	941,9	941,0	916,5
Índices (Base 1987=100)								
Vacas	100,0	94,6	80,9	77,5	76,7	76,5	76,8	74,1
Leiteiras	100,0	71,7	58,1	56,4	55,9	55,5	55,9	54,4
Resto	100,0	229,7	215,7	202,2	199,7	200,7	200,4	190,1
Total bovinos	100,0	103,7	98,3	95,8	95,2	96,1	96,0	93,5
Galicia/España (%)								
Vacas	25,1	22,1	20,1	18,8	18,6	18,7	19,1	18,7
Leiteiras	33,6	37,9	41,8	41,9	41,6	41,3	42,9	42,4
Resto	10,0	12,5	11,0	9,8	9,7	9,8	9,9	9,6
Total bovinos	19,2	16,5	15,3	14,2	14,2	14,6	14,9	14,8

*Os datos de 1987 e 2000 son os de decembro. Para os demais anos corresponden a novembro. Os de 2024 son provisionais.
Fonte: MAPA, *Anuario de estadística e Encuestas ganaderas*.

A información do *Rexistro de gando bovino* do IGE permite precisar a estrutura das explotacións por estratos de dimensión e orientacións produtivas. Estes datos mostran a crecente concentración do censo nas unidades de maior dimensión. Así, as explotacións con 50 ou máis cabezas de bovino, sendo o 21,2 % do total, concentran en 2023 case o 70 % das vacas; e en concreto aquelas con 100 ou máis cabezas, o 9,1 % en número, reúnen o 45,6 % das vacas. Mentres que, no extremo contrario, seguimos encontrando unhas 11.200 explotacións con menos de 10 cabezas (42,8 % do total), que só suman o 4,3 % das vacas (cadro 20).

Cadro núm. 20

Estrutura dimensional das explotacións de bovino en Galicia. Ano 2023**A. Número (miles)**

Tamaño (número de bovinos)	Explotacións				Vacas		
	Leite	Carne	Mixtas e outras	Total	Vacas de muxidura	Vacas de non muxidura	Total
1-9	0,2	8,6	2,4	11,2	1,4	20,8	22,3
10-19	0,4	3,2	0,2	3,8	4,9	25,7	30,5
20-29	0,6	1,8	0,1	2,5	10,2	25,6	35,8
30-49	1,1	1,9	0,2	3,2	26,1	45,0	71,1
50-99	1,6	1,4	0,2	3,2	66,6	58,7	125,2
100-199	1,2	0,4	0,1	1,7	93,1	31,7	124,8
>=200	0,6	0,1	0,1	0,7	102,7	11,9	114,5
Total	5,6	17,4	3,3	26,3	304,9	219,4	524,3

B. Distribución porcentual

Tamaño (número de bovinos)	Explotacións				Vacas		
	Leite	Carne	Mixtas e outras	Total	Vacas de muxidura	Vacas de non muxidura	Total
1-9	3,9	49,6	73,9	42,8	0,5	9,5	4,3
10-19	8,0	18,2	4,8	14,3	1,6	11,7	5,8
20-29	10,9	10,3	3,1	9,5	3,3	11,7	6,8
30-49	18,7	11,2	5,0	12,0	8,6	20,5	13,6
50-99	27,6	8,1	6,7	12,1	21,8	26,7	23,9
100-199	20,9	2,2	3,9	6,4	30,5	14,5	23,8
>=200	10,0	0,3	2,6	2,7	33,7	5,4	21,8
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: IGE, *Rexistro de gando bovino*.

A situación, porén, difire substancialmente en función da orientación produtiva, cunha concentración moito máis acusada no sector lácteo. Neste, as explotacións con 50 ou máis animais posúen en 2023 o 86 % das vacas de leite, e aquelas con 100 ou máis cabezas reúnen o 64,2 % destas vacas. Mentres, o peso produtivo das unidades máis pequenas é xa case irrelevante: as explotacións lácteas con menos de 20 animais supoñen menos do 11,9 % do total e unicamente contan co 2,1 % das vacas de muxidura. No vacún de carne, en cambio, o grao de concentración segue sendo moito menor, conservando as explotacións pequenas un importante peso social e produtivo. En concreto, as explotacións con menos de 20 animais son aquí as dúas terceiras partes do total e contan co 21,2 % das vacas de carne; en tanto que as unidades con 100 ou máis cabezas só significan o 2,5 % do total e reúnen o 19,9 % das vacas de non muxidura (cadro 20). De todos modos, a concentración, aínda que é moito menor que no leite, tamén avanzou no vacún de carne durante os últimos anos.

Gando porcino

Tras as alzas de 2022 e 2023, en 2024 produciuse unha forte redución da cabana porcina galega. A caída foi especialmente intensa no caso das porcas reprodutoras, cunha contracción do seu censo superior ao 20 %. Este descenso contrasta co incremento do censo porcino en España, o que fixo

Cadro núm. 21

Evolución do censo de gando porcino en Galicia *

	1987	1996	2010	2020	2021	2022	2023	2024
Miles de cabezas								
Porcos da ceba	561,6	271,7	443,2	780,3	705,8	974,4	794,9	761,6
Porcas reprodutoras	178,2	121,9	114,4	81,5	92,5	105,1	120,5	95,3
Total	1.619,5	981,3	1.018,9	1.286,7	1.196,3	1.490,9	1.627,4	1.357,1
Índices (Base 1987=100)								
Porcos da ceba	100,0	48,4	92,2	139,0	125,7	173,5	141,6	135,6
Porcas reprodutoras	100,0	68,4	53,5	45,7	51,9	59,0	67,6	53,5
Total	100,0	60,6	65,1	79,5	73,9	92,1	100,5	83,8
Galicia/España (%)								
Porcos da ceba	8,9	3,6	4,3	5,5	5,0	7,1	6,0	5,7
Porcas reprodutoras	8,8	5,9	4,7	3,1	3,4	4,0	4,4	3,7
Total	9,4	5,3	4,0	3,9	3,5	4,4	4,8	3,9

*Os datos de 1987 e 1996 corresponden a decembro; para os demais anos corresponden a novembro. As cifras de 2024 son provisionais.

Fonte: MAPA, *Anuario de estadística e Encuestas ganaderas*.

que o noso peso no total estatal se reducise notablemente, do 4,8 % en 2023 ao 3,9 % en 2024 (cadro 21).

Para contextualizar eses datos cómpre lembrar que estamos diante dun sector que experimentou en España un forte dinamismo nas últimas décadas, ata converterse na principal produción gandeira en valor económico e na segunda de todo o sector agrario, só superada polas hortalizas. A cabana porcina española é hoxe a maior da UE, por diante da alemá. Esta expansión baseouse en boa medida no crecemento das exportacións, especialmente das dirixidas ao exterior da UE, con China como principal mercado. Porén, desde 2021 o volume das exportacións vense reducindo, a causa sobre todo da contracción das dirixidas a China. Nese contexto, en 2024 as exportacións españolas de porcino sufriron un novo descenso (-1,2 %), debido á diminución de case o 4 % das destinadas ao mercado chinés.

IV. Pesca

- Entre os retos urxentes do complexo mar-industria figuran o cambio climático, os efectos das políticas arancelarias dos EE. UU. e a baixada do consumo de pescado.
- No ano 2024 continúa a caída das descargas en lonxa, en volume e prezo, afectando a peixes, bivalvos e cefalópodos, así como a poliquetos ou equinodermos. Só o grupo das algas aumenta.
- Marcas colectivas como a recién creada “Lirio de Ribeira” poderían contribuír á mellora dos prezos.
- O informe do STECF (Scientific, Technical and Economic Committee for Fisheries) sobre o impacto socioeconómico da veda da pesca de fondo en fondos mariños vulnerables constata o impacto económico e social, particularmente nas flotas de palangre e enmalle.
- A caída da produción de marisqueo debido ao cambio climático está a provocar a substitución de especies locais por especies foráneas, máis resistentes, e a aceleración da saída de mariscadoras da actividade.
- As exportacións de pescados e mariscos e conservas e preparados a base de pescados e mariscos acadaron os 2.796,2 millóns de euros en 2024.
- O mercado exterior está altamente concentrado na Unión Europea, sobre todo en Italia, Francia e Portugal, seguida a moita distancia de Asia e África. En cambio, nas importacións destaca América do Sur, cun terzo do total, seguida de Europa e a África Subsahariana.
- O consumo de pescado en España descendeu paulatinamente desde o inicio do s. XXI. Un dos factores que explica este proceso é a incorporación de poboación estranxeira cunha preferencia polo pescado menor que a da poboación nacional.
- No conxunto do Estado o número de usuarios dos comedores escolares elévase ata 2.370.039 alumnos, mentres que en Galicia son 139.253. Estes números resultan relevantes non tanto como cota de mercado, senón en relación á capacidade de promover hábitos de alimentación saudables.
- No curso 2023-2024 a porcentaxe de usuarios no primeiro ciclo de educación infantil en Galicia acadaba o 67 % do total; no segundo ciclo baixaba lixeiramente ata o 59 %, e en primaria aínda representaba máis da metade do alumnado (54 %).

Introdución

Na dinámica do complexo mar-industria de Galicia combínanse factores caracterizados pola estabilidade, por unha evolución máis predicible, e factores con maior grao de incerteza ou novidade. Malia que todos son imprescindibles para unha análise cabal, completa e sistemática, para aqueles aspectos con menor nivel de cambio informes inmediatamente anteriores poden proporcionarnos unha visión estrutural ilustrativa. Os factores de novidade adoitan ser limitados. Este ano, porén, confluíron varios cuxo tratamento pode axudar a contextualizar os retos do sector mar-industria galego. O obxectivo deste capítulo non é, por tanto, acumular información, senón relativizala respecto ao contexto.

Entre eses retos aos que acabamos de facer referencia figuran o cambio climático, os impactos sobre o comercio exterior da errática política dos EE. UU. desde a chegada á presidencia de Donald Trump e a caída do nivel de consumo de pescado en España. Estes desafíos marcan diferenzas a diversas escalas xeográficas, que van desde o nivel planetario, ao internacional e ao rexional.

No que atinxe ao cambio climático, se ben a súa acción é transversal e está a mudar múltiples aspectos, en dous sectores manifestouse de modo particularmente acusado: no marisqueo e na mi-ticultura; sectores marcados por un forte carácter social, que supoñen o sustento de numerosas economías familiares e nalgúns casos de comunidades costeiras.

En canto á política arancelaria de Donald Trump, en realidade, non se trata tanto dunha política como dunha serie de propostas erráticas, que o que si teñen é a virtude de incrementar a incerteza e a desconfianza. Na medida en que non responden a proposicións consistentes, tampouco resulta posible artellar unha análise, pero resulta de interese coñecer con máis detalle do que viña sendo habitual as relacións comerciais internacionais asociadas coa pesca galega e observar a dirección dos fluxos, as relacións de dependencia, os contidos etc.

Por último, está o factor do consumo, relevante non só como actividade social en si, senón tamén na medida en que condiciona as expectativas, estratexias e decisións dos elementos anteriores da cadea de valor. Este caracterízase por unha caída dos niveis de consumo de pescado tradicionais en España, patente sobre todo desde a pandemia, xerando preocupación nos sectores produtor, transformador e distribuidor; o que pola súa vez se plasmou nunha notable atención por parte dos medios de comunicación. Este conxunto de circunstancias aconsellaba afondar neste asunto.

Outros aspectos que no pasado foron urxentes, como é o custo do combustible, non resultan hoxe tan significativos na medida en que os prezos se moderaron. É probable que ante eventuais subas no futuro ou cambios na fiscalidade da enerxía poidamos ter que volver sobre eles.

En ocasións, convén tamén incluír elementos que poden ter importancia no sector, como estudos e informes ou cambios regulamentarios; por exemplo, o informe de impacto socioeconómico dos fondos mariños vulnerables do STECF (Scientific, Technical and Economic Committee for Fisheries) para a Comisión Europea ou o R. D. de Comedores escolares saudables, aprobado polo Goberno de España

Esperamos que este enfoque permita facer deste documento un texto útil para a análise do complexo mar-industria galego.

A produción de pescado

A produción de pescado, a preparación do alimento pescado, inclúe todas as tarefas necesarias ata que o produto está listo para ser consumido polos consumidores finais nos restaurantes, nos fogares ou nos comedores colectivos. Unha das características máis relevantes desta cadea de valor, que denominamos mar-industria, é que todos os elementos dela teñen presenza en Galicia.

Referímonos a captura, cultivo, distribución por xunto, transporte, conserva e produción doutros transformados e distribución retalista. Todo este sistema é o obxecto da nosa análise.


Hai que entender que o éxito económico e o desenvolvemento teñen menos que ver coas actividades que cos sistema produtivos; e están relacionados coa colaboración formal e informal, a través do mercados e de relacións persoais, coa capacidade de reforzarse uns a outros. Compiten os territorios e os sistemas produtivos; non só as empresas.

O conxunto da produción de pescado en Galicia está formada pola produción procedente de capturas e a produción cultivada. Na primeira inclúense todos aqueles produtos de orixe mariña (algas, moluscos, crustáceos, peixes, cefalópodos etc.) que se poxan nas lonxas galegas. Os produtos procedentes da acuicultura non teñen obriga de pasar por lonxa e integran dous grandes grupos: os peixes cultivados e os cultivos en bateas.

As capturas

Desde que en 2017 as capturas acadaron un máximo na serie recente de 212.784 toneladas e un valor de 508,67 millóns de euros, a tendencia a longo prazo é decrecente, particularmente en volume. Aínda que a evolución dos prezos está a ser positiva, estes non chegan a compensar a caída da produción. Isto é propio dun ben cunha demanda elástica, como é o caso, onde as caídas da produción se acompañan de subas menos que proporcionais do prezo. En 2024 a produción situouse nas 102.461 toneladas, cun valor de 382,95 millóns de euros.

Se desagregamos por grandes grupos de especies observamos como, respecto ao ano anterior, a caída é transversal ao conxunto dos grupos máis relevantes, afectando a peixes, bivalvos e cefalópodos, así como a especies de menor volume como poliquetos ou equinodermos (ourizo fundamentalmente). Medran, sobre todo, as algas, cuxo interese está a aumentar vinculado non só a súa demanda, senón tamén á procura de novas especies por parte dos produtores á medida que as tradicionais perden pulo.



Cadro núm. 1
Descargas nos portos galegos por especie (en quilogramos)

Grupo biolóxico	2023	2024	Variación (%)
Peixes	111.669.416	92.233.350	-17,4
Cefalópodos	6.548.889	4.023.902	-38,6
Bivalvos	5.105.848	3.735.806	-26,8
Crustáceos	1.128.513	1.093.815	-3,1
Equinodermos	719.912	633.745	-12,0
Algas	398.696	551.831	38,4
Resto das descargas	217.694	184.440	-15,3
Poliquetos	3.833	3.696	-3,6
Gasterópodos	478	1.185	147,9
Total	125.793.279	102.461.770	-18,5

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería do Mar, *Principais indicadores de vendas nas lonxas*, 2024 (www.pescadegalicia.com).

que unicamente no caso da primeira delas, o lirio, a redución foi compensada por un aumento dos prezos, permitindo un incremento do ingreso. Merece a pena deterse neste último caso, toda vez que pode non só axudarnos a entender o sucedido en 2024, senón a reflexionar sobre alternativas para a mellora dos ingresos no futuro.

Cadro núm. 2
Descargas de lirio nos portos galegos. 2024

Lonxa	Cantidad (quilogramos)	Importe (euros)	Prezo medio (euros/kg)
O Grove	25	57,1	2,29
Cangas	1	4,0	5,00
Malpica	310	415,8	1,34
Fisterra	181	337,0	1,87
Muros	14.759	4.062,5	0,28
Corcubión	69	32,2	0,47
Burela	329.139	449.819,6	1,37
Camariñas	884.762	870.116,2	0,98
Celeiro	970.633	1.108.722,5	1,14
A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)	6.028.025	5.663.066,7	0,94
Marín	98.996	66.338,4	0,67
Vigo	16.131	20.906,4	1,30
Ribeira	10.541.992	11.402.560,1	1,08
Total	18.885.020	19.586.438,3	1,04

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería do Mar, *Principais indicadores de vendas nas lonxas*, 2024 (www.pescadegalicia.com).

ofrece unha garantía de trazabilidade e frescura aos consumidores. Aínda que é cedo para establecer conclusións robustas, os datos dispoñibles parecen suxerir un efecto favorable sobre o prezo. Se se confirma, especialización e acreditación da calidade poderían ser dúas das vías para o crecemento do valor engadido.

Un factor de análise ineludible á hora de explicar a evolución das capturas son as posibilidades de pesca que cada ano establece a UE. Respecto ao ano 2023 prodúcese un incremento das cotas do 18,9 %, crecendo a meirande parte das principais especies de interese para Galicia, como son o lirio, o xurelo, a quenlla ou o bocarte. En cambio, no caso da pescada ou da xarda produciuse un recorte.

Neste ano a caída global das capturas non parece estar relacionada coas posibilidades de pesca asignadas senón con outros factores. A posibilidade de captura dalgunhas especies parece ser menor que noutros períodos.

Paga a pena nesta ocasión deterse un pouco máis no tema da pescada, por varias razóns que a continuacións enunciaremos. A primeira delas é que é a principal especie da flota galega e, en consecuencia, un dos piares que soporta a actividade económica, o emprego e o dinamismo dalgunhas vilas e áreas costeiras. A segunda é que a actividade asociada a esta especie se viu restrinxida, ademais de polos mecanismos tradicionais da xestión pesqueira europea, pola veda á pesca en fondos vulnerables. A terceira e última é que, por fin, despois de tres anos a Comisión Europea publica un informe de impacto socioeconómico da veda. Vaíamos por partes.

O principal continxente está formado por peixes, que en 2024 supuxeron o 90 % das descargas nas lonxas en volume. Neste grupo rexistrouse un descenso do 17,4 % nas descargas. En Galicia poxáronse 212 especies de peixe distintas, sendo, non obstante, as tres principais o lirio, a pescada e a sardiña.

Se nos fixamos nas 10 maiores en volume (que representan o 83,5 % das descargas totais de peixe), vemos que nas 6 primeiras se produciu unha caída en volume e

O lirio amosa unha forte concentración no porto de Ribeira, onde se descarga o 55,8 % do total, seguido da lonxa da Coruña co 31,9 %. Os outros portos repártense o 12,3 % restante. O principal elemento de interese para a análise está no prezo, que no porto de Ribeira pasou de 0,58 euros/kg en 2023 a 1,08 euros/kg en 2024, situándose lixeiramente por riba da media dos portos galegos. O impacto económico da suba do prezo para ese volume de capturas é apreciable. Dous factores poden estar detrás desta evolución positiva: a especialización do porto e a creación da marca Lirio de Ribeira en decembro de 2022. Este distintivo

Cadro núm. 3
Cotas adaptadas en España (en toneladas)

Especie	2021	2022	2023	2024	% variación 2023-2024
Lirio	41.347,9	26.957,1	61.844,5	117.228,0	89,6
Xurelo	56.384,5	59.359,3	49.285,8	51.666,1	4,8
Atún amarelo	45.682,0	42.943,0	42.903,0	42.903,0	0,0
Pescada	37.614,0	35.043,8	37.890,6	36.357,6	-4,0
Quenlla	27.035,0	27.035,1	27.007,7	32.807,8	21,5
Bocarte	29.481,8	27.742,2	30.766,2	31.614,6	2,8
Xarda	30.259,7	32.725,3	35.479,4	31.251,6	-11,9
Bonito do norte	18.739,1	19.011,4	19.789,7	25.278,1	27,7
Atún patudo	11.604,4	10.343,9	10.256,1	21.200,4	106,7
Peixe espada	11.706,7	11.957,1	11.721,4	12.522,7	6,8
Rapante	56.384,5	59.359,3	10.850,1	11.638,0	7,3
Peixe sapo	8.729,6	9.210,4	9.920,6	9.812,2	-1,1
Bacallau	13.996,8	12.577,5	8.700,9	9.248,3	6,3
Atún bermello	6.088,3	6.088,3	6.783,7	6.904,7	1,8
Cabras	4.896,9	4.525,2	5.895,8	6.268,5	6,3
Raias	5.179,9	5.512,2	5.600,5	6.008,5	7,3
Fletán negro	4.575,3	4.621,2	4.693,2	4.842,8	3,2
Maruca	5.099,2	4.474,9	2.800,5	2.343,0	-16,3
Granadero	1.358,1	1.295,3	1.289,0	1.438,7	11,6
Pota voadora	899,0	884,0	884,0	884,0	0,0
Cigala	1.248,4	1.033,6	962,4	818,7	-14,9
Gamba rosada	-	872,0	852,4	795,6	-6,7
Peixe pau	482,4	466,1	539,2	476,3	-11,7
Locha branca	335,0	309,0	343,0	429,0	25,1
Raia riscada	16,9	28,0	307,0	392,7	27,9
Melga	9,0	9,0	360,0	363,0	0,8
Brosme	214,0	229,4	229,9	334,0	45,3
Linguado	335,5	502,9	436,9	305,2	-30,1
Abadexo	537,7	494,5	471,6	224,2	-52,5
Ollomol	418,0	406,2	199,8	204,8	2,5
Merlán	105,0	393,3	375,1	155,9	-58,4
Burro	131,8	223,2	333,8	145,4	-56,4
Lampuga	-	-	-	127,0	-
Peixe sabre negro	227,7	200,8	191,1	109,8	-42,5
Coreano	29,0	30,0	31,7	61,0	92,4
Alfonsino	68,1	58,0	45,9	46,5	1,2
Pescada negra	-	18.330,0	33,3	36,7	10,0
Ochavo	13,0	11,3	46,1	34,6	-25,0
Marlín branco	32,9	20,5	20,5	30,5	48,8
Arenque	47,2	43,7	4,4	26,4	504,7
Agulla	23,2	22,8	49,8	25,8	-48,2
Solla	32,9	36,5	30,6	22,4	-26,7
Fogoneiro	52,3	39,1	6,6	6,5	-1,3
Piñón de altura	-	0,1	0,0	-	-
Total	421.422,5	425.426,5	390.233,9	467.390,8	19,8

Fonte: Elaboración propia a partir de MAPA, *Cuotas españolas* (<https://www.mapa.gob.es/es/pesca/temas/cuotas-espanolas/>)

O 9 de outubro de 2022 entrou en vigor o Regulamento de Execución (UE) 2022/1614 da Comisión, do 15 de setembro de 2022, que prohíbe a pesca de fondo con todo tipo de aparellos en varios fondos mariños vulnerables. En concreto, a Comisión Europea decidiu aplicar unha prohibición da pesca de fondo en 87 áreas da plataforma atlántica en profundidades comprendidas entre 400 e 800 metros, que se estenden desde o golfo de Cádiz ata o norte do caladoiro do Gran Sol, ocupando máis de 16.400 quilómetros cadrados; é dicir, precisamente nos caladoiros tradicionais da flota galega e española.

Os estudos e informes científicos sobre o impacto das artes de fondo existentes ata ese momento centrábanse no arrastre, non existindo evidencia científica noutras artes como o palangre. Sábese, non obstante, que a súa incidencia debe de ser bastante limitada toda vez que é unha arte que, se ben é de profundidade, non toca o fondo. A veda, porén, impúxose para toda clase de artes. Máis aínda, a imposición de medidas non xustificadas, nin avaladas polo consello científico, a unha flota caracterizada pola súa selectividade e baixo impacto ambiental parece particularmente inconsistente.

O informe de STECF indica que os peches aplicados para conservar ecosistemas vulnerables tiveron os efectos que a continuación sinalamos.

- Provocaron unha diminución media do 16 % nos días de pesca, do 20 % nos desembarques e unha redución do 11 % no valor económico total, segundo datos comparativos entre 2022 e 2023, sendo a flota española a máis afectada.
- As artes fixas (palangres de fondo e redes de enmalle de fondo) sufriron a maior incidencia.
- O 81 % dos palangreiros de fondo operaban nestas zonas; sendo os máis afectados os de entre 18 e 24 metros de eslora e os de entre 24 e 40 metros. Desde o punto de vista xeográfico o impacto concentrouse sobre todo no porto de Burela.
- No caso dos barcos de enmalle de fondo, os principais efectos déronse naqueles de entre 18 e 24 metros de eslora. A nivel territorial destaca a incidencia en Cedeira e Celeiro.

En definitiva, a maior repercusión da medida prodúcese sobre as artes con menor impacto no fondo: o palangre e o enmalle. É máis, a pesca de arrastre, que faena ata os 400 metros de profundidade, vese pouco afectada por este regulamento; en cambio as áreas vedadas coinciden cos caladoiros tradicionais do palangre.

Os datos públicos dispoñibles nas estatísticas galegas son compatibles cos resultados deste informe. No cadro 4 recóllese a evolución das descargas de pescada nas principais lonxas galegas. Se ben as variacións non poden tomarse como unha expresión directa do regulamento de fondos vulnerables, e con maior probabilidade veranse influídas por outros factores a maiores, si que permiten constatar unha evolución das descargas particularmente negativa de 2022 en adiante.

Cadro núm. 4
Descargas de pescada nas lonxas galegas (en quilogramos)

	2020	2021	2022	2023	2024
Lonja Coruña, S.A.	4.324.130,49	3.867.239,00	2.925.631,08	3.552.622,10	2.984.217,00
Burela	8.088.571,56	9.060.025,54	6.911.665,57	6.363.197,41	5.540.872,62
Celeiro	10.550.306,27	9.600.103,90	9.890.277,31	9.674.569,21	7.751.185,06
Vigo	1.524.903,99	1.181.410,70	965.161,04	1.178.741,75	1.058.945,30
Resto	1.504.665,12	1.387.108,74	1.270.600,11	1.597.661,74	1.325.649,50
Total	25.992.577,43	25.095.887,88	21.963.335,11	22.366.792,21	18.660.869,48

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería do Mar, *Principais indicadores de vendas nas lonxas, 2024* (www.pescadegalicia.com)

En suma, o informe de STECF ratifica as alegacións e críticas ao regulamento que, no momento da súa aprobación, se realizaron desde Galicia e reafirma a necesidade de corrixir unha medida que presenta unha disociación entre onde recaen os custos económicos e sociais, e os beneficios ambientais esperados. A constatación do impacto pon de manifesto dúas eivas da política: a aplicación da medida en si ás flotas de palangre e enmalle (cuxa acción non afecta os fondos) e a adopción de medidas sen considerar e avaliar o impacto socioeconómico.


O marisqueo

Paga a pena deterse no caso dos bivalvos mariscados, cuxa produción se atopa en declive debido aos efectos do cambio climático. Como se sinalou con anterioridade, a caída do conxunto dos bivalvos respecto ao ano anterior foi do 26,8 %. Este dato corresponde coa evolución negativa que se produce desde o último terzo da década anterior e que se acelera a partir do outono de 2022.

Efectivamente, a tendencia a longo prazo é decrecente para as principais especies, pero, en particular, para as nativas, como é o caso da ameixa babosa, a fina, a bicuda, a rubia ou o berberecho. Durante o período de 2021 a 2023 a ameixa babosa parecía ter un comportamento máis estable, porén o datos do último ano suxiren que está a seguir tamén unha liña descendente. Só a ostra rizada amosa unha tendencia crecente, malia que, de momento, está lonxe de compensar a caída do resto de especies.

Gráfico 2

Evolución das descargas nas lonxas galegas das principais especies marisqueiras (en quilogramos)



Entre as principais causas do declive figuran os efectos do cambio climático, sobre todo os episodios de choivas extremas e o aumento da temperatura das augas, que provocan unha maior mortalidade dos moluscos, dificultades para a cría e o crecemento etc. Adoita considerarse que algunhas especies foráneas, como a ameixa xaponesa ou a ostra rizada (tamén de orixe xaponesa) parecen resistir mellor esta clase de episodios, de modo que emerxen como producións alternativas que poderían substituír as locais. Non obstante, a caída da ameixa xaponesa cuestiona esta posibilidade, polo menos nas condicións presentes nas rías galegas. No caso da ostra rizada, esta si está a medrar, pero aínda se move nuns volumes modestos, con 172,1 toneladas en 2024.


Se ben as especies resistentes poden ser unha alternativa para o mantemento da actividade e o emprego, estas tamén presentan unha serie de problemas. O primeiro deles son os menores prezos. A contrapartida da súa adaptabilidade a diferentes ambientes e condicións é unha maior produción

global, derivando nunha maior competencia e, en consecuencia, menores prezos. O segundo problema é que a substitución das variedades locais acaba incidindo na perda de diversidade.

A importancia desta produción non deriva tanto da súa facturación, sexan os 88 millóns de euros en 2019 ou os 44,2 de 2024, como do carácter distribuído do ingreso que xera, entre mariscadoras, pescadores da baixura ou depuradoras, todas elas pemes; e, sobre todo, do seu impacto social e a da súa contribución ao emprego e sostemento das comunidades do litoral.

Gráfico 3

Evolución do nº de PERMEX por xénero




Unha mostra dese impacto ao que faciamos referencia arriba atopámolo no número de permisos de marisqueo a pé (PERMEX). Con todo, obsérvase unha tendencia decrecente a longo prazo, que se acelerou nos últimos anos, en particular de 2023 a 2024, pasando de 3.529 permisos a 3.307. Trátase dun dos efectos aos que o cambio climático contribuíu.

Cómpre sinalar que se empezan a observar casos, máis frecuentes que no pasado, de mariscadoras que combinan o marisqueo con outras fontes de ingresos para manter a contribución que viñan realizando ao ingreso familiar. Isto, malia que pode permitir a reversión da situación no futuro, tamén representa unha vía paulatina de desvinculación.

Os cultivos mariños


No eido dos cultivos mariños diferenciamos a piscicultura mariña, de rodaballo e linguado e a miticultura.



No caso da miticultura, a produción (178.813 toneladas) foi practicamente idéntica á do ano anterior. Trátase dun volume baixo comparado coa serie histórica, no que a media anual era de 237.704 toneladas. O ingreso, en cambio, foi lixeiramente superior, acadando os 128,6 millóns de euros, debido á mellora dos prezos nun 7,6 %. A pesar de ser esta unha suba relevante, que sitúa o prezo en máximos históricos, en especial no caso da produción para industria, o valor unitario segue en valores modestos: 70 céntimos de media.

Detrás dese descenso da produción parece estar tamén o cambio climático que provocaría un menor crecemento da mexilla e maior número de desprendementos, debido ao que o mexillón máis pequeno non consegue fixarse ben ás cordas. Un estudo recente sinalou tamén episodios particularmente intensos de afloramento, nos que o nordés podería impulsar as larvas de mexillón cara ao océano¹, dificultando o recrutamento.

A suba dos prezos, sobre todo para industria, compensaría en parte a caída da produción, pero só parcialmente. Os niveis de ingreso continúan por baixo dos propios de períodos anteriores, que adoitaban roldar os 150 millóns de euros.



O grupo de produción máis diferenciada, sometido a control de calidade pola DOP Mexillón de Galicia, ao longo de 2024 alcanzou os 18.772.151 quilos; unha cifra que supón un aumento do 56,37 % respecto aos 12.004.800 do exercicio de 2023.

Galicia lidera a produción europea e española de peixes planos, integrada por rodaballo e linguado común. A temperá creación de Insuiña, a primeira planta comercial de rodaballo de Europa inaugurada en

¹ Padin, X. A., Babarro, J. M., Otero, P., Gilcoto, M., Rellán, T., Suárez, L., ... & Peteiro, L. G. (2024). The declining availability of wild mussel seed for aquaculture in a coastal upwelling system. *Frontiers in Marine Science*, 11, 1375269

1983 no Grove, significou o sinal de partida dunha carreira que levou a nosa comunidade a liderar a tecnoloxía de cultivo destas especies, asentando sobre ela a súa vantaxe competitiva.

En 2023 España produciu o 73,7 % do rodaballo e o 56,2 % do linguado cultivados en Europa, segundo os datos proporcionados pola Federación Europea de Produtores Acuícolas (FEAP), incrementando o peso respecto a anos anteriores. Máis aínda, os sistema produtivo de peixes planos opera na península ibérica, existindo unha elevada concentración da produción entre España e Portugal, debido á integración empresarial das plantas produtoras. Afondando no nivel de detalle, o total da produción española de rodaballo desenvólvese en Galicia; mentres que no caso do linguado a cifra é do 83%, producíndose o restante en Andalucía.

Cinguíndonos a Galicia, os datos de Pescadegalicia permiten constatar que a produción galega continuou a senda de crecemento con 10.942 toneladas, que xeraron un valor de 97,7 millóns de euros; das que a parte correspondente ao rodaballo foron 9.602 toneladas, cun prezo medio de 8,92 euros/kg, un 2,65 % máis alto que en 2022. A combinación de aumento da produción e do prezo impulsou a facturación, acadando tamén un máximo histórico. Non obstante, é necesario ser prudente á hora de valorar estes resultados, toda vez que o proceso inflacionista de anos anteriores provocou unha suba dos custos; en particular dalgúns que teñen un elevado peso na función de produción, como sería o caso de enerxía, penso ou osíxeno. Deste xeito, o incremento da facturación non pode interpretarse de maneira lineal como unha maior rendibilidade.

A industria da conserva e transformados a base de pescado

En 2022, último ano con datos dispoñibles da estatística estrutural de empresas, a industria de procesado e conservación de pescados, crustáceos e moluscos (código CNAE-2009 10.2) galega representaba 26,46 % do total de locais de España (163 locais), pero xeraba o 45,13 % do emprego (11.879 traballadores/as) e o 55,7 % da cifra de negocios (4.341 millóns de euros). Hai que destacar dúas circunstancias:

- a localización en Galicia das empresas máis grandes e eficientes;
- a evolución positiva da facturación respecto ao ano anterior.

Baixo esta epígrafe rexístranse dous tipos de actividades, as aproximadamente 79 depuradoras de marisco por unha banda, e as empresas de conservas e outros procesados a base de pescados e mariscos, por outra. A variedade de produtos que elaboran inclúe desde as conservas tradicionais a conxelados, fileteados, precociñados, rebozados etc. De feito, cómpre sinalar que, de acordo cos cambios nos hábitos e preferencias dos consumidores, a oferta de produtos elaborados a base de pescado está a incrementarse.

Un aspecto que merece a pena comentar é a dependencia das depuradoras da produción local. A actividade da depuración nace nos anos 60 do século pasado para dar resposta á esixencia da entón denominada CEE de que a produción marisqueira fose depurada antes de acceder ao seu mercado. Xorde, por tanto, intrinsecamente ligada á produción marisqueira local; de modo que a caída da produción de ameixas, berberechos etc. repercute de forma directa nesta actividade e se amplifica a nivel territorial e sectorial.


Comercializadores por xunto de pescados e mariscos

A efectos meramente de completar a panorámica, podemos subliñar que o sector comercial, os grosistas de pescados e mariscos, acadaron unha facturación de 7.460,8 de euros en 2022, cun valor agregado bruto (VABcf) de 544,7 millóns e a xeración de 7.337 postos de traballo, segundo os datos das Referencias sectoriais de Galicia que publica ARDAN. Se ben o VAB pode parecer relativamente modesto en relación ao ingreso (consecuencia do peso dos produtos que comercializa nos custos), en termos cualitativos o seu papel é crucial e expresa o desenvolvemento de capacidades ao longo

da cadea de valor a partir da extracción de recursos mariños. A este respecto é xusto indicar que, no contexto actual, no que as cadeas de produción globais se demostraron vulnerables, non desligar a capacidade de comercializar da capacidade de producir acada un efecto fortalecedor das dúas partes, incrementando a resiliencia como sistema produtivo.

A inserción exterior

Dado o incremento da incerteza que está a producir a errática política exterior dos EE. UU., resulta interesante detérmonos nesta ocasión no comercio exterior de pescado e produtos a base de pescado.




En 2024 as exportacións tanto de pescados e mariscos frescos ou refrixerados como de preparacións e conservas a base de pescados e mariscos mantivéronse esencialmente estables. En concreto, no caso do produto fresco as exportacións reducíronse un 2,4 %, logrando case o mesmo ingreso; mentres que no caso dos preparados medrou un 0,8 % o volume e un 1,3 % o ingreso. En conxunto sumaron 2.796,2 millóns de euros. Obsérvase tamén como o volume das importacións de pescado en Galicia é inferior ao das exportacións, trazo asociado tanto á demanda da industria conserveira e de preparados como ao papel de Galicia como distribuidor de pescado para o resto de España e Europa.

Cadro núm. 5
Comercio exterior de pescados, crustáceos e moluscos. 2024

	Exportacións		Importacións	
	Toneladas	%	Toneladas	%
África do Norte	25.156,04	5,88	31.820,34	5,47
África Subsahariana	7.027,33	1,64	102.181,85	17,56
América Central	2.497,11	0,58	27.845,29	4,79
América do Norte	8.959,13	2,09	16.372,76	2,81
América do Sur	2.069,48	0,48	218.843,38	37,61
Asia	29.970,95	7,01	50.266,12	8,64
Oriente Medio	3.158,18	0,74	1.375,47	0,24
Europa (xeográfica)	351.847,32	82,27	119.846,24	20,60
Unión Europea (27 países)	327.014,80	76,46	110.925,41	19,06
Oceanía	0,02	0,00	9.823,49	1,69
Total Mundo	427.691,17		581.917,03	

Fonte. Datacomex, 2025.


O mercado exterior está altamente concentrado na Unión Europea, seguida a moita distancia de Asia e África. En cambio, nas importacións destaca América do Sur,



Cadro núm. 6
Inserción exterior das preparacións e conservas de pescados e mariscos. 2024

	Exportacións		Importacións	
	Toneladas	%	Toneladas	%
África do Norte	2196,44	1,28	1398,68	0,75
África Subsahariana	886,18	0,52	8953,20	4,79
América Central	1229,23	0,72	12125,50	6,49
América do Norte	4818,66	2,82	13,12	0,01
América do Sur	492,86	0,29	66615,54	35,64
Asia	584,66	0,34	53878,04	28,83
Oriente Medio	430,36	0,25	0,00	0
Europa (xeográfica)	160713,81	94,01	28327,24	15,16
Unión Europea (27 países)	128032,81	74,89	156646,38	83,81
Total Mundo	170950,42		186904,40	

Fonte: Elaboración propia a partir de Datacomex, 2025.



o 75 % das vendas totais) e, no medio, os Estados Unidos, que reciben aproximadamente o 4,4 % das exportacións en valor.

O consumo

Desde o fin da pandemia fálese bastante da caída do consumo *per cápita* do pescado en España e, efectivamente, baixa e impacta en aspectos que van desde o equilibrio das dietas ata as oportunidades para os produtores. Porén, existen algunhas precisións que poden axudar a matizar e comprender mellor este fenómeno.

cun terzo do total, seguida de Europa e a África Subsahariana. Parte desas importacións procede de flota de capital galego abandeirada nos países produtores. A pesar de que a produción de buques galegos no exterior non ten consideración de importacións, si o ten a produción de empresas mixtas ou buques con bandeira estranxeira.

Se afondamos por países no destino das exportacións apreciamos unha concentración máis aguda da que se desprende dos datos rexionais, cunha particular dependencia de Italia, que recibe o 42 % das exportacións de pescado galegas en valor, seguida de Portugal e Francia. É dicir, a proximidade xeográfica e na cultura alimentaria resulta determinante dos principais mercados exteriores da pesca galega. Os restantes destinos distribúense algo máis do 20 % da exportacións.

As exportacións de produtos transformados amosan algúns matices respecto ao pescado fresco ou refrixerado. En primeiro lugar, o mercado está aínda máis concentrado en Europa, sendo a dependencia do Mercado Común similar á das exportacións de pescados e mariscos. No que atinxe ás importacións, os matices son maiores. As principais orixes por volume son, por esta orde, América do Sur, Asia e Europa. Se no caso de América do Sur unha parte das importacións poden proceder de empresas con capital galego ou español, en Asia proceden de empresas rivais de gran tamaño.

Se nos fixamos nos destinos observamos que son, sobre todo, países europeos (Italia, Francia e Portugal concentran case


Fixarémonos, sobre todo, nos datos para o conxunto de España, dado que este é o ámbito no que se referencia a actividade. É preciso empezar pola cantidade de pescado que entre ao sistema, a cantidade distribuída, que se mide a través do consumo aparente (CA).

CA = produción nacional (pesca + acuicultura) + importacións – exportacións.

O último ano para o que podemos realizar este cálculo é 2022, posto que a FAO aínda non publicou a actualización da base de datos de comercio exterior de produtos mariños para 2023. Non obstante, a serie, se ben non serve para ilustrar o pasado inmediato, si que nos axuda a comprender a evolución a longo prazo.

A información en columnas no gráfico 9 reflicte o CA por compoñentes, é dicir, a produción nacional, máis as importacións netas (importacións-exportacións), que representa a cantidade distribuída dentro das nosas fronteiras. O CApc recóllese na liña azul.

En 2022 o CA de pescado en España foi de 1.677.760,23 toneladas, un 5 % inferior á media do período analizado 1976-2022. No longo prazo a serie mostra unha tendencia decrecente, pero trátase dunha caída paulatina, gradual, cuxas causas, como adoita suceder nos fenómenos complexos, son múltiples. É de esperar, ademais, que nun período tan amplo, que cobre todo o traxecto desde o inicio da democracia, pasando pola entrada na Comunidade Económica Europea ata hoxe, moitas cousas mudasen.




Un dos aspectos que cambiou neste período é a poboación. Se o CA non variou abruptamente no longo prazo, a caída do CApc é máis acusada, en particular a partir de 1999. É dicir, hai un descenso total do consumo, pero, sobre todo, unha diminución do consumo relativo, sendo un dos factores que provoca esta diverxencia a poboación. Ata o inicio da década de 2000, de forte expansión económica, a poboación estranxeira en España roldaba o 4 %; desde entón, e con altos e baixos, medrou ata situarse lixeiramente por riba do 12 % na actualidade, algo máis de 6 millóns de persoas. Mentres en España o consumo *per cápita* movíase tradicionalmente arredor dos 40 kg por habitante e ano,

nas rexións de orixe da poboación foránea, sexa Centroeuropa, África ou América Latina, estaba en torno aos 10 kg/hab./ano. Cómpre subliñar que a incorporación de poboación cunha menor preferencia polo pescado, con outras dietas, non é o único factor, senón un deles.

A evolución do CApc ten unha traxectoria cóncava compatible coa madurez do produto. En efecto, desde os anos 70-80 producíronse cambios sociais, culturais e tecnolóxicos que necesariamente teñen que impactar no consumo. Desde hai xa máis de dúas décadas cada vez dedicamos menos tempo a cociñar e cada vez menos persoas cociñan. Diversos estudos constatan esta tendencia; un dos últimos, o estudo sobre *Turismo e gastronomía (II)* elaborado polo Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS). Isto provoca que o tradicional consumo de pescado fresco e enteiro que no pasado caracterizaba o mercado español estea a ser substituído por novos produtos e presentacións, entre eles o consumo en bandexas de lombos, porcións, toros ou filetes. Ao mesmo tempo, medran os pratos preparados. Esta é unha dinámica que se acentuou a partir da pandemia.

Tamén cambiaron as dietas, tanto coa adaptación crecente das distintas variantes do vexetarianismo, que compiten coas dietas tradicionais, como coa maior incorporación de pratos da cociña internacional ou cociñas étnicas.

O estudo do CIS sinalaba que galegos, vascos e valencianos son os españois que máis tempo dedican a cociñar; é dicir, as áreas asociadas a tradicións gastronómicas materializadas na dieta atlántica e na dieta mediterránea. É probable que, no caso galego, a dieta atlántica, cardiosaudable, que dá protagonismo a pescados e mariscos, verduras e hortalizas, pero tamén inclúe hidratos de carbono, lácteos, aceite de oliva e un consumo moderado de carne, non estea a recibir a atención que merece de acordo coas súas propiedades nutritivas e co seu encaixe económico e social.



Se o consumo aparente fai referencia á cantidade distribuída, o consumo nos fogares e o consumo non doméstico (na restauración), extraídos do *Panel de Consumo Alimentario* que publica o MAPA, fan referencia ao consumo efectivo. No gráfico 7, presentamos o conxunto destes datos para poder visualizar o peso de cada compoñente no CA. Efectivamente, o consumo nos fogares é o principal compoñente do consumo total de pescado, seguido do consumo na restauración. As cantidades restantes virían dadas polo consumo en comedores colectivos (comedores escolares, comedores sociais, hospitais e residencias, cárceres, cuarteis, conventos etc.), así como polo consumo dos turistas, o consumo non humano (pescado usado para pensos) e os descartes e desperdicios (que constitúen unha fracción cada vez menor).

res, comedores sociais, hospitais e residencias, cárceres, cuarteis, conventos etc.), así como polo consumo dos turistas, o consumo non humano (pescado usado para pensos) e os descartes e desperdicios (que constitúen unha fracción cada vez menor).

A evolución do consumo dos fogares amosa dúas notas relevantes. Por unha parte, tende a caer desde o inicio da gran recesión de 2008; por outra, diverxe da senda seguida polo CA. Un dos factores explicativos é o consumo na restauración, que, en xeral, tende a medrar cando decrece o consumo nos fogares. Outros factores que poden estar a contribuír á baixada do consumo doméstico son o aumento do consumo en comedores escolares e, seguramente tamén, cambios na forma na que consumimos pescado os residentes e os turistas; así como algunhas limitacións metodolóxicas, como é o feito de que o panel non inclúe datos de Ceuta, Melilla e Canarias. Trátase, en calquera caso, de aspectos que demandan unha investigación máis profunda para delimitar con maior precisión a súa caracterización.

Un aspecto interesante sobre o que o Panel de Consumo nos Fogares nos ofrece información é a composición por especies e produtos. Así observamos que a principal forma de consumir pescado en España son as conservas de atún, con 94.898,47 toneladas en 2023. A continuación aparece a miscelánea doutros pescados frescos; un dato interesante que fai referencia á gran variedade de especies de pescado que aínda integran a alimentación en España e que contrasta coa maior concentración e mercantilización dos mercados centroeuropeos. Estas especies poden variar da fachada Atlántica á Mediterránea e por rexións.




A continuación sitúanse o salmón fresco e a pescada. A capacidade de crecemento do salmón, ata ser a principal especie individual consumida en fresco superando a pescada, constitúe un fenómeno notable. Por unha banda é compatible co proceso de madurez das especies tradicionais; ao tempo apunta dúas vías de substitución, a das especies salvaxes por especies da acuicultura e a das especies que captura a flota nacional por especies foráneas. Temos así dous factores relevantes: dunha banda, a competitividade dos produtos da acuicultura, en concreto do salmón noruegués; e, doutra, a perda de peso da tradición gastronómica. A este respecto, dado o peso económico do complexo mar-industria en Galicia, sería de interese o desenvolvemento de mecanismos público-privados que axuden a casar mellor oferta e demanda nacional.

Cómpre sinalar, por último, que o consumo de pescado en Galicia en 2023 estaba claramente por riba da media nacional, con 23,7 kg por habitante e ano, fronte aos 18,9 do conxunto do Estado. En xeral, as maiores taxas de consumo danse no norte, en particular en Asturias (24,3 kg/hab./ano) e País Vasco (24,1 kg/hab./ano); descolgándose Cantabria deste grupo cun consumo de 17,6 kg/hab./ano. Os menores niveis obsérvanse en Canarias e Estremadura, onde se aproximan aos 15 kg.

Unha novidade lexislativa relevante deste ano é a aprobación do R. D. 315/2025 de Seguridade alimentaria e nutrición para o fomento dunha alimentación saudable e sostible nos centros educativos. Esta norma ten por obxectivo asegurar o consumo diario de froitas e verduras frescas, incrementar o consumo semanal de pescado e de legumes, así como eliminar as bebidas azucradas. No que atinxe ao pescado, pártese da constatación, por unha banda, da existencia dun baixo consumo de pescado nos comedores escolares españois, ata o punto de que en 1.200 deles nunca se serve pescado; e, por outra, da existencia de diferentes informes que alertan dun baixo consumo de pescado entre a poboación máis nova. Este decreto ofrece así unha interesante oportunidade para fomentar unha dieta equilibrada, reducir os niveis de obesidade e, en particular, encarrilar de cara ao futuro a recuperación dos niveis de consumo de pescado característicos da sociedade española e galega.

Non obstante, hai que indicar que, de momento, tamén presenta unha serie de limitacións. En primeiro lugar, establécese que os menús deben incluír de unha a tres racións de pescado á semana, pero non fixa canto é unha ración. En segundo lugar, é probable que non logre cumprir os seus obxectivos se non se incorporan mecanismos de seguimento e control por parte das administracións competentes.

Por outra banda, a porcentaxe de estudantes que empregan o comedor escolar non é menor. No conxunto do Estado ascende ata 2.370.039 alumnos, mentres que en Galicia son 139.253. Estes números resultan relevantes non tanto como cota de mercado senón, sobre todo, en relación á capacidade de promover hábitos de alimentación saudables. Así, por exemplo, no curso 2023-2024 a



porcentaxe de usuarios no primeiro ciclo de educación infantil acadaba o 67 % do total; no segundo ciclo baixaba lixeiramente ata o 59 %, e en primaria aínda representaba máis da metade do alumnado (54 %). A partir de aí a *ratio* de usuarios baixa de maneira significativa, ata o 18,5 % na ESO. En todo caso, a capacidade de incidir nos hábitos alimentarios da poboación a través dos comedores escolares resulta patente.

As cifras galegas, dito sexa de paso, son algo superiores á media do Estado, seguramente debido á maior dispersión e ao menor grao de urbanización da poboación.

V. Industria

- O VEB da industria galega en 2024 medrou un 2,5 % (dato provisional), tres décimas menos que a variación do PIB, debido á unha menor actividade (-2,3 %) na produción de enerxía no segundo semestre do ano, en especial, no cuarto trimestre
- A enerxía hidráulica xerada, 10.131 Gwh, supuxo unha cota de participación do 43,9 % (a eólica quedou nun 38,4 % cando en 2023 lideraba a clasificación galega), o que a leva a ocupar o primeiro lugar no contexto español ao absorber o 29 % do total de España
- O VEB da industria manufactureira, grazas ao dinamismo exhibido no segundo semestre de 2024, aumentou un 3,8 % e superou a variación do PIB total de Galicia nun punto
- A agrupación máis dinámica en 2024 na industria manufactureira foi a fabricación de produtos de consumo non duradeiro. O incremento do seu IPI foi dun 6,2 %, polo que se supera a caída dun 3,6 % alcanzada en 2023
- A industria da alimentación é a actividade que segue a liderar a cifra de negocios en Galicia. O seu IPI creceu un 2,1 %, porcentaxe dous puntos por riba do incremento do índice xeral
- O sector de automoción experimentou un retroceso. O seu IPI caeu un 4,5 % e a produción anual de vehículos montados na factoría de Stellantis en Vigo, 512.503 unidades segundo o IGE, foi un 1,6 % menos que en 2023
- A industria naval en Galicia, á marxe da militar, conseguiu en 2024 un total de 11 novos contratos (7 en 2023), cos que a súa carteira de pedidos subiu a 22 (17 en 2023). Son moi boas as expectativas de Navantia Ferrol, ante o progreso na construción das novas fragatas, e tamén de Navantia Fene no sector eólico
- Espectacular aumento da ocupación, un 9 %, que converte a industria no macrosector máis dinámico en 2024 en canto á creación de emprego. O incremento de 15.100 traballadores supuxo que o peso relativo da ocupación industrial alcance o 16 % do total, porcentaxe que practicamente coincide co peso do VEB con respecto ao PIB
- Mentres persisten os problemas en Alcoa, as cifras de Inditex seguen sendo espectaculares. As súas vendas creceron en 2024 un 7,5 %, cunha facturación de 38.632 millóns de euros
- Os prezos industriais caen un 0,8 % na industria manufactureira, mentres o custo laboral da industria medra, segundo o INE, un 7,8%
- Segundo o DIRCE, reduciuse o saldo negativo de aperturas e peches de empresas, que en 2023 acadou unha dimensión alarmante

A actividade

O primeiro avance de estimación do VEB da industria galega en 2024, elaborado polo IGE, suxire un incremento dun 2,5 %, tres décimas menos que a variación do PIB, debido, sobre todo, á menor actividade na produción de enerxía. Se só se considera a industria manufactureira, o seu crecemento sería do 3,8 %, polo que superaría a variación do PIB total de Galicia nun punto, e tras a construción, que subiu un 4,1 %, sería o sector máis dinámico grazas á notable aceleración experimentada logo dun incremento de tan só un 0,8% en 2023. Este bo resultado na industria manufactureira logrouse debido ao forte aumento da actividade no último semestre do ano. Así, tras un primeiro semestre discreto, en particular no segundo trimestre, o IGE estimou que o VEB nos meses de verán, corrixidos os efectos da estacionalidade e o calendario, medrou un 6,5 %; cando nos tres últimos meses o fixo nun 6,2 %, un crecemento non só significativo, senón que foi o máis elevado de todos os macrosectores galegos nese período. Con todo, no cadro 1 apréciase que os resultados do sector industrial no seu conxunto non son tan positivos debido a unha menor actividade no sector enerxético. Isto é singularmente notable no cuarto trimestre de 2024, período no que mentres o VEB da industria manufactureira subiu un 6,2 %, o sector industrial no seu conxunto rexistrou unha caída do 0,1%.

No cadro 1 preséntase a evolución do VEB industrial en termos monetarios e en volume. Os primeiros están afectados pola evolución dos prezos, cuxo comportamento se analizará máis adiante. Estes resultados non conseguen mellorar o peso relativo do sector industrial sobre o conxunto da economía; polo contrario, este peso é menor en 2024 con respecto a 2023. Se se considera a industria no seu conxunto co sector enerxético, a perda foi de 7 décimas, ao pasar do 16,7 % ao 16 %, pero tamén descendeu nunha décima o peso da industria manufactureira, do 11,5 % ao 11,4 %. Estes datos indican que a actividade industrial segue sen mellorar posicións no contexto das comunidades autónomas españolas, tendo en conta o peso que en cada unha delas ten o sector industrial. Existe un certo consenso en que un desenvolvemento económico sostible en Galicia debe basearse nun robustecemento na fabricación de manufacturas. Iso esixe unha actividade industrial cuxo peso se aproxime ao doutras comunidades autónomas con máis industria e con máis renda por habitante que a galega. Con resultados da *Contabilidade Rexional de España* referidos a 2023, último ano con información dispoñible, aínda que o peso da industria sobre o PIB monetario en España, un 14,7 %, é inferior ao de Galicia como tamén o é o da industria manufactureira, un 10,9%, a especialización nas actividades turísticas de múltiples comunidades reduce esta porcentaxe; que, como xa se indicaba no *Informe* precedente, é moito maior que en Galicia en territorios como Navarra, cun peso en 2023

Cadro núm. 1
Macromagnitudes básicas do sector industrial en Galicia

	VEB industria	VEB industria manufactureira	PIBpm	% industria manufactureira sobre PIB	% industria sobre PIB
Prezos correntes (miles de euros)					
2022	12.345.399	8.451.552	71.505.291	11,8	17,3
2023	12.887.333	8.905.146	77.194.563	11,5	16,7
2024	13.034.221	9.284.781	81.563.601	11,4	16,0
TVI (%) 2024/2023	1,1	4,3	5,7		
TVI (%) I trimestre 2024/2023	-2,5	2,3	5,3		
TVI (%) II trimestre 2024/2023	0,7	1,3	5,5		
TVI (%) III trimestre 2024/2023	4,3	6,9	5,6		
TVI (%) IV trimestre 2024/2023	2,2	6,6	6,1		
Índices de volume					
TVI (%) 2022/2021	3,5	6,8	4,5		
TVI (%) 2023/2022	2,7	0,8	2,2		
TVI (%) 2024/2023	2,5	3,8	2,8		
TVI (%) I trimestre 2024/2023	3,7	2,1	2,6		
TVI (%) II trimestre 2024/2023	2,7	0,4	2,6		
TVI (%) III trimestre 2024/2023	3,8	6,5	2,9		
TVI (%) IV trimestre 2024/2023	-0,1	6,2	2,9		

Os datos de 2022 son provisionais e os de 2023 e 2024 son un avance. A data de publicación foi o 28 de febreiro de 2025.
Fonte: IGE. *Contabilidade Trimestral de Galicia*.

da industria manufactureira do 22,3 %, o País Vasco do 19,3 %, Aragón do 15,4 % ou Cataluña do 14,2 %.

Un simple exercicio, tomando como referencia a información da *Contabilidade Rexional de España*, permítenos percibir as diferenzas en Galicia da produtividade do traballo da industria con respecto ao conxunto da súa economía. Medindo en euros constantes de 2020, mentres a produtividade unitaria da economía galega era en 2023 de 35,8 euros por cada hora traballada, a da industria ascendía a 43,3 euros e a da industria manufactureira era case un euro inferior, en concreto, 42,4 euros. As diferenzas, por tanto, son moi significativas. É máis, ao longo desta década, mentres a produtividade no conxunto de Galicia permanecía moi estancada, de 34,4 euros constantes en 2019 pasouse a 35,8 euros en 2023, na industria observouse un grande incremento, xa que de 39,5 euros subíuse a 43,3 euros.

Ao contrario da traxectoria seguida en 2023, a evolución da industria enerxética en 2024 lastrou o crecemento do sector industrial galego no seu conxunto. Así, fronte a un elevado incremento do VEB da enerxía en 2023, o avance das contas económicas elaboradas polo IGE para 2024 sinalan un descenso no grupo do sector enerxético, industrias extractivas e subministración de auga do 2,3 %, debido á forte desaceleración observada na produción do segundo semestre do ano, en especial no cuarto trimestre. Esta caída reduce ao 2,5 % o crecemento do VEB industrial, o que supón unha desaceleración de dúas décimas con respecto a 2023 e, dalgún modo, desvirtúa o sensible incremento do VEB alcanzado pola industria manufactureira, un 3,8 %. Lembremos que se estima un aumento do PIB galego total dun 2,8 %.

Fronte a unha xeración galega de 23.872 Gwh en 2023, o que supoñía o 8,9 % do total español segundo Red Eléctrica de España, e encabezando esa produción o sector eólico cun 38,1 %, seguido do hidráulico cun 35 %, a xeración de enerxía en 2024 quedou en 23.077 Gwh (unha caída do 3,3 % e o 8,8 % do total español); cifra alcanzada grazas á boa traxectoria da xeración hidráulica que compensou os peores resultados das restantes modalidades.

En efecto, a enerxía hidráulica xerada, 10.131 Gwh, supuxo unha cota de participación do 43,9 % (a eólica quedou nun 38,4 % cando en 2023 lideraba a clasificación galega), o que a leva a ocupar o primeiro lugar no contexto español absorbendo o 29 % do total xerado no conxunto do Estado. Esta evolución ratifica a aposta e o enorme peso que alcanzaron a produción das enerxías renovables fronte ás non renovables que xa acadaban o 84,6 % do total; o que era debido a un menor uso de fontes enerxéticas como o ciclo combinado e o abandono do carbón. No conxunto das comunidades autónomas españolas, esta porcentaxe de renovables só é superada por Aragón e por Castela e León.

Así, axudada por unha climatoloxía favorable, a enerxía obtida pola forza da auga superou con fartura a eólica, sector no que persisten os problemas que xa se comentaban no *Informe 2023*. Á espera de que se pronuncie o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, na actualidade ao redor duns setenta proxectos están paralizados, o que supón unha maior dependencia galega da enerxía fósil xerada noutros territorios. No momento de redactar este estudo, o Tribunal Supremo acaba de emitir un acordo que podería facilitar o desbloqueo da complexa situación actual.

Resulta evidente que o crecemento da industria galega pasa por unha maior disposición de enerxías renovables. Neste contexto, é significativo o elevado número de proxectos cos que conta Galicia para a xeración de hidróxeno verde, para o que se necesita da electricidade procedente das enerxías renovables. Na actualidade moitos deles atópanse nun estado inicial de xestación. Nun recente informe elaborado pola Alianza Industria Galega do Hidróxeno Verde identifícanse ata 30 proxectos, dos que as iniciativas de produción de hidróxeno a partir da auga significan en torno ao 27 %. Do conxunto total de proxectos, os máis relevantes son os tres que foron declarados proxectos industriais estratéxicos (PIE) pola Xunta de Galicia. Como xa se indicaba no *Informe 2023* trátase de: H2Pole, localizado nas Pontes de García Rodríguez, promovido por Reganosa e EDP Renovables España, e que prevé utilizar a auga necesaria do lago artificial das Pontes; Triskelion, promovido por Forestal do

Atlántico, S.A., que producirá metanol verde e se situará na ría de Ferrol, prevéndose o inicio da produción en 2028; e, finalmente, H2Meirama (promovido por Naturgy, Repsol e Reganosa) desenvolverá unha planta de produción de hidróxeno renovable en Cerceda. Dentro do grupo das iniciativas empresariais prioritarias (IEP), figura creada pola Xunta en 2019 destinada a impulsar determinados proxectos que xeren valor engadido en Galicia, xa se aprobaron seis proxectos (Proxecto Ahmon, Proxecto Green Umia, Proxecto Green Umia, EsuH2 Mjólnir S.L., Proxecto Arteixo H2V e Proxecto Breogán). Tamén se seleccionaron un total de seis proxectos nas convocatorias de dous PERTE (energías renovables, hidróxeno renovable e almacenamento; naval), algúns xa contemplados anteriormente. Lembremos que os proxectos estratéxicos para a recuperación e transformación económica (PERTE) deben ser «proxectos de carácter estratéxico con gran capacidade de arrastre para o crecemento económico, o emprego e a competitividade da economía española, cun alto compoñente de colaboración público-privada e transversais ás diferentes administracións» e foron creados no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia español e son financiados polos fondos *Nex-tGeneration*. Resulta obvio indicar que a progresiva execución destes importantes proxectos será vital para o desenvolvemento da industria en Galicia.

No contexto anterior, segue sendo moi determinante a necesidade de que Galicia dispoña dunha conexión á rede troncal de hidróxeno que unirá España con Portugal e Francia. No *Informe 2023* sinalábase a exclusión do tramo Guitiriz-Zamora (nun principio impulsado por Reganosa e actualmente por Enagás) na selección de proxectos de interese común (PIC) da Comisión Europea. Este proxecto volveuse presentar na segunda convocatoria; cuxo resultado non se coñecerá ata finais de 2025. Agardemos que esta vez a noticia sexa positiva para Galicia.

A necesidade de contar con enerxía a un prezo competitivo é un elemento clave no conxunto das industrias, pero, en especial, nas electrointensivas. En 2024 un caso particular pero vital para o norte da provincia de Lugo segue sendo o de Alcoa e coa queixa permanente dos elevados prezos da enerxía. As suspensións cautelares da instalación dun conxunto significativo de parques eólicos en Galicia están a afectar os acordos de subministración alcanzados con Endesa e, actualmente, xa non se dubida dun atraso de varios anos; o que afecta o compromiso de Alcoa de reactivar as cubas de electrólise e con iso cumprir os pactos alcanzados cos sindicatos. A incerteza sobre a actividade de Alcoa foi unha constante nos últimos anos. Tras os intentos errados de venda das factorías de San Cibrao, a última volta de torca, ademais da solicitude de subvencións ás Administracións Públicas, foi a procura dun acordo de asociación con Ignis EQT co que conseguir financiamento para lograr a definitiva viabilidade das instalacións.

Cómpre recoñecer que no ano analizado tanto a industria enerxética como a extractiva foron sectores que mostraron un elevado dinamismo. En canto á minería, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico acaba de publicar a *Estadística Minera Española* referida a 2023. Nesta publicación ponse de manifesto que Galicia ocupaba o cuarto lugar entre as comunidades autónomas españolas en canto ao valor vendible da súa produción (concentrada en caolín, cuarzo, lousa, granito, estaño-tántalo), tras Andalucía, Castela e León e Cataluña, e cun 9,4% do total español. Con todo, no emprego Galicia pasaba ao segundo lugar (o 12,3 % do total español), tras Andalucía, acaparando a maior parte o dedicado á extracción de rocas ornamentais e, en especial, a lousa. A actividade previsiblemente mellorará nos próximos anos se van adiante unha serie de proxectos que se atopan en diferentes fases de tramitación. Cabe destacar o proxecto dunha mina de extracción de cobre no concello coruñés de Touro e a posible explotación dunha mina de litio en Doade, no concello de Beariz en Ourense. Este último proxecto, en galería subterránea que pretende ocupar un total de 13,62 ha e coa creación de 320 empregos directos e indirectos, acaba de ser seleccionado pola Unión Europea, xunto con outros seis proxectos españois, como proxecto estratéxico ante a necesidade que actualmente ten Europa de dotarse de materias primas críticas. Iso permitiralle beneficiarse de subvencións e acelerar o proceso de instalación. Pola súa banda, a mina de Touro é unha actividade que xa estivo en produción entre 1973 e 1986. Non exento dunha certa preocupación social polo impacto ambiental, esta iniciativa de extracción de cobre (tamén un metal estratéxico na

Cadro núm. 2
Índice de produción industrial en Galicia
 (Ano 2021=100)

		I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	Media	TVA (%)*
Xeral	2022	94,3	99,5	91,0	101,1	96,5	
	2023	102,2	96,8	86,5	103,4	97,3	0,8
	2024	102,2	100,5	88,1	101,8	98,2	0,9
Consumo duradeiro	2022	111,0	123,6	117,2	135,0	121,7	
	2023	116,3	119,1	126,7	134,2	124,1	2,0
	2024	120,8	114,7	120,7	138,1	123,5	-0,4
Consumo non duradeiro	2022	93,7	105,5	100,5	94,7	98,6	
	2023	91,5	100,0	95,8	92,7	95,0	-3,6
	2024	96,1	105,6	104,3	97,7	100,9	6,2
Bens equipo	2022	96,0	107,5	98,8	106,7	102,2	
	2023	108,4	111,8	95,4	111,8	106,8	4,5
	2024	100,3	108,7	97,3	123,2	107,4	0,5
Bens intermedios	2022	94,9	99,4	84,6	83,1	90,5	
	2023	86,2	92,1	81,3	80,5	85,0	-6,1
	2024	84,7	90,9	79,7	81,6	84,2	-0,9
Enerxía	2022	91,2	82,8	77,7	117,7	92,4	
	2023	121,5	79,2	70,3	126,3	99,3	7,5
	2024	128,6	95,2	68,8	99,0	97,9	-1,4

* Taxa de variación anual (sobre a media).

Fonte: INE.

UE) foi declarada proxecto industrial estratéxico (PIE) pola Xunta de Galicia e os seus investidores elevan a 2.542 millóns de euros o impacto económico nos próximos dezaseis anos grazas á produción de entre 30.000 a 35.000 toneladas anuais de cobre. Outro proxecto na actualidade con problemas legais sobre a súa viabilidade é a explotación en Viana do Bolo, en Ourense, dunha mina, A Penouta, a única que extraía coltán en Europa.

No cadro 2 preséntanse os valores do índice de produción industrial (IPI) desagregados segundo o destino económico dos bens, o que nos permite visualizar a traxectoria do conxunto da industria e das cinco grandes agregacións desta clasificación. Aquí obsérvase que a produción industrial medrou en 2024 un 0,9 %, incremento exíguo e moi similar ao experimentado en 2023, un 0,8 %. Esta estabilización na actividade débese fundamentalmente á caída na produción de enerxía no cuarto trimestre do ano, o que contrarrestou os resultados máis positivos observados, sobre todo, no segundo e terceiro trimestre. Por tanto, o conxunto de indicadores dispoñibles reflicte o descenso en 2024 da actividade no grupo de empresas enerxéticas e extractivas de Galicia. Mentres o IGE estimaba, como xa se indicou, nun -2,3 % a caída no VEB destas agrupacións, o IPI, elaborado polo INE, cuantificaba o descenso na produción do sector de enerxía nun -1,4 %.

Dentro da industria manufactureira, a agrupación máis dinámica en 2024 foi a que recolle a fabricación de produtos de consumo non duradeiro. O aumento do seu IPI foi dun 6,2 %, polo que se supera a caída dun 3,6 % marcada en 2023. Este cambio na dinámica é moi importante para a industria e a economía galega xa que aquí se inclúen sectores tan relevantes como a industria alimentaria, a confección de pezas de vestir, as artes gráficas ou a produción de produtos farmacéuticos. A actividade recuperou os niveis de 2021 tras os descensos observados en 2002 e 2023. Doutra banda, tamén foi positiva a variación na produción de bens de equipo. Con todo, este grupo non foi capaz de manter a dinámica crecente dos dous anos anteriores, de tal modo que a produción tan só subiu nun 0,5 %. Inclúense aquí, entre outros, a fabricación de coches, a construción naval e a fabricación de maquinaria.

As outras dúas grandes agrupacións da industria manufactureira mostraron unha lixeira caída na produción. Preocupante está a ser a evolución negativa dos bens intermedios (agrupa actividades tan significativas en Galicia como a metalurxia, a madeira, o caucho e plástico ou a fabricación de material eléctrico). A súa produción xa perdeu, en 2024, 15,8 puntos con respecto á de 2021, sendo a agrupación menos dinámica nesta década en Galicia. Tampouco foron bos os resultados do grupo de bens de consumo duradeiro, sector menos relevante na industria galega, pero no que se inclúe a fabricación de mobles. Con todo, e a diferenza dos bens intermedios, seguramente os datos de 2024

Cadro núm. 3

Índice de producción industrial en Galicia. Por seccións e divisións da CNAE-2009

(Ano 2021=100)

	2008	2023	2024	TVA (%) 2024/2023	TVA (%) 2024/2008
Índice xeral	126,1	97,3	98,2	0,9	-22,2
B Industrias extractivas	132,7	107,9	116,3	7,8	-12,4
08 Outras industrias extractivas	132,7	107,9	116,3	7,8	-12,3
C Industria manufacturera	124,1	96,6	98,5	1,9	-20,6
10 Industria da alimentación	80,6	94,1	96,1	2,1	19,3
11 Fabricación de bebidas	64,4	110,7	126,1	13,9	95,8
13 Industria téxtil	293,3	85,1	73,2	-14,0	-75,0
14 Confección de pezas de vestir	90,2	106,7	119,4	12,0	32,4
15 Industria do coiro e do calzado					
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	91,7	86,6	87,4	0,9	-4,7
17 Industria do papel	95,2	84,6	94,0	11,1	-1,3
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados		48,4	42,2	-12,9	
19 Coquerías e refino de petróleo					
20 Industria química	99,1	90,0	89,7	-0,3	-9,5
21 Fabricación de produtos farmacéuticos					
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	100,5	95,1	96,0	0,9	-4,5
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	109,7	98,4	86,7	-11,9	-20,9
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	141,6	51,9	50,9	-1,8	-64,0
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	141,3	92,8	91,4	-1,5	-35,3
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos		70,2	70,6	0,5	
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	179,0	113,4	113,5	0,0	-36,6
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	142,7	122,4	141,4	15,5	-0,9
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	196,4	111,4	106,3	-4,5	-45,9
30 Fabricación doutro material de transporte	471,8	99,2	104,8	5,7	-77,8
31 Fabricación de mobles	97,9	121,9	120,2	-1,4	22,7
32 Outras industrias manufactureiras	51,7	90,8	101,3	11,5	95,7
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	367,1	107,6	113,7	5,7	-69,0
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	129,6	99,1	95,7	-3,4	-26,2

Fonte: IGE.

obedeza a unha retardación puntual na produción dun grupo, que foi o que viña mostrando o maior dinamismo nos últimos anos. Non en balde, a produción desde 2021 creceu un 23,5 %.

Os resultados do cadro 3 sintetizan o comportamento da produción industrial galega en 2024. A información preséntase seguindo as tres ramas da CNAE-2009 que se corresponden co sector industrial: industrias extractivas, manufactureiras e enerxéticas. Pola súa banda, a industria manufacturera desagregase nas súas 23 seccións, o que nos permite unha avaliación moi precisa do comportamento sectorial desta actividade. Neste cadro preséntanse tres períodos temporais: 2024, 2023 e 2008. Por tanto, compárase o logro en 2024 con respecto á produción do ano anterior e tamén con relación ao xa afastado 2008; momento de inicio dunha crise cun grande impacto na produción e, de feito hoxe en día, en varias seccións, aínda non se recuperaron os niveis acadados entón.

Obviamente, a importancia en Galicia das diversas seccións da clasificación de actividades é moi diferente, polo que o cadro 3 hai que interpretalo considerando o peso relativo de cada unha delas, información que o IPI non proporciona. Por iso, recórrese á *Estatística Estructural de Empresas: Sector industrial*, da que o INE publicou en marzo de 2025 os resultados de 2023. Unha das características estruturais da industria galega recollida ano a ano nesta estatística é a súa elevada concentración. En canto á cifra de negocios, tan só dúas seccións da industria manufacturera absorbían o 40,2 % do total. Trátase da industria da alimentación (21,9 %) e a da fabricación de vehículos de motor (20,3 %). Se a estes dous sectores se engade a enerxía, un 14,6 % da facturación total, o peso relativo acada o 54,8 %. Ningunha das restantes seccións excede o 5 %, coa única excepción da fabricación dos produtos metálicos que logra o 5,4 %.

A industria da alimentación é a actividade que lidera a cifra de negocios en Galicia e chegou en 2023 aos 11.928,3 millóns de euros, sobre un total de 54.541,5 millóns da industria manufacturera. Para 2024 o INE estima un crecemento do seu IPI nun 2,1 %, porcentaxe que supera en dous puntos o incremento do índice xeral. Tamén se aprecia que a tendencia nos últimos anos foi expansiva, de maneira que a produción en 2024 foi un 19,3 % superior á de 2008.

A alimentación componse dun conglomerado de actividades cun dinamismo diferente. O subsector máis internacionalizado e cunha gran tradición na estrutura industrial galega é o da transformación dos produtos da pesca. Anfaco-Cecopesca acaba de presentar os resultados da industria española para 2024, na que a alimentación galega ten un peso moi elevado, representando o 57,2 % dos asociados nesta organización. Aínda que con datos provisionais, este organismo indica que en 2024 o sector de conservas e semiconservas de peixe e marisco aumentou un 0,7 % a produción con respecto a 2023; xeráronse un total de 308.306 toneladas, cun valor de 1.898 millóns de euros e un incremento do 1 %. Estas cifras reflicten unha estabilidade na súa produción, a cal a partir de 2025 pode verse afectada pola posible guerra comercial mundial debido ao cambio nas políticas arancelarias iniciadas polos Estados Unidos. Sobre estas últimas existe unha preocupación polo comportamento do principal país produtor do mundo de atún, Tailandia, e ante a posibilidade de que comercialice estes produtos na Unión Europea sen aranceis se finalmente se alcanza un acordo de libre comercio. O sector entende que as frotas estranxeiras adoitan operar con condicións menos esixentes que as que se lles piden ás comunitarias, o que supón que estas últimas teñan uns custos operativos maiores que minguan a súa competitividade.

O reto internacional, a pesar de que as exportacións en 2024 se retardaron, é cada vez máis relevante tendo en conta que o mercado español se foi reducindo nestes últimos anos pola caída no consumo deste tipo de produtos. Estímase que descendeu en torno ao 25 % desde a pandemia. Doutra banda, un apoio importante desde a Administración pública ao sector é o financiamento de proxectos no PERTE Mar-Industria. Na primeira convocatoria, na que se seleccionaron 27 proxectos, agárgase mobilizar ao redor de 100 millóns de euros de investimento cunha colaboración pública que se ampliou ata os 40 millóns de euros.

Outro subsector importante na industria alimentaria galega é o cárnico. De todas as especialidades sobresaen o vacún e o porcino. Sobre o primeiro, os resultados da indicación xeográfica protegida (IPG) Tenreira Galega mostran un incremento dun 5 % no volume de carne comercializada en 2024 con respecto a 2023. As 24.167 toneladas son as máis altas desde a súa creación. Iso mostra que o sector atravesa unha fase expansiva que previsiblemente perdurará no tempo, a pesar dos factores que xa se subliñaban no *Informe 2023* que afectan a evolución do sector; tales como os hábitos de consumo de carne ou unha maior preocupación polo medio ambiente e o benestar animal. En canto ás empresas, cabe subliñar o peso de Coren, centrada no polo e no porcino, e que en 2023 alcanzou un récord na súa facturación con 1.127 millóns de euros, un 8% máis que en 2022.

A cifra de negocios da automoción galega, cunha contía de 11.928,3 millóns de euros en 2023, case conseguiu a mesma cifra que a industria de alimentación. Os resultados dispoñibles de 2024 das diferentes fontes estatísticas presentan un retroceso nesta actividade. Así, mentres o IPI cae un 4,5 % neste sector, a produción anual actualizada, publicada polo IGE, de vehículos montados na factoría de Stellantis en Vigo foi dun total de 512.503 unidades (segundo a propia empresa 515.050 unidades, das cales 45.421 foron vehículos 100 % eléctricos), un 1,6% menos que en 2023. Por segmentos, cabe subliñar o dinamismo das furgonetas, cun incremento dun 3,8 %, fabricáronse 313.330 unidades; mentres que a cifra de turismos, 199.173 unidades, descendeu en case 20.000 vehículos con respecto a 2023. Resulta obvio que a industria da automoción mundial enfróntase a uns retos que cambiarán a súa estrutura nos próximos anos e afectarán o sector galego. A complexidade da situación actual debida, entre outras causas, á crecente competencia, á velocidade na implantación dos coches eléctricos, ás políticas arancelarias (en especial as de Estados Unidos) e ás transformacións na loxística e na industria de compoñentes, incrementan a incerteza nun sector clave que afronta novas oportunidades pero tamén ameazas. A factoría viguesa atópase ben colocada nun grupo Stellantis que xeraba o 41,3 % da produción automobilística en España e finalizado 2024 buscaba un futuro prometedor para as súas tres plantas en España (Figueroelas en Zaragoza, Villaverde en Madrid e a de Balaídos en Vigo). A situación da de Vigo concrétese na adxudicación dunha nova plataforma de vehículo eléctrico e, como novidade, implantouse un taller de baterías para a ensamblaxe nos vehículos eléctricos, cun potencial de fabricación de máis de 70.000 baterías ao ano, que se suman ás 98.000 do taller xa

existente. Para estes investimentos, o grupo beneficiase dun total de 342,4 millóns de euros do PERTE vehículo eléctrico e conectado e do PERTE de descarbonización.

Unha actividade que se foi consolidando en Galicia nos últimos anos neste sector é a de compoñentes da automoción. Os datos definitivos de 2024 serán peores que os de 2023 debido á incerteza e crise que atravesa a industria no mundo. Nese ano o mercado estranxeiro xa absorbía o 40,5 % da facturación total. A situación para 2025, segundo CEAGA, non resulta esperanzadora ante o comportamento de Estados Unidos, a pesar de que as exportacións galegas se centran sobre todo en Europa, o seu mercado clave; cunha gran diferenza con respecto aos Estados Unidos, que ocupaba en 2024 o oitavo lugar na clasificación exportadora. Con todo, os efectos indirectos que supoñen a previsible caída da produción en Europa e os problemas na loxística incidirán negativamente nesta actividade. Nos próximos *Informes*, xa cunha perspectiva temporal máis ampla, teremos a oportunidade de avaliar cun certo detalle o impacto no sector da automoción galega dos profundos cambios que actualmente se están producindo no mercado mundial.

Dentro da industria do transporte, un sector de gran tradición en Galicia é o naval. No cadro 3 inclúese, xunto con outras actividades de transporte, na división 30 denominada Fabricación doutro material de transporte. Obsérvase que os resultados en 2024 desta división son positivos cun incremento do IPI dun 5,7 %. A pesar diso cómpre non esquecer que o valor do índice nese ano, 104,8, é un 77,8 % inferior ao de 2008 (471,8), o que reflicte a enorme perda de capacidade nos últimos dezaseis anos. En canto ao seu peso relativo no conxunto da industria galega, en 2023 este sector xeraba unha facturación de 672,7 millóns de euros; cifra que representa un 1,2 % da facturación industrial total e que pode resultar un tanto enganosa, xa que as operacións nesta actividade son dunha grande envergadura porque as construcións duran varios exercicios. Así, sen ir máis lonxe, as previsións de custo das fragatas que se están fabricando en Ferrol eran de 4.320 millóns de euros, o que supoñía unha achega ao PIB industrial galego de 437 millóns de euros.

En todo caso, o *Boletín Informativo Trimestral* referido ao cuarto trimestre de 2024 e elaborado pola Secretaría de Estado de Industria, pon de manifesto que a industria naval en Galicia, á marxe da militar, conseguiu en 2024 un total de 11 novos contratos (7 en 2023), polo que a súa carteira de pedidos subiu a 22 (17 en 2023). Na clasificación española, Galicia, co 35 % do total, ocupa o segundo lugar tras Asturias (40 %) se se considera a tonelaxe bruta. Agora ben, se se considera o CGT (*compensated gross tonnage*, medida que non só ten en conta as toneladas brutas do buque fabricado senón tamén a complexidade da fabricación); Galicia, cun valor de 49.733, pasaría en 2024 a ocupar o primeiro lugar fronte a Asturias, cuxo valor quedaría en 41.190 e o País Vasco (31.466), comunidades que ocupaban o primeiro e segundo lugar en 2023. En 2024, a actividade dos estaleiros privados galegos resúmese en 9 postas de quilla, 10 botaduras e 6 entregas.

Cómpre subliñar que as 6 entregas de buques efectuadas en 2024 proveñen de catro empresas, Armón, Freire, Nodosa e Ría de Vigo. Sobre Armón xa se comentaba no *Informe 2023* que adquirira un dos estaleiros máis emblemáticos de Galicia, Hijos de J. Barreras. A súa denominación actual é Estaleiros Ría de Vigo e en 2024 realizouse a entrega dun buque. Este grupo asturiano, desde a súa factoría Armón Vigo tamén entregou dous barcos oceanográficos, nun deles o armador é o Instituto Español de Oceanografía, mentres que o destino do outro é Nova Zelandia. Outro buque oceanográfico foi entregado por Freire para os EE.UU. Finalmente, Nodosa, estaleiro da ría de Pontevedra, entregou dous barcos pesqueiros con destino ás Illas Malvinas.

En canto á carteira de pedidos dos estaleiros privados, cabe destacar que paulatinamente tamén van atendendo proxectos de defensa de ámbito militar dun certo tamaño.

A actividade na ría de Ferrol concéntrase en Navantia. En 2024 proseguíu a construción no estaleiro de Ferrol da primeira das cinco fragatas programadas, co nome de Ramón Bonifaz, e cuxa botadura se prevé para 2025, de xeito que poida prestar servizo en 2028. Ademais, xa se puxo a quilla da segunda fragata, que se denominará Roger de Lauria, e da que se agarda finalizar a construción

en 2029; e tamén, en abril de 2025, anunciouse o iniciou do corte de chapa da terceira fragata que se chamará Menéndez de Avilés. Deseñadas estas fragatas para operar como buques escolta, están dotadas con tecnoloxía punteira e coa súa construción favorécese a modernización da propia factoría. O atraso que está a ter a súa realización debeuse, sobre todo, á subministración de radares por parte da sociedade Lockheed Martin. Á carga actual (está previsto que a construción das fragatas se prolongue ata 2032) súmase o incremento do gasto en defensa que se está abordando hoxe en día na Unión Europea, o que seguramente proporcionará máis traballo ao estaleiro da ría ferrolá. Xunto a iso, xa en 2024 se anunciou a construción dun novo buque de aprovisionamento de combate cun investimento que roldará os 703 millóns de euros e que precisará, entre directos e indirectos, 1.800 empregos. O gasto en defensa para alcanzar o 2 % do PIB inclúe a modernización no estaleiro de Ferrol das anteriores fragatas F-100, actualmente en servizo.

Pola súa banda, Navantia Fene, empresa centrada no sector eólico, en asociación a Windar Renovables, sumou aos pedidos que xa están a executar en 2024 o contrato de 21 *monopiles* para o parque eólico *offshore* de Windanker que desenvolve Iberdrola no mar Báltico. Iso reforza as alianzas de Navantia que, no caso de Iberdrola, se manteñen desde hai máis de nove anos e en 2024 concretáronse na execución de 45 *monopiles* para o parque eólico de East Anglia 3 no Reino Unido. Tamén é relevante o acordo con Ocean Winds para construír (xunto coa factoría de Puerto Real) entre 8 e 12 cimentacións flotantes entre 2027 e 2031.

O desenvolvemento da industria dirixida ao sector eólico no noroeste galego vai cobrando cada vez máis importancia e iso móstrase no tráfico de mercadorías no Porto de Ferrol, aínda que, como xa se indica noutro capítulo deste *Informe*, cando se estuda o sector de transporte, os resultados de 2024 non foron tan positivos como os dos dous anos anteriores. Esta situación achácase a un proceso de transición agardando recuperar a actividade nos próximos exercicios.

No sector do transporte galego unha industria que se pode considerar como emerxente é a aeronáutica. Os últimos datos publicados polo Consorcio Aeroespacial de Galicia, aínda referidos a 2023, indican que o sector se configura ao redor de 60 empresas que empregan 1.600 persoas e facturan 132 millóns de euros. Obviamente, estas cifras quedan moi afastadas das da automoción ou da construción naval, pero a súa capacidade de innovación e de creación de valor engadido é notable. As empresas galegas do sector atenden os principais construtores aeroespaciais do mundo, polo que é unha actividade totalmente enforcada cara ao comercio exterior. Iso suxire que non vai quedar exenta dos vaivéns que poida experimentar o mercado mundial coa nova política arancelaria dos Estados Unidos. Doutra banda, dentro da aeronáutica cabe significar a traxectoria que está a seguir nos últimos anos o Polo Aeroespacial de Rozas, que contou como empresa tractora coa multinacional estadounidense Boeing e que actualmente dispón de cinco socios estratéxicos. Neste polo cabe destacar a forte aposta por unha das actividades que emerxeron considerablemente na economía mundial, a industria dos drons e dos artefactos non tripulados. Esta actividade, que se iniciou a mediados da década pasada auspiciada pola Administración autonómica, foi evolucionando para irse adaptando ás necesidades do mercado e, de feito, existe a pretensión de estendela por outros territorios de Galicia, mantendo As Rozas o seu centro tecnolóxico. É obvio que a demanda de drons se foi dirixindo a múltiples ámbitos, xa que non son utilizados só polo sector público senón que crece a iniciativa privada. Parece obvio lembrar o papel defensivo e ofensivo que están a desempeñar nos conflitos bélicos actuais á hora de garantir a seguridade e a defensa. En definitiva, trátase dun sector emerxente e que pode xerar un armazón de empresas de alta tecnoloxía de interese na estrutura industrial galega.

O sector galego da metalurxia e a fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes viña ocupando tradicionalmente en Galicia o terceiro lugar en canto á facturación industrial. Iso debíase ao papel que desempeñaba a produción de aluminio, actividade incluída nesta sección. A parálise de Alcoa propiciou que a cifra de negocios pasase de 3,26 millóns de euros en 2022 a 1,95 millóns en 2023, caída que se reflicte no IPI cun descenso do 16,3 %. Dese modo, este sector baixa nese ano

(último con datos dispoñibles) do terceiro ao quinto posto na clasificación galega, sendo superada, en canto a facturación, pola fabricación de produtos metálicos e pola confección de pezas de vestir. O seu peso nese ano tan só representa o 3,6 % da cifra total de negocios industrial. Desafortunadamente, o IPI non se recuperou en 2024; antes, ao contrario, proseguíu a súa traxectoria descendente (-1,8 %), de tal modo que a produción nese ano xa é un 64 % inferior á que se logrou en 2008. Sen dúbida, os vaivéns de Alcoa están a lastrar os resultados xerais deste tradicionalmente importante sector industrial en Galicia. Xa se comentaba con anterioridade que as suspensións cautelares das instalacións de parques eólicos están a afectar de maneira moi negativa esta actividade electointensiva. A recente creación dunha *joint venture* entre Alcoa e Ignis Equity Holdings abre a posibilidade de que a produción se poida renovar neste mesmo ano 2025. Doutra banda, dentro deste sector e ao contrario de Alcoa, as empresas do grupo padronés Aluminios Cortizo volven ampliar mercados e obter resultados positivos, aínda que xa en 2025 está a verse afectada, como outras empresas en Galicia, pola xa comentada con reiteración política arancelaria dos Estados Unidos que impacta moi directamente nesta actividade. No caso de Aluminios Cortizo obtén en torno ao 6% dos seus ingresos deste país americano. Aos mesmos problemas enfróntanse empresas tan importantes como, por exemplo, Extrugasa, con sede en Valga.

Nesta actividade tamén figura a produción siderúrxica, cuxo principal produtor é o grupo Megasa, empresa de Narón con plantas en Portugal, Zaragoza e na ría de Ferrol. A súa actividade viuse moi afectada polo prezo da electricidade que repercutiu en custos e nas vendas. A falta da publicación dos resultados de 2024, os de 2023 non foron positivos nin en facturación nin na contía de beneficios. A facturación total do grupo descendeu un 15 % e os beneficios nun 56 %. Na factoría de Narón, debido entre outros factores á fuga dunha fonte radioactiva comentada no *Informe* anterior, pasou de facturar 260,4 a 225 millóns de euros.

Tras a crise do aluminio, a sección de fabricación de produtos metálicos pasa a ocupar o terceiro lugar na clasificación galega en 2023 e o seu peso foi o 5,3 % do total. Estamos nunha actividade moi atomizada cun gran número de pemes e microempresas. O IPI mostra unha caída na actividade en 2024 do 1,5 %, con cifras moi afastadas das da primeira década deste século cando a construción mostraba un auxe que hoxe en día aínda non recuperou.

A madeira e o moble xunto coa confección de pezas de vestir son dous sectores tradicionais na industria galega. A súa facturación, en ambos os casos, rolda o 4 % do total e a súa actividade en 2024 non foi positiva, particularmente na industria da madeira xa que rexistrou un descenso do IPI dun 13,3 %, malia que as súas exportacións, en volume, se incrementaron un 8,7 %; se ben a súa dependencia cara aos mercados externos foi maior, como mostra o aumento dun 26,3 % no volume das súas importacións.

Os datos de facturación do sector da madeira galega que se presentaban no *Informe 2023* referidos a 2022 cun valor total de 2.700 millóns de euros manteñen o récord da facturación en Galicia. Os últimos resultados dispoñibles referidos a 2023 e recollidos no *Informe da Cadena Forestal-Madeira de Galicia 2023-2024*, elaborado por investigadores da Universidade de Vigo e pola Axencia Galega da Industria Forestal, poñen de manifesto un retroceso na facturación, que alcanzou a cifra de 2.438 millóns de euros; como se ve, moi lonxe da do ano anterior. A pesar do descenso no IPI, as expectativas para 2024 que se reflicten neste estudo son dunha moi leve melloría e sinalan que a facturación total roldará os 2.500 millóns de euros. Da cadea de valor existente en Galicia agárdase un lixeiro ascenso en 2024 na práctica totalidade de especialidades. Polo seu peso, destaca a industria de taboleiros e pasta, que pasará de facturar 970 millóns de euros en 2023 a 1.018 millóns en 2024. Neste ano só se agarda un leve retroceso na segunda transformación, segundo sector con maior peso, cuxa facturación baixará de 605 a 599 millóns de euros.

A empresa líder no sector de taboleiros é Finsa. En liña coa facturación total do sector, os últimos resultados dispoñibles reflicten unha caída en 2023 dun 13,8 % con respecto a 2022. Esta facturación foi de 1.223 millóns de euros, dos que 1.040 corresponderon aos produtos derivados da madeira. As

maiores reducións producíronse na súa área química. A expectativa é que en 2024 siga a tónica da industria en xeral e a facturación se manteña relativamente estable, pero sen alcanzar a lograda en 2022.

Vinculado co sector da madeira, a noticia con maior impacto mediático e social en 2024 foi a pretensión da empresa Altri de implantar unha fábrica de fibra téxtil a base de celulosa no municipio de Palas de Rei na provincia de Lugo. As últimas novidades sobre a traxectoria dun proxecto, na que se prevé un investimento próximo aos 1.000 millóns de euros e que a Xunta de Galicia considerou como estratéxico, foron a declaración favorable sobre o seu impacto ambiental por parte da Administración autonómica, malia que se lle esixen varias condicións á empresa, entre outras a xestión da auga. Para poder iniciar as obras precisase da tramitación da autorización ambiental integrada, requisito dos grandes proxectos industriais. No momento de redactar estas páxinas, a Administración aínda non emitiu unha proposta, á espera de dispoñer de toda a información precisa. Doutra banda, para a execución deste proxecto a empresa conta dispoñer cuns 250 millóns de euros de subvencións públicas. En abril de 2025 acaba de ter un revés, xa que o Goberno central excluíu este proxecto da axuda solicitada de 30 millóns de euros no PERTE para a descarbonización industrial; circunstancia que por agora non parece que vaia desanimar a empresa para proseguir coa actuación. No próximo *Informe*, xa transcorrido un ano con máis datos, teremos a oportunidade de comentar máis polo miúdo o estado de tramitación deste proxecto industrial.

Doutra banda, un sector tradicional na estrutura industrial en calquera territorio e no que a súa significativa presenza fomenta a innovación e a xeración de valor engadido é a fabricación de maquinaria e bens de equipo. Desafortunadamente, no contexto da industria galega esta actividade non é das máis relevantes. A súa cifra de negocios en 2023 non excede, segundo a *Enquisa Estructural a Empresas: Sector Industrial*, os 900 millóns de euros, o que supón tan só o 1,6 % da facturación industrial total. A boa noticia en 2024 foi o elevado crecemento observado nesta actividade. Así, o seu IPI aumentou un 15,5 %, a maior taxa de todas as divisións industriais galegas. Este comportamento en 2024 permitiulle recuperar os niveis de produción anteriores á crise económica de 2008.

O sector industrial que máis medrou en termos relativos nas últimas décadas en Galicia é o de bebidas. A súa evolución foi tan notable que a produción en 2008 era a metade da lograda en 2024. Nese ano, o incremento do IPI foi do 13,9 %, porcentaxe só superada pola fabricación de maquinaria e equipamento. A actividade de maior peso é a produción de viño, malia que grazas, sobre todo, á facturación da Corporación Hijos de Rivera tamén tivo importancia a fabricación de cervexa.

Un problema na industria vitivinícola en 2024 foi a acumulación de excedentes, en particular, de viño tinto. Iso xerou problemas especialmente na Ribeira Sacra, na que tiveron dificultades para recoller a colleita dese ano ante os excedentes acumulados. Desde a Xunta fóronse tomando medidas co fin de equilibrar oferta e demanda e iso parece que vai pola denominada colleita en verde, que consiste en vendimar cando os acios estean aínda inmaturos para reducir os rendementos das parcelas. O problema dos excedentes pode agravarse tras o coñecemento da política arancelaria da Administración americana e o seu posible impacto na comercialización de viño branco. A ameaza duns aranceis do 200 %, existente no momento de redactar este estudo, deixaría fóra os viños da DOP Rías Baixas dun dos seus máis importantes mercados internacionais e os problemas multiplicaríanse. Cabe agardar a ver se hai unha solución a este grave problema. Cun escenario tan complexo, os resultados da vendima de 2024 son os segundos mellores dos últimos dez anos. Recolléronse un total de 74 millóns de quilos de uvas, rexistrándose un sensible incremento nas DOP de Monterrei e Valdeorras, mentres que a recollida foi menor que en 2023 nas outras tres denominacións. A DOP Rías Baixas, con 42,1 millóns de quilos, lidera con gran diferenza o sector, posto que, na seguinte denominación, Ribeiro, a uva alcanzou os 11,1 millóns de quilos.

En canto á produción de cervexa destaca, como xa se indicou, a Corporación Hijos de Rivera coa súa emblemática marca Estrela de Galicia. A súa facturación en 2023 fora de 829 millóns de euros, 105 millóns máis que en 2022. Este volume de vendas permitiu incrementar nun 0,7 % a súa cota de

mercado e tamén abrirse máis aos mercados internacionais, que absorbían en torno ao 10 % das vendas totais. De entre as noticias que xerou esta sociedade sobresaí o investimento, en 2024, de 175 millóns de euros da súa segunda planta no polígono coruñés de Morás en Arteixo. Doutra banda, segue paralizada a edificación da planta que dotaría esta empresa dunha fábrica en Brasil. En suma, esta sociedade aspira a ser a primeira cervexeira de España e para incrementar a súa produción necesita con urxencia o pleno funcionamento da nova planta de Arteixo.

A confección de pezas de vestir é un dos sectores tradicionais da industria galega. En 2023, segundo a *Enquisa Estructural a Empresas: Sector Industrial*, contaba con 689 locais en Galicia, nos que se xeraba unha cifra de negocios de 2.012,7 millóns de euros, o 3,7 % do total do sector industrial. A súa evolución en 2024 en función do IPI é moi positiva, xa que evidencia un incremento na actividade dun 12 %, polo que nese ano se produce un 32,4 % máis do que se xeraba en 2008. Esta situación reflicte unha maior demanda das grandes empresas comercializadoras que operan en Galicia. Situación contraria á confección de pezas de vestir presenta a produción na industria téxtil cabeceira, practicamente inexistente en Galicia, posto que a súa cifra de negocios era de tan só 220 millóns de euros en 2023 e o IPI en 2024 mostraba un descenso do 14 %. Desde 2008 a súa produción descendeu nun 75 %.

No sector da confección de pezas de vestir en Galicia, que ten unha forte competencia de Portugal, conviven empresas fabricantes con aquelas que están máis orientadas á comercialización. Desde a Agrupación Industrial Téxtil-Moda de Galicia (Cointega) destácanse os problemas aos que se enfronta o sector e subliñan a necesidade de avanzar nun plan estratéxico. Sostibilidade (loitar contra a imaxe de que o sector contamina), a xeración de novas vocacións, a dixitalización e novos modos de comercialización son obxectivos que deben abordarse para que progrese esta actividade.

En todo caso, a presenza de Inditex en Galicia eclipsa os resultados da confección. En 2024, as cifras da multinacional con sede en Arteixo, líder mundial do seu sector, seguen asombrando. Segundo informa esta sociedade, as súas vendas creceron un 7,5 % cunha facturación de 38.632 millóns de euros (o conxunto da industria galega facturaba en 2023, 45.016 millóns de euros). A evolución foi favorable en todos os formatos comerciais, pero en especial nas tendas *online* (10.163 millóns de euros). O beneficio antes de impostos aumentou un 10,3 %, ata 7.577 millóns de euros e o beneficio neto incrementouse un 9 %, ata 5.866 millóns de euros. En suma, estamos fronte a un coloso que mantén o seu bo ritmo de crecemento. Actualmente ten presenza en 214 mercados e con potencia de mellorar a súa cota de mercado co lanzamento de novas iniciativas. As súas expectativas, manifestadas polo grupo, céntranse en optimizar as tendas e para iso van crecer un 5 % no espazo bruto anual no bienio 2025-2026 e no incentivo da venda *online*. Para iso prevén, en 2025, un investimento de 1.800 millóns de euros. En 2024 e 2025, Inditex incidiu na planificación lóxística, cun investimento de 900 millóns de euros.

Xunto con Inditex, pero a moita distancia na súa facturación, Galicia conta cun nutrido grupo de empresas que operan en territorios diversos, pero teñen a súa sede social en Galicia. Como xa indicabamos en *Informes* anteriores Adolfo Domínguez, Téxtil Lonia ou Bimba e Lola son algunhas das sociedades punteiras neste sector. Os resultados das tres en 2024 foron, polo xeral, positivos. Unha excepción foi Téxtil Lonia, que tivo uns ingresos netos de 414 millóns de euros, 16 millóns menos que en 2023. Pola contra, Adolfo Domínguez aumentou as súas vendas un 7,8 %, ata alcanzar os 136,5 millóns de euros, e o seu beneficio situouse en 0,9 millóns de euros. Máis modesto foi o crecemento de Bimba e Lola, só un 3 %, e unhas vendas de 234 millóns de euros.

En canto aos restantes sectores, no cadro 43 apréciase que o valor máis baixo do IPI, 42,2, alcánzase nas artes gráficas e a reprodución de soportes gravados. Os resultados son tan negativos que, segundo esta fonte, a produción descendeu un 57,8 % desde 2021 e, con respecto a 2023, a caída foi do 12,9 %. A cifra de negocios en 2023 foi de 730 millóns de euros, o que só supón o 1,7 % do total da industria en Galicia. Os cambios tecnolóxicos e nos hábitos dos consumidores están a afectar o sector, no que algunhas empresas non teñen máis remedio que reconverter a súa actividade habitual

para poder sobrevivir, dirixíndose máis cara á embalaxe e aos folletos comerciais. Nos últimos anos obsérvase un exceso de capacidade debido a unha redución xeneralizada do uso do papel. Aínda así, no sector do libro, na actual convivencia do papel co libro dixital, a posición do libro en papel segue sendo predominante e será un reto que se manteña así no futuro.

A ocupación

As expectativas optimistas sobre a ocupación industrial en Galicia que existían a finais de 2023 e se reflectían no *Informe* precedente confirmáronse cos resultados sobre o emprego alcanzados en 2024. Así, un incremento no VEB dun 2,5 % xerou un aumento na ocupación de nada menos un 9 %, polo que converte esta actividade no macrosector máis dinámico en canto á creación de emprego. De feito, grazas á industria e, en menor medida, á construción, o emprego en Galicia medrou un 1,4 %, xa que as taxas de variación no sector primario e nos servizos foron negativas. Este espectacular crecemento de 15.100 traballadores supuxo que o peso relativo da ocupación industrial galega sobre o total subise nese ano e alcanzase o 16 %; porcentaxe que practicamente coincide co peso que ten o VEB con respecto ao PIB.

Na industria manufactureira o crecemento no emprego foi do 6,2 % e en maior ou menor medida os aumentos rexistráronse en case todos os sectores. Cabe destacar material de transporte, que de 33.900 ocupados en 2023 pasou a 40.600 en 2024. Esta maior contratación pon de manifesto a puxanza desta actividade que, xunto con alimentación, sector no que a ocupación tan só subiu en 800 persoas, son as que seguen absorbendo a maior cantidade de emprego industrial en Galicia. É salientable tamén a evolución dos grupos de metalurxia, de produtos metálicos, de bens electrónicos e da maquinaria. A pesar do estancamento na produción en todas estas actividades, salvo maquinaria, froito da situación xa comentada na epígrafe anterior, en 2024 contabilizáronse 3.300 traballadores máis; o que revela unhas expectativas optimistas que, sen dúbida, se non inciden negativamente factores exóxenos, repercutirán nun incremento da actividade nos próximos anos. Doutra banda, a creación de emprego nestes sectores industriais contrasta coa leve perda de emprego tanto na industria téxtil e da confección (400 persoas) como na da madeira e o moble (300 persoas).

Cadro núm. 4
Ocupación no sector industrial (miles de persoas)
Datos coa base de poboación de 2021

	Ocupación (miles)			TVI (%)	
	2022	2023	2024	2023	2024
05-09 Industrias extractivas	3,3	3,8	4,2	15,2	10,5
10-33 Industria manufactureira	155,4	157,8	167,6	1,5	6,2
35-39 Enerxía, subministración de auga e xestión de residuos	7,1	6,6	11,5	-7,0	74,2
Total Industria Galicia	165,8	168,2	183,3	1,4	9,0
Total Galicia	1.103,5	1.128,5	1.144,0	2,3	1,4
% Industria/total	15,0	14,9	16,0	-0,8	7,5

Fonte:EPA, IGE-INE.

En liña coa industria manufactureira tamén nos sectores extractivos e enerxéticos medrou fortemente o emprego. O máis destacable é o ocorrido en 2024 na industria enerxética, na subministración de auga e na xestión de residuos. Segundo a EPA, pasouse de 6.600 ocupados en 2023 a 11.500 en 2024, o que supón un incremento do 74,2 %. En tan só un ano, sorprendentemente, case se duplicou o emprego existente e iso a pesar dunha caída estimada do seu VEB nun 2,3 %. Estes resultados mostran como a ocupación recupera o nivel logrado en 2021, polo que as grandes perdas rexistradas en 2022 e 2023 quizais obedezan a situacións conxunturais que parecen estar superadas.

Prezos, custos e salarios

A traxectoria dos prezos e dos custos empresariais incide na posición da industria galega fronte aos seus competidores. Nos *Informes* precedentes constatabase a forte tensión inflacionista

observada tras a pandemia, que levou a que o índice de prezos industriais (IPRI) crecese en Galicia en nada menos que un 40,3 % en 2021 e un 13 % en 2022. Estas cifras, explicables pola concatenación de varios factores, tales como a crise nas subministracións ou as fortes alzas nos prezos enerxéticos, eran similares ás alcanzadas no conxunto de España. Afortunadamente, esta situación só perdurou estes dous anos, xa que en 2023, como se observa no cadro 5, tivo lugar unha caída do índice xeral do IPRI dun 5,9 %; o que supuxo un certo alivio fronte á preocupante escalada dos prezos dos exercicios anteriores. Evidentemente, esta baixada non contrarresta os aumentos de 2021 e 2022, polo que os prezos foron moito máis elevados dos que había en 2020. Con todo, cabe matizar que a caída dos prezos industriais en 2023 debeuse á forte desaceleración dos prezos da enerxía. De certo, nese ano na industria manufacturera os prezos apenas variaron con respecto a 2022, mentres que nas industrias extractivas seguiron incrementándose a ritmos moi elevados (7,7 %).

Tras a traxectoria dos anos precedentes, que supuxo unha aceleración dos prezos industriais en relación aos anos anteriores á pandemia, en 2024 o índice xeral do IPRI incrementouse un 2,5 %. Iso suxire que, aínda que volven aflorar as tensións inflacionistas, non son tan fortes como as observadas en 2021 e 2022. Cómpre ter en conta que este aumento do 2,5 % é o resultado da conxunción da variación dos prezos en todos os sectores industriais e a súa contía positiva explícase, sobre todo, polo comportamento do sector enerxético, actividade na que os prezos creceron un 16,1 %. Esta actividade está a mostrar unha volatilidade moi elevada, xa que os prezos dun ano a outro nesta década estiveron subindo ou baixando en taxas de dous díxitos. Pola súa banda, a industria manufacturera mostra unha evolución moi diferente. Tras un forte incremento da inflación en 2021 e 2022, en porcentaxes en torno ao 13 %, nestes dous últimos anos os prezos mantivéronse relativamente estables e cunha tendencia a un leve descenso do IPRI (-0,3 % e -0,8 % respectivamente). Tamén as

Cadro núm. 5

Índice de prezos industriais en Galicia. Por seccións e divisións da CNAE-2009. Taxas de variación interanual
(Ano 2021=100)

	España			Galicia		
	Decembro 2022	Decembro 2023	Decembro 2024	Decembro 2022	Decembro 2023	Decembro 2024
Índice xeral	14,9	-6,3	2,3	13,0	-5,9	2,5
B Industrias extractivas	9,2	4,0	1,4	11,2	7,7	0,8
C Industria manufacturera	13,6	-0,4	-1,0	13,8	-0,3	-0,8
10 Industria da alimentación	20,6	5,1	-2,8	20,1	3,6	-0,2
11 Fabricación de bebidas	6,0	9,0	4,2	6,0	10,2	-0,7
13 Industria téxtil	11,0	-0,1	0,5	12,8	6,1	-4,4
14 Confección de pezas de vestir	3,2	1,8	0,1	2,7	-0,5	-0,4
15 Industria do coiro e do calzado	3,8	2,2	0,9	..	..	..
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	16,3	-2,5	-1,1	17,7	-2,1	-1,8
17 Industria do papel	18,6	-8,3	2,1	13,8	-18,9	0,9
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	9,7	1,3	-2,3	7,9	1,9	-3,4
19 Coquerías e refino de petróleo	35,4	-11,5	-7,2	..	..	..
20 Industria química	8,4	-8,4	-0,1	11,1	-2,3	1,0
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	2,4	2,0	1,6	..	..	..
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	6,9	-0,3	0,8	8,9	-1,8	-0,5
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	16,1	6,5	0,8	9,5	6,7	1,7
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	0,9	-8,5	1,4	2,0	-8,2	10,7
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	9,0	-0,4	-0,2	14,8	1,8	-1,7
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	2,2	1,1	1,7	0,5	1,3	-0,2
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	7,6	1,5	-0,9	35,2	-9,8	-15,1
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	7,0	3,1	2,4	5,9	0,4	1,9
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	5,5	3,1	1,5	2,8	0,4	-1,1
30 Fabricación doutro material de transporte	2,7	4,3	0,1	-0,4	2,8	4,7
31 Fabricación de mobles	7,2	1,9	0,8	5,0	2,7	-0,3
32 Outras industrias manufacturerais	3,9	3,0	3,3	14,4	1,5	2,2
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	3,4	3,0	2,1	0,9	2,0	-6,3
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	20,4	-25,0	13,3	10,1	-26,2	16,1

Fonte: IGE.

mercadorías obtidas polas industrias extractivas moderaron a subida nos prezos e o seu IPRI medrou un 0,8 %.

A caída do IPRI nun 0,8 % en 2024 na industria manufactureira debeuse a un comportamento moi dispar dos sectores que a configuran. Iso adoita ser habitual. No cadro 5 apréciase como dúas divisións da CNAE-2009 experimentaron un elevado crecemento nos seus prezos. Ambas son, como xa se indicou, relevantes no conxunto da industria. Así, na metalurxia, na que se inclúe o aluminio, contrasta a caída da súa produción dun 1,5 % cun incremento dun 10,7 % no seu IPRI. Dentro deste complexo sector baixaron os prezos de practicamente todas as actividades salvo as incluídas no grupo 244-Produción de metais preciosos e doutros metais non férreos, no que se atopa o aluminio; o cal mantivo a súa traxectoria alcista que seguramente se verá reforzada en 2025 pola subida arancelaria estadounidense que para a Unión Europea supuxo impoñer unha taxa do 25 %, idéntica á que tamén se aplicou ao aceiro.

O segundo maior aumento nos prezos (considerando as divisións da CNAE-2009) produciuse no grupo da fabricación doutro material de transporte, que esencialmente en Galicia se circunscribe á construción naval e á aeronáutica. Neste caso o crecemento foi dun 4,7 %, o que supón un cambio nunha traxectoria de prezos estables nos últimos anos. Aquí a subida corresponde ás vendas efectuadas desde o sector naval, actividade que mostrou un incremento dun 5,7 % na súa actividade.

En sentido contrario, os sectores nos que máis caeron os prezos son a fabricación de material e equipamento eléctrico (grazas á fabricación de cablaxe), a industria téxtil (con moi escaso peso en Galicia e que se recupera tras as alzas dos anos anteriores) e as artes gráficas.

Esta evolución dos prezos industriais, que no seu conxunto foi dun 2,5 %, contrasta coa información que contén a *Enquisa Trimestral de Custo Laboral* elaborada polo INE e da que se pode facer unha aproximación sobre a evolución destes custos laborais na industria galega. Os resultados que se alcanzaron en 2024, obtidos a partir da media aritmética dos catro trimestres, son en Galicia un tanto sorprendentes. Así, segundo esta estatística, o custo salarial na industria da hora efectiva de traballo subiu, en termos nominais, un 7,8 %; cifra moi afastada, por exemplo, das pactadas nos convenios colectivos e, como se sinalaba anteriormente, moi por encima da taxa de inflación. Esta porcentaxe distancia considerablemente o dato galego do español, cuxo crecemento foi do 4,4 %, cifra menor que a de 2023. A diferenza de 3,4 puntos entre Galicia e España rompe coa tendencia dos últimos anos dunha variación relativamente compasada, se ben poida que permita reducir as diferenzas salariais coas comunidades autónomas con maior actividade económica.

Cabe considerar que, en paralelo ás estatísticas sobre os custos laborais, as dos convenios colectivos de traballo mostran, dun modo provisional, que o total de convenios asinados con efectos económicos en 2024 rexistran en Galicia unha variación salarial do 3,31 % (a cuarta máis alta de España

Cadro núm. 6
Custos laborais e salarios (en euros)

	2022*	2023*	2024*	TVI 2023/2022	TVI 2024/2023
Industria, construción e servizos					
Custo laboral total por hora efectiva					
España	22,14	23,38	24,37	5,6	4,3
Galicia	19,83	20,80	22,08	4,9	6,1
Custo salarial total por hora efectiva					
España	16,50	17,31	18,02	5,0	4,1
Galicia	14,68	15,21	16,16	3,6	6,2
Industria					
Custo laboral total por hora efectiva					
España	23,96	25,28	26,45	5,5	4,6
Galicia	21,77	23,13	24,84	6,3	7,4
Custo salarial total por hora efectiva					
España	17,72	18,58	19,40	4,9	4,4
Galicia	16,07	16,90	18,21	5,2	7,8

* Media dos catro trimestres.
Fonte: *Enquisa Trimestral de Custo Laboral*. INE.

tras País Vasco, Navarra e Madrid); porcentaxe moi afastada dos custos salariais que se reflicten no cadro 6. Esta peculiar evolución dos custos laborais e salariais na industria galega tamén se observa, aínda que cun menor crecemento, nos servizos, pero non así na construción.

En todo caso, a teor dos resultados da *Enquisa Trimestral de Custo Laboral*, parece que atravesamos un período de alza nos custos salariais industriais que se trasladan en case a mesma contía aos custos laborais, sendo estes incrementos sensiblemente máis notables en Galicia que en España. A lóxica económica faría supoñer que este aumento dos custos podería repercutir nos prezos e xerar con iso unha espiral inflacionista, de maior ou menor impacto, segundo evolucionen a produtividade ou a demanda no mercado de bens. Polo de agora, non se observa un traslado cara aos prezos e, de feito, os analistas centran a evolución destes nos avatares que poidan atravesar os mercados mundiais polas transformacións que está a experimentar o comercio internacional ante as medidas proteccionistas.

As opinións dos empresarios industriais sobre a actividade

A utilización ata o de agora da información obxectiva (actividade, emprego, prezos, custos laborais, comercio externo ou base exportadora) que proporcionan diversas institucións permítenos avaliar a traxectoria da industria galega en 2024. Estas estatísticas complétanse nesta epígrafe coa información obxectiva e subxectiva que achegan as empresas na operación estatística que realiza o Ministerio de Industria e Turismo denominada *Enquisa de Conxuntura Industrial* (ECI). Con ela o que se pretende é coñecer, con carácter mensual, a situación conxuntural da industria española. Esta estatística presenta a traxectoria dun conxunto de variables que nos permiten apreciar o estado da industria española no seu conxunto e a das diferentes comunidades autónomas, e cada trimestre ampliase cunha interesante información adicional. O conxunto de datos obtidos serve de base para elaborar o índice de confianza industrial (ICI).

O feito de tratarse dunha enquisa estatal motiva que os resultados perdan robustez cando se desagregan por comunidades autónomas e, aínda máis, se se descende a estudar subsectores industriais. Proporciona información sobre os valores totais e ademais preséntanse os resultados das diversas variables considerando o destino económico dos bens. Con esta desagregación, os resultados galegos teñen que tomarse como meramente indicativos e a perda de significación estatística fai que o Ministerio só publique para Galicia datos de dous grupos: o fabricante de bens de consumo e o de bens intermedios. Carecemos, por tanto, de información sobre a traxectoria dos bens de investimento, claves na industria galega, posto que, como xa sinalamos anteriormente, inclúe sectores tan relevantes como a fabricación de coches, a construción naval ou a fabricación de maquinaria. Tampouco se facilitan datos sobre o sector enerxético.

Cabe supoñer que os resultados que se proporcionan sobre o conxunto da industria son en realidade a agregación dos dous sectores dos que se ten información. Parece máis coherente que neste estudo se describan os dous grupos de forma separada sen considerar o valor total da industria. Doutra banda, para simplificar, simplemente compararemos a situación que estes dous grupos industriais tiñan ao comezo de 2024 coa que se apreciaba a finais dese ano.

Así, no referente á fabricación de bens de consumo, lembremos que o IPI cifraba nun -0,4 a caída no grupo de bens de consumo duradeiro e nun aumento do 6,2 % nos bens non duradeiros. Pola súa banda, a ECI referida ao mes de xaneiro de 2024 reflectía unha tendencia na carteira de pedidos máis baixa da que se considera habitual, situación que cambia a finais de 2024 ante unha percepción máis optimista. Por outra parte, non parece existir neste sector preocupación polos stocks de produtos terminados tanto a principio como a finais do ano. Mentres, a tendencia sobre a produción realizada foi mellorando conforme avanzou 2024, xa que o ano comezou coa percepción de que se estaba producindo por baixo do que se consideraba normal e finalizou indicando que a situación era de normalidade. En canto ao emprego, as expectativas negativas tamén melloraron co paso dos meses

e os prezos mantiveron neste tempo unha certa estabilidade. Con todo, esta descrición que certamente reflicte unha melloría no comportamento do sector a fin de ano con respecto ao comezo deste, non se percibe nas declaracións empresariais sobre o uso da súa capacidade produtiva. A finais de ano o uso declarado era dun 57,74 %, case dous puntos máis que a cifra observada a finais de 2023, un 55,87%.

Unha cuestión tamén de interese é coñecer a percepción que teñen os empresarios sobre os factores produtivos que están a limitar a súa produción. Neste grupo de bens apréciase que nin a carencia de man de obra nin de materias primas ou os problemas de tesourería representan un obstáculo importante. Non ocorre o mesmo coa demanda existente, que a cualifican como débil e freo para a produción. Pero neste período a limitación máis transcendente é a situación exóxena ás empresas, ou sexa, as circunstancias da contorna que inciden negativamente nos seus negocios. Tamén, conforme transcorreu 2024 o período de días co traballo asegurado pola carteira de pedidos foise reducindo, xa que comezou o ano con 110 días e finalizou con 87.

O outro grupo do que se dispón de información da ECI é o de fabricantes de bens intermedios. A traxectoria durante 2024 non foi similar á dos bens de consumo. En canto á carteira de pedidos, pasouse dunha situación de normalidade a principios de ano, a outra con menos pedidos do que cabería agardar ao finalizar o exercicio. Este problema é máis grave na demanda estranxeira. A caída na demanda conduciu a un incremento nos stocks, nun contexto dunha produción relativamente estabilizada, co que se mantén o emprego. Unha preocupación que se detecta finalizado 2024 é a evolución dos prezos, cunhas expectativas á alza fronte á situación de estabilidade que se tiña no mes de xaneiro. Neste contexto, o uso das plantas foi mingando conforme transcorreu o ano. En xaneiro as empresas utilizaban un 98,58 % e, un ano máis tarde, ese uso reduciuse en 11,49 puntos porcentuais, xa que pasou ao 87,09 %.

Sobre os factores que limitan a produción, as respostas van na mesma liña que a dos empresarios que fabrican bens de consumo. Como estes, nin a man de obra, nin as materias primas, nin os problemas de tesourería dificultan a actividade, pero si o fan a demanda interna e externa e outros factores exógenos ás empresas. Doutra banda, neste sector o tempo de traballo asegurado é moi curto, xa que pasou de 12 días a principios de 2024 a 27 no inicio de 2025.

A dimensión das empresas

A apertura ou o peche de empresas en Galicia complementa a análise realizada ata o de agora sobre a dinámica industrial seguida en 2024 e á súa vez permítenos visualizar os cambios que se están producindo na estrutura da industria. Para iso valémonos do Directorio Central de Empresas (DIRCE) elaborado polo INE. No cadro 7 preséntase a traxectoria seguida no período 2022-2024, coa indicación de que a información corresponde ao 1 de xaneiro de cada ano, polo que en pureza a estatística de 2024 se refire realmente ao número de empresas industriais existentes en Galicia a finais de 2023.

Da observación do cadro 7 aprécianse dúas cuestións transcendentais sobre a conxuntura industrial galega. A primeira é que, no último ano con información dispoñible, se reduciu o saldo negativo de aperturas e peches de empresas; saldo que en 2023 acadou unha dimensión alarmante. Nese ano contabilizáronse 921 empresas menos, o que supoñía un descenso do 8% sobre o total, circunstancia que obviamente reflectía unha significativa perda de dimensión e unha reconfiguración da estrutura industrial galega. Esta caída non parece que chegase ao seu fondo xa que en 2024 ese saldo volveu ser negativo, aínda que as cifras son sensiblemente inferiores ás de 2023. A 1 de xaneiro de 2024 rexistráronse en Galicia 205 empresas industriais menos que na mesma data de 2023, o que supón

Cadro núm. 7

Número de empresas industriais localizadas en Galicia

	Total				Microempresas			
	2022	2023	2024	TVA (%) 2024/2023	2022	2023	2024	TVA (%) 2024/2023
05 Extracción de antracita, hulla e lignito	1	1	2	100,0	1	1	2	100,0
06 Extracción de cru e gas natural	0	0	1		0	0	1	
07 Extracción de minerais metálicos	10	9	9	0,0	8	9	8	-11,1
08 Outras industrias extractivas	172	135	127	-5,9	134	101	93	-7,9
09 Actividades de apoio ás industrias extractivas	1	1	1	0,0	1	1	1	0,0
10 Industria da alimentación	1.912	1.786	1.751	-2,0	1.516	1.388	1.357	-2,2
11 Fabricación de bebidas	499	459	462	0,7	453	413	421	1,9
12 Industria do tabaco	0	0	0		0	0	0	
13 Industria téxtil	378	338	310	-8,3	348	309	285	-7,8
14 Confección de pezas de vestir	665	575	538	-6,4	600	515	484	-6,0
15 Industria do coiro e do calzado	44	39	35	-10,3	35	30	27	-10,0
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	904	838	801	-4,4	783	720	685	-4,9
17 Industria do papel	39	38	36	-5,3	26	26	25	-3,8
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	714	663	659	-0,6	675	625	618	-1,1
19 Coquerías e refino de petróleo	1	0	0		1	0	0	
20 Industria química	121	117	113	-3,4	90	86	81	-5,8
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	11	12	10	-16,7	7	9	8	-11,1
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	159	142	138	-2,8	102	89	81	-9,0
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	633	574	556	-3,1	527	468	449	-4,1
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	75	76	80	5,3	50	52	51	-1,9
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	2.008	1.838	1.816	-1,2	1.744	1.563	1.537	-1,7
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	91	73	74	1,4	81	64	64	0,0
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	64	57	51	-10,5	47	37	35	-5,4
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	255	234	237	1,3	169	145	146	0,7
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	86	95	86	-9,5	46	58	50	-13,8
30 Fabricación doutro material de transporte	140	124	131	5,6	96	79	86	8,9
31 Fabricación de mobles	711	653	644	-1,4	656	596	583	-2,2
32 Outras industrias manufactureiras	544	523	520	-0,6	515	497	495	-0,4
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	902	875	876	0,1	731	702	704	0,3
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	364	308	314	1,9	348	291	300	3,1
Total	11.504	10.583	10.378	-1,9	9.790	8.874	8.677	-2,2

Fonte: Directorio Central de Empresas, INE.

unha caída do 1,9%. A segunda cuestión é que este saldo negativo se explica case exclusivamente pola traxectoria das micropemes. Así, mentres que en 2023, dun saldo total de 921 empresas menos, o das micropemes foi de 916; en 2024, de 205 empresas menos no sector industrial, 197 correspondían a micropemes. Ante estes datos resulta evidente que as pemes e macroempresas manteñen a súa presenza en Galicia sen experimentar un sensible incremento (os peches compénsanse coas aperturas), pero non sucede o mesmo coas micropemes, que cada vez son menos; ata o extremo que de dispoñer de 9.790 empresas destas características en 2022 pasouse a 8.677 en 2024. Estas caídas reflicten a dificultade de permanencia das micropemes aguilloadas por unha competencia máis vantaxosa das empresas de maior dimensión que actúan nun mercado máis amplo. A maiores, hai que ter en conta que moitas das sociedades de menor dimensión, máis que empresas industriais, son certamente artesanais e afrontan na actualidade problemas de supervivencia moi complexos como son as sucesións, as dificultades de abrir ou de obter beneficios nos mercados ou a moi escasa capacidade de innovación. Por outra parte, o número de pemes e macroempresas industriais non creceu en Galicia, xa que se contabilizaron 5 menos en 2023 e 8 menos en 2024. Porén, a teor dos resultados do emprego, apreciamos que están a aumentar a súa dimensión, circunstancia positiva na dinámica industrial galega.

En canto ao comportamento sectorial, en practicamente todas as divisións da CNAE-2009 os peches superan as aperturas en 2024. O máis positivo obsérvase na traxectoria do sector metalúrxico que crece nun 5,3 no seu número de empresas debido á contabilización de 4 máis e ademais cunha certa dimensión, xa que se trata de 5 novas pemes que contrarrestan a perda dunha micropeme. Tamén foi positiva a dinámica do grupo da fabricación doutro material de transporte (sector naval e aeronáutico) cun saldo de 7 novas micropemes. No lado contrario sitúanse a maioría dos restantes sectores, xa que case todos contan con menos empresas, se ben en 3 os descenso superan o 10%. Trátase da industria do coiro e calzado, actividade non moi significativa na estrutura industrial galega;

a fabricación de produtos farmacéuticos, que de 12 pasan a 10, sendo este un sector relativamente importante pola súa capacidade de innovación e a xeración de valor engadido, e, finalmente, a fabricación de material e equipamento eléctrico, que de 57 baixan a 51 empresas en tan só un ano. Unha actividade con caídas próximas ao 10%, en concreto o 9,5 %, foi a fabricación de vehículos de motor; actividade, como se viu, vital na industria galega. A súa traxectoria entre 2022 e 2024 non deixa de ser curiosa, posto que de 86 empresas en 2022 subiu a 95 en 2023, para volver de novo a 86 en 2024. As pemes teñen moito peso nesta actividade que, a expensas de irse resolvendo as incertezas que afectan o mercado, son un dos piares da actual estrutura industrial galega.

Os dous sectores que acaparan o maior número de empresas en Galicia son a industria da alimentación e a fabricación de produtos metálicos. Configúranse moi maioritariamente por micropemes, aínda que, en ambos, as pemes foron adquiriron nas últimas décadas unha certa dimensión. Nos dous casos, o saldo entre aperturas e peches de empresas segue sendo negativo, malia que a reconfiguración interna que insinuaban os resultados de 2023 non parece que proseguise en 2024, xa que o descenso no número de empresas foi máis moderado.

A presenza da industria galega nos mercados estranxeiros

A pesar de que un capítulo deste *Informe* se refire integramente á internacionalización da economía galega e nel, obviamente, se describe a evolución do comercio de mercadorías co estranxeiro, este apartado obedece ao feito de que unha boa parte da produción industrial de Galicia se destina a outras comunidades autónomas españolas e ao estranxeiro, de onde tamén proceden parte dos insumos da produción. A presenza nestes mercados foráneos inciden cada ano no comportamento e nos resultados da industria, polo que nesta epígrafe se presentará e analizará brevemente a traxectoria da balanza comercial da industria galega en 2024 como indicador da dinámica industrial existente. Así, para calibrar a importancia das vendas galegas ao estranxeiro cómpre ter en conta que mentres en 2023 a cifra de negocio da industria manufactureira galega se elevaba aos 45.016,4 millóns de euros (último dato dispoñible); a contía das exportacións nese ano alcanzaba un total de 28.423 millóns, o que supón un 63,1 %, e todo iso xerando un VEB na industria manufactureira de 8.905,1 millóns de euros. Estas cifras, sen dúbida, marcan a importancia do comercio co estranxeiro nunha economía tan aberta como é a galega.

Lembrábase no *Informe* anterior que xustamente nos sectores con maior dimensión das empresas é onde se concentra a actividade comercial co estranxeiro. Certamente, coa maior perda de micropresas, o peso relativo dos sectores coas sociedades con maior tamaño aumentou nos últimos anos. O liderado séguese mantendo o sector da automoción cun peso relativo das pemes e macroempresas do 41,9 % e, á súa vez, lidera a clasificación exportadora grazas ás transaccións efectuadas pola multinacional Stellantis. Moi de preto atópase o sector dos cauchos e plásticos cun 41,3 %, aínda que a súa facturación fai que o seu peso relativo no comercio externo non sexa moi relevante. Outros sectores como a maquinaria, a industria do papel, a metalurxia, o equipamento eléctrico ou a fabricación de maquinaria tamén superan o 30 %.

Con esta estrutura industrial, nos cadros 8 e 9 expóñense os resultados do comercio co estranxeiro por divisións industriais da CNAE-2009. Esta información obtense do IGE, xa que as últimas publicacións do Ministerio de Industria e Turismo non optan por esta clasificación. Como xa se indicaba no *Informe* anterior, a información do valor do comercio medida en termos de euros correntes de cada ano presenta o inconveniente de que a comparación de 2024 con 2023 está afectada pola variación dos prezos; circunstancia que se fai moi evidente en períodos inflacionistas e distorsiona severamente os resultados reais, sobre todo cando os incrementos dos prezos son elevados. Por esta razón, de modo complementario ao cadro 8, preséntase o cadro 9, no que se tentan eliminar as perturbacións que provoca a traxectoria dos prezos ao deflactar os valores monetarios polos respectivos índices de valor unitario elaborados periodicamente polo IGE.

Cadro núm. 8

Evolución do comercio co estranxeiro por agrupacións industriais

En miles de euros correntes

EXPORTACIÓN	2023	2024	% 2024 sobre o total	TVI (%)
B Industrias extractivas	316.749	251.529	0,9	-20,6
C Industria manufactureira	28.422.922	29.273.348	99,1	3,0
10 Industria da alimentación	3.619.567	3.675.959	12,5	1,6
11 Fabricación de bebidas	119.704	120.381	0,4	0,6
12 Industria do tabaco	3.439	2.744	0,0	-20,2
13 Industria téxtil	799.327	867.242	2,9	8,5
14 Confección de pezas de vestir	6.132.083	6.344.053	21,5	3,5
15 Industria do coiro e do calzado	674.973	698.836	2,4	3,5
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	552.040	516.892	1,8	-6,4
17 Industria do papel	308.994	362.255	1,2	17,2
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	467	453	0,0	-3,2
19 Coquerías e refino de petróleo	1.392.413	1.214.475	4,1	-12,8
20 Industria química	1.190.716	1.123.166	3,8	-5,7
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	89.783	127.568	0,4	42,1
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	371.384	400.110	1,4	7,7
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	534.778	529.952	1,8	-0,9
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	1.107.810	1.334.828	4,5	20,5
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	754.375	548.437	1,9	-27,3
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	180.308	267.626	0,9	48,4
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	444.640	446.632	1,5	0,4
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	1.096.760	1.132.462	3,8	3,3
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	8.431.982	8.900.848	30,1	5,6
30 Fabricación doutro material de transporte	183.354	230.318	0,8	25,6
31 Fabricación de mobles	299.600	278.219	0,9	-7,1
32 Outras industrias manufactureiras	134.423	149.895	0,5	11,5

IMPORTACIÓN	2023	2024	% 2024 sobre o total	TVI (%)
B Industrias extractivas	2.806.454	3.488.483	17,4	24,3
C Industria manufactureira	17.043.924	16.602.836	82,6	-2,6
10 Industria da alimentación	4.116.578	4.307.209	21,4	4,6
11 Fabricación de bebidas	41.466	42.003	0,2	1,3
12 Industria do tabaco	119	83	0,0	-30,1
13 Industria téxtil	705.151	812.680	4,0	15,2
14 Confección de pezas de vestir	2.300.858	2.549.871	12,7	10,8
15 Industria do coiro e do calzado	254.774	259.211	1,3	1,7
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	145.343	173.912	0,9	19,7
17 Industria do papel	236.381	224.846	1,1	-4,9
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	63	250	0,0	296,3
19 Coquerías e refino de petróleo	606.085	273.658	1,4	-54,8
20 Industria química	839.959	764.727	3,8	-9,0
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	74.617	66.202	0,3	
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	317.271	336.553	1,7	6,1
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	146.330	137.204	0,7	-6,2
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	1.282.946	1.530.982	7,6	19,3
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	433.387	496.811	2,5	14,6
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	263.600	417.173	2,1	58,3
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	1.465.114	795.350	4,0	-45,7
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	905.748	967.813	4,8	6,9
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	2.464.188	2.139.571	10,6	-13,2
30 Fabricación doutro material de transporte	45.843	51.583	0,3	12,5
31 Fabricación de mobles	261.185	108.469	0,5	-58,5
32 Outras industrias manufactureiras	136.919	146.675	0,7	7,1

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria e Turismo.

Nestes cadros obsérvase que os resultados alcanzados pola industria galega nas súas vendas ao estranxeiro son, en xeral, positivos. Con respecto a 2023 en valor monetario incrementáronse un 3 %, porcentaxe que sobe ao 5,7 % se se deflacta polo índice de valor unitario. Así, e a expensas das turbulencias que poidan experimentar os fluxos comerciais debidas a unha posible crise no comercio mundial, os datos de 2024 confirman a traxectoria ascendente apreciada nos exercicios anteriores. Ademais, fortalecen os trazos estruturais que caracterizan o noso sector exportador. Deste xeito, máis da metade do exportado desde Galicia corresponde a dúas divisións, a fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques e a confección de pezas de vestir. En termos monetarios, esta porcentaxe sería do 51,6 % e esta enorme concentración refórzase se se engaden os produtos de alimentación, xa que a porcentaxe se situaría no 64,1 %, polo que case dous de cada tres euros do

Cadro núm.9

Evolución do comercio co estranxeiro por agrupacións industriais

En miles de euros deflactados polos índices de valor unitario. Referencia 2010

EXPORTACIÓN	2023	2024	% 2024 sobre o total	TVI (%)
B Industrias extractivas	210.871	162.413	0,7	-23,0
C Industria manufacturera	20.348.598	21.516.610	99,3	5,7
10 Industria da alimentación	2.230.858	2.270.232	10,5	1,8
11 Fabricación de bebidas	79.739	76.666	0,4	-3,9
12 Industria do tabaco				
13 Industria téxtil	865.541	931.116	4,3	7,6
14 Confección de pezas de vestir	4.664.245	4.782.190	22,1	2,5
15 Industria do coiro e do calzado	519.610	544.180	2,5	4,7
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	461.958	502.276	2,3	8,7
17 Industria do papel	238.329	263.861	1,2	10,7
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados				
19 Coquerías e refino de petróleo	664.858	605.119	2,8	-9,0
20 Industria química	955.478	994.040	4,6	4,0
21 Fabricación de produtos farmacéuticos				
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	427.222	419.226	1,9	-1,9
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	498.581	479.031	2,2	-3,9
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	665.671	868.463	4,0	30,5
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	583.611	411.338	1,9	-29,5
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos				
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	287.998	337.718	1,6	17,3
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.				
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	5.681.163	6.287.686	29,0	10,7
30 Fabricación doutro material de transporte				
31 Fabricación de mobles	380.977	316.086	1,5	-17,0
32 Outras industrias manufacturerais				

IMPORTACIÓN	2023	2024	% 2024 sobre o total	TVI (%)
B Industrias extractivas	1.390.435	1.846.344	12,6	32,8
C Industria manufacturera	13.306.209	12.851.487	87,4	-3,4
10 Industria da alimentación	2.386.975	2.521.342	17,2	5,6
11 Fabricación de bebidas				
12 Industria do tabaco				
13 Industria téxtil	691.189	826.903	5,6	19,6
14 Confección de pezas de vestir	1.801.345	2.050.724	14,0	13,8
15 Industria do coiro e do calzado	161.403	165.334	1,1	2,4
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	136.064	171.782	1,2	26,3
17 Industria do papel	175.071	167.358	1,1	-4,4
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados				
19 Coquerías e refino de petróleo	347.406	138.120	0,9	-60,2
20 Industria química	1.491.139	1.267.363	8,6	-15,0
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	378.001	218.922	1,5	-42,1
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	370.644	377.259	2,6	1,8
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	155.554	131.258	0,9	-15,6
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	896.601	1.114.820	7,6	24,3
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	281.219	316.038	2,2	12,4
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos				
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	737.610	526.025	3,6	-28,7
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	787.812	897.619	6,1	13,9
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	1.990.298	1.715.087	11,7	-13,8
30 Fabricación doutro material de transporte				
31 Fabricación de mobles	201.376	86.678	0,6	-57,0
32 Outras industrias manufacturerais				

Fonte: Elaboracións do IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Axencia Estatal de Administración Tributaria

valor da exportación da industria manufacturera proceden destas tres divisións. Das restantes, ningunha supera o 5 %, tanto en valores monetarios como en volume. Doutra banda, a esta gran concentración hai que engadir o carácter intraindustrial deste comercio, posto que os tres sectores anteriores son receptores, en 2024, do 44,8 % do que se importa.

A dinámica exportadora da industria manufacturera está moi mediatizada pola actividade en Galicia de dous grandes multinacionais: Stellantis e Inditex. O seu comercio aproxímase á metade do total e os resultados de 2024 cómpre consideralos positivos, especialmente os de Stellantis, que en volume aumentaron un 10,7 %. No que respecta a Inditex, a súa actividade nos centros loxísticos coloca o valor engadido galego dos produtos que se comercian, pezas de vestir, máis no ámbito da distribución comercial que no propio sector industrial. Nestes dous sectores son moi significativos

os seus saldos comerciais, en ambos os casos cun amplo superávit, sendo as cifras da automoción máis elevadas que as do comercio da confección de pezas de vestir. A terceira división industrial cun maior valor da exportación, o sector alimentario, vén presentando sistematicamente un déficit no seu saldo. As conservas de peixe absorben unha boa parte, tanto as exportacións como as importacións. En 2024, mentres as exportacións apenas variaron (en termos monetarios creceron un 1,2 %), as importacións aumentaron un 10,7 %; situación un tanto preocupante para a posición competitiva da industria con produción en Galicia. En todo caso, mantén un superávit comercial, que se converte nun déficit no conxunto dos produtos alimentarios debido ao peso importador das graxas e aceites animais e vexetais e aos residuos da industria alimentaria.

Sobre as demais divisións industriais, todas elas cun peso relativo moi baixo no total, pola contía exportadora das tres principais divisións, cabe subliñar, se se observa o cadro 9, a dinámica exportadora positiva do sector metalúrxico, de material e equipamento eléctrico e da industria da madeira. Finalmente, en canto ás importacións, xunto co xa indicado, cómpre salientar o gran descenso no valor do comercio do refino de petróleo, nada menos do 60,2 %; produto que tradicionalmente viña sendo un dos máis importantes no conxunto das importacións de bens destinados ao sector industrial galego. O seu peso relativo en 2024 foi case irrelevante, só do 0,9 %. Este comercio depende da estratexia de comercialización seguida na refinería coa que conta Repsol na Coruña. Neste cadro 9 tamén se constata a forte caída das importacións no sector do moble e na fabricación de produtos farmacéuticos.

A evolución da especialización industrial galega con respecto a España

Para finalizar este estudo sobre o comportamento do sector industrial, nesta epígrafe, cos datos máis recentes dispoñibles, téntase comparar a estrutura industrial vixente en Galicia coa existente en España. Mediante un índice simple analízase como evoluciona a especialización sectorial de Galicia con respecto a España. Para realizar este exercicio, que se veu facendo ininterrompidamente nos anteriores *Informes*, utilízase a enquisa industrial de produtos, operación estatística do INE que consiste en obter o valor de venda dos produtos máis relevantes fabricados nas diferentes comunidades autónomas a partir dunha enquisa. Desafortunadamente, ata xuño de 2025 non se dispoñerá da información de 2004, polo que os datos que se recollen no cadro 10 corresponden a 2023.

Como se mostraba noutras estatísticas, e non podería ser doutra forma, no cadro 10 apréciase como alimentación e os vehículos de motor acaparan o valor de venda dos produtos, ata o punto de que, neste caso, representan o 44,8 % do total industrial incluído o sector da enerxía. Os seguintes sectores, a propia enerxía e os produtos metálicos, só absorben nesta mostra o 5,7 % do total.

En canto á industria española, a primeira cuestión que hai que sinalar é que o peso relativo do valor das vendas en Galicia é do 7,2 %, porcentaxe sensiblemente maior á do PIB (5,2 %) ou á do VEB industrial (6,3 %) nese ano. Doutra banda, apréciase que tres sectores teñen un peso no contexto da industria española moito máis elevado que o do total. Destaca, sobre todo, a confección de pezas de vestir, da que Galicia absorbe nada menos que o 44,8 % do valor das vendas en España. Tamén esta porcentaxe é relativamente elevada no grupo da madeira (16,5 %) e na de vehículos de motor (13,9 %).

Para percibir a especialización sectorial da industria galega con relación á española, no cadro 10 preséntase un índice sinxelo. É un cociente no que o numerador recolle o peso que cada unha das divisións industriais galegas teñen con respecto ao conxunto español; variable que se pondera (denominador) polo peso que o sector industrial total galego ten no español. Os resultados deste coeficiente, denominado de especialización, figuran na última columna do cadro 10. Cómpre ter en conta que canto maior sexa o valor do índice, maior será a especialización dese sector en Galicia con

Cadro núm. 10

Composición da oferta industrial galega: valor de venda dos produtos industriais. Ano 2023

	CNAE-2009	Miles de euros	%	% Galicia/España	Coefficiente de especialización
Alimentación	10	9.804.122	23,3	7,9	109,4
Bebidas	11	1.455.444	3,5	7,5	103,4
Tabaco	12				
Téxtil	13	106.378	0,3	2,2	30,3
Confección de pezas de vestir	14	1.704.647	4,1	44,8	618,2
Coiro e calzado	15	185.513	0,4	5,4	74,8
Madeira e cortiza	16	1.352.355	3,2	16,5	228,3
Papel	17	589.784	1,4	3,5	47,7
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	18	125.506	0,3	2,8	38,0
Coquerías e refino de petróleo ¹	19				
Industria química	20	815.057	1,9	2,0	27,3
Produtos farmacéuticos ¹	21				
Manufacturas de caucho e plástico	22	1.040.098	2,5	4,6	63,8
Produtos minerais non metálicos	23	911.714	2,2	4,3	59,9
Producción, primeira transformación e fundición de metais	24	1.864.775	4,4	5,6	76,8
Produtos metálicos	25	2.390.733	5,7	5,9	80,8
Produtos informáticos, electrónicos e ópticos	26	184.658	0,4	4,2	57,6
Material e equipo eléctrico	27	452.760	1,1	2,9	39,6
Maquinaria e equipo	28	1.260.596	3,0	5,5	76,1
Vehículos de motor, remolques e semirremolques	29	9.050.617	21,5	13,9	192,3
Outro material de transporte	30	506.572	1,2	4,2	57,6
Mobles	31	700.311	1,7	8,7	120,7
Outras industrias manufactureiras	32	166.081	0,4	3,7	51,3
Reparación e instalación de maquinaria e equipo	33	1.182.457	2,8	6,6	90,9
Producción de enerxía eléctrica, gas e vapor	35	2.408.275	5,7	8,6	118,5
Total		42.074.126		7,2	100,0

¹ Non figura o dato para preservar o segredo estatístico.Fonte: Elaboración propia a partir da *Encuesta industrial de productos*, INE.

respecto a España. Simplificando pódese entender que se o valor é maior que 100, resulta unha especialización galega con respecto a España; mentres que non haberá especialización se o coeficiente é menor que 100.

Os resultados do cadro 10 non diverxen demasiado dos que se obtiñan no *Informe 2023*. Se entón se apreciaba unha especialización en 6 sectores, no cadro 10 amplíase a un máis debido á puxanza que está a alcanzar o sector de bebidas en Galicia, de tal modo que o seu coeficiente pasou en tan só un ano de 89,8 a 103,4. Estamos, como xa vimos anteriormente, ante unha actividade emerxente en Galicia, agora sometida á incerteza da política arancelaria de Estados Unidos. Das divisións restantes, cabe sinalar o valor do coeficiente da confección de pezas de vestir, 618,2; o que pon de manifesto unha altísima especialización, que tamén é moi forte no sector da madeira, 228,3.

En sentido contrario, considerando a industria española, existe un conxunto de sectores coincidentes cos que xa se observaban nos anos anteriores, nos que a industria galega non está especializada. O coeficiente máis baixo é o da industria química, 27,3, seguido pola industria téxtil cun 30,3. No cadro 10 apréciase que na nosa especialización non figuran sectores moi innovadores na industria e que se consideran de tecnoloxía alta ou media-alta. Hai que destacar que teñen pouca relevancia con respecto a España e, desafortunadamente, o seu coeficiente case non aumentou nos últimos anos, sectores como o da xeración de produtos informáticos, electrónicos ou ópticos, o de material e equipo eléctrico ou o de maquinaria e equipo. Finalmente, no cadro 10 chama a atención o baixo valor do coeficiente doutro material de transporte, un 57,6 (2,3 puntos máis baixo que en 2022), cando esta actividade inclúe o sector naval.

VI. Sector exterior

- As exportacións de Galicia creceron un 3,09 % en 2024, alcanzando un novo récord en termos monetarios, mentres se manteñen as importacións tras unha lixeira caída do 0,49 %.
- O peso das exportacións no PIB diminúe case un punto porcentual, chegando en 2024 ao 38 %, catorce puntos porcentuais máis que para o conxunto de España.
- A automoción, cunha dinámica exportadora positiva, lidera as exportacións galegas en 2024, das que concentra máis do 29 %, sendo o sector con maior contribución ao superávit comercial galego.
- O sector de combustibles encabeza as importacións galegas en 2024, mostrando unha dinámica importadora positiva tanto en volume como en valor. O segundo sector segue a ser o téxtil, tanto no *ranking* exportador como no importador.
- A porcentaxe de comercio intraindustrial continúa á baixa en 2024, pasando do 60 % en 2023 ao 58 %, como consecuencia da caída do índice para o sector da automoción, que xa só alcanza o 34 %.
- Aínda que o comercio exterior galego segue caracterizándose en 2024 pola diversificación, aumenta lixeiramente a concentración das exportacións e diminúe a concentración das importacións.
- O principal destino das exportacións galegas é de novo en 2024 a Eurozona (62 % do total), con Francia como socio preferente, e só se exporta fóra de Europa o 18 %.
- A Eurozona continúa perdendo peso como orixe das importacións galegas (32 % do total en 2024), sendo Portugal o maior socio, e tendo orixe fóra de Europa o 55 % do total importado.
- Pontevedra volve encabezar as exportacións galegas en 2024, acaparando o 49,3 % do total fronte ao 44,9 % da Coruña. As importacións seguen lideradas pola Coruña.
- Persiste a redución do número de empresas exportadoras en Galicia, tras unha caída en 2024 do 6,7 %.
- En Galicia o IED recibido en 2024 foi de 547 millóns de euros, un 29 % superior ao de 2023.
- O sector industrial percibiu o 83 % do IED entrante en Galicia en 2024, en particular a industria manufacturera, na que Galicia captou o 9 % do recibido a nivel estatal.
- O IED emitido por Galicia en 2024 medrou un 40 % fronte ao ano anterior, ascendendo a 2.178 millóns de euros (6,5 % do total emitido por España).
- A orixe do IED emitido por Galicia en 2024 mantense moi concentrada no sector das actividades inmobiliarias (92,3 % do total). Tamén son estas actividades ás que maioritariamente se dirixen os fondos (80,1 % do total), seguidas polas actividades financeiras (15 %).

Comercio exterior de mercancías

A inserción do comercio galego no comercio mundial

Segundo os últimos datos publicados pola Organización Mundial do Comercio (OMC) en abril de 2025, o volume do comercio mundial medrou en 2024 un 2,9 %. Esta dinámica positiva (fronte á diminución do 1 % en 2023) foi maior á previsión que fixera a propia organización en outubro pasado (2,7 %). En cando á produción, o crecemento do PIB nun 2,8 % (a mesma taxa que en 2023), tamén foi maior do esperado (2,7 %). Ese menor aumento da produción que do comercio evidencia unha certa intensificación do comercio internacional á que non se asistía nos últimos exercicios.

En termos monetarios, o comercio mundial (termo medio do valor das exportacións e importacións en dólares) subiu un 2 % en 2024 (fronte á diminución do 4 % o ano anterior). Os menores prezos, en particular os da enerxía e os dos alimentos (coa excepción das bebidas), explican ese menor incremento do comercio en valor que en volume. Aínda que a nivel agregado as variacións interanuais do comercio en 2024 non foron moi grandes, para algúns produtos os cambios que se deron foron significativos. Mentres o comercio de equipo de oficina e telecomunicacións medrou un 10 % en 2024 (fronte a unha caída do 6 % o ano anterior), o comercio mundial do sector da automoción (cunha gran relevancia para Galicia) caeu un 1 %, despois dun incremento do 20 % en 2023. No caso dos servizos, a variación interanual tamén foi positiva e a unha maior taxa que para as mercancías. En 2024, o valor das exportacións de servizos comerciais aumentou un 9 % (6,8 % o volume), correspondendo a maior subida ás viaxes e aos servizos prestados dixitalmente.

En canto á composición rexional do comercio, rexistráronse algúns cambios ao longo de 2024 que merecen ser comentados (cadro 1). Polo lado das exportacións, Asia mostrou o maior crecemento en 2024 (8 %), cun mellor resultado do que estaba previsto, seguida de América do Sur e Central (6,2 %). Polo lado das importacións, foron as de América do Norte as que obtiveron cifras superiores ás esperadas (cun 4,7 % de incremento interanual), mostrando Oriente Medio o maior aumento (15 %), seguido de América do Sur e Central. As demais rexións tiveron unha contribución positiva a ambos os fluxos comerciais, coa excepción de Europa. No caso de Europa, a súa achega en 2024 foi de novo negativa, tanto para as exportacións (-1,7 % de variación interanual) como para as importacións globais (-2,2 %). Considerando só o comercio dentro da Unión Europea, segundo os datos da Secretaría da OMC, os fluxos reducíronse en 2024 nun 3,2 %, contribuíndo a baixar os totais europeos

Cadro núm. 1
Evolución do comercio mundial de mercancías en volume
Taxas de variación interanuais (en %)

	2022	2023	2024	Previsión de referencia		Previsión axustada	
				2025*	2026*	2025*	2026*
Comercio mundial	3,0	-1,0	2,9	2,7	2,9	-0,2	2,5
Exportacións							
América do Norte	3,8	3,6	2,3	2,2	2,9	-12,6	-1,2
América do Sur e Central	2,9	2,4	6,2	1,4	1,2	0,6	0,9
Europa	3,7	-2,9	-1,7	1,4	2,3	1,0	2,5
CEI	-2,1	-4,3	2,3	4,0	-0,1	4,4	0,1
África	-2,4	5,7	1,3	0,5	1,6	0,6	1,7
Oriente Medio	6,6	8,1	3,7	5,2	5,0	5,3	5,1
Asia	0,4	0,2	8,0	3,3	3,3	1,6	3,5
Importacións							
América do Norte	5,7	-2,2	4,7	2,8	1,6	-9,6	-0,8
América do Sur e Central	4,2	-4,4	6,7	6,0	1,0	5,0	0,5
Europa	6,0	-5,0	-2,2	2,1	2,7	1,9	2,7
CEI	-6,1	18,0	5,0	0,1	2,1	0,5	2,1
África	8,8	2,6	1,8	6,2	5,4	6,5	5,3
Oriente Medio	14,1	9,0	15,0	6,3	6,8	6,3	6,7
Asia	-0,7	-0,7	4,4	3,2	3,8	1,6	3,8

* Previsións de abril de 2025.

Fonte: Secretaría da OMC.

e mundiais.¹ De feito, de non considerarse o comercio intra-EU, o comercio mundial incrementárase un 4,3 % en 2024 en lugar do xa comentado 2,9 %.

Os resultados alcanzados son consecuencia dunhas condicións macroeconómicas en 2024 máis favorables para a produción e o comercio mundial que as que se deran o ano anterior. Se en 2023 unha inflación aínda elevada, en particular para a enerxía, reduciu os ingresos reais e o comercio, sobre todo para as manufacturas e para Europa; en 2024 a desinflación actuou no sentido contrario, aumentando a renda real e a demanda global de produtos manufacturados. Tamén as políticas fiscais expansivas nalgúns das grandes economías contribuíron ao incremento da demanda.

Por países, China segue a liderar o *ranking* mundial de exportadores (concentrando o 14,2 % do total mundial), e mellorando a súa posición tras unha dinámica comercial positiva en 2024. O segundo posto continúa ocupado polos Estados Unidos, que supoñen o 8,5 % do total e que, cunha dinámica menos favorable que a de China, se distancian da cabeza. En 2024, o volume das exportacións dos EE. UU. (2.065 miles de millóns de dólares) representa menos do 49 % das de China (3.577 miles de millóns de dólares) máis as de Hong Kong (646 miles de millóns de dólares); esa porcentaxe era do 51 % en 2023. A terceira posición segue sendo para Alemaña que, cun volume de 1.683 miles de millóns de dólares, baixa o seu peso relativo do 7,1 % ao 6,9 % das exportacións mundiais. España mantense un ano máis no posto 19, con 424.000 millóns de dólares, cunha participación do 1,7 % das exportacións mundiais.

En canto ás importacións, o *ranking* mundial continúa liderado polos Estados Unidos que, tras unha dinámica moi positiva en 2024 (que acrecenta o seu déficit comercial), supera o volume das importacións de China e Hong Kong xuntos. China conserva a segunda posición e Alemaña a terceira. España pasou do posto 15 ao 16, malia que a súa participación se mantén no 1,9 % to total mundial.

A previsión para 2025 era que a inflación seguise caendo, aumentando a renda real dos fogares e, consecuentemente, a demanda mundial, á que tamén contribuiría a esperable reacción dos bancos centrais reducindo os tipos de xuro. Cabía esperar que os menores tipos de xuro reais estimularían o investimento, cunha nova contribución á demanda de importacións. Pero ese contorno foise deteriorando desde principios de ano, a medida que os conflitos armados persistían ou se endurecían, as tensións xeopolíticas se intensificaban, as restricións comerciais por parte da Administración dos EE. UU. se disparaban (en particular polos anuncios sobre a potencial imposición dunha batería de novos aranceis) e a incerteza en materia comercial e a volatilidade financeira subían.

Nese contexto, as previsións de crecemento da produción e o comercio en 2025 e 2026 feitas polos economistas da OMC a principios de 2025, co marco arancelario baixo que se viña observando, malia que se introducía unha certa incerteza respecto á política comercial, foron revisadas tras os anuncios das diferentes medidas proteccionistas da Administración dos EE. UU. (cadro 1).² Fronte a un previsible incremento de 2,7 % en 2025 e de 2,9 % en 2026 no escenario de referencia, no novo contexto a OMC anticipa unha caída do comercio mundial en 2025 (-0,2 %), seguida dunha recuperación parcial en 2026, cun aumento do 2,5 %. A revisión das previsións tamén afecta o crecemento do PIB mundial, que, fronte á previsión de referencia (2,8 % en 2025 e 2,6 % en 2026), foi revisada ata o 2,2 % en 2025 e 2,4 % en 2026. O impacto negativo na produción, e sobre todo no comercio, non se deriva só dos efectos directos e indirectos dos novos aranceis, senón da maior incerteza respecto da política comercial no marco desa nova orde mundial que se está a construír.

¹ Nos totais europeos e mundiais cóntase o comercio interno da UE, polo que o peso de Europa é moi alto na dinámica agregada.

² Malia que nesa revisión descartan o que Trump chamou “aranceis recíprocos”. De chegar a aplicarse os “aranceis recíprocos”, a previsión da secretaría da OMC é dunha caída do comercio mundial en 2025 aínda maior (-0,8 %). Se, ademais, se propagase e xeneralizase a incerteza respecto da política comercial, afectando as relacións comerciais de economías distintas ás de EE. UU. e China, o descenso no comercio mundial podería chegar a -1,5 %.

A OMC anticipa que as medidas terán efectos moi diferentes nas distintas rexións. Na previsión de referencia todas as rexións terían unha contribución positiva ao crecemento do volume de comercio de mercancías en 2025 e 2026. As proporcións de América do Norte e de Asia serían menores que as de 2024 e a contribución de Europa tamén sería positiva, fronte á evolución negativa nos últimos anos (cadro 1). Na previsión revisada é a gran caída esperada no comercio dos EE. UU. (-12,6 % as exportacións e -9,6 % as importacións) a que lastrará o comercio mundial, mentres que a achega do resto de rexións seguirá sendo positiva, aínda que menor, por exemplo no caso de Asia, ou con escasa variación como en Europa ou en rexións con moito peso relativo da produción de combustíbles (cunha demanda moito máis estable), como en Oriente Medio.

O escenario que finalmente se acade dependerá, en boa medida, de que se materialicen ou non os anuncios das diferentes medidas proteccionistas por parte do Goberno dos EE. UU., pero, tamén, da resposta interna e externa do resto do mundo e das potenciais medidas de retorsión, en concreto, por parte da UE e de China. A pesar de que o peso dos Estados Unidos (con aproximadamente o 13 % do comercio mundial) é moi importante e, en xeral, o que a teoría económica nos permite concluír é un impacto restritivo das medidas proteccionistas e da incerteza sobre a actividade económica e o comercio a medio e longo prazo, o 87 % das relacións comerciais restante debería poder condicionar o resultado final. Dependerá, por tanto, da resposta que dea a propia OMC, que xa se propón unha reforma, e da das grandes potencias comerciais ao ataque ao multilateralismo que supón a nova política comercial dos EE. UU.

As posibles consecuencias para o comercio exterior galego podémolas aproximar desde diferentes perspectivas. Aínda que para algúns produtos concretos poden ser grandes, como veremos máis adiante, a nivel agregado os efectos directos a curto prazo da política proteccionista dos EE. UU. serán mínimos, dado o escaso peso dese país no comercio galego, en particular para as exportacións. A medio e longo prazo, dependendo do escenario que se alcance, as consecuencias poden ser máis relevantes. Por exemplo, a disociación comercial de China e os EE. UU. podería dar lugar a unha desviación do comercio que pode afectar a Europa (e, consecuentemente, a Galicia) polo aumento das exportacións de China cara a mercados fóra dos EE. UU. As exportacións galegas terán máis competidores no noso principal socio comercial, a Unión Europea, que, ademais, vai ver diminuídas as súas propias exportacións aos EE. UU. que tiran, en parte, das nosas exportacións; ao que se debe engadir o impacto para a capacidade importadora da UE resultado da presumible redución da súa renda interna. En contraposición, podería asistirse a algúns efectos positivos. Dado que diminuirán as importacións que EE. UU. fai desde China, habería oportunidades para novos provedores cara a ese país. As decisións finais sobre as últimas ameazas de aranceis a Europa e os resultados das negociacións que os EE. UU. levarán a cabo cos diferentes países e áreas comerciais decidirán se eses provedores serán europeos ou, por exemplo, países menos desenvolvidos cunha estrutura exportadora máis similar á de China no que se refire aos produtos téxtiles ou electrónicos que EE. UU. deixa de importar de China.

O comercio externo galego en 2024. Trazos básicos da súa evolución con respecto ao comercio español


As exportacións galegas continúan en 2024 a tendencia crecente dos últimos anos, alcanzando un novo récord en termos nominais ao superar os 31.000 millóns de euros. O aumento interanual das exportacións foi do 3,09 % (maior ao experimentado o ano anterior cando, con cifras actualizadas, foi do 2,7 %). As importacións mantivéronse case invariantes en 2024, en torno aos 21.000 millóns de euros, mostrando unha lixeira redución interanual (-0,49 %), moi afastada da enorme caída do 21,8 % sufrida en 2023.³

³ Tal como xa se comentou en *Informes* anteriores, debemos indicar que ao ter en conta as actualizacións que fan os diferentes organismos e institutos de estatística, os datos que se mostran aquí para os anos 2022 e 2023 non se corresponden nalgúns casos cos recollidos para estes anos no *Informe 2023*, polo que pode haber discrepancias nas cifras das variacións interanuais


As exportacións non enerxéticas medraron un 3,97 %, mentres que o valor do exportado polas enerxéticas se reduciu nun 12,15 %. Cun comportamento contrario, as importacións enerxéticas subiron un 9,03 % e as importacións non enerxéticas baixaron un 2,27 %.

Cando miramos os datos trimestrais, o sector exterior galego rematou 2024 cunha dinámica positiva, cun incremento intertrimestral do 11,4 % para as exportacións e do 7,3 % para as importacións. Esa evolución non parece manterse a comezos do presente ano. Comparando os resultados dos dous primeiros meses de 2025 cos do mesmo período de 2024, as importacións son maiores no presente ano (case un 3 % máis altas), mentres que as exportacións son menores (-1,5 %); o que significa un cambio na tendencia interanual das exportacións que non se daba desde 2021, en plena pandemia. Esa redución interanual das exportacións vén explicada en boa medida pola diminución da exportación do sector da automoción (-3,5 %), que, dado o enorme peso que representa no total, condiciona o resultado do comercio exterior galego. Sabemos que estes datos son provisionais e deben ser tomados con cautela, pero poderían estar anticipando un impacto negativo do actual contexto de conflictividade xeopolítica e comercial, que alterou as relacións económicas a nivel global; e das repercusións deses conflitos para o noso sector exterior, tanto directa como indirectamente a través do seu efecto nas economías dos nosos principais socios comerciais.

O incremento das exportacións xunto coa lixeira redución das importacións elevaron o superávit comercial un 11,4 %, alcanzando en 2024 máis de 10.110 millóns de euros, o que supón un novo



récord do saldo comercial galego (gráfico 1). A ese saldo contribúen en positivo os principais sectores exportadores galegos: o téxtil, con 3.812 millóns de euros (81 millóns menos que o ano anterior), e, sobre todo, a automoción, con 7.729 millóns de euros (case mil millóns máis que o ano anterior). A maior contribución negativa corresponde ao sector dos combustibles, con 2.175 millóns de euros de déficit (case 500 millóns máis que o ano anterior, consecuencia da diminución do valor das exportacións e do aumento do valor das importacións).



Para o conxunto de España a evolución do comercio exterior en 2024 foi bastante diferente á comentada para Galicia. As exportacións subiron unicamente un 0,1 %, mentres que as importacións creceron algo máis (un 0,24 %), levando o resultado do saldo comercial español a un déficit de 40.275 millóns de euros (650 millóns máis que o ano anterior). Como consecuencia desa diferente evolución das principais magnitudes do comercio exterior de Galicia e España (gráfico 2), a participación de Galicia nas exportacións de España experimentou un novo incremento, desde o 7,83

en ambos os traballos. Sen corrixir os datos para 2023, as exportacións galegas terían aumentado un 3,3 % e as importacións manteríanse planas, cun incremento do 0,05 %.

% en 2023 ao 8,07 % en 2024; mentres que para as importacións, o peso de Galicia se mantivo en torno ao 4,9 % do total de España.

Os resultados do comercio exterior expresados en termos monetarios recollen en parte a evolución do volume do comercialo e, en parte, o efecto da inflación. A gran volatilidade do prezo dos

combustibles fai que, en moitas ocasións, a dinámica deste capítulo condicione a diferenza dos datos agregados medidos en valor monetario dos medidos en volume (cadro 2). En 2024, as exportacións de combustibles caeron máis en volume (13,1 %) que en valor (12,1 %), mentres que as importacións de combustibles aumentaron máis en volume (10,5 %) que en valor (9,03 %). A enorme diminución do volume de importacións en 2023 explica en gran parte o incremento interanual no presente ano. O crecemento en volume, cando se mantén case constante o valor do importado, indica a moderación de prezos do importado en 2024.

Cadro núm. 2
Evolución, en volume, do comercio de mercancías en Galicia e España
Taxas de variación interanuais (en %)

		2021	2022	2023	2024*
Galicia					
Total sen combustibles e aceites minerais	Exportacións	7,3	-0,5	-1,5	-0,6
	Importacións	-0,2	5,5	-24,7	12,3
Combustibles e aceites minerais	Exportacións	-31,1	62,0	-10,3	-13,1
	Importacións	17,2	46,1	-29,8	10,5
Total	Exportacións	-1,1	9,0	-3,5	-3,2
	Importacións	4,7	18,4	-26,7	11,6
España					
Total sen combustibles e aceites minerais	Exportacións	8,0	-2,3	-6,2	1,5
	Importacións	10,6	1,7	-3,4	3,3
Combustibles e aceites minerais	Exportacións	-9,0	8,0	14,7	-7,8
	Importacións	4,4	12,3	-7,7	-3,8
Total	Exportacións	4,6	-0,5	-2,3	-0,5
	Importacións	7,8	6,3	-5,4	0,1

* Datos provisionais.
Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Os resultados do comercio exterior en relación ao PIB podemos mostralos cos indicadores que recolle o cadro 3. O grao de apertura comercial (suma de exportacións e importacións respecto ao PIB) segue sendo maior en Galicia que en España, pero diminúe en ambos os casos como consecuencia do maior dinamismo da produción que do comercio exterior, en particular en España. A escasa variación interanual do valor das exportacións e importacións de España fai que a taxa de cobertura (porcentaxe das importacións que poden pagarse co valor das exportacións) se manteña en 2024 case constante e por debaixo de 100, como corresponde a unha economía con déficit. No caso de

Galicia, a taxa de cobertura segue a medrar, superando en 2024 o 148 %, debido ao dinamismo das exportacións cando as importacións están case estancadas. En canto ao peso das exportacións no PIB, o maior incremento do PIB en España que en Galicia e o moi superior aumento das exportacións en Galicia que en España fan que a porcentaxe das exportacións respecto do PIB baixe máis en España que en Galicia, onde en 2024 este indicador é case 14 puntos porcentuais máis alto que en España.

Cadro núm. 3
Indicadores do comercio externo galego e español

	2021	2022*	2023*	2024*
Galicia				
Taxa de cobertura (%)	120,2	109,0	143,2	148,4
Grao de apertura	0,68	0,79	0,66	0,64
% exportacións no PIB	37,39	40,96	38,98	38,03
España				
Taxa de cobertura (%)	90,9	84,4	90,6	90,5
Grao de apertura	0,54	0,62	0,54	0,51
% exportacións no PIB	25,48	28,22	25,63	24,15

* Datos de 2022 provisionais, datos de 2023 e 2024 avance
Fonte: DataComex (Ministerio de Industria, Comercio e Turismo), *Contabilidad Nacional Trimestral de España. Revisión Estadística 2024* (INE) e *Contas económicas trimestrais. Revisión Estadística 2024* (IGE).

Analizando o comercio exterior das diferentes comunidades autónomas, no *ranking* de exportadoras, Galicia pasou do sexto posto en 2023 ao quinto, como consecuencia non só do bo desempeño das exportacións galegas senón da caída das exportacións do País Vasco (5,4 %), que ocupaba ese quinto lugar nos últimos anos. No *ranking* importador Galicia segue na sexta posición, por detrás do País Vasco.

Cataluña continúa a ser a comunidade autónoma con maior volume de exportacións, mantendo un peso no total das exportacións de España de algo máis do 26 %. A segunda no *ranking* exportador de novo é Madrid (12,7 % do total), aínda que a maior distancia que o ano anterior debido á caída interanual das súas exportacións dun 4,4 %. Terceira e cuarta son un ano máis Andalucía (10,5 % do total e cun crecemento interanual do 3,4 %) e a Comunidade Valencia (9,6 % do total e cun

decrecemento anual dun 3,1 %). As primeiras posicións no *ranking* importador mantéñense en 2024, lideradas por Cataluña, á que seguen Madrid, Andalucía e a Comunidade Valenciana.

Madrid é a comunidade con maior déficit comercial, e, a moita distancia, aparecen Cataluña e Castela a Mancha. En canto ao resultado de superávit, o primeiro posto ocúpao Galicia, seguida a bastante distancia do País Vasco e Castela e León.


Evolución dos principais grupos arancelarios

As exportacións galegas continúan lideradas polo grupo de material de transporte, seguido por téxtil e confección. As exportacións destes grupos, que xa representaban máis da metade das exportacións galegas en 2023 (51,5 %), contan en 2024 polo 52,2 % do total do exportado. O terceiro posto no *ranking* de sectores exportadores, a certa distancia dos dous primeiros, segue ocupado polo grupo de animais, peixes e moluscos. Nos últimos anos, a evolución do peso relativo dos grandes grupos arancelarios variou algo máis no caso das importacións que no das exportacións, que mostra unha estrutura relativamente estable (gráfico 3). O grupo que lidera as importacións é o de combustibles, como nos anos anteriores; ocupando o segundo e terceiro posto, respectivamente, téxtil e confección (que mantén o mesmo posto que o ano anterior), e animais, peixes e moluscos, que era cuarto o ano anterior.

Seguen a ser oito os grupos que en 2024 superan os mil millóns de euros de exportación. Estes grupos (cadro 4) son os mesmos que no ano anterior, e son os que presentan tamén o maior valor das importacións; salvo no caso do grupo produtos químicos que, se ben é o oitavo exportador, ocupa o noveno posto no *ranking* importador.

Polo lado das exportacións, os oito principais grupos manteñen a mesma dinámica (positiva ou negativa) do ano anterior, a excepción de téxtil e confección, que, despois dunha lixeira caída o ano anterior, volveu mostrar crecemento en 2024. A situación é moi diferente no caso das importacións,

Gráfico 3
Participación dos principais grupos arancelarios
nas exportacións e importacións galegas



Cadro núm. 4
Estrutura do comercio exterior de Galicia por grupos arancelarios en 2024*

Capítulos	Grupos	Produtos	Exportacións			Importacións			Taxa de cobertura (%)	Índice de vantaxe comparativa revelada
			Millóns de euros	%	TVI (%) 2024-2023	Millóns de euros	%	TVI (%) 2024-2023		
01/05	I	Animais, peixes e	2.513,5	8,1	0,6	2.696,5	12,9	0,7	93,2	-3,5
06/14	II	Vexetais, froitos, café e sementes	323,6	1,0	2,5	517,3	2,5	-4,3	62,6	-23,0
15	III	Graxas e aceites vexetais e animais	200,3	0,6	17,4	445,4	2,1	6,8	45,0	-38,0
16/24	IV	Produtos de alimentación	1.403,5	4,5	0,9	1.465,5	7,0	14,0	95,8	-2,2
25/27	V	Minerais e combustibles minerais	1.567,2	5,1	-12,2	3.775,0	18,1	8,7	41,5	-41,3
28/38	VI	Produtos químicos	1.165,6	3,8	-3,5	528,7	2,5	-10,5	220,5	37,6
39/40	VII	Plástico, caucho e as súas manufacturas	444,6	1,4	6,3	566,1	2,7	1,6	78,5	-12,0
41/43	VIII	Peles, coiros e as súas manufacturas	251,1	0,8	4,7	88,2	0,4	-4,5	284,8	48,0
44/46	IX	Madeira e as súas manufacturas	641,4	2,1	-7,7	194,2	0,9	14,6	330,2	53,5
47/49	X	Pastas papeleiras, papel e edición	376,0	1,2	17,6	230,7	1,1	-4,2	163,0	24,0
50/63	XI	Materias téxtiles e confección	7.148,1	23,0	4,0	3.336,3	16,0	12,0	214,3	36,4
64/67	XII	Calzado, paraugas e sombreiros	535,9	1,7	4,0	220,0	1,1	3,4	243,6	41,8
68/70	XIII	Produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro	461,3	1,5	-5,8	115,9	0,6	-6,3	398,1	59,8
71	XIV	Xoiería	29,4	0,1	-4,4	38,2	0,2	7,8	77,0	-13,0
72/83	XV	Metais e as súas manufacturas, ferramentas	1.794,3	5,8	-4,6	2.126,7	10,2	1,7	84,4	-8,5
84/85	XVI	Caldeiras, maquinaria e material eléctrico	1.807,6	5,8	3,8	2.155,3	10,3	-20,1	83,9	-8,8
86/89	XVII	Material de transporte	9.041,7	29,1	5,2	1.812,7	8,7	-21,5	498,8	66,6
90/92	XVIII	Instrumentos de precisión e relojería	79,1	0,3	28,8	237,1	1,1	50,1	33,3	-50,0
93	XIX	Armas	0,7	0,0	-14,0	0,3	0,0	-21,0	218,4	37,2
94/96	XX	Mobiliario, artigos de recreo e varios	500,8	1,6	15,8	325,5	1,6	-3,7	153,9	21,2
97	XXI	Obxectos de arte e non clasificados	0,5	0,0	23,1	13,9	0,1	1.695,9	3,9	-92,5
98-99		Non clasificados	733,7	2,4	69,4	20,3	0,1	1,2	3.612,6	94,6
Total			31.019,9	100,0	3,09	20.909,8	100,0	-0,49	148,4	19,5

Datos provisionais.
Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

sendo cinco os grupos que pasaron a un incremento interanual en 2024, despois de diminuír o ano anterior, e só un grupo (caldeiras, maquinaria e material eléctrico) está no caso contrario.

A distinta evolución dos grupos provoca que a posición relativa no *ranking* cambie para algúns deles, como veremos a continuación. Ao mesmo tempo, a diferente dinámica interanual das exportacións e das importacións de cada grupo provoca que a taxa de cobertura se vexa afectada nalgúns casos. A taxa de cobertura (porcentaxe do valor das importacións que pode ser cuberta co valor das exportacións) aumentou en 2024 respecto ao ano anterior para a maioría dos grupos arancelarios (doce), mentres que empeorou para oito e se mantivo igual para un grupo (cadro 4), crescendo para o total do comercio exterior galego, como xa se sinalou. O grupo coa maior taxa de cobertura en 2024 é o de material de transporte, tras unha nova subida das exportacións e unha nova caída das importacións. O grupo de madeira e as súas manufacturas, que ocupaba o primeiro posto nos últimos anos, viu diminuír o seu grao de cobertura debido ao comportamento contrario do seu comercio exterior: unha nova caída interanual das exportacións e un aumento das importacións. O grupo de pedra natural, cemento, cerámica e vidro incrementa lixeiramente o grao de cobertura, e segue a ser o segundo no *ranking*, pero mostra unha diminución interanual das exportacións e das importacións ao igual que o ano anterior.

O grupo arancelario **material de transporte** concentra en 2024 o 29,15 % do total das exportacións galegas (28,5 % o ano anterior), despois de experimentar unha nova subida interanual das súas exportacións nun 5,25 %, aínda que moi inferior á do ano anterior (23,26 %). Dos capítulos que forman

este grupo, o de vehículos automóbiles é o responsable do 97,53 % das exportacións, polo que será a súa evolución (cun aumento interanual do 4,8 %) a que determine o resultado do grupo. Pero tamén contribúe moi en positivo o capítulo de barcos e embarcacións, que, despois dun crecemento do 58,6 %, conta polo 2,24 % do total de exportacións do grupo. O peso relativo dos outros dous capítulos (sector de aeronaves e de material ferroviario) segue a ser insignificante nas exportacións do grupo. Dentro do capítulo de automóbiles medraron as exportacións de automóbiles de turismo (14,7 %), facendo que esta partida representase o 62,9 % do total das exportacións da automoción (fronte ao 57,5 % do ano anterior). A segunda gran partida do capítulo son os vehículos para o transporte de mercancías, que perden peso relativo no total (do 32,2 % ao 26,5 %) dada a diminución interanual das súas exportacións (-13,8 %).

As importacións do capítulo de automoción presentan unha nova caída interanual do 21,9 %, que se suma á enorme perda do ano anterior (-55,6 %). A ese resultado contribúen as tres principais partidas do capítulo. A maior partida importadora é a de partes e accesorios, que á forte redución do ano pasado dun 79,1 % suma unha nova diminución interanual en 2024 (-5,35 %); de maneira que xa só conta polo 41,3 % das importacións do total de automoción, cando en 2022 era o 72,4 %. Tamén a partida de automóbiles de turismo mostrou unha importante diminución interanual do 45,9 %, pasando a supoñer o 28,1 % do total de importacións en 2024 fronte ao 40,7 % un ano antes. Esta evolución das importacións xunto coa dinámica positiva das exportacións levaron o saldo da partida de automóbiles de turismo a máis de 5.000 millóns de euros, a metade do superávit comercial galego en 2024. As importacións de vehículos para o transporte de mercancías tamén diminuíron (tras un importante incremento o ano anterior), malia que en menor medida que as outras grandes partidas (-9,4 %), o que sitúa a súa participación relativa no 23,8 % do total de importacións do capítulo.

O grupo arancelario **téxtil e confección** é o segundo en importancia en 2024, tanto na vertente exportadora (o 23 % do total de exportacións galegas) como na importadora (o 16 % das importacións galegas), sendo tamén o segundo grupo en contribuír ao saldo positivo da balanza comercial galega (3.812 millóns de euros). Despois dun leve retroceso o ano pasado (-0,5 %), as exportacións do grupo volveron en 2024 a unha dinámica positiva, cun incremento interanual do 4 %. A este resultado contribuíu, sobre todo, o aumento do 10,3 % nas exportacións de pezas de vestir de punto, dado que este capítulo significa o 38,3 % do total das exportacións do grupo. O bo dato deste capítulo máis que compensou a caída interanual dun 1,41 % nas exportacións do principal capítulo do grupo, o de pezas de vestir non de punto, que supón o 49,6 % do grupo. Galicia concentra unha parte moi importante das exportacións de España nestes capítulos (43,5 % das exportacións de pezas non de punto e 47,2 % das de pezas de punto); datos moi vinculados á actividade do grupo Inditex, como é sabido, e cuxo comercio exterior está máis condicionado pola evolución da complexa planificación loxística do grupo que pola da produción en Galicia.

Estes tamén son os capítulos que acaparan a maior parte das importacións do grupo arancelario e, polo tanto, os seus datos explican a evolución do grupo en 2024, que experimentou un incremento interanual do 12 % nas súas importacións tras unha caída do 11,9 % o ano anterior. O maior aumento mostrouno o capítulo de pezas de vestir de punto (12,6 %), pero tamén subiron as importacións de pezas de vestir non de punto (9,4 %).

O terceiro grupo por relevancia exportadora e importadora é o de **animais, peixes e moluscos, leite e ovos**, significando o 8,1 % do total das exportacións galegas e o 12,9 % do total das importacións, despois dunha dinámica comercial lixeiramente positiva en 2024, cun crecemento interanual das exportacións de 0,6 % e das importacións de 0,7 %. O capítulo que explica os resultados deste grupo é o de pesca, xa que segue a supoñer máis do 72 % das exportacións e máis do 91 % das importacións do grupo. Despois dunha caída en 2023 (1,6 %), as exportacións de produtos da pesca aumentaron moi lixeiramente en 2024 (0,03 %). As importacións, fronte á diminución de 2023 (10,3 %), medraron en 2024 e en maior magnitude que as exportacións (2,1 %). Esta evolución levou a un incremento do déficit deste capítulo desde os 602 millóns de euros aos 652 en 2024. O capítulo

de leite, produtos láteos e ovos vai gañando peso no grupo (11,6 % do total en 2024 fronte ao 8,3 % en 2022), dada a súa dinámica exportadora positiva nos últimos anos que, en 2024, foi dunha subida interanual do 12,3 %. Este crecemento das exportacións xunto coa diminución do valor do importado (29,6 %) produciu un superávit de 200 millóns de euros neste ano.

O grupo de **minerais e combustibles** segue a ser o principal importador en 2024, igual que nos anos anteriores, e cun incremento interanual do 8,7 % significa o 18 % do total das importacións galegas. No *ranking* de exportadores ocupa o sexto posto (supón o 5 % do total de exportacións), un menos que o ano anterior, despois de sufrir en 2024 unha nova diminución interanual (12,2 %). Con esa dinámica, este grupo é o que presenta un saldo comercial máis desfavorable, cun déficit de 2.200 millóns de euros en 2024. O seu comercio exterior corresponde case na súa totalidade aos produtos do capítulo de combustibles e aceites minerais, que concentra o 91,6 % das exportacións e o 95,6 % das importacións do grupo. Deste xeito, a diminución das exportacións de combustibles nun 12,1 % e o aumento das importacións en 9,03 % explican os resultados do grupo en 2024.

Nun contexto de menores subidas nos prezos enerxéticos, o incremento das importacións de combustibles non se dá só en valor senón tamén, e en maior magnitude (10,5 %), en volume importado. As importacións de combustibles son, fundamentalmente de cru, que concentran na actualidade o 81 % do total, despois dun aumento interanual de 22,9 % en 2024. Tamén medraron as importacións de gas, que van gañando peso relativo, chegando ao 11,5 % do total en 2024, despois dun crecemento interanual de 54,8 %. Pola súa parte, a diminución das exportacións de combustibles tamén se produce, e en maior medida, no volume que se exporta (que baixa un 13,1 %). Esta redución das exportacións de combustibles explícase tanto polas menores exportacións de refinados de petróleo, que supoñen o 72 % do total en 2024 e sofren unha caída interanual do 16,6 %, como polas exportacións de gas (a segunda partida do grupo, o 8 % do total, e cunha perda interanual do 10 %).

O grupo **caldeiras, maquinaria e material eléctrico** escala dous postos no ranking de exportadores e ocupa o cuarto lugar en 2024 (supoñendo o 5,7 % das exportacións galegas), non só polo incremento interanual das exportacións do grupo (3,8 %) senón, e sobre todo, pola diminución nas exportacións dos grupos de metais e as súas manufacturas e ferramentas (que da cuarta posición en 2023 sobe á quinta) e do grupo de combustibles (antes quinto e agora sexto). No ranking de importadores este grupo ascende de terceiro en 2023 a cuarto en 2024 (significando o 10,3 % do total), tras unha diminución interanual dun 20,1 %. Ao resultado positivo das exportacións do grupo en 2024, que se suma ao balance positivo do ano anterior, contribúen os dous capítulos que o forman: máquinas e aparatos mecánicos, cun incremento interanual do 3,7 % (o 67 % das exportacións do grupo); e aparatos e material eléctrico, cun aumento interanual do 4 % (o 33 % das exportacións do grupo).

Polo lado das importacións, os dous capítulos teñen un comportamento case oposto en canto ás variacións interanuais: mentres maquinaria e aparatos mecánicos (que acapara en 2024 o 44 % do total do grupo) mostra un incremento interanual de 3,6 % nas súas importacións (fronte a unha caída do 2,3 % o ano anterior); aparatos e material eléctrico (que supón o 56 % do total do grupo en 2024) presenta unha diminución do 32 % (fronte a un aumento do 49,8 % o ano anterior). Será, por tanto, a dinámica do capítulo de aparatos e material eléctrico a que explica a evolución do grupo ao experimentar variacións moito máis significativas. A maior participación nas importacións do capítulo de aparatos e material eléctrico corresponde á partida de acumuladores eléctricos que, despois de experimentar subidas interanuais do 94 % en 2022 e do 112 % en 2023, mostrou unha diminución do 62,9 % en 2024.

O grupo **metais e as súas manufacturas e ferramentas** pasa de novo en 2024 á quinta posición que ocupaba en 2022 no *ranking* do comercio exterior galego, despois de ser cuarto en exportacións e sexto en importacións en 2023. Ás exportacións do grupo (que observan unha caída interanual do 4,6 %) contribúe en positivo o capítulo de aluminio e as súas manufacturas, cun incremento

interanual das súas exportacións do 30,4 %. O bo resultado deste capítulo (que o leva a concentrar algo máis do 50 % das exportacións do grupo) non puido compensar totalmente a caída interanual nas exportacións dos capítulos de fundición de ferro e aceiro (-15,9 %) e das súas manufacturas (-42,3 %) que, conxuntamente, supoñen o 38 % das exportacións do grupo arancelario. Os mesmos tres capítulos, que significan o 88,8 % das exportacións, contan polo 90,2 % das importacións. Ao aumento interanual das importacións do grupo (en 1,7 %) contribúen en negativo o capítulo de fundición de ferro e aceiro (cunha caída do 6,3 %); e, en positivo, os capítulos de manufacturas de ferro e aceiro (cunha subida do 12,9 %) e o de aluminio e as súas manufacturas (cun 5,8 % de incremento interanual). A dinámica comercial externa deste último capítulo levouno a un saldo positivo que, en 2024, ascendeu a 272 millóns de euros fronte ao déficit comercial dos outros dous capítulos (e do grupo).

O grupo arancelario de **produtos da alimentación** ocupa o sétimo posto no *ranking* comercial galego, igual que o ano anterior. As exportacións deste grupo significan en 2024 o 4,5 % do total das exportacións galegas e o 7 % das importacións. As exportacións do grupo mostran un lixeiro aumento interanual en 2024 (0,85 %) como consecuencia do incremento nas exportacións de conservas (que concentran o 71,7 % do grupo e subiron as exportacións en 1,2 %). A dinámica exportadora positiva deste capítulo súmase á de anos anteriores. O outro capítulo con relevancia, o de bebidas, que significa o 14 % do total de exportacións do grupo, viu caer as súas exportacións en 2024 un 2,6 %.

As importacións do grupo mostran un crecemento interanual do 14 % en 2023 (fronte a unha caída do ano anterior). A ese resultado contribúen os dous capítulos con maior peso, o de conservas (que achega o 60 % das importacións do grupo e que aumentou as súas importacións en 10,7 % en 2024), e o de residuos da industria alimentaria (co 32 % das importacións do grupo e que subiu as súas un 25,9 %). O capítulo de conservas segue liderado indiscutiblemente polas conservas de peixe e, en concreto, as de atún e bonito, que equivalen en 2024 ao 79,1 % das exportacións de conservas e ao 88,2 % das importacións.

Produtos químicos é o oitavo grupo, cun valor das exportacións superior ao millón de euros, co 3,8 % do total de exportacións galegas, malia experimentar unha diminución interanual do 3,5 % en 2024, que se suma á sufrida o ano anterior. Polo lado das importacións, o grupo supón o 2,5 % do total, pasando no *ranking* de oitavo en 2023 a noveno en 2024; non só pola caída das importacións deste grupo (10,5 %) senón polo incremento interanual do grupo de plásticos, caucho e as súas manufacturas.

Os principais capítulos desde grupo son aceites esenciais e perfumes (27 % do total), que contribúe en positivo ás exportacións do grupo (tras un incremento interanual do 8,6 %); e outros produtos químicos (32 % do total), que contribúe en negativo (-23,4 %) como consecuencia da caída nas exportacións da partida de insecticidas (-48,7 %), que non chega a ser compensada polo aumento das exportacións de biodiésel (31,6 %). As importacións deste grupo están diversificadas, sendo o capítulo con maior peso o de produtos químicos orgánicos, do que caen as importacións un 22 %. Pero todas as partidas contribúen negativamente á redución das importacións, salvo abonos que sobre un 1 %.


Evolución dos índices de comercio exterior

Para caracterizar o comercio exterior dun territorio e apreciar a súa evolución no tempo empréganse unha serie de índices para os que, para Galicia, xa se mostrou información anteriormente, tanto a nivel agregado como por grupos arancelarios: valor das exportacións e das importacións, grao de apertura, participación das exportacións no PIB, saldo comercial, composición do comercio por grupos e taxa de cobertura (cadros 3 e 4). Neste apartado presentamos algúns indicadores adicionais sobre o desempeño e o dinamismo do comercio exterior galego.

Para analizar as vantaxes ou desvantaxes comparativas dos intercambios comerciais dun territorio cos seus socios comerciais utilizamos o índice de vantaxe comparativa revelada (VCR)⁴. Segundo os datos do índice de VCR para 2024 (cadro 4), Galicia presenta vantaxe comparativa para os principais grupos exportadores. Deles, a maior vantaxe comparativa corresponde ao de material de transporte, que mellorou este aspecto en relación ao ano anterior despois de aumentar as exportacións e diminuír as importacións. Neste grupo continúa a enorme especialización exportadora en turismos (que sobe respecto ao ano anterior) e en vehículos para transporte; pero o gran cambio que se deu o ano pasado, e que se maten, é a perda da tradicional especialización importadora en partes e compoñentes. Para o resto de grupos, Galicia segue mostrando vantaxe comparativa (especialización exportadora) nos grupos de produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro; peles, coiros e as súas manufacturas; produtos químicos; calzado, paraugas e sombreiros; materiais téxtiles e confección, e no de madeira; malia que nestes dous últimos grupos se reduciu o valor do índice respecto ao ano anterior. Galicia presenta desvantaxe comparativa (especialización importadora) no grupo de minerais e combustibles e nalgúns dos grupos con menor peso no comercio galego (graxas e aceites vexetais e animais; instrumentos de precisión e relojería e obxectos de arte).

Os grupos para os que o índice de VCR non indica nin vantaxe nin desvantaxe serían aqueles para os que o comercio é de tipo intraindustrial. Dentro dos oito grupos con maior peso no comercio exterior galego, esa circunstancia dáse en 2024 en catro (animais, peixes e moluscos, leite e ovos; caldeiras, maquinaria e material eléctrico; metais e as súas manufacturas; e produtos de alimentación). Pero, o cálculo que nos leva a esa conclusión non está tendo en conta as posibles compensacións dentro de cada grupo, polo que aplicamos un índice de comercio intraindustrial cun maior grao de desagregación.

Considerando os datos de exportacións e importacións dos 98 capítulos da clasificación arancelaria TARIC, calculamos o **índice de comercio intraindustrial** de Grubel e Lloyd (CII).⁵ O valor deste índice en 2024 (0,58) é menor que no ano anterior, sendo o máis baixo que se alcanza desde 2011 (gráfico 4). Esta caída da porcentaxe de comercio intraindustrial para o total do comercio galego, do 60 % en 2023 ao 58 % en 2024, explícase fundamentalmente pola dinámica do capítulo de automoción. O cálculo do índice de CII por capítulos móstranos que algúns dos capítulos relevantes para o comercio exterior galego, como pescado, crustáceos e moluscos; conservas de pescado; aluminio e as súas manufacturas, ou máquinas e aparellos mecánicos, seguen a presentar porcentaxes de comercio intraindustrial superiores ao 80 %, como en anos anteriores. Pola contra, o capítulo de vehículos automóbiles, que presentaba un 87 % de comercio intraindustrial en 2022, baixou esa porcentaxe ao 43 % en 2023 e ao 34 % en 2024.



comercio intraindustrial superiores ao 80 %, como en anos anteriores. Pola contra, o capítulo de vehículos automóbiles, que presentaba un 87 % de comercio intraindustrial en 2022, baixou esa porcentaxe ao 43 % en 2023 e ao 34 % en 2024.

A evolución no grao de concentración das exportacións e das importacións tamén é un indicador significativo do desempeño do comercio exterior dun territorio. Tomando os datos para os 98 capítulos TARIC, podemos calcular os **índices de concentración**. O índice máis simple é


⁴ A versión máis simple deste índice vén dada por $VCR_{ijt} = \frac{X_{jt} - M_{jt}}{X_{jt} + M_{jt}} \times 100$, sendo X_{jt} e M_{jt} , respectivamente, o valor das exportacións e das importacións de Galicia para o grupo j no ano t . O índice toma valores entre -100 e 100.

⁵ Para cada capítulo i , vén dado por $CII_{it} = 1 - \frac{|X_{it} - M_{it}|}{(X_{it} + M_{it})}$ e para o total do comercio exterior galego vén dado por

$CII_t = 1 - \frac{\sum_{i=1}^{98} |X_{it} - M_{it}|}{\sum_{i=1}^{98} (X_{it} + M_{it})}$. O índice toma valores entre 0 (o total do comercio é de tipo interindustrial) e 1 (o total do comercio é de tipo intraindustrial).

a *ratio* de concentración, que mostra a porcentaxe de comercio que corresponde aos principais capítulos. Os tres capítulos con máis peso nas exportacións galegas concentraban en 2023 o 48,2 % do total e en 2024 o 48,7 %; mentres que o valor desa *ratio* para os tres principais capítulos importadores era 38,1 % en 2023 e 37,6 % en 2024. Segundo este índice, as exportacións estarían aumentando a concentración, mentres que estaría diminuíndo para as importacións.

É máis conveniente medir o grao de concentración ou diversificación do comercio cun índice que teña en conta todos os capítulos TARIC. Un deses índices é o de Herfindhal-Hirschman (IHH), que normalizamos para que tome valores entre 0 e 1. Tendo en conta que se considera unha concentración baixa para valores do índice inferiores a 0,1, podemos dicir que as importacións galegas están diversificadas e o grao de diversificación aumenta desde 2017 (gráfico 4).



En 2024 o valor do IHH para as importacións baixou lixeiramente respecto ao de 2023 (de 0,0624 a 0,0618). Pola contra, para as exportacións, se ben a tendencia xeral no que vai de século é de redución da concentración, o valor do IHH está subindo nos últimos anos. En 2024, o índice toma o valor 0,105 (fronte a 0,103 o ano anterior). Se ben estes valores indican certa concentración, están moi afastados dos alcanzados a principios de século, cando se evidenciaba unha alta concentración das exportacións.

Nivel tecnolóxico dos bens que se comercian

Cando analizamos a evolución do volume de exportacións e importacións das diferentes seccións ou capítulos arancelarios, os produtos están agrupados segundo a clasificación TARIC, que se basea na natureza dos propios produtos (propiedades físicas, composición, uso). Ademais do volume do comercio, é interesante coñecer a evolución da intensidade tecnolóxica do comercializado. Para considerar a intensidade tecnolóxica dos fluxos, a clasificación debe ser diferente, ten que seguir o criterio da orixe da produción dos produtos, agrupándoos segundo a actividade económica da que proceden. Con este propósito, tomamos os datos dos fluxos comerciais segundo a **Clasificación de produtos por actividade (CPA)**. A estrutura da CPA 2.1 axústase á da clasificación europea de actividades económicas NACE Rev2, e asocia a cada produto a intensidade tecnolóxica do sector do que provén, baseándose na clasificación elaborada por Eurostat sobre actividades (CNAE-2009) segundo o esforzo en I+D.

Tomamos os datos sobre fluxos de exportacións e importacións de Galicia utilizando a desagregación da CPA a tres díxitos e, seguindo a proposta de Eurostat, agregamos os produtos en catro grupos segundo o grao de intensidade tecnolóxica (alta, media-alta, media-baixa e baixa) (cadro 5). A suma do comercio dos produtos incluídos neses catro grupos concentran o 94,6 % do total das exportacións galegas en 2024 e o 79,1 % das importacións, polo que podemos asumir que esta agregación é representativa para o total de fluxos comerciais galegos.

Aínda que seguen representando unha parte moi pequena do total, as exportacións de produtos de intensidade tecnolóxica alta mostraron en 2024 un incremento interanual de case o 30 %, pasando de supoñer o 1,1 % en 2023 ao 1,4 % en 2024. Esta dinámica favorable débese, sobre todo, ao aumento interanual do 48 % na exportación de produtos informáticos, que concentran o 63,5 % do total deste grupo, pero tamén ao crecemento das exportacións de produtos farmacéuticos nun 42 %. A participación deste tipo de produtos nas exportacións galegas segue estando moi lonxe do dato para o

Cadro núm. 5

Evolución do comercio exterior en Galicia de produtos da industria manufacturera por nivel tecnolóxico
(en millóns de euros)

Nivel tecnolóxico	Denominación	Exportacións				Importacións			
		2008	2019	2023	2024*	2008	2019	2023	2024*
Alto	21 Fabricación de produtos farmacéuticos	82,6	51,1	89,6	127,4	395,0	37,8	73,7	65,9
	26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	52,9	126,8	180,2	267,4	188,6	199,9	261,4	406,9
	303 Construción aeronáutica e espacial	0,4	8,6	54,0	26,0	2,3	10,9	3,5	15,2
	Total do nivel tecnolóxico alto	135,8	186,5	323,8	420,8	585,9	248,6	338,7	488,0
	% sobre o total	0,9	0,8	1,1	1,4	5,0	1,5	2,0	3,0
Medio-alto	20 Industria química	328,7	822,5	1.190,3	1.121,9	542,2	710,2	840,2	765,1
	254 Fabricación de armas e munições	1,3	0,2	0,8	0,7	0,6	5,8	0,4	0,3
	27 Fabricación de material e equipo eléctrico	661,2	629,4	486,5	446,3	482,9	296,2	1.479,6	785,0
	28 Fabricación de maquinaria e equipo	335,6	611,8	1.097,0	1.131,8	514,7	827,1	879,2	924,9
	29 Fabricación de vehículos de motor	5.821,2	5.077,6	8.431,9	8.859,6	2.604,8	5.869,3	2.459,4	2.033,1
	302 Fabricación de locomotoras e material ferroviario	0,1	0,9	0,4	0,3	3,7	0,4	1,8	1,8
	304 Fabricación de vehículos militares	0,0	1,1	2,7	2,3	0,0	4,4	4,5	4,5
	309 Fabricación doutro material de transporte	5,8	2,5	2,1	4,6	21,7	10,1	17,4	16,8
	325 Fabricación de instrumentos e subministracións médicos e odontolóxicos	4,2	105,6	115,1	19,2	8,7	87,0	81,7	50,7
	Total do nivel tecnolóxico medio-alto	7.158,2	7.251,5	11.326,9	11.586,6	4.179,3	7.810,6	5.764,3	4.582,2
	% sobre o total	48,1	33,8	39,4	39,5	35,7	47,8	32,2	27,7
Medio-baixo	182 Reprodución de soportes gravados	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	19 Coquerías e refino de petróleo	548,6	1.366,0	1.468,1	1.291,6	630,6	460,1	606,1	273,7
	22 Fabricación de produtos de caucho e plástico	118,0	185,5	269,7	399,0	198,4	225,3	277,5	335,0
	23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	337,0	474,7	533,1	527,9	149,7	95,9	145,3	136,3
	24 Metalurxia; produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	970,1	1.080,7	1.169,8	1.299,1	1.374,4	1.155,4	1.534,6	1.506,8
	25 Fabricación de produtos metálicos excepto maquinaria e equipo (agás 254)	201,9	342,1	748,5	539,2	265,0	369,5	421,4	485,2
	301 Construción naval	164,4	248,5	124,2	197,1	57,9	26,2	18,6	13,3
	33 Reparación e instalación de maquinaria e equipo	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	Total do nivel tecnolóxico medio-baixo	2.340,0	3.697,6	4.313,4	4.254,0	2.676,1	2.332,4	3.003,6	2.750,3
	% sobre o total	15,7	17,2	15,0	14,5	22,9	14,3	17,3	16,6
Baixo	10 Industria da alimentación	1.580,2	2.671,2	3.655,0	3.709,2	1.720,2	3.042,6	4.115,4	4.298,8
	11 Fabricación de bebidas	31,7	70,9	119,4	116,3	12,4	23,7	41,5	42,0
	12 Industria do tabaco	0,2	3,1	3,4	2,7	0,0	0,0	0,0	0,0
	13 Industria téxtil	303,0	574,5	799,1	867,1	405,3	532,3	704,6	811,8
	14 Confeción de pezas de vestir	2.288,5	5.332,4	6.132,1	6.344,0	1.387,2	1.510,2	2.300,9	2.549,9
	15 Industria do coiro e do calzado	267,9	589,8	679,5	698,8	70,7	214,3	266,6	259,2
	16 Industria da madeira e da cortiza	332,8	396,1	552,0	516,8	266,3	105,8	145,3	170,8
	17 Industria do papel	303,2	317,2	309,0	362,2	166,1	218,1	236,4	224,8
	181 Artes gráficas	0,8	0,2	0,5	0,5	0,1	0,1	0,1	0,2
	31 Fabricación de mobles	71,0	196,1	299,6	318,3	171,6	149,9	259,8	209,6
	32 Outras industrias manufacturais (agás 325)	66,1	197,2	231,4	149,8	56,1	145,6	165,2	148,9
	Total do nivel tecnolóxico baixo	5.245,3	10.348,7	12.780,8	13.085,7	4.256,0	5.942,6	8.235,8	8.716,1
	% sobre o total	35,3	48,2	44,5	44,6	36,4	36,4	47,5	52,7
Total		14.879,3	21.484,3	28.744,9	29.347,1	11.697,2	16.334,2	17.342,3	16.536,6

* Datos provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

conxunto de España, que se mantén en 2024 no 9,7 %. Pola súa parte, a subida interanual das importacións de produtos de intensidade tecnolóxica alta en Galicia foi do 44 %, pasando de significar o 2 % do total en 2023 ao 3 % en 2024. Tamén é o incremento nun 55,7 % das importacións de produtos informáticos (que concentran o 83,4 % do total do grupo) o que explica esa dinámica interanual.

As exportacións do grupo de produtos de intensidade tecnolóxica media-alta supoñen en 2024 o 39,5 % do total das exportacións (39,4 % en 2023), tras un aumento interanual do 2,3 % nas exportacións deste grupo. Aquí está incluído un sector con moito peso no comercio galego, a fabricación de vehículos, que acapara o 76,5 % do total das exportacións do grupo e que viu medrar as súas exportacións nun 5,1 % en 2024. Foi o incremento nas exportacións de vehículos o que compensou a diminución nas doutros produtos de intensidade tecnolóxica media-alta como os da industria química ou os de material e equipo eléctrico. A porcentaxe de importacións que significan os produtos con intensidade tecnolóxica media-alta diminuíu de novo en 2024, ata o 27,7 % (fronte ao 33,2 % en 2023), tras unha caída interanual (20,5 %) nas importacións deste grupo de produtos.

Para os produtos de intensidade tecnolóxica media-baixa, a diminución interanual das exportacións en 2024 foi dun 1,4 %, o que implica o 14,5 % do total das exportacións galegas (15 % en 2023). A diminución nas exportacións dos sectores de refino de petróleo (-12 %) e de produtos metálicos (-28 %) explican ese resultado. As importacións deste grupo de produtos mostran unha redución interanual dun 8,4 % e pasan a supoñer o 16,6 % do total das importacións galegas (17,3 % en 2023).


As exportacións dos produtos de intensidade baixa acaparan o 44,6 % do total das exportacións en 2024 (44,5 % en 2023), tras un incremento interanual do 2,4 %. Tamén este grupo é o que concentra a maior porcentaxe das importacións galegas, 52,7 % en 2024 (47,5 % en 2023), tras un aumento interanual do 5,8 %. A estes resultados contribuíron as dinámicas comerciais positivas dos dous grandes sectores do grupo, alimentación e confección.

En conclusión, as exportacións galegas seguen centrándose nos produtos con intensidade tecnolóxica media (54 % do total das exportacións galegas en 2024), cunha lixeira subida das de intensidade media-alta e unha leve diminución das de intensidade media-baixa. De igual xeito, as exportacións do conxunto de España céntranse neste tipo de produtos (o 57 % do total en 2024).

Cando consideramos os catro grupos, o comercio galego baséase nos produtos con intensidade tecnolóxica baixa (44,6 % das exportacións e 52,7 % das importacións totais). Estas porcentaxes son moi superiores ás que evidencia o comercio do conxunto de España para este tipo de produtos (23,9 % para as exportacións e 25,9 % para as importacións); e explícanse, como dicíamos, polo peso que teñen os sectores da alimentación e do téxtil no comercio galego, cunha dinámica que se está estabilizando nos últimos anos pero que mostrou un enorme crecemento nas últimas décadas.

Destino e orixe do comercio exterior galego en 2024

O principal destino das exportacións galegas segue a ser Europa, o 82 % do total. Dentro de Europa, a estrutura dos destinos permanece relativamente estable. Mantendo a tendencia dos últimos anos, a maior parte das exportacións galegas van a países da Eurozona (62 % do total) e gañan peso relativo as exportacións a países europeos non comunitarios fronte aos da UE que non forman parte



da Eurozona. Tamén para o conxunto de España, Europa continúa como principal destino das exportacións e, dentro de Europa, sobre todo os países da Eurozona, pero nunhas porcentaxes bastante inferiores ao caso de Galicia (gráfico 6).

O diferente peso relativo dos distintos capítulos arancelarios nas exportacións e nas importacións galegas e españolas, e a evolución do comercio exterior destes capítulos nos últimos anos, explican en boa medida os datos de participación de Galicia no total do comercio exterior de España (cadro 6). Como xa se comentou, a participación de Galicia no total de exportacións de España foi do 8,1 % en 2024. Esa contribución segue sendo maior que a nivel agregado para a Eurozona (9,3 %), que incrementa a diferenza en medio punto porcentual respecto ao ano anterior, e para o resto de países da UE-27 (10,6 %). No caso das importacións, a participación de Galicia, en xeral inferior ás exportacións, é menor para as que teñen orixe en países de Europa que para o total.

Cadro núm. 6

Evolución do comercio exterior en Galicia e España (en millóns de euros)

	Exportacións					Importacións				
	2020	2021	2022	2023	2024*	2020	2021	2022	2023	2024*
Galicia										
Eurozona ¹	13.193,0	14.689,6	18.497,5	18.509,3	19.167,9	8.643,4	9.770,0	11.148,4	7.373,6	6.729,7
Resto UE-27	1.838,5	2.090,7	2.639,8	2.744,4	2.784,4	512,8	596,7	1.012,5	779,8	595,1
Resto de Europa	2.344,9	2.532,5	2.716,7	3.210,1	3.404,0	1.327,0	1.460,2	1.906,8	1.906,1	1.994,9
África	998,8	1.487,5	1.595,3	1.752,2	2.021,4	1.802,4	2.262,5	3.076,4	2.775,8	2.976,0
América	1.226,3	1.765,0	2.034,5	2.226,3	2.181,3	2.112,4	3.286,4	5.035,5	3.563,9	4.402,6
Asia	882,6	1.079,5	1.417,1	1.219,6	1.074,2	2.243,3	2.592,2	4.374,8	4.394,5	3.982,1
Oceanía	273,5	331,4	44,0	44,6	77,8	93,0	97,4	152,0	87,9	137,4
Sen determinar	195,8	233,1	341,1	383,2	309,0	37,5	67,6	165,5	130,5	92,0
Total	20.953,5	24.209,4	29.286,2	30.089,7	31.019,9	16.771,7	20.133,0	26.871,6	21.012,1	20.909,8
España										
Eurozona	140.821,2	170.626,3	213.539,4	209.205,1	206.237,1	121.937,2	147.421,5	174.075,1	175.727,4	175.419,8
Resto UE-27	17.500,5	20.612,3	24.360,7	25.353,6	26.221,8	19.056,7	21.890,1	28.003,7	28.730,4	28.109,5
Resto de Europa	32.872,8	37.419,5	42.479,1	44.794,2	45.695,0	25.741,9	35.608,3	41.097,2	33.653,1	32.733,1
África	15.613,6	18.509,2	21.137,2	20.088,5	21.140,4	19.037,9	28.011,5	42.580,2	33.906,6	34.804,5
América	25.996,3	31.953,5	40.151,1	41.376,7	41.190,3	29.280,8	36.967,5	64.369,4	54.249,4	56.823,7
Asia	24.954,6	28.355,1	32.089,8	29.542,6	30.371,0	58.058,0	71.475,4	103.245,6	91.522,7	91.931,7
Oceanía	1.789,4	1.963,8	2.002,0	2.171,3	2.497,3	633,8	953,8	1.427,4	1.193,9	1.010,7
Sen determinar	4.079,8	5.418,9	11.839,7	11.566,4	11.111,9	3.178,9	3.955,3	4.404,0	4.739,9	3.907,7
Total	263.628,3	314.858,5	387.599,0	384.098,4	384.464,9	276.925,1	346.283,4	459.202,6	423.723,4	424.740,7
%Galicia/España										
Eurozona ¹	9,4	8,6	8,7	8,8	9,3	7,1	6,6	6,4	4,2	3,8
Resto UE-27	10,5	10,1	10,8	10,8	10,6	2,7	2,7	3,6	2,7	2,1
Resto de Europa	7,1	6,8	6,4	7,2	7,4	5,2	4,1	4,6	5,7	6,1
África	6,4	8,0	7,5	8,7	9,6	9,5	8,1	7,2	8,2	8,6
América	4,7	5,5	5,1	5,4	5,3	7,2	8,9	7,8	6,6	7,7
Asia	3,5	3,8	4,4	4,1	3,5	3,9	3,6	4,2	4,8	4,3
Oceanía	15,3	16,9	2,2	2,1	3,1	14,7	10,2	10,6	7,4	13,6
Sen determinar	4,8	4,3	2,9	3,3	2,8	1,2	1,7	3,8	2,8	2,4
Total	7,9	7,7	7,6	7,8	8,1	6,1	5,8	5,9	5,0	4,9

* Datos provisionais.

¹ Ata 2022, EU-Eurozona (d.2015-01 h.2022-12), a partir de 2023 (EU-Eurozona (d.2023-01).

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Cando o analizamos por países, os principais destinos das exportacións galegas en 2024 contiñúan a ser os mesmos países europeos que nos anos anteriores, con algúns pequenos cambios que alteran a orde, pero non nos primeiros postos do *ranking* (cadro 7). Os catro principais destinos das exportacións son os países da Eurozona: Francia, Portugal, Italia e Alemaña. Os seguintes postos seguen ocupados por dous países europeos: Polonia (do resto da UE) e Reino Unido (do resto de Europa); ambos mostrando un incremento interanual superior ao do total das exportacións, que consolidan estas posicións ao concentrar as exportacións nos principais sectores exportadores de Galicia. Polonia continúa aumentando o seu peso relativo, cunha subida interanual do 4,9 %. As exportacións a este país mantéñense moi vinculadas ás decisións de Inditex; de feito, as pezas de vestir e o calzado acaparan o 77,5 % do total exportado a Polonia, seguidas moi de lonxe polas do sector da automoción (5,7 % do total). Non obstante, é automoción a que concentra as exportacións ao Reino Unido (67,8 % do total en 2024), que volve gañar peso relativo nas exportacións galegas despois da caída sufrida nos anos posteriores ao Brexit. Os cambios que observamos na estrutura das

Cadro núm. 7

Estrutura espacial do comercio exterior de Galicia

Principais países de procedencia e destino dos intercambios

	2022		2023		2024*		TVI (%) 2024*-2023
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	
Exportacións							
Francia	5.280,8	18,0	5.298,0	17,6	5.140,9	16,6	-3,0
Portugal	4.153,7	14,2	4.233,1	14,1	4.309,0	13,9	1,8
Italia	2.812,1	9,6	3.021,1	10,0	3.331,0	10,7	10,3
Alemaña	1.777,2	6,1	1.840,4	6,1	1.897,6	6,1	3,1
Polonia	1.477,4	5,0	1.686,3	5,6	1.768,7	5,7	4,9
Reino Unido	1.465,6	5,0	1.443,4	4,8	1.572,9	5,1	9,0
Turquía	585,8	2,0	1.177,8	3,9	1.394,2	4,5	18,4
Marrocos	1.217,6	4,2	1.268,2	4,2	1.335,2	4,3	5,3
Países Baixos	1.607,9	5,5	978,9	3,3	1.254,7	4,0	28,2
Bélxica	1.170,0	4,0	1.224,0	4,1	1.253,8	4,0	2,4
Resto de países	7.738,1	26,4	7.918,4	26,3	7.761,9	25,0	-2,0
Total	29.286,2	100,0	30.089,7	100,0	31.019,9	100,0	3,1
Importacións							
Portugal	2.738,8	10,2	2.635,3	12,5	2.721,7	13,0	3,3
China	2.116,8	7,9	2.587,2	12,3	2.042,1	9,8	-21,1
Estados Unidos	1.937,9	7,2	1.173,8	5,6	1.291,5	6,2	10,0
Marrocos	1.001,9	3,7	1.169,6	5,6	1.274,1	6,1	8,9
Francia	5.105,6	19,0	1.714,8	8,2	1.175,9	5,6	-31,4
México	806,6	3,0	435,2	2,1	1.033,0	4,9	137,4
Turquía	759,8	2,8	709,3	3,4	815,5	3,9	15,0
Alemaña	768,5	2,9	799,1	3,8	804,6	3,8	0,7
Italia	906,3	3,4	857,5	4,1	785,8	3,8	-8,4
Libia	716,2	2,7	495,0	2,4	665,0	3,2	34,3
Resto de países	10.013,2	37,3	8.435,3	40,1	8.300,6	39,7	-1,6
Total	26.871,6	100,0	21.012,1	100,0	20.909,8	100,0	-0,5

* Datos provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

exportacións por países danse a partir desta posición. Aínda que as exportacións a Marrocos medraron máis que a media (5,3 %), este país pasa de ser o sétimo a ser o oitavo destino, dado que as exportacións a Turquía creceron en 2024 un 18,4 % (despois de duplicarse o ano anterior), o que contribúe ao incremento no peso da Europa non comunitaria sobre o total. As exportacións galegas a Turquía concéntranse no capítulo de vehículos automóbiles (86,2 % do total exportado a este país). Os Países Baixos, décimos no *ranking* o ano anterior, son novenos, tras unha subida interanual das exportacións a este país do 28,2 %, superando lixeiramente o volume das exportacións a Bélxica.

Podemos dicir que as exportacións de Galicia se van concentrando nestes dez destinos mencionados, case na súa totalidade europeos, que supoñen na actualidade o 75 % do total do exportado (73,7 % o ano anterior). Respecto do resto de áreas xeográficas, aumentaron as exportacións a África, que gaña peso relativo e xa significa o 6,5 % do total en 2024. Se ben é certo que dous terzos das exportacións a África van a Marrocos, o incremento interanual é moi superior para o conxunto do continente (15,4 %) que para Marrocos (5,3 %); o que indica que seguen a diversificarse os destinos. As exportacións a Marrocos baséanse fundamentalmente en fíos e fibras sintéticas (28 % do total), fibras de algodón (9 % do total) e vehículos automóbil (9 % do total).

As exportacións a América mostraron unha diminución interanual dun 2 %, e o seu peso relativo pasou do 7,4 % en 2023 ao 7 % en 2024. Os principais destinos en América son EE. UU. (36,7 % do total que vai a América), que mantivo o volume de exportacións en 2024 respecto ao ano anterior, cun lixeiro incremento interanual de 0,2 % despois de diminuír o ano anterior un 2,9 %; e México (16 % do total), que presentou unha redución interanual en 2024 do 20 %, o que explica a caída nos resultados do continente.

As exportacións a Asia baixaron de novo en 2024, un 11,9 %, deixando o peso relativo do continente no 3,5 % do total das exportacións galegas. Esta diminución vén motivada polo descenso en 2024 das exportacións aos principais países de destino en Asia: China (-6,8 %), Xapón (-10,2 %), Israel (-20,3 %) e Arabia Saudí (-20,3 %).

Europa, moito menos significativo como orixe das importacións que como destino das exportacións, dada a diferente estrutura sectorial de ambos os fluxos, perde en 2024 tres puntos porcentuais no seu peso relativo sobre o total do importado por Galicia, quedando no 44,6 % tras unha caída interanual dun 7,4 % nas importacións que proveñen do continente. Dentro de Europa, perde peso relativo a Eurozona (que pasa do 35 % ao 32 % do total) e, sobre todo, o resto de países da UE-27, cunha redución interanual dun 23,7 % nas importacións con esta orixe. Para o conxunto de España, Europa mantén unha maior relevancia como orixe das importacións (55,6 % do total).

Entre os dez principais socios comerciais de Galicia como orixe das importacións están catro países da Eurozona (Portugal, Francia, Alemaña e Italia), pero ocupando posicións moi diferentes ás que teñen no *ranking* de exportadores (cadro 7) e cun peso tamén distinto: contan polo 26,2 % do total das importacións fronte ao 47,3 % do total das exportacións. Dos catro, só aumentaron en 2024 as importacións con orixe en Portugal (3,3 %), que segue a liderar o *ranking*, crecendo o seu peso relativo no total do importado por Galicia ata o 13 %. Para os outros tres socios diminuíron as importacións, en particular no caso de Francia (-31,4 %), que, despois de ser durante anos o principal socio comercial por importacións, encadea varios períodos de caídas, sobre todo no sector da automoción, e ocupa na actualidade o quinto posto, supoñendo tan só o 8,2 % do total das importacións que fai Galicia.

A posición tan diferente destes países, e do resto dos europeos, respecto das importacións e das exportacións fai que o saldo comercial de Galicia sexa de crecente superávit para a Eurozona, e tamén para Europa. Para o resto de continentes a situación é distinta. Aumenta o saldo negativo con América, despois do incremento nas importacións que proceden dese continente nun 23,5 % en 2024 (e unha caída das exportacións do 2 %). América concentra o 21 % do total das importacións galegas e o principal socio comercial son os EE. UU., que acaparan case o 30 % das importacións que veñen de América e o 6,2 % do total das importacións galegas. Dos EE. UU. importamos fundamentalmente combustibles. O 28 % dos combustibles que compra Galicia procede dos EE. UU. e este capítulo supón o 78,5 % das importacións deste país. Pola contra, as exportacións galegas cara aos EE. UU. están moito máis diversificadas e, en todo caso, son de menor relevancia: 2,6 % do total das de Galicia en 2024. Isto permite concluír que, aínda que a Administración Trump mantivese os aranceis anunciados, os efectos directos para o comercio exterior galego serían pouco importantes. O que non significa que non lle afecte a Galicia a política comercial dos EE. UU.; non só polas consecuencias xeopolíticas e a incerteza xerada, senón porque, ademais dos efectos directos están os indirectos que as medidas proteccionistas poidan provocar nas exportacións e na renda dos nosos socios comerciais. Por outra parte, que non sexa moi relevante para o total das exportacións galegas (só 800 millóns, dos algo máis de 31.000 millóns de euros, se exportan aos EE. UU.), non implica que para algún sector concreto non teña importancia ou mesmo sexa crítico. Un exemplo é o viño, produto para o que nalgún momento se ameazou cun arancel do 200 %. Malia que o sector das bebidas é moi pouco significativo no total das exportacións galegas, se nos centramos no caso do viño (tan só o 0,17 % do total de exportacións galegas de 2024 corresponderon a este produto), o certo é que, do total de exportacións de viño (52 millóns de euros), o 41 % van aos EE. UU. O segundo país en relevancia nas importacións desde América é México (cando era Arxentina o ano anterior). México en 2024 concentra o 23,5 % das importacións procedentes de América e case o 5 % do total galego, despois dun incremento interanual do 137 % nas importacións desde ese país, que se corresponden case exclusivamente con combustibles; e que alcanzaron un volume en 2024 semellante ao das importacións desde EE. UU., acaparando estes dous países o 56 % das importacións galegas de combustibles.

Asia, orixe da que Galicia fai unhas importacións máis diversificadas, supón en 2024 o 19 % das importacións galegas, despois dunha caída interanual do 9,4 %. A posición con este continente segue a ser de déficit, se ben se reduce lixeiramente respecto á do ano anterior. O principal socio no continente é China, que é o segundo país no *ranking* de importacións galegas, concentrando o 9,8 % do total do que importa Galicia, e máis da metade das importacións procedentes de Asia. A diminución interanual das importacións desde China nun 21,1 % explica o resultado para este continente e

mingua o peso relativo deste país nas importacións galegas. Esta baixada explícase pola redución nas importacións que fai Galicia desde China de aparellos e material eléctrico, o principal capítulo, e que caeron un 56 % en 2024, despois dun incremento de máis do 80 % o ano anterior.

No caso de África medran as importacións en 2024 un 7,2 %, e mantense a posición de déficit comercial. A variación nas importacións explícase, fundamentalmente, polo incremento das que veñen de Marrocos, nun 8,9 % en 2024, que é o cuarto país como orixe das importacións, supoñendo o 9 % do total e o 43 % das procedentes de África. As importacións de Marrocos concéntranse en pezas de vestir de punto e non de punto (29 % do total, e cun aumento interanual en 2024 do 20 %); aparatos e material eléctrico (25,5 % do total, cunha subida interanual do 14,4 %); produtos da pesca (18 % do total tras caer un 6 %); e vehículos (14 % do total, cun incremento do 4 % en 2024). Tamén contribúe á alza das importacións desde África o importado de Libia (exclusivamente combustibles), que, despois dun ascenso interanual en 2024 do 34,4 %, entra no grupo dos dez principais socios por importación, significando o 3,2 % do total e o 22 % das importacións do continente africano. Sae desde grupo Países Baixos, despois de que diminuísen as importacións desde ese país nun 22 % en 2025, en particular as de combustibles, un 55 %.

O comercio exterior galego cos principais socios en 2024

Polo lado das exportacións, Francia e Portugal son os maiores destinos para Galicia en 2024, igual que en anos anteriores. Polo lado das importacións, Portugal é a principal orixe, pero Francia, que era primeira ata 2022 e que pasou a terceira en 2023, ocupa a quinta posición en 2024 (cadro 7).


Fronte ao incremento interanual das exportacións galegas en 2024, as exportacións con destino Francia caen un 2,96 %, polo que, a pesar de que este país segue a ser o principal destino das exportacións galegas, o seu peso relativo baixa, desde o 17,6 % en 2023 ao 16,6 % en 2024. Os maiores sectores de exportación a Francia corresponden cos principais no *ranking* das exportacións galegas por sectores. Así, as exportacións seguen concentradas no sector da automoción que, a pesar de diminuír lixeiramente en 2024 (-0,9 %), soben o seu peso relativo ata o 42,8 % do total exportado por Galicia a Francia (41,9 % o ano anterior) debido á caída interanual nas exportacións de pezas de vestir (6,4 %), que é o segundo sector por peso relativo (o 17,5 % das exportacións galegas a Francia corresponden a este sector). Dentro do sector da confección, aumentan as exportacións das pezas de punto e baixan as de non de punto. Para o sector da automoción crece a exportación de turismos (9,3 %), que compensa a redución na de vehículos de traballo (-10,1 % en 2024, consecuencia en boa parte do enorme incremento o ano anterior), e seguen baixando as exportacións de partes e compoñentes, 37,1 % en 2024, que se suma ao descenso en máis do 60 % do ano anterior.

Francia vai perdendo peso no total das exportacións galegas e, de igual modo, nos dos principais sectores exportadores. Con todo, é aínda o maior destino para a automoción, concentrando o 25 % das exportacións do sector, e tamén para o de pezas de vestir. Neste último, a pesar de ser moito máis diversificado en canto a destinos (consecuencia da absoluta internacionalización do principal exportador, Inditex, con presenza en máis de 200 mercados), Francia supón o 14,5 % do que exportou Galicia neste sector en 2024.

As importacións que Galicia fai desde Francia caeron un 31,4 % en 2024, redución que se suma á do 66,4 % o ano anterior, e que sitúa este país no quinto posto no *ranking* de socios comerciais de Galicia por importacións; cando era terceiro en 2023 e primeiro en 2022. Pasan a estar por diante de Francia Estados Unidos e Marrocos, non só polo mal desempeño de Francia senón debido aos incrementos nas importacións con orixe nestes outros socios en 2024. O cambio nos datos para Francia explícase, sobre todo, pola redución nas importacións do sector de automoción (-56,6 % en 2024, que se suma á caída do 77,6 % o ano anterior). Contribúen á perda das importacións de automoción todas as partidas arancelarias do capítulo: a de maior peso, automóviles de turismo, un 64 %, e a de partes e compoñentes un 30,6 % (que se engade á redución nun 94,7 % o ano anterior). Con esa dinámica, o capítulo de automoción, se ben segue sendo o de maior peso no comercio galego con

Francia, tamén polo lado das importacións, pasa a concentrar o 33 % do total que importa Galicia deste país (fronte ao 52,3 % o ano anterior), facendo que Francia supoña o 21,8 % do total que importa Galicia deste capítulo (fronte ao 39,3 % do ano anterior).

O segundo capítulo en relevancia importadora desde Francia continúa a ser o de fundición de ferro e aceiro, que, a pesar de baixar as súas importacións un 2,3 %, gaña peso relativo ata o 16,8 % do total do que importa Galicia de Francia e o 21 % do que importa Galicia deste capítulo.



Coa dinámica mostrada polas exportacións e as importacións, o saldo comercial con Francia experimentou un novo incremento interanual en 2024, do 10,7 %, alcanzando os 3.965 millóns de euros (gráfico 7). A este aumento do superávit con Francia contribúe, ante todo, o sector de automoción, que mellorou o seu saldo un 37 %, como consecuencia da enorme caída que mostraron de novo as importacións. Sendo este sector o principal responsable do superávit comercial galego e, dado o seu peso relativo no comercio galego con Francia, o resultado é que case o 40 % do


superávit de Galicia corresponde ao superávit con Francia. Pola súa vez, o saldo do sector de pezas de vestir tamén foi positivo (case 900 millóns de euros), pero diminuíu en 2024 un 6,5 % respecto ao do ano anterior pola caída das exportacións.

Portugal mantén a súa posición como segundo socio comercial por exportacións e primeiro por importacións. O incremento interanual das exportacións galegas a este destino en 2024 (1,8 %), menor que para o total das exportacións que fixo Galicia, reduciu lixeiramente o peso deste país ata o 13,9 % do total das exportacións galegas. O aumento das importacións con esa orixe (3,3 %), fronte á lixeira caída no total do importado por Galicia, mellorou o peso relativo de Portugal ata o 13 % do total das importacións galegas.

O principal sector de exportación continúa a ser o de pezas de vestir de punto e non de punto que, conxuntamente, concentra o 15,6 % do total do que Galicia exporta a Portugal; un punto porcentual máis que o ano anterior, tras un incremento interanual do 9 %. Os seguintes capítulos en relevancia, e cunha dinámica exportadora positiva, son o de automoción e o de produtos da pesca, cun peso relativo cada un deles de aproximadamente o 9 % do total que Galicia exporta a Portugal. En cuarta posición están as exportacións de combustibles (capítulo que era segundo o ano anterior), despois de sufrir unha caída interanual dun 27,7 % (que se engade á do ano anterior). En canto ao peso de Portugal no total exportado por Galicia, o 22 % das exportacións que fai Galicia de pesca e o 23 % das de combustibles teñen como destino Portugal. Para os principais capítulos da exportación galega este destino presenta un menor peso: o 10 % das pezas de vestir e o 4,7 % da automoción van a Portugal.

Dentro das exportacións de automoción a Portugal, son as de partes e compoñentes as que posúen un maior peso relativo (44,5 % do total), a pesar de diminuír un 5,2 % en 2024. A dinámica tan negativa das exportacións desta partida arancelaria a Francia, xa comentada, fai que na actualidade se exporte un 40 % máis a Portugal que a Francia; cando en 2022 as exportacións a Portugal eran pouco máis do 30 % das que ían a Francia. As exportacións de automóviles de turismo creceron en 2024 un 26,7 %, e xa equivalen ao 41 % do total. A pesar deste incremento, as exportacións a Portugal de vehículos de turismo só representan o 12 % das que se exportan a Francia.

O sector que concentra unha maior porcentaxe das importacións que fai Galicia desde Portugal é o de automoción, que sobe o seu peso relativo case un punto, ata o 14,6 % tras un incremento interanual do 4,8 %. O segundo é o de pezas de vestir de punto e non de punto, que era primeiro en 2023, e que en 2024 conta conxuntamente polo 13 % do total, un punto menos que o ano anterior, tras unha diminución interanual do 4 %. Ocupa a terceira posición, cun 12 % do total, o de fundición de ferro e aceiro. Para este capítulo, a pesar da redución interanual das importacións con orixe en Portugal (-14,6 %), ese país acapara o 35 % do total das importacións que fai Galicia. Aínda que a certa distancia dos tres primeiros, tamén é relevante o capítulo da pesca, que en 2024 chegou a concentrar o 8 % das importacións que fai Galicia desde Portugal, tras mostrar unha subida interanual do 12 %.



O maior aumento das importacións que das exportacións levou en 2024 a unha lixeira caída do saldo no comercio de Galicia con Portugal, pero mantén o superávit como nos anos anteriores (gráfico 8).

Os fluxos comerciais de Galicia con Portugal seguen a ser moito máis diversificados que os que fai con Francia. No caso de Francia, os tres principais capítulos por exportación (automoción, pezas de vestir e combustibles) concentran o 67,9 % do que Galicia exporta a ese país en 2024 (64,6 % en 2023); e, polo lado das importacións, os tres principais capítulos (automoción, pezas de vestir e fundición de ferro e aceiro) equivalen ao

58,8 % das importacións desde Francia en 2024 fronte a un 70 % en 2023. No caso de Portugal, os tres maiores capítulos exportadores (pezas de vestir, automoción e pesca) significan o 34,6 % do exportado a ese país en 2024. Para as importacións, os tres maiores capítulos (automoción, pezas de vestir e fundición de ferro e aceiro) equivalen ao 39,7 % do total.

As empresas galegas no comercio exterior

A evolución do número de empresas galegas que participan no comercio exterior mantén a tendencia dos últimos anos (cadro 8). En 2024 a cifra volve baixar, malia que con menor intensidade que

nos anos previos (- 6,7 %). Esta caída é moi superior á do número total de empresas, que diminuíu en Galicia un 1,9 %. Porén, as empresas importadoras medran de novo en 2024 (7,1 %), situándose en 18.720, o triplo que as exportadoras.

Cadro núm. 8
Número total de empresas galegas exportadoras e importadoras

	2020	2021	2022	2023	2024
Exportadoras	7.121	9.376	7.626	6.717	6.268
Importadoras	13.696	19.530	16.061	17.473	18.720

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

En canto ao tipo de produtos que se comercian, a estrutura empresarial permanece estable, existindo cinco grupos de produtos que roldan ou superan o millar de empresas exportadoras xa hai anos (cadro 9). O grupo de produtos de caldeiras, maquinaria e material eléctrico é o que maior cantidade de empresas exportadoras acumula, aínda que perde un 3,1 % en 2024 e baixa das 2.000, limiar que superara no ano 2021. O segundo grupo en importancia é o de metais e as súas manufacturas e ferramentas, que en 2024 experimentou un incremento do 7,5 % no número de empresas exportadoras. Materias téxtiles e confección mantense en cifras similares a anos anteriores, mentres que produtos de alimentación continúa coa tendencia decrecente iniciada en 2023, pero máis intensa neste 2024 (-10,5 %). As empresas exportadoras de produtos de plástico, caucho e as súas manufacturas caen en 2024 e baixan do millar (2,4 %). O maior incremento relativo dáse no grupo dos instrumentos de precisión, cun crecemento do 21 %, con 43 novas empresas exportadoras.

Cadro núm. 9

Número de empresas galegas exportadoras e importadoras por grupos arancelarios

Capítulos	Grupos	Produtos	2022	2023	2024	TVI (%) 2024/2023
Exportacións						
01/05	I	Animais, peixes e moluscos, leite e ovos	687	672	662	-1,5
06/14	II	Vexetais, froitos, café e sementes	275	276	291	5,4
15	III	Graxas e aceites vexetais e animais	71	69	65	-5,8
16/24	IV	Produtos de alimentación	1.342	1.290	1.155	-10,5
25/27	V	Minerais e combustibles minerais	258	249	262	5,2
28/38	VI	Produtos químicos	940	934	962	3,0
39/40	VII	Plástico, caucho e as súas manufacturas	997	1.014	990	-2,4
41/43	VIII	Peles, coiros e as súas manufacturas	253	217	217	0,0
44/46	IX	Madeira e as súas manufacturas	371	364	363	-0,3
47/49	X	Pastas papeleiras, papel e edición	546	501	476	-5,0
50/63	XI	Materias téxtiles e confección	1.532	1.334	1.367	2,5
64/67	XII	Calzado, paraugas e sombreiros	320	292	298	2,1
68/70	XIII	Produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro	533	551	561	1,8
71	XIV	Xoiería	93	89	75	-15,7
72/83	XV	Metais e as súas manufacturas, ferramentas	1.722	1.699	1.826	7,5
84/85	XVI	Caldeiras, maquinaria e material eléctrico	2.150	2.023	1.960	-3,1
86/89	XVII	Material de transporte	932	754	708	-6,1
90/92	XVIII	Instrumentos de precisión e relojería	470	424	513	21,0
93	XIX	Armas	8	11	8	-27,3
94/96	XX	Mobiliario, artigos de recreo e varios	769	746	746	0,0
97	XXI	Obxectos de arte e non clasificados	50	41	45	9,8
98-99		Non clasificados	2.768	2.454	2.452	-0,1
Importacións						
01/05	I	Animais, peixes e moluscos, leite e ovos	643	638	667	4,5
06/14	II	Vexetais, froitos, café e sementes	423	443	465	5,0
15	III	Graxas e aceites vexetais e animais	73	66	70	6,1
16/24	IV	Produtos de alimentación	658	703	807	14,8
25/27	V	Minerais e combustibles minerais	364	369	393	6,5
28/38	VI	Produtos químicos	2.112	2.343	2.388	1,9
39/40	VII	Plástico, caucho e as súas manufacturas	2.495	2.670	2.729	2,2
41/43	VIII	Peles, coiros e as súas manufacturas	757	799	909	13,8
44/46	IX	Madeira e as súas manufacturas	529	559	531	-5,0
47/49	X	Pastas papeleiras, papel e edición	1.358	1.403	1.510	7,6
50/63	XI	Materias téxtiles e confección	4.122	4.342	4.798	10,5
64/67	XII	Calzado, paraugas e sombreiros	1.260	1.156	1.350	16,8
68/70	XIII	Produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro	969	1.063	1.039	-2,3
71	XIV	Xoiería	552	575	564	-1,9
72/83	XV	Metais e as súas manufacturas, ferramentas	3.766	4.043	4.056	0,3
84/85	XVI	Caldeiras, maquinaria e material eléctrico	6.574	7.113	7.275	2,3
86/89	XVII	Material de transporte	2.192	2.214	2.504	13,1
90/92	XVIII	Instrumentos de precisión e relojería	2.003	2.307	2.456	6,5
93	XIX	Armas	37	47	42	-10,6
94/96	XX	Mobiliario, artigos de recreo e varios	2.261	2.501	2.631	5,2
97	XXI	Obxectos de arte e non clasificados	121	130	175	34,6
98-99		Non clasificados	3.438	3.893	4.224	8,5

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

No relativo ás importacións, a evolución global é positiva e só os grupos XIII, XIV e XIX perden empresas importadoras, sendo en todos os casos a caída dun pequeno número en termos absolutos. Destaca a evolución positiva tanto en termos absolutos como relativos dos grupos de produtos de alimentación; peles, coiros e as súas manufacturas; materias téxtiles e confección; e calzado, paraugas e sombreiros, todos eles con crecementos na cantidade de empresas de dous díxitos en termos porcentuais e de máis dun cento de empresas novas. Os tres grupos arancelarios que máis destacan son caldeiras, maquinaria e material eléctrico, con 7.275 importadoras (17,5 %); materias téxtiles e confección, con case 4.800 (11,5 %); e Metais e as súas manufacturas, ferramentas que supera as 4.050 (9,8 %). Tamén manteñen unha importancia salientable os grupos de produtos químicos,

plásticos, transporte, instrumentos de precisión e mobiliario; pois todos eles pasan das 2.000 empresas importadoras e, xunto cos anteriores, acumulan o 69 % do total de empresas importadoras en Galicia.

O comercio exterior galego por provincias en 2024

As provincias da Coruña e Pontevedra incrementan en 2024 as súas exportacións en 3,4 % e 3,8 %, respectivamente. Tras esta evolución, Pontevedra lidera un ano máis as exportacións galegas (49,3 % do total) e A Coruña tamén ve incrementada a súa participación, ata o 44,9 % do total galego (cadro 10). Ourense e Lugo diminúen un ano máis o seu peso relativo, ata o 4 % e o 1,9 %, respectivamente,

non só polo crecemento das principais provincias exportadoras, senón pola caída das súas propias exportacións (Lugo un 8,8 % e Ourense un 3,2 %).

Cadro núm. 10
Distribución do comercio exterior de Galicia por provincias

	2022		2023		2024	
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%
Exportacións						
A Coruña	14.197,6	48,5	13.466,0	44,8	13.926,6	44,9
Lugo	757,3	2,6	643,3	2,1	586,4	1,9
Pontevedra	13.088,8	44,7	14.713,5	48,9	15.280,3	49,3
Ourense	1.242,5	4,2	1.266,9	4,2	1.226,6	4,0
Galicia	29.286,2	100,0	30.089,7	100,0	31.019,9	100,0
Importacións						
A Coruña	13.263,0	49,4	10.082,9	48,0	11.142,2	53,3
Lugo	782,7	2,9	596,9	2,8	618,7	3,0
Pontevedra	11.953,2	44,5	9.490,8	45,2	8.257,7	39,5
Ourense	872,8	3,2	841,5	4,0	891,2	4,3
Galicia	26.871,6	100,0	21.012,1	100,0	20.909,8	100,0

Datos 2022 e 2023 definitivos, 2024 provisionais.
Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

As importacións subiron en todas as provincias salvo en Pontevedra, consecuencia da redución nas importacións do sector de automoción, moi concentrado aquí. Sendo así, o saldo comercial de Pontevedra, a de maior superávit de Galicia, medra un ano máis. A Coruña e Ourense, aínda que cunha menor contribución ao superávit galego, tamén presentan un saldo comercial positivo en 2024, sendo

Lugo a única que mostra déficit comercial. Para as distintas provincias, a evolución dos fluxos de comercio explícanse, como é de esperar, pola especialización comercial de cada unha, en particular, en relación cos principais sectores do comercio exterior galego.

En Pontevedra concéntranse os fluxos comerciais de dous dos principais sectores no *ranking* exportador e importador galego: vehículos automóbiles, e pescados, crustáceos e moluscos. No caso dos produtos da pesca, Pontevedra supón o 79,9 % das exportacións e o 77,6 % das importacións galegas. Para a automoción o peso de Pontevedra é aínda maior, dada a presenza de Stellantis: 98,3 % das exportacións e 89,1 % das importacións. Será, por tanto, a evolución xa vista destes sectores a que explique os resultados da provincia. En 2024, o 56,7 % das exportacións corresponde a automoción e o 9,5 % a pesca. As importacións están máis diversificadas, concentrando a pesca o 23,2 % do total da provincia e a automoción o 19,3 %. En resumo, o incremento nas exportacións e a diminución das importacións do capítulo de automoción explican a dinámica comercial de Pontevedra.

As exportacións da Coruña concéntranse en pezas de vestir de punto e non de punto, representando o 44 % do total da provincia. Coa presenza de Inditex, A Coruña absorbe o 97,3 % das exportacións galegas e o 91,2 % das importacións de pezas de vestir. O segundo capítulo, a moita distancia, é o de combustibles. Tras as caídas dos dous últimos anos, este capítulo supón só o 8 % do total das exportacións da provincia, pero é o que lidera as importacións (32 % do total de importacións). A Coruña concentra o 98,5 % das importacións galegas de combustibles e o 77,2 % das exportacións. O segundo capítulo no *ranking* importador da provincia é o de pezas de vestir, que supón o 20,7 % do total das importacións da Coruña.

As exportacións de Ourense seguen encabezadas en 2024 polas manufacturas de pedra (20 % do total), malia que sufriron unha caída interanual dun 7,9 %, o que explica a redución nas exportacións da provincia. O segundo capítulo en relevancia exportadora é o de graxas, aceite animal ou vexetal. Deste capítulo, o que exporta Ourense é aceite de oliva e de xirasol, que, tras un incremento interanual do 28,2 %, acapara o 12,8 % do total de exportacións da provincia. As exportacións destes produtos están moi concentradas en Ourense: para o capítulo de pedra, Ourense supón algo máis do 64

% das exportacións galegas, e para os aceites de oliva e xirasol o 100 %; pero estes son capítulos con pouca relevancia no *ranking* exportador galego (o da pedra significa o 1,2 % do total e o de graxas o 0,6 %). O principal sector en importacións é o de aceites de oliva e xirasol, que, tras un crecemento interanual do 17,3 %, equivalen ao 22,5 % das importacións da provincia. O segundo capítulo (co 8,7 %) é o de fundición de ferro e aceiro.

Lugo é, ao igual que o ano anterior, a provincia onde máis baixan as exportacións. Os tres principais capítulos no *ranking* exportador mostran unha diminución interanual. A maior caída (21,4 %, que se suma á do ano anterior de máis do 40 %) é para o principal sector exportador, o de óxido de aluminio (coridón artificial), no que se concentran na actualidade o 20,7 % do total das exportacións da provincia e a totalidade das exportacións que fai Galicia deste produto. Tamén baixan, aínda que en menor medida, as exportacións de madeira, que supoñen o 18,7 % das exportacións da provincia. Lugo exporta o 17,3 % do total das exportacións galegas de madeira (sendo a maior exportadora deste produto A Coruña, cun 64 % do total). O terceiro capítulo en relevancia exportadora é o do leite e derivados, que conta polo 18 % do total da provincia. Polo lado das importacións, as da provincia están moi diversificadas; só o capítulo de minerais, que na súa totalidade se corresponde con minerais de aluminio, pasa dos 100 millóns de euros. Estas importacións, que son a totalidade que realiza Galicia para esta partida arancelaria, representan o 17 % das de Lugo, despois dun incremento interanual do 21,3 % (en parte, como consecuencia da enorme caída experimentada o ano anterior).

O investimento estranxeiro directo (IED)

Tendencias globais e perspectivas do IED

O investimento estranxeiro directo (IED) mundial descendeu en 2023 case un 2 %, ata os 1.332 miles de millóns de dólares (cadro 11), confirmándose así as perspectivas negativas que se tiñan en 2022. Segundo o informe da UNCTAD para 2024, a caída superaría o 10 % por segundo ano consecutivo de excluírse as grandes oscilacións dos fluxos de investimento dunhas poucas economías europeas que actúan como conduto.⁶ Ese descenso débese ao aumento das tensións comerciais e xeopolíticas nun contexto de desaceleración da economía mundial, que xera máis incerteza e volatilidade nos mercados; aspectos que xa foron comentados anteriormente neste capítulo e noutros capítulos deste informe.

A cantidade de operacións internacionais de financiamento de proxectos, importante para o investimento en infraestruturas, baixou un 26 % e o valor das fusións e adquisicións transfronteirizas, que afecta principalmente as economías desenvolvidas, caeron un 46 %. O informe da UNCTAD (2024) atribúe este comportamento ao endurecemento das condicións financeiras, a un maior escrutinio normativo e á volatilidade dos mercados financeiros. Este comportamento leva asociada unha redución do 10 % no investimento en sectores vinculados aos Obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), que afectaron en maior medida ao sector da auga e o saneamento (-17 %). En conxunto, os sectores relacionados cos ODS rexistraron menos proxectos financiados internacionalmente en 2023 que en 2015, cando se adoptaron os obxectivos (UNCTAD, 2024).

O descenso mundial do IED en 2023 débese á importante contracción de fluxos de IED cara aos países en desenvolvemento, que caeron un 7 %, ata 867.000 millóns de dólares (cadro 11), especialmente cara a Asia (-8 %). Pola contra, os fluxos cara aos países desenvolvidos víronse fortemente afectados polas transaccións financeiras das empresas multinacionais; en parte debido aos esforzos por implantar unha taxa impositiva mínima mundial sobre os beneficios destas corporacións (UNCTAD, 2024), o que incrementou o IED entrante nun 9 % respecto ao ano anterior. Porén, malia a evolución

⁶ As economías de tránsito ou conduto son aquelas que serven como plataformas de intermediación nos investimentos grazas, sobre todo, aos seus réximes fiscais.

Cadro núm. 11

Evolución do investimento directo estranxeiro (IED) no mundo

	Entradas				Saídas			
	2020	2021	2022	2023	2020	2021	2022	2023
Miles de millóns de dólares								
Economías desenvolvidas	338	732	426	464	396	1.376	1.023	1.059
Economías en desenvolvemento	647	890	930	867	383	506	552	491
Total mundial	985	1.622	1.356	1.332	780	1.882	1.575	1.551
Porcentaxes								
Economías desenvolvidas	34,3	45,1	31,4	34,9	50,8	73,1	65,0	68,3
Economías en desenvolvemento	65,7	54,9	68,6	65,1	49,2	26,9	35,0	31,7

Fonte: UNCTAD, *World Investment Report 2024*.

negativa, o peso relativo do IED entrante nos países en vías de desenvolvemento segue sendo maioritario, un 65 % en 2023.

A pesar da desfavorable evolución global, o anuncio de proxectos de investimento de nova planta medrou un 2 %, concentrándose no sector manufactureiro, rompendo a tendencia de declive gradual do sector observada no último decenio. Ademais, o crecemento focalizouse nos países en vías de desenvolvemento, onde o número de proxectos aumentou un 15 %. Pola contra, nos países desenvolvidos, os anuncios de novos proxectos diminuíron un 6 %.

A nivel individual, os países que ocupan os chanzos máis altos na entrada de IED non varían. Estados Unidos segue a ser líder, pero vendo reducida de novo a entrada de IED (-6,3 %), seguido polas grandes economías asiáticas, dentro das cales China sofre tamén un descenso significativo (-14 %) aínda que mantendo a segunda posición. Malia que en termos absolutos se sitúan a moita distancia dos anteriores, cómpre salientar o ascenso de Alemaña, desde a posición 17 á 7, e o de Emiratos Árabes Unidos, da 21 á 11, sendo ademais o segundo país con maior número de proxectos *greenfield* tras Estados Unidos.

Os fluxos de saída de IED descenderon durante 2023 un 1,5 % (cadro 11), situándose en 1.551 miles de millóns de dólares. Ao igual que co IED entrante, os fluxos de saída do IED medran nas economías desenvolvidas (3,5 %) e caen nos países en desenvolvemento (-11 %). Así, o peso relativo variou algo máis de tres puntos porcentuais a favor das economías desenvolvidas que representan actualmente máis do 68 % da emisión de IED.


Dentro dos países desenvolvidos o maior crecemento dáse no grupo de países europeos que non pertencen á Unión Europea, que máis que triplican a saída de IED en 2023. Rusia e, sobre todo, Suíza lideran este comportamento. Chama a atención o caso suízo, pois pasa de saídas de IED negativas desde 2019 a unha saída de máis de 100 mil millóns de dólares en 2023. O IED saínte da Unión Europea tamén aumenta (7,6 %) e Alemaña, a pesar da redución do 30 % no envío de IED, mantense como o principal emisor. Tanto Estados Unidos como Xapón incrementaron a saída de IED (10 % e 13 % respectivamente), o que os sitúa como primeira e segunda potencia mundial. En terceiro lugar a nivel mundial aparece Suíza, e Alemaña perde posicións, pasando do cuarto ao sexto lugar. Das economías en desenvolvemento, a rexión que maior redución experimentou foi África, que pasa de emitir máis de 9,2 mil millóns de dólares a só 61 millóns. Esta redución está concentrada nunha serie de economías concretas, sendo as dúas máis afectadas Kenya e, en particular, a República de Suráfrica, que pasa de emitir 2,6 mil millóns de dólares a ter unha emisión negativa cunha cifra similar. As economías asiáticas tamén diminúen a súa emisión (-6,4 %); dentro das cales China, a pesar de baixar o envío de IED un 9 %, mantense como terceiro país con maiores investimentos no estranxeiro, e a rexión segue a acumular máis dunha cuarta parte do total mundial.

A contorna mundial para o investimento internacional seguiu sendo difícil en 2024. A desaceleración do ritmo de crecemento, as tendencias de fractura económica, as tensións xeopolíticas, as tensións comerciais e a incerteza xeradas pola escalada proteccionista, as políticas industriais e a diversificación da cadea de subministración están cambiando os padróns de IED, facendo que algunhas multinacionais opten por enfoques máis cautelosos no relativo á súa expansión internacional

(UNCTAD, 2024). Porén, os beneficios que obteñen as empresas multinacionais seguen a ser elevados, o cal, xunto coas mellores condicións de financiamento e co incremento dos anuncios de proxectos de nova planta en 2023 producirán un efecto positivo sobre o IED. Considerando todo no seu conxunto, a UNCTAD prevé que se poida producir un crecemento moderado do IED mundial en 2024.

O IED recibido por Galicia

Os fluxos de entrada de IED mantiveron o seu padrón de comportamento habitual. En Galicia, o IED recibido en 2024 foi de 547 millóns de euros, un 29 % superior ao de 2023, mostrando a volatilidade habitual que vén dada pola existencia ou non de operacións de investimento de grande envergadura (gráfico 9). Como novidade para os datos de 2024, nas estatísticas oficiais de investimento estranxeiro en España do Ministerio de Industria, Comercio e Empresa pode desagregarse por provincia e por tipo de investimento. Do total de IED entrante en Galicia en 2024, o 93 % foi investimento en capital/patrimonio e o restante foi financiamento intragrupo. A nivel provincial, o 80 % do IED recibido tivo como destino a Lugo (437,5 millóns de euros), integramente en operacións do primeiro tipo.



A nivel nacional, o IED entrante descendeu lixeiramente, sendo un 2 % inferior que en 2023 (cadro 12) e situándose nuns 40 mil millóns de euros. No conxunto do Estado, o peso do IED recibido por Galicia, aínda que medra algo en 2024, é mínimo e o investimento concéntrase en Madrid ao igual que nos anos anteriores. A Comunidade de Madrid en 2024 rompe coa senda de perda de peso relativo, acumulando en 2024 case o 69 % do total e recibindo un 7,3 % máis que en 2023. En segundo lugar atópase Cataluña, cun incremento do 1,5 % en fondos recibidos e que representa preto do 13 % do total. O resto de rexións están por debaixo do 3 % do total de IED recibido, malia que con fortes variacións tanto positivas como negativas derivadas da gran volatilidade ligada á existencia ou non de operacións de investimento de grande envergadura. Porén, cómpre recordar que a concentración

Cadro núm. 12
Distribución territorial do investimento estranxeiro bruto en España

	2023		2024		TVI (%) 2023/2024
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	
Andalucía	597,44	1,46	837,06	2,09	40,11
Aragón	263,29	0,65	911,99	2,28	246,38
Cantabria	2,08	0,01	1,29	0,00	-37,89
Castela e León	1.380,90	3,38	208,51	0,52	-84,90
Castela-A Mancha	337,40	0,83	249,74	0,62	-25,98
Cataluña	5.058,34	12,39	5.135,91	12,82	1,53
Madrid	25.641,04	62,83	27.504,61	68,68	7,27
C. Valenciana	3.443,28	8,44	1.105,45	2,76	-67,90
Extremadura	107,03	0,26	3,27	0,01	-96,95
Galicia	423,59	1,04	546,90	1,37	29,11
Baleares	485,68	1,19	708,61	1,77	45,90
Canarias	261,30	0,64	137,46	0,34	-47,39
A Ríoxa	0,90	0,00	16,25	0,04	1.712,70
Navarra	6,50	0,02	419,55	1,05	6.353,16
País Vasco	1.561,45	3,83	1.068,79	2,67	-31,55
Asturias	528,46	1,29	837,30	2,09	58,44
Murcia	475,77	1,17	354,35	0,88	-25,52
Ceuta e Melilla	2,85	0,01	0,25	0,00	-91,15
Non clasificable	235,78	0,58			-100,00
Total	40.813,06	100,00	40.047,28	100,00	-1,88

Datos provisionais.
Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Empresa.

Cadro núm. 13
Distribución territorial do investimento estranxeiro bruto
(ETVE e non ETVE) en España. Ano 2024

	Non ETVE		ETVE	
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%
Andalucía	837,06	2,27		
Aragón	911,99	2,48		
Cantabria	1,29	0,00		
Castela e León	208,51	0,57		
Castela-A Mancha	249,74	0,68		
Cataluña	4.922,87	13,37	213,04	6,59
Madrid	24.704,75	67,11	2.799,86	86,58
C. Valenciana	1.105,45	3,00	0,00	0,00
Extremadura	3,27	0,01		
Galicia	546,90	1,49		
Baleares	708,61	1,92		
Canarias	135,52	0,37	1,93	0,06
A Ríoxa	16,25	0,04		
Navarra	419,55	1,14		
País Vasco	1.068,79	2,90		
Asturias	618,19	1,68	219,10	6,78
Murcia	354,35	0,96		
Ceuta e Melilla	0,25	0,00		
Total	36.813,34	100,00	3.233,94	100,00

Datos provisionais.
Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

ros, e foi dirixido na súa gran maioría cara a sociedades non cotizadas⁸ (95,2 %), segundo o último *Boletín de Inversiones Exteriores* da Dirección Xeral de Comercio Internacional e Investimentos (marzo de 2025). Pola súa vez, do total de IED produtivo recibido, un 83,7 % é investimento en capital/patrimonio e, dentro deste, as sociedades non cotizadas foron receptoras do 94,3 %.

A distribución rexional do IED produtivo entrante amosa unha maior concentración, acumulando o 67 % a Comunidade de Madrid, case 12 puntos porcentuais máis que en 2023. Cataluña perde algo

se debe en parte ao denominado “efecto sede”, xa que os fondos se declaran na comunidade onde se atopa a sede social da empresa receptora, á marxe do destino real da mesma.

En relación á tipoloxía de investimento, do total de IED entrante en España en 2024 o 84,4 % foi investimento en capital/patrimonio e o restante foi financiamento intra-grupo. Na maioría dos casos o IED é total ou case integramente para este tipo de operacións. O maior peso dos investimentos de financiamento intragrupo danse en Madrid e Valencia, cun 19,5 % e 18,5 % respectivamente.

Diferenciando o IED rexistrado por tipo de operacións, en 2024 as operacións non produtivas (ETVE⁷) perderon importancia e o seu importe é aproximadamente un terzo do que era en 2023, representando na actualidade o 8 % do total do IED recibido. Esta caída débese a que Castela e León pasa de percibir 1.273 millóns de euros en 2023 a cero, e o que tiña como destino Madrid redúcese case un 67 %. Malia todo, como se aprecia no cadro 13, o IED realizado por ETVE acumúlase maioritariamente na Comunidade de Madrid, que rolda os 2.800 millóns de euros e representa o 86,6 % do total recibido por España. En Galicia, como na maioría das comunidades autónomas, a totalidade da IED recibida corresponde a operacións que non son ETVE.

No relativo ao investimento produtivo recibido por España, non ETVE, a evolución é positiva, incrementándose en 2024 un 18,9 %, superando os 36.800 millóns de eu-

⁷ ETVE: entidades de tenencia de valores estranxeiros. Sociedades instrumentais cun réxime fiscal especial debido á exención das ganancias obtidas por dividendos e plusvalías logradas pola transmisión de accións en sociedades estranxeiras. O investimento deste tipo non ten efectos reais sobre as economías receptoras, pois fundamentalmente efectúase por parte de *holdings* internacionais por razóns fiscais.

⁸ O investimento en sociedades cotizadas só se rexistra se é igual ou superior ao 10 %.

de representación, situándose arredor do 13 %, e a Comunidade Valenciana pasa de representar o 11 % en 2023 a tan só un 3 % actualmente.

Dentro dos investimentos produtivos é relevante diferenciar investimentos de nova achega e investimentos de adquisición, pois teñen distintas implicacións na economía receptora. Segundo o último *Boletín de Inversiones Exteriores* da Dirección Xeral de Comercio Internacional e Investimentos (marzo de 2025), en 2024 as operacións de nova achega foron o 80,5 % do total (máis de 29.650 millóns de euros); das cales, o 80 % foron en capital ou patrimonio. Porén, dentro desas novas contribucións, a maioría foron ampliacións de capital para reducir débeda ou recapitalización para sanear balances (53,2 % do total do IED produtivo). Os investimentos que implican novas instalacións (*greenfield*) ou ampliación das existentes (*brownfield*) e, por tanto, contratación de novos empregados, ascendeu ao 27,4 % do total do IED produtivo; isto é, arredor de 10.000 millóns de euros. Dentro destas dúas modalidades, a de maior relevancia son as ampliacións, que representan o 18,8 % do total do IED bruto recibido e se aproximan aos 7.000 millóns de euros.

A distribución sectorial do investimento produtivo bruto recibido por Galicia e España ten un comportamento moi diferente, como pode observarse no cadro 14. A nivel nacional a distribución sectorial está máis concentrada que en anos anteriores, recaendo o 63,8 % dos fondos recibidos no sector servizos e o 28,8 % na industria. A nivel galego, onde xa existía unha maior concentración, esta volveuse incrementar en 2024, onde o sector industrial percibe o 83 % do IED entrante fronte ao 16 % dos servizos e tan só o 0,34 % do sector primario. Case a totalidade dos fondos industrias diríxense á industria manufacturera galega, de forma máis concreta, á industria metalúrxica de produción de

aluminio radicada na provincia de Lugo (Alcoa). En España, o sector industrial perde moito peso en 2024, sendo os maiores receptores a industria manufacturera e subministracións, achegándose cada unha delas ao 14 % do total. Dentro do sector servizos, a nivel nacional son a información e comunicacións as que captan a maior parte do investimento, con case unha cuarta parte do total. Outros sectores que destacan a nivel nacional, aínda que con cifras máis modestas, son as actividades inmobiliarias e a construción (ambas cun 7,1 % do total); e as actividades profesionais, científicas e técnicas, que representan 6,8 %. En Galicia, de forma similar ao conxunto nacional, as actividades financeiras e de seguros (4,2 %), información e comunicacións (4,1 %), e as actividades profesionais, científicas e técnicas (7,2 %) serían os seguintes sectores en importancia relativa. No nacional, Galicia mantén o seu peso relativo, que actualmente ascende ao 1,5 %. A nivel sectorial, Galicia destaca como receptor de fondos industriais manufactureros, co 9 % do total.

Desde un punto de vista xeográfico, tomando como referencia a orixe última, é dicir, aquela na que reside o titular último

Cadro núm. 14

Distribución sectorial do investimento estranxeiro bruto (non ETVE) en 2024

Sectores	Galicia		España		%
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	1.856	0,3	109.530	0,3	1,7
Industrias extractivas			375.053	1,0	
Industria manufacturera	452.061	82,7	5.005.597	13,6	9,0
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	3.300	0,6	5.060.695	13,7	0,1
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación			178.307	0,5	
Construción	485	0,1	2.611.783	7,1	0,0
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	1.314	0,2	1.591.116	4,3	0,1
Transporte e almacenamento			923.806	2,5	
Hostalería	187	0,0	1.342.635	3,6	0,0
Información e comunicacións	22.841	4,2	8.961.807	24,3	0,3
Actividades financeiras e de seguros	23.000	4,2	2.602.906	7,1	0,9
Actividades inmobiliarias	1.476	0,3	1.923.750	5,2	0,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	39.361	7,2	2.506.340	6,8	1,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	1.009	0,2	725.884	2,0	0,1
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria					
Educación			1.574.817	4,3	
Actividades sanitarias e de servizos sociais			467.232	1,3	
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	3	0,0	848.611	2,3	0,0
Outros servizos	3	0,0	3.468	0,0	0,1
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio					
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais					
Total	546.896	100,0	36.813.337	100,0	1,5

Datos provisionais.
Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Cadro núm. 15

Procedencia do investimento estranxeiro bruto en Galicia e España (non ETVE)

Área de procedencia	Galicia		España		% Galicia/ España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
2023					
UE-27	326.183	77,0	11.725.078	37,9	2,78
Resto de Europa	26.936	6,4	5.710.277	18,4	0,47
América do Norte	15.244	3,6	8.860.881	28,6	0,17
América Latina	4.239	1,0	1.453.843	4,7	0,29
Resto de América	33.870	8,0	132.660	0,4	25,53
Asia e Oceanía	17.113	4,0	2.974.440	9,6	0,58
África	0	0,0	102.880	0,3	0,00
Total	423.586	100,0	30.960.059	100,0	1,37
2024					
UE-27	47.254	8,6	11.622.934	31,6	0,41
Resto de Europa	423	0,1	14.880.848	40,4	0,00
América do Norte	495.533	90,6	6.595.991	17,9	7,51
América Latina	1.364	0,2	1.411.507	3,8	0,10
Resto de América	1.853	0,3	42.162	0,1	4,39
Asia e Oceanía	468	0,1	2.196.156	6,0	0,02
África	2	0,0	53.741	0,1	0,00
Total	546.896	100,0	36.803.338	100,0	1,49

Datos provisionais.

Fonte: DataInvox. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

do investimento⁹, os países europeos seguen sendo os principais emisores de IED entrante en España (72 %), que ademais incrementaron a súa importancia absoluta e relativa de forma substancial respecto a 2023 (15,7 puntos porcentuais). A nivel nacional, desde o inicio da pandemia a procedencia do IED concentrouse cada vez máis nos países europeos, sobre todo da Unión Europea, aínda que en 2024 a Unión Europea perde peso fronte ao resto de Europa (cadro 15), así como todas as demais áreas xeográficas. Porén, a nivel galego, a distribución territorial vese fortemente afectada por operacións de grande envergadura como neste 2024, onde o 90,6 % proceden de América do Norte, orixe dos fondos recibidos por Alcoa. De forma máis

detallada, no relativo ao país último do que procede o fluxo de investimento produtivo (cadro 16), pode observarse que en 2024 Galicia recibe fondos de 31 países, pero a orixe está moi concentrada

Cadro núm. 16

Orixe última do investimento estranxeiro bruto (non ETVE) en 2024

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
Estados Unidos	493.668,7	90,27	Reino Unido	12.266.545,9	33,32
Francia	11.008,7	2,01	Estados Unidos	6.157.543,2	16,73
España	10.183,7	1,86	Francia	2.391.530,3	6,50
Dinamarca	9.546,4	1,75	Alemaña	2.098.068,8	5,70
Países Baixos	6.353,0	1,16	España	1.810.743,0	4,92
Italia	6.000,0	1,10	Noruega	1.654.142,4	4,49
Chipre	2.000,0	0,37	Países Baixos	1.455.283,5	3,95
Canadá	1.864,0	0,34	Suecia	1.355.962,3	3,68
Illas Malvinas	1.850,0	0,34	México	1.005.800,0	2,73
Luxemburgo	1.550,9	0,28	Italia	987.014,3	2,68
México	1.209,9	0,22	Xapón	670.687,3	1,82
Portugal	601,6	0,11	Dinamarca	617.252,0	1,68
Emiratos Árabes Unidos	458,4	0,08	Suíza	563.871,7	1,53
Suíza	403,0	0,07	Australia	547.976,9	1,49
Venezuela	81,5	0,01	Canadá	438.447,7	1,19
Arxentina	36,8	0,01	Bélxica	270.568,0	0,73
Brasil	26,7	0,00	Corea do Sur	234.970,2	0,64
Reino Unido	14,1	0,00	Emiratos Árabes Unidos	224.352,3	0,61
Bélxica	6,5	0,00	Hong Kong	159.055,7	0,43
Andorra	6,0	0,00	Luxemburgo	156.503,0	0,43
Alemaña	3,0	0,00	Portugal	155.371,6	0,42
Arabia Saudí	3,0	0,00	Mónaco	131.015,5	0,36
Chile	3,0	0,00	Arxentina	124.988,8	0,34
O Salvador	3,0	0,00	India	117.788,8	0,32
Indonesia	3,0	0,00	China	88.878,4	0,24
Illas Caimán	3,0	0,00	Irlanda	83.796,5	0,23
Israel	2,7	0,00	Andorra	82.859,8	0,23
Perú	1,5	0,00	República Checa	80.946,3	0,22
Somalia	1,5	0,00	República Dominicana	78.896,1	0,21
Uruguai	1,5	0,00	Rusia	69.345,5	0,19
Australia	1,0	0,00	Resto países	733.131,7	1,99
	546.896,1	100,00	Total	36.813.337,3	100,00

Datos provisionais.

Fonte: DataInvox. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

⁹ No rexistro de investimentos consta tanto a orixe última como a orixe inmediata ou país de tránsito a través do cal se transfiren os investimentos.

en Estados Unidos que representa o 90,3 % do IED recibido por Galicia. Por outra banda, dentro dos emisores tradicionais de IED cara a Galicia, Francia recupera importancia, sendo o segundo emisor cun 2 %, mentres que Reino Unido reduce o seu fluxo de investimento case a cero.

Na desagregación por países apréciase como España e Galicia comparten como emisores de investimento certos países europeos como Francia ou Reino Unido, pero, asemade, teñen pautas moi diferentes, tanto na orixe como na concentración. A nivel nacional a concentración é moito menor, malia que se viu incrementada en 2024, permanecendo Estados Unidos e Reino Unido como principais investidores, pero alternando as posicións co 16,7 % e 33,3 % do total respectivamente. Alemaña pasa ao cuarto posto, superada por Francia, sufrindo ambas un perda de peso significativa.

No cadro 17 preséntase o IED produtivo acumulado recibido por Galicia no período 2010-2024. Os datos mostran como os principais investidores seguen a ser o veciño Portugal e Brasil, represen-

tando en conxunto o 37,3 % do IED total do período. A posición transfronteiriza de Galicia con Portugal e os lazos deste último co Brasil poden supoñer un factor relevante de captación de investimentos produtivos de Brasil.

Tras a importante operación de 2024, Estados Unidos aparece no terceiro lugar co 13,2 % do total do período, facendo caer un posto ás demais economías que envían IED cara a Galicia.

De igual modo é interesante coñecer os desinvestimentos ou o investimento neto, que non é máis que a diferenza entre o investimento bruto e os desinvestimentos declarados, por transmisións ou liquida-

Cadro núm. 17
Procedencia última do investimento estranxeiro bruto
produtivo efectuado en Galicia desde 2010 ata 2024

País	Miles de euros	%
Portugal	782.903	20,09
Brasil	672.299	17,25
Estados Unidos	513.891	13,19
Reino Unido	333.299	8,55
República Checa	269.664	6,92
Francia	197.555	5,07
Canadá	136.695	3,51
China	119.527	3,07
Italia	118.518	3,04
México	116.492	2,99
Resto países	635.853	16,32
Total	3.896.697	100,00

Datos provisionais.

Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.


cións totais ou parciais. En España, o desinvestimento produtivo case se duplicou respecto a 2023, ascendendo a 14.056 millóns de euros, o que deixa o fluxo de investimento neto en algo máis de 22.750 millóns de euros, uns 1.100 millóns máis que en 2023, a pesar do elevado desinvestimento. Respecto á orixe última, destacan os fortes desinvestimentos de Países Baixos e Luxemburgo, ambos cun desinvestimento en 2024 superior ao IED bruto emitido, e que acumulan o 38,4 % e o 31,5 % do total respectivamente. A nivel sectorial, o maior desinvestimento produciuse nas actividades de información e comunicacións (51 % do total).

A nivel rexional, os desinvestimentos tamén están moi concentrados e en parte influenciados polo efecto sede, dándose os maiores niveis nas mesmas rexións que a maior entrada bruta. En 2024 destaca Madrid, que acumula o 90,6 % do desinvestimento nacional, sendo este aproximadamente a metade da súa entrada bruta de IED. Os niveis de desinvestimento en Galicia son polo común baixos, ascendendo a menos de 1,5 millóns en 2024 fronte aos 44 millóns de 2023.

O IED emitido por Galicia

O IED emito por Galicia é, como soe ser habitual, moi superior ao entrante, coa excepción do dato anormalmente baixo do ano 2021. Como se observa no gráfico 10, con altibaixos, desde o fin da crise financeira global a tendencia do investimento é crecente, e no 2024 medrou un 40 % fronte ao ano anterior, chegando a 2.178 millóns de euros. A totalidade do IED galego emitido son operacións de investimento en capital/patrimonio e sae da provincia da Coruña (96,7 %).

O investimento bruto total español no estranxeiro en 2024 ascendeu a 33.267 millóns de euros, un 15,9 % máis que en 2023 (cadro 18). A nivel rexional o comportamento é heteroxéneo, o cal leva a unha menor concentración da saída de IED. A Comunidade de Madrid mantense como principal emisora de IED, pero nunha menor magnitude tanto absoluta como relativa, pasando de emitir un



Cadro núm. 18
Distribución territorial do investimento español bruto no exterior

	2023		2024		TVI (%) 2023/2024
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	
Andalucía	25,8	0,1	45,3	0,1	75,50
Aragón	154,4	0,5	624,9	1,9	304,87
Cantabria	2.052,9	7,2	233,7	0,7	-88,61
Castela e León	140,3	0,5	223,1	0,7	59,01
Castela-A Mancha	14,6	0,1	4,5	0,0	-69,30
Cataluña	971,6	3,4	4.542,1	13,7	367,47
Madrid	18.978,7	66,1	16.964,7	51,0	-10,61
C. Valenciana	458,3	1,6	2.730,5	8,2	495,74
Estremadura					
Galicia	1.553,2	5,4	2.178,3	6,5	40,25
Baleares	400,1	1,4	287,0	0,9	-28,26
Canarias	38,3	0,1	1,9	0,0	-95,13
A Ríoxa	0,4	0,0	0,3	0,0	-15,63
Navarra	81,9	0,3	0,0	0,0	-100,00
País Vasco	1.356,8	4,7	4.286,0	12,9	215,88
Asturias	2.470,8	8,6	1.101,0	3,3	-55,44
Murcia	0,1	0,0	44,0	0,1	32.973,92
Ceuta e Melilla					
Total	28.698,3	100,0	33.267,5	100,0	15,92

Datos provisionais.
Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

terzo do total en 2023 a pouco máis da metade en 2024. As dúas autonomías que a seguen son Cataluña e o País Vasco. Galicia gaña peso a nivel nacional, representando o 6,5 %, para situarse en quinto lugar tras Valencia.

No cadro 19 preséntase o IED emitido a nivel autonómico diferenciando operacións ETVE e non ETVE tanto en termos brutos como netos, polo que tamén permite analizar o desinvestimento. O IED bruto saínte ETVE reduciuse en 2024 un 60 %, significando o 4,3 % do total, e procede só de tres rexións, entre as que non se atopa Galicia, sendo a emisora maioritaria Madrid, co 92,5 %. En termos netos, este tipo de IED non chega aos 230 millóns de euros, o que implica un desinvestimento de case 1.200

millóns de euros, tamén concentrado na Comunidade de Madrid.

O IED produtivo emitido por España incrementouse un 26,6 %. Na distribución rexional, ao igual que ocorre co IED recibido, a Comunidade de Madrid concentra a maior parte do investimento, aínda que cunha perda de peso significativa no contexto nacional, representando actualmente o 49 %; 13,5 puntos porcentuais menos que en 2023. As outras rexións con maior emisión de IED en 2024 foron Cataluña (13,9 %), Valencia (8,6 %) e Galicia (6,8 %). En termos netos o IED emitido por España superou lixeiramente os 23.000 millóns de euros en 2024. Os maiores desinvestimentos déronse nas mesmas

Cadro núm. 19
Distribución territorial, ETVE e non ETVE, do investimento español bruto e neto no exterior en 2024

	Investimento bruto				Investimento neto	
	Non ETVE		ETVE		Non ETVE	ETVE
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	Millóns de euros
Andalucía	45,35	0,14			41,50	
Aragón	624,93	1,96			508,54	
Cantabria	233,74	0,73			-342,58	
Castela e León	223,10	0,70			175,43	
Castela-A Mancha	4,48	0,01			4,48	
Cataluña	4.436,82	13,93	105,31	7,40	2.620,09	68,04
Madrid	15.647,76	49,14	1.316,99	92,48	11.007,53	467,81
C. Valenciana	2.730,46	8,57			2.372,31	
Estremadura	0,00	0,00			0,00	
Galicia	2.178,33	6,84			1.275,97	
Baleares	287,04	0,90			269,87	
Canarias	0,07	0,00	1,79	0,13	0,07	1,79
A Ríoxa	0,30	0,00			0,30	
Navarra	0,00	0,00			-198,83	
País Vasco	4.286,00	13,46			4.229,06	-309,46
Asturias	1.101,04	3,46			1.071,01	
Murcia	44,02	0,14			44,02	
Ceuta e Melilla						
Total	31.843,44	100,00	1.424,09	100,00	23.078,75	228,19

Datos provisionais.
Fonte: DataInvox. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

rexións máis o País Vasco, que supón o 18 % do desinvestimento nacional. O desinvestimento galego superou os 900 millóns de euros, o 41 % do total emitido.

O IED produtivo saínte de España dirixiuse sobre todo a empresas non cotizadas (93,7 %) e foi emitida sobre todo por empresas non integradas en grandes grupos empresariais. Os investidores nacionais escolleron operacións de nova achega (70,4 %) e, dentro destas, os proxectos *brownfield* (34 % do total de IED emitido).

Cadro núm. 20
Distribución do investimento estranxeiro bruto produtivo no exterior por sector de orixe en 2024

Sectores	Galicia		España		% Galicia/España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	2.133,2	0,1	14.179,7	0,0	15,0
Industrias extractivas			6.800,0	0,0	
Industria manufacturera	6.340,0	0,3	7.006.974,9	22,0	0,1
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado			5.211.165,4	16,4	
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación			102.047,1	0,3	
Construción	21.211,4	1,0	264.098,8	0,8	8,0
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	45.449,1	2,1	827.246,3	2,6	5,5
Transporte e almacenamento			136.936,3	0,4	
Hostalería	175,8	0,0	204.513,0	0,6	0,1
Información e comunicacións			3.649.766,0	11,5	
Actividades financeiras e de seguros	1.988.530,9	91,3	12.844.192,1	40,3	15,5
Actividades inmobiliarias	80.500,0	3,7	376.942,1	1,2	21,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	33.994,5	1,6	367.822,8	1,2	9,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares			403.264,0	1,3	
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria			125,8	0,0	
Educación			6.010,0	0,0	
Actividades sanitarias e de servizos sociais			13.146,4	0,0	
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento					
Outros servizos			10.547,0	0,0	
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio					
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais					
Persoas físicas (sen sector de actividade)			397.661,7	1,2	
Total	2.178.334,9	100,0	31.843.439,2	100,0	6,8

Datos provisionais.
Fonte: DataInvox. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Cadro núm. 21

Distribución do investimento estranxeiro bruto produtivo no exterior por sector de destino en 2024

Sectores	Galicia		España		% Galicia/España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	34.732,3	1,6	127.624,1	0,4	27,2
Industrias extractivas			120.505,5	0,4	
Industria manufacturera	9.200,0	0,4	6.284.289,6	19,7	0,1
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	29.976,5	1,4	6.844.701,6	21,5	0,4
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación			544,4	0,0	
Construción	21.211,4	1,0	524.245,4	1,6	4,0
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	10.040,0	0,5	3.137.950,4	9,9	0,3
Transporte e almacenamento	374,0	0,0	1.701.778,6	5,3	0,0
Hostalería	571,8	0,0	326.599,5	1,0	0,2
Información e comunicacións			6.334.095,2	19,9	
Actividades financeiras e de seguros	327.235,6	15,0	3.809.701,4	12,0	8,6
Actividades inmobiliarias	1.743.702,3	80,0	1.873.014,8	5,9	93,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	1.288,0	0,1	272.295,2	0,9	0,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares			59.335,3	0,2	
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria					
Educación	3,0	0,0	3,8	0,0	78,9
Actividades sanitarias e de servizos sociais			10.818,7	0,0	
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento			415.235,6	1,3	
Outros servizos			700,0	0,0	
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio					
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais					
Total	2.178.334,9	100,0	31.843.439,2	100,0	6,8

Datos provisionais.

Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

A estrutura sectorial do IED bruto produtivo emitido por Galicia e España recóllese nos cadros 20 e 21, tanto a distribución por sector de orixe como de destino. A nivel nacional a orixe é máis variada. Actividades inmobiliarias, con algo máis do 40 % do IED, sitúase como principal sector emisor, sendo o segundo sector en importancia a industria manufacturera (22 %) e o terceiro o das subministracións (16,4 %). A nivel galego, a orixe do IED emitido está altamente concentrada nas actividades inmobiliarias, co 92,3 % do total. Sobre o total deste sector, Galicia envía o 15,5 % do total do IED con orixe no sector inmobiliario, maior cifra con menor peso relativo no contexto nacional que en 2023, sendo este comportamento liderado polos investimentos do Grupo Pontegadea.

O destino sectorial dos investimentos galegos (cadro 21) está algo menos concentrado que a orixe. O IED bruto saínte de Galicia, como é habitual, foi parar maioritariamente a actividades inmobiliarias (80,1 %), sendo Galicia a rexión que destina máis fondos a este sector (93,1 % do total sectorial nacional). O segundo en importancia relativa foron as actividades financeiras e de seguros (15 %). A nivel nacional os sectores destacados difiren tanto do que ocorre en Galicia como dos anos precedentes. O sector receptor máis destacado en 2024 é o das subministracións cun 21,5 % do total, seguido moi de preto do sector da información e as comunicacións (19,9 %) e da industria manufacturera (19,7 %).

Desde un punto de vista xeográfico, pode observarse no cadro 22 que en España as áreas receptoras de case a totalidade do IED emitido son países europeos e americanos. A área receptora principal é a UE-27 (39,5 %), a cal ademais experimenta un crecemento substancial, ao igual que o resto de Europa. América do Norte e América Latina acumulan arredor dun cuarto e dun quinto do total respectivamente, aínda que cun descenso dos investimentos recibidos respecto a 2023. De forma máis precisa (cadro 23), o destino dos fondos españois son principalmente Estados Unidos (24,2 %), Reino Unido (13,4 %) e México (9,5 %).

Cadro núm. 22
Destino do investimento bruto produtivo galego e español no exterior (non ETVE)

Área de destino	Galicia		España		% Galicia/ España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
2023					
UE-27	433.148	27,9	8.115.046	32,3	5,3
Resto de Europa	48.413	3,1	1.886.858	7,5	2,6
América do Norte	964.639	62,1	7.897.272	31,4	12,2
América Latina	102.133	6,6	6.390.891	25,4	1,6
Resto de América			407.543	1,6	
Asia e Oceanía	4.837	0,3	409.378	1,6	1,2
África			54.282	0,2	
Total	1.553.170	100,0	25.161.270	100,0	6,2
2024					
UE-27	2.047.460	94,0	12.575.422	39,5	16,3
Resto de Europa			4.435.507	13,9	
América do Norte	38.975	1,8	7.851.214	24,7	0,5
América Latina	84.444	3,9	6.552.592	20,6	1,3
Resto de América			26.660	0,1	
Asia e Oceanía	7.456	0,3	388.815	1,2	1,9
África			13.229	0,0	
Total	2.178.335	100,0	31.843.439	100,0	6,8

Datos provisionais.
Fonte: DataInvx. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Cadro núm. 23
Destino do investimento bruto produtivo galego e español no exterior en 2024

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
Luxemburgo	1.661.242	76,3	Estados Unidos	7.709.281	24,2
Portugal	329.592	15,1	Reino Unido	4.279.108	13,4
Alemaña	43.500	2,0	México	3.025.739	9,5
Estados Unidos	38.430	1,8	Irlanda	2.785.943	8,7
Nicaragua	29.219	1,3	Luxemburgo	2.224.080	7,0
Guatemala	21.819	1,0	Alemaña	2.172.015	6,8
Chile	12.020	0,6	Francia	1.868.035	5,9
República Dominicana	10.943	0,5	Portugal	1.006.017	3,2
Francia	10.076	0,5	Colombia	950.541	3,0
Emiratos Árabes Unidos	7.117	0,3	Perú	738.453	2,3
Perú	4.732	0,2	Brasil	685.486	2,2
Arxentina	4.685	0,2	Polonia	588.183	1,8
Eslovaquia	2.500	0,1	Países Baixos	581.594	1,8
México	1.001	0,0	Arxentina	572.983	1,8
Canadá	545	0,0	Italia	461.250	1,4
República Checa	500	0,0	Bélxica	268.464	0,8
India	339	0,0	Chile	260.258	0,8
Países Baixos	50	0,0	Suecia	235.393	0,7
Brasil	25	0,0	Resto países	1.430.616	4,5
Total	2.178.335	100,0	Total	31.843.439	100,0

Datos provisionais.
Fonte: DataInvx. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

En Galicia a distribución territorial está máis concentrada tanto respecto ao conxunto nacional como en relación a 2023. No ano 2024 case a totalidade do IED galego foi parar a países da UE-27 (94 %), achegando o 16,3 % do IED nacional con este destino. O IED enviado a América Latina, destino tradicional do IED galego, redúcese de forma significativa, representando o 3,9 %, e o peso de América

do Norte vólvese irrelevante. Considerando o destino do investimento por países (cadro 23), Galicia enviou fondos a 19 países, sendo os líderes en recepción de investimento Luxemburgo (76,3 %) e Portugal (15,1 %). A maior concentración do IED emitido por Galicia fai que ningún outro país supere o 2 % en 2024.

Considerando o IED produtivo bruto saínte acumulado no período 2010-2024, como mostra o cadro 24, Estados Unidos,

Cadro núm. 24
Destino do investimento estranxeiro
bruto produtivo emitido por Galicia desde 2010 ata 2024

País	Miles de euros	%
Estados Unidos	5.414.371	29,48
Luxemburgo	2.907.183	15,83
Reino Unido	2.508.693	13,66
Países Baixos	1.708.772	9,30
Canadá	1.167.298	6,36
Portugal	573.730	3,12
Arxentina	523.963	2,85
Francia	383.826	2,09
Brasil	300.503	1,64
Resto países	2.878.889	15,67
Total	18.367.229	100,00

Datos provisionais.
Fonte: DataInvx. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

a pesar da caída de 2024, continúa como o principal receptor de IED galego. Luxemburgo, grazas ao comportamento de 2024, sitúase na zona máis alta como gran receptor tanto no último ano como no global do período, e Portugal entra neste grupo en 2024. Tamén Reino Unido e os Países Baixos teñen un peso importante no acumulado, malia que nos últimos anos foron perdendo posicións.

VII. Construción

- Malia que o VAB de construción se recupera, en 2024 o sector aínda non logrou compensar completamente o retroceso provocado pola pandemia en 2020.
- A escaseza de traballadores especializados e o encarecemento de materiais lastran a competitividade da edificación de vivenda.
- A evolución do mercado laboral de construción en 2024 é positiva polo aumento da ocupación e da afiliación á Seguridade Social, a pesar de que diminúen os novos contratos e se reduce o número de empresas.
- As compras de vivenda soben fortemente malia o incremento do prezo, incentivadas pola caída dos tipos de xuro.
- As áreas urbanas da Coruña e Vigo lideran o mercado inmobiliario galego en 2024, concentrando a metade das transaccións urbanas galegas.
- A cidade coa vivenda máis cara é A Coruña, cun prezo de 2.173 euros/m²; e as maiores tensións inflacionistas concéntranse nas cidades do eixe A Coruña-Vigo
- O importe medio mensual do alugueiro en Galicia en 2024 sitúase en 553 euros, cun incremento do 7,9 %
- En 2024 produciuse unha mellora na accesibilidade á vivenda en Galicia, impulsada por unhas condicións financeiras máis favorables que compensan o encarecemento da vivenda.
- Na Coruña e Vigo o alugueiro supón cerca do 50 % dos ingresos salariais dos mozos e mozas que comezan a súa vida laboral.
- A licitación de obra pública Galicia diminuíu fortemente en 2024, arrastrada pola intensa caída do investimento estatal.

Introdución

En 2024, o sector da construción en España mantivo unha tendencia alcista, impulsado polo crecemento do investimento e do nivel de actividade en edificación. Destaca o aumento do investimento en vivenda, en especial en promocións novas, cun incremento nas iniciacións de obra. A demanda de vivenda medra incentivada polo descenso dos tipos de xuro, aínda que freada pola suba de prezos. Paralelamente, os prezos do alugueiro continuaron a súa escalada, dificultando o acceso á vivenda, en particular para a xente máis nova. É de sinalar a persistencia de colos de botella na actividade construtiva, como a escaseza de man de obra cualificada, que encareceu os custos e retardou os prazos de execución. Na obra pública, a prórroga dos orzamentos xerais do Estado limitou a contratación, aínda que os fondos *Next Generation* da Unión Europea actuaron como contrapeso, dinamizando proxectos estratéxicos en infraestruturas e transporte. Este efecto traducíuse nun aumento da licitación a nivel estatal, malia que con desigualdades territoriais.

En Galicia dáse un crecemento desigual cun menor impacto da obra civil. Prodúcese unha repunta da oferta de vivenda cun incremento significativo das iniciacións de obra residencial, mentres que a demanda medra a ritmo elevado. Do mesmo xeito que no resto de España, a escaseza de traballadores especializados e o encarecemento de materiais lastran a competitividade do sector. Por outra banda, Galicia rexistrou un descenso pronunciado na contratación de obra pública, cunha forte caída do investimento estatal.

Indicadores de actividade

Os tres primeiros cadros e gráficos ofrecen unha visión xeral da evolución do sector da construción en España e Galicia a través de diversos indicadores. Estes reflicten a actividade global, abarcando tanto a edificación residencial como a non residencial e a obra civil.

En 2024, a produción no sector da construción, medida polo valor engadido bruto (VAB), mantivo a súa tendencia de crecemento en España e Galicia. En España, o VAB aumentou un 2,1 %, en liña coa evolución do ano anterior. Galicia, pola súa banda, mostrou un comportamento máis dinámico, cun incremento do 4,1 %, superando amplamente o 1,6 % rexistrado en 2023, segundo os datos revisados da contabilidade trimestral do Instituto Galego de Estatística (IGE).

Con todo, a pesar desta recuperación, o sector aínda non logrou compensar completamente o retroceso provocado pola pandemia en 2020. Mentres que o conxunto da economía —representado polo PIB— recuperou en 2022 os niveis previos á crise sanitaria, o VAB do sector da construción en 2024 segue sendo un 3,8 % inferior ao de 2019 no conxunto de España, e un 5,7 % menor en Galicia. Esta situación implica unha perda de preto de 1 punto porcentual no peso relativo da actividade construtiva dentro do sistema económico.

Cadro núm. 1
Indicadores do sector da construción en España. Taxas de variación interanuais (en %)

	2022	2023	2024	2024			
				I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.
VEB construción	9,2	2,1	2,1	2,5	1,7	1,6	2,6
FBCF. Construción. Vivendas	8,4	2,1	1,7	1,5	1,9	1,8	1,5
FBCF. Construción. Outros	-5,1	4,2	5,8	3,6	5,6	6,7	7,6
Produción das empresas	7,4	6,3	3,9	9,8	1,4	2,2	2,4
Nova contratación	4,3	7,1	3,7	6,0	-1,0	3,2	6,3
Ocupados	3,0	3,2	4,7	6,1	5,3	4,4	3,1
Paro estimado	-14,7	-4,2	1,6	-6,9	-0,2	17,6	1,2
Afiliación á Seguridade Social	3,6	3,8	1,8	1,9	1,6	1,8	1,8
Paro rexistrado	-16,7	-8,8	-4,8	-4,7	-4,4	-3,5	-6,8
Consumo de cemento	-0,8	-2,7	0,8	-10,4	-1,8	4,6	11,5
Licitación oficial SEOPAN	13,3	-8,8	4,2	10,0	-15,6	6,8	20,0
Índice de custos do sector	12,3	2,6	0,7	0,5	0,5	1,2	0,5

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social, SEPE, EPA e INE.

Cadro núm. 2
Indicadores do sector da construción en Galicia. Taxas de variación interanuais (en %)


	2022	2023	2024	2024			
				I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.
VEB construción	6,0	1,6	4,1	2,0	3,7	4,9	5,7
Ocupación	1,7	0,4	6,6	3,6	10,7	5,2	6,9
Paro estimado	23,7	-34,0	9,4	23,1	31,0	-7,5	-6,7
Afiliación á Seguridade Social	1,9	1,7	1,0	0,9	0,7	1,3	1,1
Paro rexistrado	-13,4	-10,6	-11,2	-12,1	-12,4	-7,5	-12,7
Licitación oficial SEOPAN	-16,5	14,9	-30,7	-23,9	-51,5	-0,8	-35,8

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social, SEPE, EPA, INE e IGE.

O investimento en construción en España, medido pola formación bruta de capital fixo (FBCF), en 2024 medrou un 3,5 %, mantendo a súa proporción do PIB no 10,4 %. Con todo, o compoñente de maior crecemento (5,8 %) é o de activos fixos materiais e outros edificios, mentres que o investimento en vivenda —o activo máis necesario socialmente— só sobe un 1,7 %, perdendo peso respecto ao resto da FBCF en construción.


Existen factores económicos, reguladores e de mercado que poderían explicar o menor dinamismo do investimento residencial. Entre estes factores poderían contarse os seguintes: a escaseza de chan urbanizable; as regulacións máis estritas e a incerteza normativa que aumenta o risco e que desincentiva os grandes investidores; e o incremento de custos que afecta máis a promotores de vivenda, polas súas marxes máis axustadas, que a grandes proxectos de obra pública ou industrial.

Outros indicadores de actividade, recollidos no cadro 1, como a produción e a nova contratación das empresas publicados polo Ministerio de Transportes, presentan valores positivos, continuando a recuperación dos catro últimos anos. O mesmo cadro mostra que os custos do sector se refrearon, especialmente despois de dispararse en anos anteriores. Con todo, o moderado crecemento medio dos custos oculta comportamentos diferentes entre os seus compoñentes. Por unha banda, o prezo dos materiais diminuíu, mentres que o custo da man de obra experimentou un aumento progresivo ao longo do ano. Como se mencionou, este encarecemento do traballo derívase da escaseza de man obra cualificada no sector. Esta repercute de maneira máis intensa na edificación de vivendas que se caracteriza por unha tecnoloxía moito máis intensiva en traballo que as obras civís.



No gráfico 2 represéntase o indicador de clima da construción¹ (ICC). Aínda que mostra importantes oscilacións mes a mes, a tendencia móvese nun rango positivo cunha media de 9,6 puntos nos últimos 12 meses incluídos no gráfico. Nos tres primeiros meses de 2025 este indicador pon de manifesto a existencia de boas expectativas tanto sobre o emprego como sobre a carteira de pedidos. A carteira de pedidos, a pesar dunha caída a valores negativos en agosto de 2024, recupérase na segunda metade do ano e as empresas están a

¹ O ICC é o principal indicador sintético que se obtén na *Enquisa de Conxuntura do Sector da Construción*. O ICC resume a información proporcionada polas empresas entrevistadas, achega a situación da súa carteira de pedidos global no mes de referencia e as expectativas de emprego a tres meses. O ICC obtense como a media dos saldos de opinións empresariais referidos á tendencia do emprego e á carteira de pedidos do sector. Por exemplo, un valor de +12 do saldo significa que a porcentaxe de opinións positivas supera en 12 puntos a de opinións negativas.



conseguir manter as súas carteiras, presentando no primeiro trimestre de 2025 un saldo medio de 11,8 puntos, moi por enriba da súa tendencia de anos pasados. Pola súa banda, as expectativas de emprego mostran tamén unha evolución crecente, cunha media na contorna dos 10 puntos nos últimos dous anos, sendo o primeiro trimestre de 2025 especialmente favorable cun saldo positivo de 12,6 puntos, moi superior á súa media histórica. Por sectores de actividade, a obra civil ofrece unha valoración moi positiva cun saldo de 33,6 en marzo de 2025 e unha media de 23,5 para os últimos tres meses. Pola contra, o sector

da construción de edificios parece ter un futuro menos prometedor, cun saldo negativo de 8,1 puntos en marzo e unha media de 0,6 no primeiro trimestre de 2025.

A evolución do mercado laboral de construción en 2024 é positiva polo aumento da ocupación e da afiliación á Seguridade Social e o descenso do paro no sector. Só o declive da contratación tanto en Galicia como en España desloca a traxectoria no mercado de traballo do sector neste ano.

Segundo a EPA, a construción española contabilizou unha media de 1,46 millóns de ocupados en 2024, que supón un aumento interanual do 4,7 %. A pesar dun pequeno crecemento no número de parados estimados, a taxa de desemprego española redúcese en dúas décimas, situándose no 7,2 %, o seu valor máis baixo desde o ano 2007 —malia que esta comparación non é totalmente válida dado que as definicións de emprego e paro usadas pola EPA non son as mesmas nas dúas datas—. Reforzando a impresión positiva deixada pola EPA, as afiliacións á Seguridade Social medran un 1,8 %, superando os 1,4 millóns; dos cales, un millón pertencen ao réxime xeral e algo máis de 400.000 ao de autónomos (subindo en maior medida a afiliación ao réxime xeral). Por outra banda, o paro rexistrado redúcese un 4,8 %, situándose nunha media de pouco máis de 200.000 desocupados. Outro dato positivo para o conxunto de España é que o número de empresas de construción rexistradas na Seguridade Social creceu un 0,5 % en 2024, sendo as grandes (con 250 ou máis traballadores) as que experimentan o maior aumento (14,6 %). Como elemento negativo hai que destacar a redución dun 4,4 % do número de novos contratos realizados en 2024, producíndose a maior caída dos mesmos na contratación de enxeñería civil.

O mercado laboral da construción en Galicia tamén mostrou unha evolución positiva en 2024. Tanto o número de ocupados estimados pola EPA como as afiliacións á Seguridade Social

Cadro núm. 3
O mercado de traballo na construción (medias do período). Ano 2024

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Ocupación						
Miles	36,5	9,4	8,1	28,3	82,3	1.463,8
TVI (%)	9,8	3,9	-0,9	5,8	6,6	4,7
Paro estimado						
Miles	1,1	0,5	1,0	1,3	3,8	112,8
TVI (%)	-15,7	-4,8	15,2	51,5	9,4	1,6
Paro rexistrado						
Miles	3,5	0,8	1,0	2,9	8,2	203,1
TVI (%)	-13,2	-11,0	-8,7	-9,6	-11,2	-4,8
Afiliación á Seguridade Social						
Miles	37,6	9,0	8,5	26,3	81,3	1,4
TVI (%)	2,5	-1,2	-0,8	0,3	1,0	1,8

Fonte: Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, SEPE, EPA e INE.

aumentaron. Con todo, mentres a EPA sinala unha repunta do paro no sector, o número de desempregados rexistrados nas oficinas de emprego descendeu.


Segundo a EPA, en 2024 a media de ocupados en actividades de construción en Galicia situouse en 82.300 persoas, o que supón un incremento do 6,6 % respecto ao ano anterior. A provincia da Coruña, con 36.500 empregos, concentra o maior volume de ocupación da comunidade e foi tamén a que máis emprego xerou. Pontevedra, malia que sobe o seu número de ocupados ata os 28.300 traballadores, rexistra o maior aumento do paro estimado (51 %). Lugo, pola súa banda, experimenta un crecemento do emprego inferior á media galega (3,9 %), mentres que Ourense é a única provincia onde o emprego na construción se reduce respecto a 2023 (-0,9 %).

Os datos de afiliación á Seguridade Social en actividades de construción, malia que reflicten unha evolución positiva, matizan o optimismo transmitido pola EPA. En 2024, a afiliación media en Galicia situouse en 81.283 persoas, un 1 % máis que o ano anterior. Este incremento descomponse nun crecemento próximo ao 2 % nas afiliacións ao réxime xeral (67 % do total) e un descenso do 0,6 % do réxime de autónomos (33 %). A Coruña e Pontevedra anotaron lixeiras subas no número de afiliacións, mentres que en Lugo e Ourense se observaron descensos.

Doutra banda, os dous indicadores de paro na construción presentados no cadro 3 mostran diferenzas na súa estimación para Galicia, seguindo unha tendencia similar á observada a nivel nacional. Segundo a EPA, o paro na construción galega creceu un 9,4 % ata alcanzar os 3.800 desempregados e o paro rexistrado descendeu un 11,2 %, situándose en 8.200 persoas rexistradas nas oficinas de emprego². Ademais, o comportamento do desemprego estimado varía notablemente entre provincias: sobe en Ourense e Pontevedra, e baixa na Coruña e Lugo. En contraste, o paro rexistrado cae nas catro provincias (cadros 2 e 3 e gráfico 3).

A pesar de que o mercado laboral da construción en Galicia mostrou signos de recuperación en 2024, persisten factores que poderían comprometer a súa evolución futura. Durante ese ano, o número de empresas dedicadas a actividades de construción baixou un 0,7 %, situándose en 8.299³, o que representa o 10,5 % do total de empresas galegas. Ademais, do mesmo xeito que no conxunto do Estado, produciuse unha redución no número de novos contratos de traballo do 4,1 %. Esta dimi-

nución foi especialmente acusada na construción de edificios (-5,9 %), destacando as caídas nos contratos de montadores de estruturas metálicas (-9,6 %), peóns de construción de edificios (-7,1 %) e albaneis (-3,6 %). Así, a redución no número de autónomos, o descenso na contratación e a falta de man de obra cualificada representan importantes desafíos para a sostibilidade do crecemento do sector. Estes obstáculos poderían limitar a súa capacidade para responder á crecente demanda social de vivendas a prezos moderados, entre outros retos.



² Hai que lembrar que os criterios de medición son distintos nas dúas fontes: o paro rexistrado mide persoas que están en listas, e a EPA mide situacións reais de emprego/desemprego segundo as respostas da xente. Algunhas persoas apuntadas no SEPE non están desempregadas realmente (poden buscar un segundo emprego por exemplo) e, ademais, a EPA capta tamén a parados «invisibles», como mozos que buscan o seu primeiro emprego, pero non se rexistraron.

³ Datos tomados do *Observatorio Industrial da Construción* publicado pola Fundación Laboral da Construción. 2024

Vivenda

A continuación realízase unha análise do mercado da vivenda no ano 2024. Para iso utilizaremos como indicadores de oferta os certificados de inicio de obra e os visados de final de obra dos arquitectos técnicos. Tomaremos como indicadores da demanda as compravendas rexistradas en notaría, os apuntamentos realizados nos rexistros da propiedade e as hipotecas sobre vivenda constituídas no período. Por outra banda, aínda que con máis limitacións en canto aos datos dispoñibles, estímase a evolución das variables de oferta e demanda para os mercados inmobiliarios das sete cidades máis importantes de Galicia, en cuxas áreas urbanas vive aproximadamente a metade da poboación galega.

En 2024, o mercado da vivenda en España seguiu mostrando un mercado desequilibrio, cunha oferta incapaz de responder á crecente demanda. Esta situación provocou unha subida sostida dos prezos ao longo do ano. Paralelamente, o encarecemento do alugueiro dificultou o acceso á vivenda para amplas capas da poboación, sen que as políticas gobernamentais de control de prezos lograsen resultados efectivos. A lenta reacción da oferta responde a varios factores, entre eles o aumento dos custos laborais, a escaseza de man de obra cualificada e os prolongados trámites burocráticos e político-administrativos necesarios para poñer en marcha novos desenvolvementos residenciais. En Galicia produciuse unha notable mellora na construción de novas vivendas, o que abre a porta a unha posible moderación futura do ritmo de crecemento dos prezos, que en 2024 seguiron unha evolución similar á do conxunto do país.

Segundo mostra o cadro 4, as vivendas iniciadas en toda España —representadas polos visados de dirección de obra— rexistraron un crecemento do 16,7 %, situándose ao redor das 128.000 unidades. Con todo, esta cifra resulta insuficiente para cubrir a demanda de novas residencias, impulsada, entre outros factores, pola creación de aproximadamente 330.000 novos fogares cada ano. Este ritmo lento de crecemento continuará premendo á alza os prezos nos próximos anos.

En 2024, a promoción de vivenda protexida en España experimentou unha notable repunta, con 14.371 unidades finalizadas e preto de 24.000 iniciadas, o que supón incrementos do 95 % e 62 %, respectivamente, en comparación co ano anterior. Con todo, este avance segue sendo insuficiente para reducir o déficit estrutural de vivenda accesible, especialmente no mercado do alugueiro, que apenas representou un cuarto do total edificado. A Comunidade de Madrid encabezou as iniciacións de vivenda protexida, con case 11.000 unidades, en marcado contraste cos baixos niveis rexistrados en Galicia.

Nos cadros 5 e 6, así como nos gráficos 4 e 5, preséntanse os indicadores de oferta de vivenda en Galicia. En 2024 iniciáronse preto de 6.000 novas vivendas, o que representa un notable incremento do 71 % respecto a 2023. A esta cifra súmanse cerca de 1.700 obras de ampliación e reforma, cun crecemento do 17 %. En contraste, as vivendas finalizadas, que ascenden a 2.300, mostran un menor dinamismo e continúan representando unha proporción relativamente baixa (2,4 %) do total español. As provincias da Coruña e Pontevedra concentran a maior parte da actividade, ao acapalar o 83 %

Cadro núm. 4
A vivenda en España. Principais indicadores de oferta

	2022	2023	2024	TVI (%)		
				2022	2023	2024
Visados de dirección de obra						
Vivenda nova	108.923	109.483	127.721	0,6	0,5	16,7
Visados de dirección de obra						
Obras de ampliación e reforma	24.102	22.328	23.949	-11,4	-7,4	7,3
Certificados de fin de obra	89.107	87.565	97.837	-2,5	-1,7	11,7
VPO obra nova. Vivendas iniciadas	13.022	12.304	23.967	-1,1	-5,5	94,8
VPO obra nova. Vivendas rematadas	9.610	8.847	14.371	0,4	-7,9	62,4
VPO Rehabilitacións aprobadas	67.447	69.713	54.382	46,0	3,4	-22,0

VPO: Vivenda de protección oficial
Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Cadro núm. 5
A vivenda en Galicia. Principais indicadores de oferta

	2022	2023	2024	TVI (%)		
				2022	2023	2024
Visados de dirección de obra Vivenda nova	3.342	3.498	5.985	6,3	4,7	71,1
Visados de dirección de obra. Obras de ampliación e reforma	1.142	1.462	1.709	14,5	28,0	16,9
Certificados de fin de obra	2.509	2.358	2.341	2,8	-6,0	-0,7
VPO obra nova. Vivendas iniciadas	263	129	169	32,2	-51,0	31,0
VPO obra nova. Vivendas rematadas	103	18	5	-33,5	-82,5	-72,2
VPO Rehabilitacións aprobadas	2.058	1.766	1.902	-37,1	-14,2	7,7

VPO: Vivenda de protección oficial
Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.


Cadro núm. 6
Indicadores de oferta. Vivendas iniciadas e rematadas

	2020	2021	2022	2023	2024
Vivendas iniciadas (obra nova)					
A Coruña	1.210	1.122	1.266	1.551	2.466
Lugo	455	303	326	445	577
Ourense	461	205	333	253	414
Pontevedra	1.327	1.515	1.417	1.249	2.528
Galicia	3.453	3.145	3.342	3.498	5.985
España	85.535	108.318	108.923	109.483	127.721
Vivendas rematadas					
A Coruña	916	858	967	931	557
Lugo	583	595	413	170	197
Ourense	283	239	327	351	278
Pontevedra	944	748	802	906	1.309
Galicia	2.726	2.440	2.509	2.358	2.341
España	85.945	91.390	89.107	87.565	97.837

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

ás 432 da área de Vigo, que tamén subiu. A continuación sitúanse Pontevedra (209 licenzas), Ourense (148), Santiago (126), Lugo (47) e Ferrol (27).

Se se consideran as licenzas acumuladas no período 2020-2023 en relación coa poboación de cada área, Santiago de Compostela presenta a maior intensidade de licenzas por habitante (6,2 por cada 1.000), seguida por Pontevedra (5,9), A Coruña (5,8) e Vigo (5). Por detrás están Ourense (2,5), Lugo (2,2) e, en última posición, Ferrol, con só 0,9 licenzas por cada 1.000 habitantes.




das novas vivendas iniciadas. Lugo e Ourense, aínda que melloran os seus números respecto a 2013, só achegan o 17 % restante.

O gráfico 5 recolle a evolución da oferta nas sete áreas urbanas galegas⁴ a través das licenzas de obra concedidas polos respectivos municipios entre 2020 e 2023. Os datos para 2024 non estaban dispoñibles no momento de redactar este informe. As áreas de Vigo e A Coruña concentran dous terzos do total de licenzas. En 2023 o aumento foi especialmente destacado na Coruña, que alcanzou as 629 licenzas, fronte ás 432 da área de Vigo, que tamén subiu. A continuación sitúanse Pontevedra (209 licenzas), Ourense (148), Santiago (126), Lugo (47) e Ferrol (27).

Os cadros 4 e 5 presentan a evolución da vivenda de protección oficial (VPO) nos últimos tres anos, incluíndo tanto obra nova como rehabilitacións protexidas. En 2024, a nivel estatal, seguen vixentes varios plans analizados en informes anteriores. O Plan estatal de vivenda 2022-2025 conta

⁴ Os municipios integrantes de cada unha das sete áreas urbanas son os seguintes: **Coruña:** A Coruña, Arteixo, Cambre, Culledro e Oleiros. **Ferrol:** Ferrol, Narón e Fene. **Santiago:** Santiago de Compostela, Ames, Oroso e Teo. **Lugo:** Lugo. **Ourense:** Ourense e Barbadás. **Pontevedra:** Pontevedra, Marín e Poio. **Vigo:** Vigo, Gondomar, Mos, Nigrán, Ponteareas, Porriño e Redondela



cun orzamento estimado de 4.400 millóns de euros, distribuídos en partidas clave: 250 millóns en axudas ao alugueiro —incluído o bono novo (18-35 anos)—; 1.500 millóns, procedentes dos fondos *Next Generation*, destinados á rehabilitación enerxética; e 1.200 millóns dirixidos ao fomento da vivenda protexida e social. Para 2024 estímase unha execución de aproximadamente 1.100 millóns de euros.

Adicionalmente, o Plan de rehabilitación e rexeneración urbana (financiado por fondos *Next Generation*), activo entre 2021 e 2026, conta cunha dotación total de

6.800 millóns de euros. Destes, estímase que uns 1.500 millóns corresponden en 2024 a axudas para reformas en vivendas e comunidades. Tamén destaca o programa de vivenda rural, orientado á rehabilitación en municipios de menos de 10.000 habitantes, cun financiamento estimado de 50 millóns entre 2023 e 2025.

En Galicia, o Plan de vivenda 2020-2023 foi prorrogado en 2024 para permitir a execución de fondos aínda dispoñibles. Este plan contempla un orzamento total duns 300 millóns de euros, dos cales a Xunta previa executar 80 millóns neste ano, principalmente en axudas ao alugueiro (15 millóns), subvencións para a compra de vivenda (30 millóns) e axudas á rehabilitación (20 millóns). A isto súmase o programa Rehabilita, específico de Galicia e tamén financiado con fondos europeos, que dispón de 120 millóns ata 2026. En 2024, estímase unha execución de 40 millóns destinados a proxectos de eficiencia enerxética. Outros programas galegos inclúen as axudas á vivenda rural (10 millóns presupostados para 2024) e o Bono alugueiro xove, dotado con 5 millóns.

Os cadros 4 e 5 mostran os resultados destas políticas de vivenda por medio das VPO iniciadas e terminadas, así como das rehabilitacións protexidas aprobadas. Para toda España, obsérvase un notable incremento tanto nas VPO iniciadas como nas finalizadas. As VPO iniciadas representan preto do 19 % do total de vivendas iniciadas, o que indica unha recuperación parcial respecto a anos anteriores. Con todo, identifícanse atrasos na execución de fondos *Next Generation*, o que retardou varios proxectos de rehabilitación, como se evidencia nos datos.

En contraste, a situación en Galicia resulta menos alentadora en canto á promoción de nova VPO, con cifras de inicio e final de obras moi baixas en 2024 e sen que exista unha explicación clara para este feito. Con todo, o desempeño en rehabilitación é máis positivo. Galicia logrou canalizar ao redor de 40 millóns en proxectos de rehabilitación grazas a fondos europeos, e o plan de vivenda rural propiciou unhas 1.200 intervencións. Así mesmo, as axudas á compra de vivenda beneficiaron unhas 3.000 familias en 2024, o que contribúe só en parte a paliar a moi escasa promoción de VPO na comunidade.

A pesar destes avances parciais, persisten importantes problemas, sobre todo no acceso á vivenda en grandes cidades como A Coruña ou Vigo, onde o déficit de vivenda social é evidente. Ademais, os trámites asociados ás axudas, en especial no ámbito da rehabilitación, seguen a ser excesivamente burocráticos, lentos e complexos.

A análise da demanda efectiva no mercado da vivenda baséase en tres indicadores fundamentais: as compravendas formalizadas ante notario, as transaccións apuntadas nos rexistros da propiedade

Cadro núm. 7
Indicadores de demanda de vivenda

	Número de transaccións			TVI (%)		
	2022	2023	2024	2022	2023	2024
Galicia						
Notarías	26.019	24.082	28.387	3,2	-7,4	17,8
A Coruña	11.487	10.624	12.625	6,0	-7,5	18,8
Lugo	3.615	3.541	3.955	-5,0	-2,1	11,7
Ourense	2.782	2.848	3.295	13,4	2,4	15,7
Pontevedra	8.135	7.069	8.512	0,3	-13,1	20,4
Rexistros	21.864	19.329	23.641	10,3	-11,6	22,3
A Coruña	10.374	9.170	11.081	11,3	-11,6	20,8
Lugo	2.603	2.309	2.930	7,6	-11,3	26,9
Ourense	1.903	2.004	2.337	14,8	5,3	16,6
Pontevedra	6.984	5.846	7.293	8,8	-16,3	24,8
España						
Notarías	717.734	638.522	715.429	6,4	-11,0	12,0
Rexistros	650.265	583.651	642.208	14,8	-10,2	10,0

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. *Estadística de Transmisiones de Derechos de la Propiedad*. INE.


Cadro núm. 8
Transaccións de vivenda en notarías. Ano 2024

	Núm. de transaccións		TVI (%)	
	Nova	Usada	Nova	Usada
A Coruña	991	11.634	57,6	16,3
Lugo	246	3.709	-6,5	13,1
Ourense	165	3.130	-37,7	21,1
Pontevedra	1.073	7.439	34,6	18,6
Galicia	2.475	25.912	26,7	17,1
España	65.486	649.943	9,1	12,4

Vivendas rexistradas. Ano 2023

	Núm. de transmisións		TVI (%)	
	Nova	Usada	Nova	Usada
A Coruña	2.703	8.378	29,5	18,3
Lugo	798	2.132	78,1	14,6
Ourense	468	1.869	19,7	15,9
Pontevedra	1.914	5.379	44,6	19,0
Galicia	5.883	17.758	38,4	17,8
España	134.926	507.282	23,2	7,0

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. *Estadística de Transmisiones de Derechos de la Propiedad*. INE.



e as hipotecas constituídas sobre bens inmobles⁵. Cabe sinalar que as series rexistradas se derivan das mesmas operacións reflectidas polos notarios, aínda que cun certo desfacemento temporal na súa inscrición. As cifras correspondentes a España e Galicia ata o ano 2024 preséntanse nos cadros 7, 8, 9 e 10, así como nos gráficos 6 e 7.

Tras a notable caída nas compras de vivenda experimentada en 2023, tanto en España como en Galicia, o ano 2024 marca unha clara recuperación. As compravendas aumentan de forma significativa no conxunto de España, e en Galicia o crecemento é aínda máis intenso, duplicando incluso as xa elevadas taxas observadas a nivel estatal.

No caso de España, tanto os datos de notarías como os dos rexistros da propiedade reflicten esta repunta, con incrementos do 10 % e do 12 %, respectivamente. Estas cifras confirman a reactivación da tendencia expansiva que se interrompeu en 2023, como consecuencia da suba dos tipos hipotecarios. A recente adopción por parte do Banco Central Europeo (BCE) dunha política monetaria máis laxa —que levou a sucesivas reducións nos tipos de xuro oficiais— supuxo un abaratamento substancial do crédito, impulsando con forza a demanda de vivenda. O mercado continúa estando dominado pola vivenda usada, o que pon de manifesto a escaseza estrutural de vivenda nova. En 2024 adquiríronse 633.939 vivendas de segunda man en toda España, o que representa o 90,8 % do total. Paralelamente, a progresiva mellora nas condicións do crédito hipotecario traducíuse nun incremento significativo do número de hipotecas constituídas sobre vivendas, que alcanzaron preto de 425.000 operacións, cun aumento interanual do 11,5 %. Destaca ademais o crecente

⁵ O Consello Xeral do Notariado estima o número de transaccións levadas a cabo en notarías e estes cálculos son publicados polo Ministerio de Fomento. O Colexio de Rexistradores de España compila as transaccións rexistradas nos rexistros da propiedade na Estatística Rexistral Inmobiliaria e estas cifras tamén se recollen nas series de compravenda de vivendas publicadas polo INE desde o ano 2007. Así mesmo, o INE publica a estatística de hipotecas que recolle as hipotecas constituídas sobre bens inmobles; estes datos son fornecidos polo Servizo de Sistemas de Información do Colexio Oficial de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España.


recurso a hipotecas a tipo fixo, como reflexo dunha preferencia pola estabilidade financeira nun contexto económico aínda incerto.

En 2024 formalizáronse en notarías galegas un total de 28.387 compravendas de vivenda. Este volume representa unha subida interanual do 17,8 %, unha taxa moi superior á media rexistrada no conxunto de España. O 92 % das vivendas compradas foron de segunda man. A pesar deste dominio da vivenda usada, a evolución das compras de vivenda nova foi moi positiva, cun incremento do 26,7 % respecto ao ano anterior, unha taxa que case triplica a da media nacional, malia que o número absoluto de casas novas compradas segue sendo moi baixo —2.475 unidades—.

Os datos procedentes dos rexistros da propiedade corroboran esta tendencia expansiva, sinalando un aumento do 22,3 % nas inscricións de vivendas, duplicando así o ritmo de crecemento observado a nivel estatal. A diferenza do que reflicten as notarías, nos rexistros a vivenda usada, aínda que maioritaria, mostra un menor predominio: representa o 75 % do total de vivendas rexistradas en Galicia, fronte ao 78 % no conxunto de España.

O dinamismo do mercado maniféstase tamén na evolución do crédito. En 2024 constituíronse en Galicia 15.700 hipotecas sobre vivenda, o que supón un 26,7 % máis que o ano anterior, duplicando amplamente a taxa de crecemento a nivel nacional. Este dato confirma a forte recuperación da demanda efectiva na comunidade.

Os cadros 7, 8 e 9 presentan a desagregación dos tres indicadores nas catro provincias galegas. En todas elas obsérvase unha evolución moi favorable tanto na compravenda de vivenda nova como usada. As únicas excepcións atópanse en Ourense e Lugo, onde se aprecia un lixeiro descenso nas transaccións de vivenda nova, amplamente compensado polo sólido aumento das operacións sobre vivenda de segunda man.



O gráfico 7 recolle as transaccións notariais realizadas nas zonas urbanas de Galicia, que concentran en torno á metade da poboación da comunidade. En 2024 compráronse 14.969 vivendas nas sete áreas urbanas galegas, o que representa un incremento do 21,7 % respecto ao ano anterior. Estas compravendas urbanas supoñen o 52,7 % do total rexistrado en Galicia, cunha intensidade de demanda de 10,8 operacións por cada 1.000 habitantes, apenas catro décimas por riba da media autonómica.


Nestes mercados urbanos, a vivenda de segunda man domina sen paliativos, significando o 89,2 % das compravendas. Ferrol destaca como a área con maior peso deste segmento, onde o 96,7 % das vivendas compradas eran usadas. No extremo oposto, A Coruña ten a menor porcentaxe de vivenda de segunda man, cun 85,5 % do total.

Cadro núm. 9
Hipotecas constituídas sobre vivendas

	Núm. de hipotecas			TVI (%)		
	2022	2023	2024	2022	2023	2024
A Coruña	7.396	5.532	7.264	14,4	-25,2	31,3
Lugo	1.582	1.108	1.391	11,4	-30,0	25,5
Ourense	1.155	1.135	1.249	9,2	-1,7	10,0
Pontevedra	5.669	4.655	5.847	3,0	-17,9	25,6
Galicia	15.802	12.430	15.751	9,4	-21,3	26,7
España	464.107	380.966	424.909	11,0	-17,9	11,5

Fonte: INE.

As áreas urbanas da Coruña e Vigo lideran o mercado inmobiliario galego en 2024, con 4.269 e 3.604 compravendas respectivamente, concentrando máis da metade das transaccións urbanas. Séguen as Ferrol (1.948), Santiago (1.403), Ourense (1.300), Pontevedra (1.296) e Lugo (1.149). Así, o ano 2024 supuxo unha clara



recuperación fronte ao descenso da demanda experimentado en 2023, nun contexto onde os mercados urbanos continúan limitados pola escasa oferta de vivenda nova a prezos razoables.

O gráfico 8 ilustra a interacción entre a oferta e a demanda de vivenda en Galicia ao longo do tempo, mediante a evolución do stock aparente de vivendas. Este stock calcúlase como a diferenza entre as compravendas de vivenda nova —segundo a estatística notarial— e o número de vivendas rematadas, medido a través dos certificados de fin de obra emitidos polos arquitectos técnicos, descontando a proporción correspondente á autopromoción non escriturada.

Nos últimos doce anos, o stock de vivenda en Galicia seguiu unha tendencia descendente constante, coa única excepción do ano da pandemia. En 2024, o forte crecemento da demanda reduciu as existencias a niveis mínimos, de modo que as únicas vivendas en stock son aquelas que están deslocalizadas e que resultan practicamente invendibles.

Deste xeito, o problema actual xa non é o exceso de vivendas en stock, senón a insuficiencia da oferta para satisfacer unha demanda en aumento. Esta escaseza débese á limitada dispoñibilidade de chan urbanizable e á falta de man de obra especializada, factores que elevan os custos de construción de vivenda nova e contribúen ao encarecemento xeneralizado dos prezos.


Os datos do Banco de España reflicten que o crédito aos fogares para a adquisición de vivenda baixou, de media, un 1,05 % ao longo de 2024. O exercicio comezou seguindo a senda contractiva do ano anterior, cunha caída interanual do 2,9 % en xaneiro. Esta tendencia foi moderándose progresivamente ata revertirse en novembro, aumentado progresivamente o fluxo do crédito, e xaneiro de 2025 pechábase cun crecemento do mesmo do 1,22 %.

Este cambio de dinámica explícase, en gran medida, polo xiro na política monetaria do Banco Central Europeo, que a mediados de 2024 iniciou unha fase expansiva mediante reducións dos tipos de xuro. Esta decisión contribuíu a frear as amortizacións anticipadas e a reactivar a demanda de novos créditos hipotecarios, agora en condicións máis favorables.

A evolución reflíctese tamén na diminución do peso do crédito hipotecario no PIB. No primeiro trimestre de 2024, o crédito aos fogares para adquisición de vivenda representaba o 32,28 % do PIB, proporción que chegou ata o 31,03 % no cuarto trimestre, o que supón unha significativa caída de 1,25 puntos porcentuais. Para 2025, a continuidade da moderación de tipos previsiblemente freará as amortizacións e favorecerá un aumento no volume de novos créditos, o que debería traducirse nunha repunta da súa participación relativa no PIB. Por último, o cociente de morosidade —créditos de dubidosa cobranza— mostrou unha evolución favorable ao longo do ano, pechando o cuarto trimestre no 2,4 %, un nivel relativamente baixo e menor que o rexistrado en exercicios anteriores.

O gráfico 9 mostra a evolución das principais variables que determinan o custo financeiro da vivenda. En 2023, a repunta da inflación obrigou o Banco Central Europeo a elevar os tipos de xuro, o que provocou unha escalada do EURIBOR, que alcanzou o 3,68 % a comezos de 2024.

Tras varias reunións sen cambios, o BCE iniciou unha senda de relaxación monetaria en xuño de 2024, cunha primeira baixada de 25 puntos básicos no seu tipo de xuro de referencia. Esta política continuou con dous novos recortes en setembro e outubro, tamén de 25 puntos cada un, situando o tipo de depósito no 3,25 % en outubro. Finalmente, en decembro, aplicouse un novo recorte da



mesma magnitude, que deixou o tipo de depósito no 3 %. Como consecuencia, o EURIBOR a un ano —principal índice de referencia hipotecario— comezou a descender de forma progresiva, situándose no 2,4 % en febreiro de 2025. Esta evolución arrastrou á baixa ao tipo medio de xuro das hipotecas variables, que pechou 2024 no 3,1 % e descendeu ata o 2,87 % en febreiro de 2025.

A baixada do EURIBOR e dos tipos hipotecarios traducíuse nun alivio para os fogares con préstamos a tipo variable. Por exemplo, para unha hipoteca de 100.000 euros a 25 anos, a cota mensual pasou de 540 euros en decembro de 2023 a 480 euros no mesmo mes de 2024, o que supón unha redución do 11,1 %. Se se toma como referencia o valor medio das compravendas notariais en 2024, o aforro anual en Galicia para un comprador medio sería duns 988 euros, mentres que no conxunto de España este aforro alcanzaría os 1.405 euros.

En abril de 2025, o BCE reforzou a súa política monetaria expansiva cunha nova baixada de tipos de 25 puntos básicos. Esta decisión anticipa unha continuación na redución dos tipos hipotecarios, sempre que a inflación manteña a súa tendencia descendente. Con todo, o ritmo e a magnitude de novas caídas dependerán da evolución dos indicadores macroeconómicos e do contexto xeopolítico. Ademais, cabe sinalar que a marxe de descenso do EURIBOR é cada vez máis limitada, xa que resulta pouco probable que volva aos niveis negativos nos que se situou antes de 2022.

Os gráficos 10 e 11, xunto cos cadros 10, 11, 12, 13 e 14, recollen distintas estimacións sobre o custo da vivenda en réxime de compra e alugueiro en España e Galicia nos últimos anos. En 2024 produciuse unha repunta nos prezos de venda, con aumentos que oscilan entre o 5 % e o 10 %, dependendo da fonte consultada. En calquera caso, este encarecemento superou a taxa de inflación xeral medida polo índice de prezos ao consumo (IPC). Con todo, como se analizou previamente, a redución dos tipos de xuro mitigou o impacto desta subida para os compradores que financian a súa adquisición mediante crédito hipotecario. En cambio, os prezos do alugueiro rexistraron un comportamento aínda máis inflacionista que os prezos de compravenda. Ao carecer neste caso do alivio que

Cadro núm. 10
Valor medio declarado das transmisións inmobiliarias de vivenda libre

	Euros			TVI (%)	
	2022	2023	2024	2023	2024
A Coruña	129.409	125.306	140.066	-3,2	11,8
Lugo	91.769	103.218	94.760	12,5	-8,2
Ourense	92.012	91.214	92.868	-0,9	1,8
Pontevedra	146.744	153.664	167.297	4,7	8,9
Galicia	125.662	126.420	136.532	0,6	8,0
España	182.479	180.733	193.983	-1,0	7,3

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Cadro núm. 11
Prezo medio da vivenda libre

	Euros/m²		TVI (%)	
	Galicia	España	Galicia	España
2023	1.298,8	1.809,1	3,3	3,9
2024	1.365,4	1.913,6	5,1	5,8
I trim.	1.338,4	1.865,8	4,1	4,3
II trim.	1.344,6	1.895,6	4,0	5,7
III trim.	1.386,7	1.921,0	6,4	6,0
IV trim.	1.391,9	1.972,1	6,1	7,0

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Cadro núm. 12
Prezo medio da vivenda libre. Detalle por provincias

	Euros/m²			TVI (%)	
	2022	2023	2024	2023	2024
A Coruña	1.298,4	1.346,5	1.419,9	3,7	5,4
Lugo	895,3	938,5	977,5	4,8	4,2
Ourense	928,1	947,6	955,2	2,1	0,8
Pontevedra	1.351,1	1.396,0	1.486,6	3,3	6,5

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Cadro núm. 13
Índice de prezos da vivenda. Taxas de variación interanuais (%)

			2024			
	2023	2024	I trim.	II trim.	III trim.	VI trim.
Galicia						
Xeral	3,6	7,4	5,1	6,7	7,3	10,5
Vivenda nova	9,5	8,3	8,1	7,4	6,4	11,3
Vivenda usada	2,7	7,4	4,7	6,7	7,5	10,4
España						
Xeral	4,0	8,4	6,3	7,8	8,2	11,3
Vivenda nova	8,0	10,9	10,1	11,2	9,8	12,3
Vivenda usada	3,2	8,0	5,7	7,3	7,9	11,1

Fonte: INE.

prezo por metro cadrado en España e en distintos ámbitos territoriais, a partir de datos proporcionados por sociedades de taxación. Estas estimacións recóllense nos cadros 11 e 12. Doutra banda, o índice de prezos da vivenda (IPV), elaborado polo Instituto Nacional de Estatística, ofrece unha medida alternativa baseada nos importes declarados nas transaccións notariais. O INE depura e pondera esta información en función das características das vivendas, o que permite obter prezos comparables por metro cadrado, con independencia do tipo ou tamaño do inmovible. Este índice preséntase no cadro 13.

En 2024, o Ministerio de Transportes estima un prezo medio da vivenda en España de 1.913,6 euros por metro cadrado, o que significa un incremento interanual do 5,8 %. Ao longo do ano, a vivenda foise encarecendo de forma progresiva, con taxas de variación que pasaron do 4,3 % ao comezo do ano ao 7 % no último trimestre, como se aprecia no cadro 11. Pola súa banda, o índice de prezos da vivenda, que se presenta no cadro 13, sinala unha inflación aínda máis elevada no mercado residencial, cun aumento do 11,3 % en 2024. Dentro deste índice, a vivenda nova mostra un encarecemento lixeiramente superior (12,3 %) ao da vivenda de segunda man (11,1 %). En consecuencia, a vivenda

supoñen os menores custos financeiros, o acceso a unha vivenda en réxime de arrendamento volveuse cada vez máis difícil para amplos sectores da poboación, sobre todo nas contornas urbanas.

O cadro 10 ofrece unha primeira aproximación ao custo da vivenda a través dos valores medios declarados nas compravendas rexistradas por notarías. Estas cifras reflicten un conxunto heteroxéneo de vivendas, con diferenzas en tamaño, localización e características, o que impide calcular de forma directa o prezo por metro cadrado. Por iso, estes valores deben entenderse como unha referencia preliminar que require ser contrastada e matizada mediante estatísticas máis detalladas e metodoloxicamente homoxéneas.

En 2024, o valor medio declarado das transmisións de vivenda rexistradas en notarías galegas situouse en 136.532 euros, o que representa un incremento interanual do 8 %. No conxunto de España, a cifra media ascendeu a 193.983 euros, cun aumento do 7,3 % respecto ao ano anterior. Dentro de Galicia, as vivendas máis caras localizáronse na provincia de Pontevedra, cun valor medio de 167.297 euros, seguidas pola Coruña (140.066 euros), Lugo (94.760 euros) e Ourense (92.868 euros). Destacan a notable subida do 11,8 % rexistrada na Coruña e a caída do 8,2 % en Lugo.


O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana publica series sobre o valor taxado da vivenda libre, que estiman o

experimentou un encarecemento real, xa que o incremento do seu custo superou amplamente a inflación xeral da economía (2,8 %) durante o mesmo período, o que evidencia unha perda de accesibilidade á vivenda para boa parte dos fogares.

En 2024, o valor taxado da vivenda en Galicia, segundo as estimacións do Ministerio de Transportes, foi de 1.365,4 euros por metro cadrado, o que supón unha subida interanual do 5,1 %, lixeiramente por baixo da media nacional. O aumento de prezos intensificouse na segunda metade do ano, alcanzando un 6,4 % no terceiro trimestre. En termos xerais, a evolución do prezo en Galicia seguiu unha traxectoria similar á do conxunto de España, aínda que cun encarecemento algo máis moderado. O cadro 12 detalla esta evolución por provincias. Pontevedra sitúase como a máis cara, cun prezo medio de 1.487 euros/m², seguida pola Coruña (1.420 euros/m²). No interior, os valores son considerablemente máis baixos: 978 euros/m² en Lugo e 955 euros/m² en Ourense. En canto á variación anual, Pontevedra lidera cunha subida do 6,5 %, seguida da Coruña (5,4 %) e Lugo (4,2 %), mentres que en Ourense o prezo apenas variou, cun leve incremento do 0,8%.

Pola súa banda, o índice de prezos da vivenda elaborado polo INE, recollido no cadro 13, sinala unha presión inflacionista aínda maior en Galicia, cun crecemento xeral do 10,5 %, moi próximo ao rexistrado a nivel nacional. Do mesmo xeito que no conxunto do Estado, a vivenda nova experimentou unha subida lixeiramente superior (11,3 %) á de segunda man (10,4 %).


En definitiva, a vivenda en Galicia encareceuse en termos reais ao longo de 2024, dificultando o acceso residencial para unha parte crecente da poboación. Malia que a redución dos tipos de xuro contribuíu a aliviar parcialmente o custo financeiro, non compensa por completo a perda de poder adquisitivo provocada pola alza dos prezos.



O custo medio da vivenda en Galicia medrou un 5,1 %, aínda que esta cifra resulta pouco representativa do sucedido en determinados mercados inmobiliarios. En varias áreas urbanas galegas, o incremento de prezos foi moi superior. O gráfico 10 mostra as estimacións do valor taxado da vivenda libre publicadas polo Ministerio de Transportes para Galicia e as súas sete principais cidades en 2023 e 2024. A cidade coa vivenda máis cara é A Coruña, cun prezo de 2.173 euros/m², seguida de Santiago (1.941 euros/m²), Vigo (1.879 euros/m²) e Pontevedra (1.579 euros/m²). As

vivendas máis económicas atópanse en Ourense (1.314 euros/m²), Lugo (1.178 euros/m²) e Ferrol (891 euros/m²). Con todo, ao analizar a inflación específica de cada zona urbana, a orde varía: Ferrol presenta o maior encarecemento, cun aumento do 12,8 %, máis do dobre da media autonómica. Tamén superan a media galega as taxas de inflación rexistradas en Pontevedra (8,9 %), A Coruña (7,9 %), Santiago (7,1 %) e Vigo (6,9 %). Por baixo da media sitúanse Lugo (4,3 %) e Ourense (4,2 %). En resumo, as maiores tensións inflacionistas concéntranse nas cidades do eixe A Coruña-Vigo, onde a oferta de vivenda resulta insuficiente. Estas tensións acentúanse aínda máis no mercado do alugueiro, sobre o que se falará a continuación.

No cadro 14 e o gráfico 11 preséntanse dúas estimacións do custo do alugueiro en Galicia e os seus sete principais municipios, obtidas de fontes distintas. O gráfico 11 ofrece datos do Observatorio



da Vivenda de Galicia, baseados nas fianzas depositadas no Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS)⁶. Pola súa banda, o cadro 14 mostra as estimacións do prezo por metro cadrado en alugueiro publicadas polo portal inmobiliario Idealista.com⁷. As estimacións de Idealista recollen de maneira máis inmediata as tendencias do mercado do alugueiro en cada momento, xa que se basean nos prezos ofertados nos contratos futuros. En contraste, os datos do IGVS susténtanse en contratos xa formalizados, o que achega unha perspectiva máis retrospectiva.

En 2024 depositáronse 34.183 fianzas de alugueiro en Galicia, o que supón unha caída do 6,4 % respecto ao ano anterior. A Coruña (con preto de 5.500 fianzas) e Vigo (cunhas 5.000) lideran o número de vivendas arrendadas. Ségueas, a distancia, Santiago cunhas 2.800, mentres que Lugo e Ourense rexistran ao redor de 1.900 cada unha. En Pontevedra a cifra descende ata as 1.300 e en Ferrol apenas se superan as 1.000. Salvo en Pontevedra e Ferrol, o número de vivendas alugadas diminuíu, con taxas que oscilan entre o -11,8 % de Santiago e o -4,8 % de Lugo.

O importe medio mensual do alugueiro en Galicia en 2024 sitúase en 553 euros. A Coruña presenta o alugueiro máis elevado, cunha fianza media de 680 euros, seguida de Vigo (650 euros). Pontevedra e Santiago están ao redor dos 620 euros mensuais. En Ourense e Lugo, a fianza media é uns 100 euros inferior á das dúas cidades anteriores. Por último, Ferrol, cunha media próxima aos 500 euros, ten o alugueiro máis moderado entre as sete cidades (véxase gráfico 11).

Cun incremento medio do 7,9 % en 2024, o IGVS sinala que o prezo do alugueiro medrou máis que o de compra de vivenda en Galicia e nos seus principais municipios. Ferrol encabeza a alza cun 12,3 %, seguida de Santiago (10,5 %), mentres que Vigo mostra a subida máis moderada (5,9 %). Así, estes datos constatan un aumento real significativo no custo do alugueiro, agravado polo feito de que os inquilinos non se beneficiaron, a diferenza dos compradores de vivenda, dunha redución dos custos

financeiros derivados dos menores tipos hipotecarios.

Cadro núm. 14
Importe do aluguer en Galicia e as sete cidades

	Euros/m ²			TVI (%)		
	2022	2023	2024	2022	2023	2024
A Coruña	8,4	9,0	10,0	4,4	7,6	10,8
Ferrol	5,2	5,7	6,5	3,0	10,1	13,7
Santiago	7,8	8,4	9,1	7,3	8,6	7,9
Lugo	6,2	6,4	7,1	4,8	3,9	11,3
Ourense	6,0	6,6	7,1	1,6	9,2	8,8
Pontevedra	7,2	7,5	8,3	5,2	4,1	9,4
Vigo	8,9	9,4	10,0	-0,7	5,1	6,9
Galicia	7,4	7,9	8,7	3,9	7,1	10,2
España	10,7	11,7	13,0	2,7	9,0	11,6

Fonte: Idealista.com.

Pola súa banda, o portal Idealista.com ofrece un panorama aínda máis inflacionista que o observado a través das fianzas depositadas (ver cadro 14). Segundo esta fonte, o prezo medio do alugueiro en Galicia alcanza os 8,7 euros/m², fronte aos 13 euros/m² no conxunto de España. As cidades galegas cos prezos máis elevados son A Coruña e Vigo, ambas con 10 euros/m²,

⁶ A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, obriga ao depósito de fianzas nos contratos de arrendamento de inmobles urbanos que se destinen a vivenda ou a uso distinto do de vivenda. As cifras do gráfico 11 corresponden aos datos do rexistro destes depósitos de alugueiro de vivenda do IGVS.

⁷ Idealista.com calcula as súas estatísticas sobre o prezo do alugueiro a partir dos anuncios publicados na súa plataforma, utilizando ferramentas de análise inmobiliaria como Idealista/data. Estas estatísticas preséntanse en informes periódicos que detallan a evolución dos prezos en distintas zonas xeográficas. É importante ter en conta que estes datos reflicten os prezos ofertados nos anuncios e non necesariamente os prezos finais acordados nos contratos de alugueiro. Por tanto, as estatísticas poden non representar con exactitude os prezos reais de peche, aínda que, dada a escaseza de vivenda en alugueiro, os demandantes teñen pouca marxe para reducir o prezo de oferta.

seguidas de Santiago (9,1 euros/m²) e Pontevedra (8,3 euros/m²). Lugo e Ourense presentan un prezo medio de 7,1 euros/m², mentres que Ferrol se mantén como a cidade co alugueiro máis accesible, con 6,5 euros/m².

Idealista apunta a un forte incremento do custo do alugueiro tanto en Galicia como no conxunto do país. En 2024, o prezo medio do arrendamento en Galicia aumentou un 10,2 %, unha cifra próxima ao 11,6 % rexistrado en España. Ferrol lidera o crecemento en Galicia, cunha suba do 13,7 %, seguida por Lugo (11,3 %) e A Coruña (10,8 %). Do mesmo xeito que ocorre cos datos do IGVS, Vigo é a cidade que rexistra o menor encarecemento, cun incremento do 6,9 %. Con todo, incluso este aumento supera tanto a variación do prezo de compra de vivenda como a evolución do IPC.

Neste contexto, resulta especialmente relevante analizar o índice PER (*price earnings ratio*) aplicado ao mercado do alugueiro en Galicia e nas súas principais cidades. Este indicador mide a relación entre o prezo de compra dunha vivenda e o custo anual do arrendamento, e a súa inversa permite calcular a rendibilidade bruta anual do alugueiro (RBA)⁸. En termos simples, o PER indica cantos anos de alugueiro serían necesarios para igualar o prezo de compra dunha vivenda: un PER alto suxire que alugar é máis rendible, mentres que un valor baixo indica que a compra resulta máis conveniente.

En 2024 o PER situouse en Galicia en 21⁹; é dicir, bastarían pouco máis de 21 anos de alugueiro para cubrir o prezo de compra, o que supón unha RBA do 4,8 %, superior ao 3,3 % de España. Estes datos indican que, en termos xerais, en Galicia resulta claramente máis vantaxoso comprar que alugar.

Con todo, existen notables diferenzas entre cidades. A Coruña e Santiago rexistran os PER máis altos (22,9 e 22,5, respectivamente), o que se traduce en rendibilidades moderadas do 4,3 % e 4,5 %. No extremo oposto, Ferrol presenta o PER máis baixo (13), o que implica unha rendibilidade bruta anual do 7,7 %, converténdoa na cidade galega onde a compra de vivenda resulta máis rendible. Mais mesmo nas cidades cun PER relativamente alto, a compra continúa sendo a opción máis atractiva. Ao comparar as cotas mensuais dunha hipoteca (asumindo financiamento do 80 % do prezo de compra) co custo mensual do alugueiro dunha vivenda equivalente, obsérvase que en tres cidades —Ferrol, Lugo e Ourense— a cota hipotecaria é inferior ao alugueiro. No resto, a cota hipotecaria é maior que a correspondente ao pago do arrendamento, pero a diferenza é mínima: só por un pouco máis do custo do alugueiro pódese obter a mesma vivenda en propiedade. Esta situación revela un mercado do arrendamento desequilibrado, xa que, desde unha perspectiva económica racional, o alugueiro

nunca debería superar, nin acercarse tanto, ao custo dunha hipoteca a igualdade de condicións.

O cadro 15 e o gráfico 12 presentan distintos indicadores de accesibilidade á vivenda —tanto en propiedade como en alugueiro— para España, Galicia e as sete principais áreas urbanas galegas. No relativo á compra, o cadro recolle dúas medidas: a relación entre ingresos e prezo da vivenda, e a accesibilidade financeira, entendida


Cadro núm. 15
Accesibilidade á vivenda (compra e aluger)

Ano	Anos de salario necesarios para a compra dunha vivenda de 100 m ²		Proporción da renda familiar que representa o pago da cota mensual			
			Compra vivenda de 100 m ²		Aluguer vivenda de 80 m ²	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
2020	5,7	7,1	22,8	28,2	31,8	49,2
2021	5,6	6,8	21,4	26,4	31,2	45,2
2022	5,5	6,9	22,9	28,3	31,3	46,6
2023	5,5	6,8	28,4	34,8	32,8	43,7
2024	5,5	6,9	27,2	33,9	34,6	46,9

Fonte: Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana, Índice de Custos Laborais (INE), Idealista.com e elaboración propia.

⁸ O PER calcúlase dividindo o prezo da vivenda entre o custo anual do alugueiro. Por exemplo, se unha residencia custa 200.000 euros e a renda do alugueiro é de 10.000 euros/ano, o PER é igual a 20 anos. Se o custo fose de 290.000 euros, o PER sería de 29 anos. Canto maior é o PER, máis beneficioso é alugar; e máis interesante é a compra canto menor é este cociente. A inversa do PER indica a rendibilidade bruta anual do alugueiro (RBA). Segundo datos do Banco de España, en 2024 o PER medio en España foi de 30, o que implica que o custo de adquirir unha vivenda equivale ao de 30 anos de alugueiro. Isto tradúcese nunha rendibilidade bruta do 3,3 %.

⁹ O PER en Galicia calculouse segundo as estimacións do custo do metro cadrado do IGVS para o alugueiro dunha vivenda de 100 m².

Gráfico 12**Accesibilidade ao aluguer nas áreas****urbanas galegas por tramos de idade. Ano 2024**Porcentaxe da renda media necesaria para alugar unha vivenda de 80 m²

como a proporción entre a cota hipotecaria e os ingresos familiares. A primeira medición estima o tempo necesario de traballo —medido en anos de salario— para adquirir unha vivenda de 100 m², utilizando os prezos e rendas medias de cada territorio. A segunda avalía a carga financeira da compra, comparando a cota mensual dunha hipoteca tipo coa renda familiar. Adicionalmente, o cadro inclúe un indicador de esforzo para o alugueiro, que relaciona o custo mensual do arrendamento coa renda dispoñible do fogar. Os datos son homoxéneos para España e Galicia, o que permite realizar comparacións en igualdade de condicións.¹⁰

En termos reais, o custo de acceso á propiedade apenas variou nos últimos anos. En 2024, o prezo medio dunha vivenda de 100 m² en España equivale a 6,9 anos de salario familiar, o que supón un lixeiro aumento respecto ao ano anterior, equivalente a pouco máis dun mes de traballo adicional. En Galicia, o esforzo necesario para adquirir unha vivenda das mesmas características mantense estable en 5,5 anos de salario, por terceiro ano consecutivo. Esta estabilidade indica que os salarios creceron ao mesmo ritmo que os prezos da vivenda, manténdose así o seu custo real constante. Este mantemento do esforzo en termos reais, unido á caída dos tipos de xuro, debe significar unha mellora na accesibilidade financeira que veremos a continuación.

O cadro 15 confirma que en 2024 se produciu unha mellora na accesibilidade á vivenda en Galicia, impulsada por unhas condicións financeiras máis favorables. Unha familia galega media debe destinar o 27,2 % da súa renda para afrontar as cotas dun préstamo hipotecario a 25 anos, calculado sobre o

¹⁰ No cadro 14 calcúlase a proporción de renda que unha familia debe dedicar á compra dunha vivenda de 100 m² construídos. Valórase a contía das cotas dun crédito de 25 anos financiando o 80 % do importe ao prezo medio de cada ano. O custo da vivenda estimouse a partir das series de prezos do Ministerio de Transportes; os ingresos familiares obtivéronse da Enquisa Trimestral de Custo Laboral elaborada polo INE e o tipo de xuro do préstamo é o tipo hipotecario medio publicado pola AHE. Para calcular a accesibilidade ao alugueiro utilízase a mesma fonte para os ingresos que se comparan cos pagos derivados de alugar unha vivenda de 80 m² segundo os prezos estimados por Idealista.com.

80 % do valor da vivenda e ao tipo de xuro vixente. Esta proporción representa unha redución de 1,2 puntos porcentuais respecto ao ano anterior.

No conxunto de España tamén se observa unha mellora na accesibilidade, aínda que máis limitada: o esforzo financeiro necesario queda no 33,9 % da renda familiar, xusto no limiar de risco que as entidades financeiras e organismos reguladores aconsellan non superar.

Así, a pesar do incremento dos prezos da vivenda, a combinación dun moderado crecemento dos salarios e a baixada dos tipos de xuro contribuíu a unha lixeira mellora no acceso á vivenda. Con todo, dado que os tipos hipotecarios están xa preto do seu chan, as melloras adicionais na accesibilidade deberán basearse máis no axuste da relación entre ingresos familiares e prezos, é dicir, no abaratamento real da vivenda.

O gráfico 12 mostra os resultados dun exercicio de estimación sobre a accesibilidade ao alugueiro en 2024 nas sete principais cidades galegas e no conxunto da comunidade, diferenciada por tramos de idade. Dado que o alugueiro constitúe unha opción clave para a mocidade na súa procura dunha primeira vivenda, tratouse de avaliar as dificultades que enfronta este grupo para independizarse.

Para iso, calculouse a proporción da renda familiar que se destina ao pago dunha vivenda en alugueiro de 80 m², tanto para o conxunto da poboación como especificamente para o grupo de idade comprendido entre os 18 e os 35 anos¹¹. É importante sinalar que a estimación de ingresos neste colectivo baséase nunha media, o que oculta importantes diferenzas dentro do rango, xa que os salarios varían considerablemente entre os máis novos e os que se achegan ao límite superior de idade. As dificultades de acceso á vivenda son moito maiores entre os máis novos e tenden a diminuír coa idade, conforme aumentan os ingresos.

As nosas estimacións indican que o alugueiro dunha vivenda representa entre o 28 % da renda familiar nas cidades máis caras (A Coruña e Vigo) e o 21 % nas máis accesibles (Lugo e Ferrol). Con todo, para os mozos, o esforzo económico é notablemente maior: o gráfico 12 revela que o custo do alugueiro pode chegar a ser prohibitivo, especialmente na Coruña e Vigo, onde o pago mensual equivale, de media, ao 42 % da súa renda. En cidades como Santiago, Ourense e Pontevedra, o alugueiro representa máis dun terzo do salario dunha persoa ao comezo da súa carreira profesional e en Lugo e Ferrol, a pesar de ser as «menos caras», o alugueiro novo segue sendo demasiado oneroso.

Esta situación pon de manifesto as serias dificultades que enfrontan os mozos para acceder a unha vivenda, en particular nas áreas urbanas máis dinámicas de Galicia. Como consecuencia, moitos vense obrigados a recorrer ao alugueiro de infravivendas, a compartir piso ou, simplemente, a pospoñer a súa emancipación.

Demanda pública de obras

En 2024, a demanda pública de obras por parte das Administracións en España experimentou un crecemento importante. Con todo, Galicia apartouse desta tendencia xeral, rexistrando unha redución significativa no investimento público.

¹¹ No gráfico 12 calculouse a relación entre o custo do alugueiro dunha vivenda e a renda familiar para unha vivenda de 80 m² en cada área, baseado nos prezos ofrecidos por Idealista.com. O ingreso medio mensual por fogar en 2024 estimouse a partir da serie 2020-2023 da Enquisa Estrutural a Fogares realizada polo Instituto Galego de Estatística, que recolle a renda familiar en cada unha das comarcas na que se integran as sete áreas urbanas. Utilizouse un método regresivo para proxectar a renda de 2024 en cada unha das áreas e Galicia. Dado que non se dispón de datos específicos sobre os ingresos dos mozos en cada cidade, estimáronse a partir dos salarios brutos por tramos de idade proporcionados polo INE e das estatísticas da Axencia Tributaria sobre perceptores salariais. Calcúlase que os ingresos dos mozos entre 18 e 35 anos representan entre o 55 % e o 65 % da renda media en cada cidade. É de sinalar a diferenza entre a medida dos ingresos familiares usada aquí e a utilizada no cadro 15. A renda familiar estimada pola Enquisa Estrutural inclúe, de media, máis dunha fonte de ingresos para cada familia, mentres que no cadro 14 só se ten en conta o salario dunha única persoa en cada familia.


Segundo os datos de SEOPAN¹², as Administracións Públicas españolas licitaron obras por un importe total de 29.532,7 millóns de euros en 2024. Esta cifra representa un incremento do 4,9 % en termos nominais e do 4,2 % en termos reais respecto ao ano anterior. A edificación, que concentrou o 42 % do total licitado, experimentou un crecemento real do 14 %; fronte á obra civil, o 58 % restante, que sufriu unha caída do 2,1 %.

En canto á repartición institucional, a Administración central reduciu o seu investimento nun 19,7 %, mentres que as comunidades autónomas incrementaron o seu gasto nun 8,1 %. Pola súa banda, as Administracións locais —que concentraron o 42 % do total— elevaron o seu investimento un 27 % en comparación co ano anterior.

Cabe destacar o retroceso no investimento destinado a infraestruturas de transporte dentro do ámbito da obra civil. Este descenso reflectiuse nos recortes orzamentarios de organismos clave como ADIF (-17,9 %), a Dirección Xeral de Estradas (-33,3 %), Portos do Estado (-52,3 %) e AENA (-20,1 %). En contraste, o aumento significativo do investimento en edificación podería vincularse con programas de vivenda social e coa construción ou mellora de equipamentos públicos.

En 2024, a licitación de obra pública por parte das distintas Administracións en Galicia alcanzou un total de 1.422 millóns de euros, o que representa unha forte caída do 30,7 % en termos reais respecto aos máis de 2.000 millóns rexistrados o ano anterior. Este investimento desagregase en 806,9 millóns destinados a obra civil —cun descenso do 32 %— e 615,1 millóns en edificación, que supón unha redución do 29 % respecto a 2023.

Por tipo de administración, destaca especialmente a drástica caída da licitación por parte do Estado, que, con 469,7 millóns de euros, se reduce á metade en comparación co exercicio anterior. O



¹² Os datos de licitación referenciados neste apartado foron publicados por SEOPAN (Asociación de Empresas Constructoras e Concesionarias de Infraestruturas). Para obter as taxas reais de variación, estes datos foron deflactados polos índices de custos da construción publicados polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. Salvo mención contraria, as taxas de variación mencionadas no texto exprésanse en termos reais.

Cadro núm. 16
Licitación oficial en Galicia


	Miles de euros correntes			TVI (%) Galicia*		TVI (%) España*	
	2022	2023	2024	2023	2024	2023	2024
Edificación	729.516	858.281	615.120	14,00	-28,84	-7,87	13,98
Obra civil	998.274	1.179.506	806.908	15,53	-32,09	-9,31	-2,13
Adm. central	547.917	954.388	469.706	69,70	-51,12	23,06	-19,72
Adm. autonómica	669.774	635.430	481.579	-7,57	-24,73	-23,75	8,14
Adm. local	510.100	447.969	470.743	-14,44	4,36	-18,70	27,08
Total	1.727.790	2.037.787	1.422.028	14,90	-30,69	-8,78	4,15
Galicia/España (%)	5,75	7,00	5,00				

* Calculada en euros constantes (deflactor: índice de custos da construción).
Fonte: SEOPAN.

Cadro núm. 17
Licitación (en miles de euros). Ano 2024

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Edificación	264.129	33.614	63.698	244.136
Obra civil	286.051	143.099	73.372	290.745
Adm. central	178.373	75.275	45.753	164.280
Adm. autonómica	183.825	45.532	37.309	197.752
Adm. local	187.982	55.906	54.006	172.849
Total	550.180	176.713	137.068	534.881
% sobre o total galego	38,7	12,4	9,6	37,6
TVI (%) (euros constantes)	-42,8	-22,0	-66,4	30,0

Fonte: SEOPAN.



Cadro núm. 18
Licitación por habitante e km². Ano 2024

	Euros/habitante	Euros/km ²
Andalucía	457,1	44.377,9
Aragón	973,7	27.090,2
Asturias	644,7	61.739,2
Baleares	605,2	141.594,7
Canarias	534,0	159.543,2
Cantabria	612,8	67.724,3
Castela e León	750,5	18.997,8
Castela-A Mancha	313,5	8.109,9
Cataluña	574,9	139.784,8
C. Valenciana	532,7	115.620,8
Extremadura	498,6	12.696,8
Galicia	527,5	48.312,4
Madrid	716,2	604.771,5
Murcia	466,7	62.626,6
Navarra	673,8	42.776,1
País Vasco	1.096,5	334.350,0
A Rioxa	929,4	59.041,3
Ceuta e Melilla	871,9	4.625.988,2
España	623,3	58.505,9


Fonte: SEOPAN. INE.

investimento da Administración autonómica tamén diminúe, situándose en 481,6 millóns, o que equivale a un descenso do 24,7 %. En contraste, as Administracións locais presentan a única evolución positiva, cun incremento do 4,4 %, alcanzando os 470,7 millóns de euros (cadro 16 e gráfico 13.)

O cadro 17 e o gráfico 13 reflicten a distribución territorial da licitación nas catro provincias galegas. A Coruña e Pontevedra concentran proporcións similares do gasto total, absorbendo cada unha ao redor do 38 % do total licitado en 2024. Lugo representa o 12,4 % e Ourense o 9,6 %.

As comunidades de Madrid, Cataluña, Andalucía, Valencia e o País Vasco concentraron conxuntamente o 62 % dos 29.500 millóns de euros licitados en todo o país durante 2024. O cadro 18 presenta a distribución autonómica deste volume de investimento, ponderada segundo a poboación e o tamaño de cada comunidade. A licitación media por habitante en España foi de 623 euros, 30 euros máis que en 2023. Galicia situouse por baixo da media española, con 527 euros por habitante, ocupando o posto 14 na clasificación autonómica. Esta clasificación está liderada polo País Vasco (1.096 euros/hab.), Aragón (974 euros/hab.) e A Rioxa (929 euros/hab.), mentres que Castela-A Mancha (313 euros/hab.) e Andalucía (457 euros/hab.) pechan a lista (gráfico 14).

O gráfico 15 mostra a evolución do investimento en obra pública por habitante en España e Galicia durante os últimos 24



anos. Obsérvase un marcado ciclo expansivo a comezos de século, cun máximo en 2008, cando se superaron os 1.000 euros por habitante. Posteriormente, o investimento sufriu unha forte contracción, chegando ao seu mínimo en 2016, con menos de 200 euros por habitante.

Desde 2017, tanto en Galicia como no conxunto de España, rexístrase unha tendencia crecente na licitación por habitante. Con todo, en 2024 Galicia rompe a traxectoria ao experimentar unha caída significativa neste indicador. Aínda que se prevé que nos próximos exercicios se recupere a liña ascendente, non parece viable alcanzar novamente os niveis de investimento observados na primeira década do século, nin sequera en termos nominais, e moito menos en valores axustados pola inflación.

Do mesmo xeito que no ano anterior, as perspectivas para a obra pública en 2025 vense condicionadas, no que respecta ao gasto do Estado, pola continuación da prórroga dos orzamentos xerais do Estado de 2023. Esta prórroga implica a conxelación do gasto central, limita a capacidade de investimento e reduce a flexibilidade para axustar os recursos ás necesidades que poidan xurdir ao longo do ano.

Entre os investimentos previstos pola Administración central en Galicia para 2025, destaca a actuación do Ministerio de Transportes, que contempla un investimento total de 757 millóns de euros en tramos de estrada e labores de conservación. Prevese, ademais, a finalización durante este exercicio da moi prolongada construción da autovía A-54 (Lugo-Santiago).

Entre os investimentos previstos pola Administración central en Galicia para 2025, destaca a actuación do Ministerio de Transportes, que contempla un investimento total de 757 millóns de euros en tramos de estrada e labores de conservación. Prevese, ademais, a finalización durante este exercicio da moi prolongada construción da autovía A-54 (Lugo-Santiago).

No ámbito autonómico, o orzamento total da Xunta de Galicia para 2025 ascende a 13.954 millóns de euros, o que supón un incremento do 5 % respecto ao exercicio anterior. A consellería de Infraestruturas e Mobilidade dispoñerá dun orzamento de 513,1 millóns de euros, un 8 % máis que en 2024. Entre os investimentos máis relevantes en infraestruturas destacan os 23,3 millóns de euros destinados á continuación da autovía AG-59 (A Ramallosa-A Estrada) e os 16,5 millóns para a vía de alta capacidade Tui-A Guarda. Así mesmo, a Xunta prevé investir 68 millóns de euros na conservación da rede autonómica de estradas.

O orzamento autonómico inclúe tamén unha partida de 221 millóns de euros para actuacións en materia de vivenda, centradas na adquisición de chan e a construción de vivendas destinadas a ampliar o parque público residencial.

É de esperar que estes investimentos contribúan a reactivar nos vindeiros anos a debilitada demanda de obra pública observada en Galicia durante 2024.

VII. Servizos

- Servizos, tras a construción, foi a actividade que mostrou un maior dinamismo en 2024. O seu VEB subiu un 3,3 % (dato provisional), 6 décimas con respecto ao ano anterior. Esta porcentaxe é 5 décimas máis elevada que a variación do PIB total.
- A evolución trimestral dos servizos en 2024 foi moi estable durante todo o ano. O crecemento nos tres primeiros trimestres foi sempre o mesmo, un 3,2 %, mentres que nos últimos tres meses houbo unha pequena aceleración alcanzando o VEB un 3,7 %.
- En 2024, todos os subsectores do terciario aumentaron a súa cifra de negocios. Destaca o crecemento de información e comunicacións e de actividades administrativas e servizos auxiliares, ambos cun 10,8 %.
- A noticia negativa nos servizos foi a caída na ocupación. Produciuse unha perda de 3.300 ocupados, o que supuxo un descenso do 0,4 %.
- A pesar da caída do emprego, o número de contratos rexistrados (568.354) mellorou nun 1,1 %. A distribución por sectores apenas cambiou: un de cada catro contratos corresponden a hostalería.
- En 2024 non se reduciu a tensión inflacionista nos servizos que se comezou a xerar no segundo trimestre de 2022.
- A reconfiguración que está a experimentar o comercio polo miúdo supuxo que ao inicio de 2024 houbera 1.904 locais menos que en 2023. Esa perda concentrábase nos locais que contaban con menos de 10 asalariados.
- Marineda City, localizado no polígono da Grela na Coruña, con 17 millóns, é o líder dos centros comerciais galegos en número de visitantes.
- Na distribución retalista de base alimentaria das grandes superficies comerciais destacou en 2024 o incremento na dimensión en Galicia de Mercadona e Lidl.
- O movemento de pasaxeiros nos aeroportos galegos foi dispar, xa que mentres no de Rosalía de Castro creceu un 2,9 %, as cifras de Alvedro e Peinador foron negativas.
- O tráfico portuario de mercadorías nos portos de interese foi similar ao de 2023, posto que a taxa de variación do seu volume quedou no 0,5 %. A dinámica dos diferentes portos foi moi distinta. Nos extremos, Ferrol-San Cibrao sufriu un descenso dun 21,1 %; e Marín-Pontevedra medrou un 23,9 % e Vigo un 17,7 %.

A actividade do sector servizos en 2024

Dos catro macrosectores que configuran a economía galega, a actividade terciaria foi a que, tras a construción, mostrou un maior dinamismo en 2024. O seu VEB, en termos reais, medrou, con cifras do IGE provisionais, un 3,3 %; o que supón unha aceleración de 6 décimas con respecto ao ano anterior. Esta traxectoria positiva, 5 décimas máis elevada que a variación do PIB total, conseguiuase grazas a un incremento na actividade en todos os subsectores nos que se desagregan os servizos. No cadro 1 sobresaie o crecemento dun 8,4 % en información e comunicacións, subida que se logra tras a variación negativa de 2023. Por riba do aumento do conxunto do sector, un 3,3 %, sitúanse actividades tan relevantes na economía de Galicia como comercio, transporte e hostalería (3,6 %), ou Administración pública, sanidade e educación (3,6 %); sendo nestas ramas onde se concentra o emprego. En canto a esta última actividade, cómpre apuntar a evolución dos servizos que proporcionan as diversas

Cadro núm. 1
Evolución do VEB nas ramas do sector servizos
Taxas de variación interanuais (en %)

Ramas dos servizos	2022	2023	2024
Comercio, transporte e hostalería	12,4	5,2	3,6
Información e comunicacións	9,4	-0,9	8,4
Actividades financeiras e de seguros	0,9	-0,7	1,2
Actividades inmobiliarias	3,0	1,7	3,4
Actividades profesionais	7,0	3,1	2,8
Administración pública, sanidade e educación	-0,2	1,1	3,6
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	9,8	4,1	0,3
Servizos non de mercado	-1,1	0,7	3,5
Total servizos	5,9	2,7	3,3
PIBpm	4,5	2,2	2,8

Datos de 2022 provisionais e de 2023 e 2024 avance.
A data de publicación foi o 28 de febreiro de 2025.
Fonte: IGE.

Administracións públicas en Galicia e que non son de mercado. O incremento do 3,5 % no seu VEB reflicte o impulso positivo que se proporcionou desde as diversas Administracións públicas ao terciario galego, o que contrasta coa atonía que se viña observando desde a pandemia. Respecto á evolución das diferentes ramas dos servizos, a cifra máis negativa foi a estabilización en 2024 das actividades artísticas, recreativas e outros servizos. A súa subida de tan só un 0,3 % suxire que se consolidaron os elevados crecementos observados nos dous anos anteriores.

Dos resultados sectoriais do PIB galego en 2024 cómpre sinalar que, conforme transcorre esta década, se foi intensificando a terciarización da economía de Galicia. Así, á conta do sector primario e da construción, non da industria, o VEB terciario pasou de representar o 63,1 % do PIB galego en 2019 ao 65,5 % en 2024. Esta mellora de 2,4 puntos en cinco anos debeuse á perda dun punto tanto no peso relativo do sector primario como da construción e, ademais, reduciuse o peso dos impostos netos sobre produtos. Se en lugar do PIB a comparación se fai co VEB, apréciase que, mentres en 2019, de cada 100 euros do VEB total xerado en Galicia, 69,6 euros se obtiñan na actividade terciaria; en 2024 xa son 2 euros máis, 71,6 euros, o que supón un incremento dun 2,9 %. Estes datos evidencian a grande importancia en Galicia da actividade que se analiza neste capítulo; importancia cuantitativa semellante ou mesmo menor que a das economías do noso contorno. De feito, segundo a *Contabilidade Regional de España*, elaborada polo INE, en 2023 o peso do VEB dos servizos sobre o PIB en España era do 68,7 %, estimándose para Galicia o 62,6 %. O peso relativo sobre o VEB total en España subiría ao 75,2 %, cando en Galicia quedaría no 68,6 %. Estas estimacións determinan unhas porcentaxes en Galicia uns puntos por baixo dos mesmos resultados que facilita o IGE.

A traxectoria de crecemento seguida polo VEB tras a pandemia nas diversas actividades dos servizos non afectou significativamente a composición do sector en Galicia. Dos sete grupos que figuran no cadro 1, nos que tanto o IGE como o INE adoitan desagregar a actividade terciaria na presentación desta información por sectores, obsérvase que comercio, transporte e hostalería absorbía e absorbe case un terzo do VEB total; e as ramas de Administración pública, sanidade e educación, unha cuarta parte. De feito, entre as dúas xeraban en 2019 o 58,5 % do VEB terciario total e en 2024 o 58,3%. A pesar de que esta porcentaxe apenas variou, o certo é que o peso relativo de comercio, transporte e hostalería subiu en 1,4 puntos debido, como se aprecia no cadro 1, a unha dinámica moi expansiva. De comercio e transporte realizarase unha análise máis pormenorizada nas páxinas seguintes deste mesmo capítulo.


En canto á hostalería, os seus resultados están moi vinculados á traxectoria do turismo, que se estuda en detalle noutro capítulo deste traballo. O *Anuario de la Hostelería de España, 2024* ofrécenos unha completa información sobre a traxectoria deste sector en 2023 e tamén presenta un avance dos datos de 2024. Neste anuario, ademais, recóllese información desagregada por comunidades autónomas. No referente a Galicia, a hostalería (na que o 87 % da actividade a realiza a restauración e o 13 % corresponde aos aloxamentos) en 2022 conseguiu os resultados que xa se alcanzaban en 2019. A produción en 2023, 6.703 millóns de euros, supón unha subida en termos monetarios dun 27,4 %, o que marca unha recuperación total tras a crise sanitaria. Con esta actividade, que tan só representaba o 4,3 % do total español, xerábanse en Galicia 3.869 millóns de euros de VEB, un crecemento dun 5,6 % con respecto a 2022. Unha cuestión de interese é a evolución do gasto medio anual por persoa en comidas e bebidas, que en Galicia tiña en 2023 o valor de 1.160 euros (1.165 euros en España) cun incremento dun 17,7 % en relación ao ano anterior, nun contexto dunha elevada alza nos prezos. En canto a 2024, durante os nove primeiros meses apreciouse un aumento na cifra de negocios da hostalería en Galicia dun 3,8 % (moi lonxe do 8,1 % de España), cunha subida dos prezos do 3,9 % en restauración e do 9,5 % nos aloxamentos. Desde o sector opínase que se está logrando un crecemento máis estable tras os vaivéns dos anos pasados. O forte incremento dos prezos restou rendibilidade a moitos negocios hostaleiros a causa dunha demanda nacional que parece tocar teito.

Pola súa banda, a rama que inclúe os servizos non de mercado, e na que se engloban a Administración pública, a sanidade e a educación, perdeu peso relativo debido, como se aprecia no cadro 1, a unha estabilización no seu VEB nos primeiros anos desta década e só repuntou en 2024.

O terceiro grupo cunha maior xeración de PIB nos servizos son as actividades inmobiliarias. Aínda que o seu peso relativo en 2024 (15,6 %) era inferior ao de 2019 (16,2 %), os datos dispoñibles confirman unha progresiva recuperación, acorde coa evolución que está a seguir a construción. Así, segundo a Federación Galega de Empresas Inmobiliarias (Fegein), 2024 finalizou con 23.295 transaccións, superando as 19.329 rexistradas en 2023 e as 21.527 de 2022. A facturación en Galicia foi a maior desde a burbulla inmobiliaria e as Contas económicas trimestrais do IGE estiman un VEB, a prezos correntes, de 8.356,6 millóns de euros.

As outras catro ramas xeran xuntas menos do 10 % do VEB terciario galego. En todas, o seu peso relativo en 2024 é inferior ao de 2019. Só se observa unha excepción: o grupo das actividades financeiras e de seguros parece recuperarse plenamente das crises bancarias deste século e tamén da caída na actividade que supuxo a reorganización da súa implantación no territorio galego. O seu peso relativo no VEB neste período medrou 2 puntos (pasou do 5,1 % ao 7,1 %). Con todo, as taxas de variación que figuran no cadro 1 non mostran un grande incremento do VEB nos últimos tres anos.

Fronte á traxectoria anual do sector de servizos en Galicia analizada ata o de agora, no gráfico 1 preséntase a súa evolución trimestral desde 2021 e compárase coa que seguiu o sector en España. Nese contexto apréciase que o gasto en Galicia en consumo dos fogares e as ISFLSF que fora moi



volátil en 2021 e 2022, case se estabilizou en 2024 con taxas de variación lixeiramente negativas desde o segundo trimestre. Este sensible freo na demanda dos fogares galegos incidiu de maneira negativa na actividade dos servizos.

En canto á evolución trimestral dos servizos en Galicia en 2024, no gráfico 1 percíbese unha dinámica positiva e moi estable durante todo o ano. O crecemento nos tres primeiros trimestres foi sempre o mesmo, un 3,2 %; mentres que nos últimos tres meses do ano se produciu unha

pequena aceleración ao subir o VEB un 3,7 %. Esta evolución é relativamente similar á seguida por este sector no conxunto de España, aínda que neste caso as taxas de crecemento en todos os trimestres foron algo máis elevadas.

Outro indicador que permite apreciar o comportamento dos subsectores dos servizos é o índice de cifras de negocios elaborado polo INE. Trátase dunha publicación de carácter mensual na que non se estudan nin as actividades financeiras e de seguros nin as operacións das Administracións públicas e, ademais, por problemas de fiabilidade da mostra, para Galicia tampouco se facilita a información das actividades inmobiliarias. Se se toma como variable de referencia no mes de decembro o valor medio no que vai de ano, os resultados presentan unha gran coincidencia coas estimacións de VEB. Posto que a cifra de negocios se estuda en termos monetarios, o seu comportamento está influído polas variacións dos prezos. Considerando este feito, no cadro 1 obsérvase que todos os sectores aumentaron a súa cifra de negocios. Destaca o incremento de información e comunicacións e de actividades administrativas e servizos auxiliares cun 10,8 %. A menor subida foi a do comercio, cun 2,2 %, seguida pola hostalería e as actividades profesionais científicas e técnicas, cun 3,5 %. É salientable, pola súa recuperación, a variación nos transportes dun 7,7 %; actividade que fora a única cuxa facturación caera en 2023. A tendencia que marcan estes resultados é relativamente similar á que nese mesmo ano se seguiu en España.

A pesar do crecemento estimado do VEB dun 3,3 % e do 3,4 % no índice da cifra de negocios, unha noticia negativa deste sector en 2024 foi a caída na ocupación. Tras unha subida do emprego dun 2,6 % en 2022, en 2023 superouse a cifra simbólica de 800.000 empregados malia a lixeira desaceleración na taxa de variación (2,2 %). Pois ben, os resultados de 2024 reflicten unha perda de 3.300 ocupados, o que supuxo un descenso do 0,4 %. Este dato evidencia unha estabilización dun emprego que non mellorou a pesar do sensible aumento do VEB.

O emprego nos servizos é o principal determinante da ocupación existente na economía galega. En 2024 representaba o 70,4 % do total (lembremos que o peso no VEB era o 65,5 %). Por tanto, estas cifras suxiren que a produtividade unitaria no terciario é máis baixa que noutros sectores. A práctica estabilidade na súa ocupación xustifica que esta variable tan só medrase un 1,4 % no conxunto da economía galega. Así, as caídas do 0,4 % dos servizos xunto co descenso dun 1,9 % no sector primario contrarrestaron os elevados incrementos na ocupación de industria (9 %) e construción (6,5 %). Esta evolución significa unha diminución de 1,3 puntos no peso relativo do sector de servizos con respecto á ocupación total.

No cadro 2 apréciase que a perda de ocupación débese a unha redución no emprego en cinco das oito ramas nas que se desagregan os servizos. Estes descensos non se produciron nos tres subsectores con maior ocupación, o que motivou que coa súa evolución contrarrestasen as sensibles caídas en transporte e almacenamento; na hostalería; e nun sector que baixo a epígrafe resto de servizos recolle, entre outras, as actividades artísticas, a reparación de computadores, efectos persoais e artigos de uso domésticos e as actividades dos fogares como empregadores de persoal. No resto

Cadro núm. 2
Ocupación no sector servizos. Galicia
Datos coa base poboacional de 2021

CNAE-2009	Sector	Ocupación (miles de persoas)			TVI (%)	
		2022	2023	2024	2023	2024
45-47	Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	174,4	171,2	171,5	-1,8	0,2
49-53	Transporte e almacenamento	54,6	58,3	56,3	6,8	-3,4
55-56	Hostalería	71,0	78,5	76,1	10,6	-3,1
58-82	Actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	165,3	164,5	168,5	-0,5	2,4
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	66,6	66,2	64,5	-0,6	-2,6
85	Educación	72,5	80,9	80,2	11,6	-0,9
86-88	Actividades sanitarias e de servizos sociais	108,5	105,5	111,1	-2,8	5,3
90-99	Resto de servizos	78,4	83,8	77,4	6,9	-7,6
Total		791,3	809,0	805,7	2,2	-0,4

Fonte: EPA, IGE-INE.


de servizos a taxa de variación foi do -7,6 %, explicable, sobre todo, pola caída na epígrafe das actividades dos fogares como empregadores; o que suxire que as novas normativas laborais que inciden neste segmento están, polo menos a curto prazo, afectando de maneira negativa a ocupación. En canto aos restantes descenso, tamén cómpre subliñar o menor peso do emprego no sector público debido a unha baixada do 2,6 %, que se debe agregar aos resultados tamén negativos de 2023. Curiosamente, a pesar do incremento en facturación que se mostraba con anterioridade no sector da hostalería, esta actividade contou con 2.400 traballadores menos, seguramente debido ás dificultades para contratar persoal na tempada de verán. Este problema suscitou intensos debates sobre a súa orixe e as estratexias máis razoables para solucionalo. Trátase dun sector que concentra unha boa parte do emprego xuvenil cunhas condicións laborais que son peores ás existentes noutras actividades. Sen dúbida, a evolución da demografía galega está a reducir a oferta de traballo potencial desta actividade. Unha posible solución a este problema estaría no mellor uso das tecnoloxías existentes e na optimización dos procesos de traballo para poder prestar o servizo con menos persoal. Agora ben, entendemos que é difícil que esta situación se corrixa no curto prazo.

Fronte ao grupo de subsectores nos que se recortou o emprego en 2024, dúas das ramas, en correlación cun maior crecemento na xeración de VEB, tamén mostraron un maior dinamismo na creación de emprego. Así, aínda que as actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais contaron en total cun 2,4 % máis de ocupados, destaca neste grupo o incremento dun 14,7 % de información e comunicacións; porcentaxe que corrobora que este subsector, cun peso relativo no emprego non moi elevado sobre o total (4,4 %), foi o que mostrou o maior dinamismo non só no terciario senón tamén no conxunto da economía de Galicia en 2024. O emprego medrou en 4.500 traballadores. Dentro deste mesmo grupo cómpre salientar, ademais, o sensible aumento, un 5,2 %, no sector inmobiliario e de servizos financeiros e de seguros, explicable pola traxectoria xa comentada dos servizos inmobiliarios. Finalmente, tamén medrou o emprego nas actividades sanitarias e na prestación de servizos sociais, un 5,3 %; circunstancia que transcende dunha mera cifra, xa que incide nunha melloría na saúde e na calidade de vida da cidadanía galega.

De modo simétrico ao gráfico 1 elaborado co VEB, no gráfico 2 preséntase a traxectoria trimestral da taxa da ocupación nos servizos en Galicia e en España e ambas as variables compáranse coa evolución da ocupación total en Galicia. A comparación dos gráficos suxire que a volatilidade do emprego é moito maior que a do VEB que, observando o gráfico 1, parece que mantén unha traxectoria máis estable. En realidade, as diferenzas non son tan altas como as que parecen suxerir os dous gráficos, xa que están deseñados a unha diferente escala debido á contía das variacións. En todo caso, do gráfico 2 pódense extraer tres conclusións. A primeira é que o decrecemento dun 0,8 % en 2024 respondeu ao sensible descenso do emprego nos dous trimestres centrais do ano; sobre todo, na hostalería nos meses de verán, na Administración pública e na epígrafe resto de servizos. A evolución da ocupación trimestral en Galicia foi moi irregular. A segunda é que nos últimos quince trimestres a ocupación en Galicia sempre tivo unha taxa de variación inferior á de España. E a terceira é que esta

taxa, desde o terceiro trimestre de 2023, foi menor á da ocupación total en Galicia. Cómpre sinalar, por tanto, que a dinámica do emprego nos servizos galegos nos últimos trimestres está a ser peor que a seguida por este sector en España e que a que mantivo a economía galega no seu conxunto.

A pesar da caída do emprego, o número de contratos rexistrados (suma dos contratos iniciais máis a reconversión de temporais a indefinidos) nos servizos en 2024 (568.354) foron un 1,1 % máis que os de



2023, aínda que a distribución por sectores apenas cambiou. O efecto da reforma laboral de 2022 vólvese, como en anos anteriores, a notar nos resultados de 2024. A hostalería segue acaparando dun modo abafador a firma de contratos e un de cada catro corresponde a esta actividade. A modalidade de contratación máis habitual é a de eventual por circunstancias da produción (54,2 %), malia que tivo un grande impulso a contratación indefinida (entendemos que na súa maior parte como fixo discontinuo); que, xunto coa conversión de contratos existentes a indefinidos, xa representaba o 41,8 % do total. Polas circunstancias sinaladas anteriormente, en 2024 descendeu o número de contratos asinados con respecto a 2023; situación que non pasou nos outros dous subsectores cos que adoita agruparse e nos que a contratación cada ano, froito da elevada rotación, acostuma ser elevada. Referímonos ao comercio, no que se rexistraron 90.132 (4.378 contratos máis que en 2023), o que reflicte un maior dinamismo nun sector que concentra a contratación en eventuais por circunstancias da produción (48.190) ante a súa alta estacionalidade. Nesta actividade asináronse dous contratos eventuais por cada novo contrato indefinido. Doutra banda, o peso da temporalidade foi moito maior na rama de transporte e almacenamento, sector nos que os contratos anotados foron a metade que os asinados en hostalería, pero representan o 12,7 %. Dun total de 71.905 contratos, a modalidade de eventual ascendeu a 51.007, a maior cifra sectorial de Galicia.



Aínda que os tres sectores anteriores acaparaban máis da metade da contratación, noutros tres a firma de contratos foi moi significativa. Referímonos ás actividades administrativas e servizos auxiliares, ás sanitarias e ás actividades artísticas, recreativas e de entretemento. En todas elas, a temporalidade nos contratos iniciais foi moi elevada, pero, en especial, nesta última que alcanzou o 86 % dos contratos asinados. Con todo, a maior diferenza porcentual entre a contratación indefinida e a temporal produciuse no sector das Administracións públicas, que dun total de 14.336 contratos iniciais (2.457 menos que en 2023), só 1.703 foron indefinidos; polo que a temporalidade, maioritariamente eventuais e interinos, chegou ao 88,1 %.

Os prezos no sector de servizos

En 2004 no sector terciario galego observouse, como xa se indicou, un aumento na produción, o que non impediu unha caída no emprego. Con esta traxectoria non se conseguiu reducir significativamente a tensión inflacionista que se comezou a xerar no segundo trimestre de 2022; nun contexto de forte alza dos prezos no sector industrial debido ao cúmulo de acontecementos producidos tras a pandemia, como a subida dos combustibles, a crise nos compoñentes e, máis tarde, o inicio da guerra de Ucraína. En abril e maio de 2022 a taxa de variación dos prezos acadou o 3,9 %, para xa repuntar en xuño ao 4,4 %, e desde entón ata agosto de 2024 as taxas mensuais de variación interanual oscilaron entre o 4,1 % e o 4,7 %. Así, mentres os prezos dos restantes sectores, no seu conxunto, foron baixando logo da forte repunta tras a pandemia (en oito meses de 2022 a taxa superou o 10 %); a inflación nos servizos permaneceu relativamente estable en niveis altos. Non é ata setembro de 2024 cando estes prezos soben por baixo do 4 %, pero en taxas moi próximas a esta porcentaxe (3,8 % en novembro e decembro). A información dos primeiros meses de 2025 parece confirmar a caída na taxa de crecemento dos prezos e, en marzo, o incremento descendeu ao 2,9 %; porcentaxe non vista desde marzo de 2022.

Desta maneira, os servizos en Galicia non só non lograron saír da tensión inflacionista en 2024, senón que en todos os meses mantiveron un diferencial nos prezos sempre favorable a España. A brecha foi de 7 décimas en catro meses e a menor diferenza de 3 décimas obtívose o pasado decembro. Con estas cifras, os datos medios do ano sitúan Galicia entre as comunidades autónomas españolas con maior tensión inflacionista nos servizos, sendo só superada polas Illas Baleares.

En canto á variación dos prezos por rúbricas, en todas as relativas ao sector de servizos produciuse unha subida nos prezos; en dúas delas por riba do 5 %. Trátase do transporte público interurbano cun 5,9 %, servizo subvencionado pola Xunta de Galicia para determinados colectivos de usuarios e cuxos




prezos caeran en 2023 un 3,2 %; e no turismo e hostalería, onde os prezos medraron un 5,1 %. Tamén nos servizos para o fogar o aumento superou o crecemento medio, un 4,6 %.

As tensións inflacionistas inciden negativamente no gasto do consumidor nos servizos proporcionados en Galicia. Neste sentido, o índice de confianza do consumidor (ICC), elaborado polo IGE e cuxos resultados trimestrais se presentan no gráfico 4, mantense, en todos os trimestres, en valores negativos. Aínda que, en liñas xerais, a confianza mellorou con respecto a 2022 e 2023, o maior optimismo nos trimestres centrais do ano trunouse no pasado outono coa crenza de que a situación económica nos seguintes meses sería menos favorable; do mesmo xeito que se pensaba que empeoraría a capacidade futura de endebedamento con relación ao que se estimaba en primavera e verán. Con todo, o pesimismo que o consumidor manifesta neste índice pódese considerar como un trazo estrutural, xa que desde a publicación deste índice en 2010 en ningún dos 64 trimestres o seu valor foi positivo.

A distribución e o comercio

No cadro 1 apréciase que as ramas de comercio, transporte e hostalería subiron en 2024 o seu VEB en termos reais un 3,6 %; porcentaxe 3 décimas superior ao aumento da actividade no conxunto do terciario e 8 décimas máis que a variación do PIB. En termos monetarios, ou sexa, contemplando tamén a variación dos prezos, o incremento ascendería ao 7,4 %. As estatísticas publicadas polo IGE sobre as Contas económicas de Galicia agrupan nunha única rama os tres sectores anteriores. Sobre eles cómpre engadir ao xa sinalado que a súa traxectoria positiva tras a pandemia foi a dunha constante desaceleración, malia que as taxas alcanzadas (12,2 % en 2022; 5,2 % en 2023, e 3,6 % en 2024) reflicten que se mantén un certo dinamismo dado o relativamente elevado crecemento anual. Lembremos que estas tres actividades xeraban case un terzo do VEB dos servizos e que desde 2019 a 2024 o peso relativo dese VEB medrara un 1,4 %. A distribución comercial, o transporte e a hostalería son tres piares da economía galega e ao longo deses últimos anos tiveron que afrontar diversos retos fronte a unha conxuntura internacional cada vez máis complexa que afectou os seus custos e o seu volume de facturación. Mentres o sector de transporte se analiza na próxima epígrafe, e anteriormente se indicaron o trazos básicos da evolución da hostalería, aquí centrarémonos na actividade comercial.

Aínda que non se dispón no momento de redactar este estudo do valor estimado do VEB do comercio en 2024, posto que, como xa vimos, o IGE o publica de maneira conxunta con outros dous sectores; si temos outros indicadores que permiten avaliar o seu comportamento nese ano. O índice da cifra de negocio a prezos correntes elaborao o INE, malia que o IGE publica os resultados mensuais diferenciando tres subsectores: venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas, comercio



por xunto e comercio polo miúdo. Tomando como referencia a taxa de variación media no que vai de ano do mes de decembro, obsérvase que o incremento dun 2,2 % no conxunto da actividade comercial se debe a unha facturación moi desigual nos tres subsectores. O maior dinamismo alcanzouse na venda e reparación de vehículos. A subida foi do 17,6 %. Así, en canto aos vehículos novos, segundo as asociacións de fabricantes, as vendas medraron un 11,9 % en Galicia con avances na compra sobre todo nos híbridos, pero tamén nos vehículos eléctricos. Igualmente, no mercado de vehículos de ocasión obtivéronse bos resultados, xa que, segundo a Asociación Nacional de Comerciantes de Vehículos (Ancove), en Galicia se venderon 141.650 vehículos, cun aumento interanual do 7,4 %. Conclúese que, a pesar das dificultades das familias e empresas para decidirse por un determinado tipo de vehículo nun sector en constante innovación tecnolóxica, o mercado mantivo durante todo o ano unha elevada actividade.

Doutra banda, peores foron os resultados no comercio por xunto. Tras a pandemia, esta rama experimentou unha desaceleración que se agudizou en 2024, ano no que o crecemento do índice da cifra de negocio tan só foi do 0,1 %; cifra que suxire que a evolución en termos reais foi negativa posto que o débil aumento na facturación se debeu ás alzas nos prezos. Nótese que ese subsector desempeña un papel moi relevante non só na estrutura do comercio, senón no conxunto do sector de servizos. Segundo a Estatística estrutural a empresas: sector comercio, en 2023 facturaba 38.074,4 millóns de euros, o que supón o 63,7 % do total do comercio, e empregaba 51.017 traballadores. A súa tradicional mediación entre os fabricantes e o sector retallista require cambios na súa estrutura para adaptarse ás novas formas de distribución, en especial, as vendas *online*. A adaptación ás novas tecnoloxías, a dixitalización ou o reto da formación son cuestións nas que cómpre avanzar para gañar en competitividade.

Pola súa vez, o comercio polo miúdo, segundo a estatística anterior, facturaba en 2023 o 29,3 % do total do sector do comercio, pero nel concentrábase a maior parte do emprego (99.210 traballadores, o 58,8 % de total). O índice da cifra de negocios, a prezos correntes, suxire un crecemento en 2024 do 3,4 %, polo que se confirma a traxectoria descendente seguida nos tres últimos anos (gráfico

5), malia que as taxas de variación logradas seguen sendo relativamente elevadas. Como no comercio por xunto, a distribución comercial retallista está a pasar por un período complexo de reestruturación ante as novas realidades e formatos que se abren nun comercio mundial concentrado e moi globalizado. Como xa se indicaba nos *Informes* precedentes, a dixitalización e o uso da intelixencia artificial para resolver unha multiplicidade de problemas son aspectos, entre outros, que se deben afrontar canto antes para salvar a crise que abura o pequeno comercio.

Cadro núm. 3
Ocupados nas actividades comerciais en Galicia (miles de persoas)
Datos coa base poboacional de 2021

	2021	2022	2023	2024	TVI (%) 2023/2022	TVI (%) 2024/2023
A Coruña	69,4	72,1	71,8	75,0	-0,4	4,5
Lugo	19,1	17,9	20,3	20,4	13,4	0,5
Ourense	16,8	19,8	17,6	14,4	-11,1	-18,2
Pontevedra	62,6	64,5	61,5	61,7	-4,7	0,3
Galicia	167,8	174,4	171,2	171,5	-1,8	0,2

Fonte: EPA-INE-IGE.

Unha variable que reflicte ese certo estancamento da actividade comercial en Galicia é a ocupación. No cadro 3 obsérvase que de 171.200 ocupados en 2023 se pasou a 171.500 en 2024, ou sexa, tan só se contabilizan 300 ocupados máis. Cómpre lembrar que este sector é dos que absorbe unha maior contía de emprego en Galicia.

Con respecto a 2023, debido ao estancamento no emprego, perdeu o liderado para ser superado pola actividade industrial; sector que tras incrementar o emprego en 15.100 persoas contaba con 11.800 traballadores máis que o comercio. O emprego nas restantes actividades non é tan elevado. Pola súa contía hai que sinalar as actividades sanitarias e de servizos sociais (111.100 ocupados) ou a construción (82.300 ocupados), pero, como se ve, as diferenzas son notables.

Os resultados do emprego por provincias indican unha evolución do sector de comercio distinta no territorio galego. Apréciase unha significativa repunta na ocupación na provincia da Coruña (un 4,5 %); unha estabilización desta variable en Lugo e Pontevedra, xa que as súas cifras non variaron con respecto a 2023; mentres que a situación de maior impacto é a de Ourense, provincia que, segundo a EPA, en tan só un ano, pasou de 17.600 empregados a 14.400 (un descenso do 18,2 %). Estes datos mostran unha situación moi alarmante. Ás dificultades estruturais do desenvolvemento da actividade comercial comúns a toda Galicia, aquí xúntanse os problemas demográficos ante o envellecemento ou o despoboamento nunha boa parte da provincia, que impiden o crecemento deste sector. Dos 300.000 habitantes de Ourense, un terzo viven na capital provincial. A ocupación en 2024 foi a máis baixa nos últimos quince anos. Pola súa banda, ao contrario de Ourense, a dinámica de Lugo foi moi diferente. Tras a caída do emprego ao comezo da pandemia, a traxectoria descendente de 2021 e 2022 facía presaxiar unha situación parecida á de Ourense. Con todo, a actividade repuntou en 2023 e mantívose en 2024, polo que as cifras de emprego se aproximan ás da década anterior. En canto á provincia de Pontevedra, tamén cunha situación estabilizada, esta mantén a mesma ocupación que en 2019. Panorama distinto é o que mostra A Coruña, onde a ocupación medrou en 3.200 persoas, o que sitúa o emprego nos niveis da metade da década pasada. Previsiblemente, unha evolución positiva da actividade económica na provincia permitiu impulsar o negocio das actividades comerciais. Doutra banda, mentres na Coruña esta actividade segue sendo netamente feminina; en Lugo e Pontevedra a estabilización no emprego produciuse cunha sensible perda do emprego feminino que contrasta co incremento do masculino. A notable desaceleración en Ourense afectou os dous sexos.

En paralelo aos resultados da EPA que figuran no cadro 3, as afiliacións á Seguridade Social (178.260 en 2024, das que 106.960 corresponden ao comercio polo miúdo) apuntan un crecemento do 0,5 %, sendo a venda e reparación de vehículos a actividade cunha maior subida (1,5 %). Nesta evolución apréciase unha traxectoria distinta entre os traballadores acollidos ao réxime xeral e os autónomos. Mentres que nos primeiros se observou un incremento dun 1,4 %; nos segundos a caída foi do 2,1 %, cun maior descenso no comercio polo miúdo (-2,6 %), que é no cal se concentran estes traballadores, 27.545, en 2024, sobre un total de 44.921. Iso suxire que prosegue dun modo incesante o peche do pequeno comercio retallista, xa que é aí onde predominan os autónomos. A existencia de 44.921 autónomos en 2024 supón unha perda de 7.789 con respecto a 2009, dos que 6.837

actuaban no comercio polo miúdo. Neste contexto é significativo que, con respecto a ese ano, en 2024 haxa 76 autónomos máis no segmento da venda e reparación de vehículos.

En canto ás afiliacións á Seguridade Social por provincias, os resultados presentan diferenzas con respecto á EPA. O crecemento antes indicado de só un 0,5 % pon de manifesto unha estabilización no número de traballadores en todas as provincias, salvo en Ourense. O aumento dun 4,5 % que se consegue na provincia da Coruña, segundo a EPA redúcese ao 0,8 % (os autónomos descenden un 1,8 %) se se observan as afiliacións. Mais coincidentes son as taxas de Lugo e Pontevedra. No caso de Ourense, cos datos da Seguridade Social, o descenso é dun 2,1 %, moi lonxe do -18,2 % da EPA, e cuns valores absolutos de 17.246 traballadores, cifra máis próxima á que a EPA facilitaba para 2023, a cal se aproximaba ao número de afiliados.

Indicábase nos *Informes* precedentes que o peso relativo da facturación, o VEB e o emprego era moi diferente nos tres sectores, polo que as súas produtividades non eran similares. Os últimos datos dispoñibles do VEB refírense a 2022 e obtéñense do sistema de Contas de Galicia elaborado polo IGE. Así, segundo esta fonte, mentres a venda e reparación de vehículos de motor xeraba en Galicia o 12,4 % do VEB e o 12,5 % das horas traballadas; o comercio por xunto producía o 48,2 % do VEB, con só o 29,8 % das horas totais traballadas; e o comercio polo miúdo, co 57,7 % das horas, xeraba o 39,4 % do VEB. Son evidentes as diferenzas nas produtividades, xa que mentres no primeiro sector o VEB correspondente a unha hora traballada era de 26,3 euros; no segundo subía a 42,9 euros, e no terceiro caía a 18,2 euros.

Finalmente, en canto á traxectoria seguida en 2024 polo índice do persoal ocupado, este indicador presenta taxas de variación non moi diferentes ás da EPA (un incremento dun 0,2 %) e ás afiliacións á Seguridade Social (0,5 %). Segundo este índice, cuxa información cómpre tomar con certa cautela debido a problemas de significación estatística da mostra, a ocupación presenta nos últimos anos unha taxa de crecemento descendente. O seu valor en 2024 foi do 0,6 %, fronte ao 1 % de 2023 e o 1,8 % de 2022. Suxire unha repunta no emprego en vendas e reparación de vehículos, mentres que apenas anota variacións nos dous sectores restantes, comercio polo xunto e polo miúdo.


Cadro núm. 4
Contratos de traballo rexistrados nas actividades comerciais en Galicia

	2022	2023	2024	TVI (%) 2023/2022	TVI (%) 2024/2023
Indefinido ordinario e fomento do emprego	23.654	24.140	23.555	2,1	-2,4
De obra ou servizo	2.517	0	0		
Eventual por circunstancias da produción	50.443	44.180	48.190	-12,4	9,1
Interinidade	12.973	11.836	12.322	-8,8	4,1
En prácticas	455	389	361	-14,5	-7,2
Para a formación	327	405	402	23,9	-0,7
Outros	777	684	733	-12,0	7,2
Total de contratos iniciais	91.146	81.634	85.563	-10,4	4,8
Conversións a indefinidos	12.291	4.120	4.569	-66,5	10,9
Total de contratos rexistrados	103.437	85.754	90.132	-17,1	5,1

Fonte: IGE.

A contía dos contratos rexistrados nas diferentes modalidades é un indicador adicional sobre a dinámica observada no comercio galego en 2024. A grandes liñas, as cifras sobre o número de contratos poden considerarse como positivas, xa que o aumento foi do 4,8 % con respecto a 2023. Agora ben, en canto a ese ano apréciase que se asinaron menos contratos indefinidos e máis temporais. Destes últimos a modalidade máis utilizada é a de eventual por circunstancias da produción, que duplica en número o de contratos indefinidos. En 2024 subiu nun 9,1 % e xustifícase por unha temporalidade consubstancial a este sector e pola dificultade de atopar traballadores cunha vocación de maior permanencia no posto de traballo. Tamén dentro dos contratos temporais medraron os de interinidade. Esta evolución do binomio indefinido-temporal é xustamente a contraria á observada en 2023. En todo caso, considerando a reforma laboral de 2022, as características da contratación iniciadas nese mesmo ano da súa aprobación distan moito das que se tiñan nos anos anteriores. Así,

se en 2021 a porcentaxe de indefinidos sobre temporais dos contratos iniciais era o 5,7 %, en 2024 foi do 38 %. O número de contratos indefinidos multiplicouse por catro, reducíndose os temporais. Dos 23.555 contratos indefinidos asinados en 2024, o IGE non publica cantos destes son fixos descontinuos. Si se dispón deste dato para o conxunto da economía galega; dos que do total de contratos asinados, o 48,3 % eran a tempo completo, o 28 % a tempo parcial e o 23,7 % restante fixos descontinuos. Dos contratos indefinidos asinados en Galicia, o 11,7 % corresponden ao comercio. Finalmente, hai que sinalar como un feito positivo que se incrementou en 2024 nun 10,9 % a conversión de contratos temporais a indefinidos.



Dentro das actividades comerciais, como xa se comprobou anteriormente, o comercio polo miúdo ten unha importancia especial. Por iso, o INE elabora con carácter mensual un índice sobre a cifra de negocios (a prezos constantes) e a ocupación para esta actividade, que o IGE o publica cun maior grao de desagregación. Os seus resultados figuran no gráfico 6, no que o índice da cifra de negocios se presenta dun modo xeral e excluindo as vendas das estacións de servizo. Con respecto a 2023, en 2024 apréciase unha maior volatilidade na traxectoria dos índices das cifras de negocios; non equiparable, con

todo, á observada en 2022, cando aínda se estaban a reflectir os efectos da crise sanitaria. Dos doce meses, en catro as taxas de variación foron negativas e, pola contra, tamén en catro as taxas de variación positivas superaron o 3 %. Os mellores resultados alcanzáronse no último trimestre. Pola súa banda, o índice de ocupación mostra unha estabilidade semellante á que ofrece a EPA ou á dos afiliados á Seguridade Social, de tal modo que as taxas de variación positivas ou negativas non superaron o 1 % ou o -1 %. En todo caso, no gráfico 6 apréciase, cunha simple ollada, unha paulatina desaceleración desde 2022 a 2024.

O resultado anual obtido como a media dos meses reflicte un crecemento, a prezos constantes, dun 1,8 %, que diminúe ao 1,5 % se se exclúen as estacións de servizo. Estes datos melloran os de 2023. Este índice desagregase en dous grandes grupos, alimentación e resto. As cifras de 2024 reflicten un maior incremento na facturación na alimentación, ao redor dun 2 %, que no resto das especialidades.

A reconfiguración que está a experimentar o comercio polo miúdo nos últimos anos maniféstase nas estatísticas sobre o número de locais que se manteñen abertos segundo o número de traballadores. Os resultados de 2023 que se presentaban no *Informe* anterior eran realmente moi preocupantes. Segundo o Directorio Central de Empresas (Dirce) e referidos ao 1 de xaneiro de 2023, con respecto a un ano antes, Galicia contaba con 1.904 locais menos e esa perda concentrábase nos locais con menos de 10 asalariados. Coa información actualizada a 1 de xaneiro de 2024 apréciase que a sangría continúa e, nese período, había 682 locais menos; de novo case todos eles de menos de 10 asalariados. Esta cifra caeu por primeira vez por baixo dos 30.000 locais activos. De feito, en Galicia o número de locais pasou de 40.681 en 2010 a 30.496 en 2024; por tanto, o descenso foi de 10.185, o que supón o peche de un de cada catro locais. A Federación Galega de Empresas Inmobiliarias (Fegein) estima que en Galicia en 2024 medraron nun 14 % os locais baleiros e distingue un comportamento diferente nos grandes municipios que no resto de Galicia. No seu informe sinala que esta actividade económica languidece nos municipios de menor tamaño e, en especial, nos de menos de 5.000 habitantes. Pola contra, nas grandes cidades, e en particular en determinadas zonas, xa se

Cadro núm. 5
Número de locais activos dedicados á actividade do comercio polo miúdo
(excepto vehículos de motor e motocicletas) localizados en Galicia

	2023				2024				TVI (%) 2023-2024
	Con menos de 10 asalariados	Entre 10 e 99 asalariados	Máis de 99 asalariados	Total	Con menos de 10 asalariados	Entre 10 e 99 asalariados	Máis de 99 asalariados	Total	
En establecementos non especializados	2.558	644	30	3.232	2.492	656	30	3.178	-1,7
De produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados	5.233	38	0	5.271	5.024	44	0	5.068	-3,9
Para a automoción en establecementos especializados	653	42	0	695	668	36	0	704	1,3
De equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións en establecementos especializados	545	12	2	559	532	6	1	539	-3,6
Doutros artigos de uso doméstico en establecementos especializados	5.608	59	5	5.672	5.484	57	4	5.545	-2,2
De artigos culturais e recreativos en establecementos especializados	1.898	9	0	1.907	1.902	12	0	1.914	0,4
Doutros artigos en establecementos especializados	10.570	160	41	10.771	10.351	163	45	10.559	-2,0
En postos de venda e en mercados	2.265	4	0	2.269	2.184	4	0	2.188	-3,6
Non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en mercados	785	15	2	802	782	17	2	801	-0,1
Total	30.115	983	80	31.178	29.419	995	82	30.496	-2,2

Fonte: Directorio Central de Empresas. INE.

están ofertando menos locais para a súa comercialización ante unha demanda que parece fortalecerse. Sen dúbida, os novos hábitos de compra, a falta de substitucións xeracionais, a perda de poboación ou as dificultades para atopar traballadores fan que paulatinamente este sector reduza a súa presenza nunha boa parte dos municipios galegos.

No cadro 5 apréciase a distribución dos locais comerciais e a súa traxectoria en 2023 e 2024. Todas as especialidades, salvo dúas, contan con menos locais activos nese último ano. Sobre estas dúas, evidénciase que Galicia dispón de 9 estacións de servizos máis e os establecementos nos que se comercializan artigos culturais e recreativos aumentaron en 7. Pola contra, hai un 3,9 % menos de establecementos especializados na venda de alimentación, bebidas e tabaco, sendo esta a segunda actividade con maiores peches absolutos, 203. No cadro 5 obsérvase tamén que a primeira actividade, con 212 locais menos, é a que recolle a venda de produtos especializados que non figuran no cadro 5 nas epígrafes anteriores. Unha cuestión positiva que sinala este cadro é o incremento no número de locais nos que traballan máis de 10 asalariados, sobre todo nos establecementos non especializados.

A creación, en primeiro lugar, de grandes almacéns e, posteriormente, de centros comerciais cambiou os hábitos de compra dos consumidores e afectou a estrutura e os formatos do comercio en Galicia. A continuación, a aparición do comercio *online*, coa presenza de grandes comercializadoras internacionais, volveu alterar de maneira notable esta estrutura; e obrigou o comercio tradicional a reinventarse, poñéndose ao día ante a irrupción constante de novas tecnoloxías, se ben, como xa comprobamos, moitos deles quedaron no camiño.

Un cambio de formato que modificou a estrutura do comercio polo miúdo en Galicia foi a aparición dos centros e parques comerciais. Lembrabamos no *Informe 2023* o seu forte impulso nos últimos anos do século pasado, alcanzándose en España o récord de aperturas en 2003. Segundo a Asociación Española de Centros y Parques Comerciales (AECC), en España en 2024 contabilizábanse 587 centros e parques, cuxas vendas subiron en conxunto con respecto a 2023 un 5,9 %, cun 3,2 % máis de afluencias. Onde máis se incrementou a actividade foi en moda e complementos, cun 6,2 %

máis que o ano anterior, seguido por equipamento do fogar (5,8 %) e restauración (5,7 %). Neste contexto español indicabamos no *Informe 2023* que Galicia contaba con 41 centros ou parques comerciais que ocupaban un total de 11 millóns de metros cadrados, o 5,7 % da SBA (superficie bruta alugable) española. Este número de centros mantense en 2024. No conxunto de España prevese a realización de 43 novos proxectos, dos cales 35 serán parques comerciais cunha superficie bruta alugable que superará o millón de metros cadrados. Este incremento está liderado por Andalucía con 18 novos proxectos, seguida de Madrid con 8. En terceiro lugar xa se sitúa Galicia con 4 proxectos segundo a AECE, que na realidade son 3.

O de maior dimensión é Breogán Park (A Coruña) que se prevé que sexa inaugurado en 2026. Este parque comercial con usos mixtos ocupa o que anteriormente era o centro comercial Dolce Vita no Polígono da Grela, polo que é un exemplo de transformación de centro a parque; e ocupa 70.000 metros cadrados de SBA. É propiedade de Pelayo Capital e entre as súas empresas tractoras está a instalación dun novo hipermercado Alcampo.

O segundo proxecto, polo seu tamaño, é o futuro parque comercial Vilanova, localizado en Vilanova de Arousa, na provincia de Pontevedra, e cunha superficie prevista que rolda os 23.000 metros cadrados de SBA. É un proxecto que leva máis de 20 anos xestándose e está promovido por Desenvollos Vilanova. É probable que se inaugure antes de que finalice este exercicio.

O terceiro proxecto, Os Regos Retail Park, localízase no municipio de Oleiros, na área metropolitana da Coruña. Tamén se leva xestando desde hai varios anos e está promovido por Inversiones Sarrianas. Ocupará un total de 16.000 metros cadrados e pretende ser un referente nas compras e lecer da área metropolitana coruñesa. Instalarase un hipermercado coa insignia de Eroski.

O cuarto, con 15.300 metros cadrados de SBA, estaba previsto no municipio de San Cibrao das Viñas. No *Informe 2023* xa se indicaba que en 2024 se abandonou este proxecto.

Ademais, non hai que esquecer a construción en 2024 no parque empresarial de Nantes, en Sanxenxo, dun pequeno parque comercial proxectado por Omo Retail. E, tamén, persisten os atrasos nas obras do parque comercial O Vao en Pontevedra, no que se instalarán marcas tan coñecidas como Decathlon, JYSK ou Leroy Merlin. A súa promotora, Ponteno, estima que estará en funcionamento a finais de 2025. Lembremos que a súa tramitación comezou en 2002.

Xunto a estas previsións cómpre subliñar o peso dos centros e parques comerciais na estrutura comercial retalista galega e a súa importancia relativa. Neste sentido, segundo Merlin Properties, Marineda City, localizado no polígono da Grela na Coruña, contou en 2024 con 17 millóns de visitantes e é o líder en Galicia, cunha gran diferenza con respecto ao segundo, que é o Centro Comercial Cuatro Caminos tamén na Coruña. Seguen a continuación os dous principais centros de Vigo, Vialia (con 12,56 millóns de visitantes en 2024) e Gran Vía. Moi preto deste último sitúanse o Centro Comercial As Cancelas en Santiago de Compostela e o Centro Comercial Ponte Vella en Ourense, con 6 millóns de visitantes. A continuación, con 3,5 millóns, está o Centro Comercial As Termas de Lugo. E a lista de centros líderes en Galicia péchaa, con 3 millóns de visitantes, o Centro Comercial Odeón de Narón, que atende a comarca de Ferrolterra. A novidade deste último en 2024 é a súa adquisición polo grupo mexicano Cojab, que se converte no quinto propietario desde que fose inaugurado en 2002.


Ademais das actividades e os movementos levados a cabo nos centros e parques comerciais de Galicia, na maioría dos seus parques empresariais contan con comercios retalistas cun gran dinamismo nas aperturas e peches. É un tecido moi denso e vivo.

Dentro do comercio retalista, a distribución de base alimentaria desempeña un papel determinante. Xa vimos que a cifra de negocios a prezos constantes na alimentación aumentou en 2024 un 2 %, mentres que o índice de ocupación apenas variou, un 0,1 %. Segundo o panel de consumo alimentario, que mensualmente elabora o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en 2023

(último ano completo dispoñible), o consumo alimentario dos fogares galegos foi, en termos correntes, de 5.044,9 millóns de euros, que supón o 6,2 % do total español. Este consumo, en termos monetarios, significou un incremento dun 8,1 % con respecto a 2022. Unha parte desta porcentaxe explícase pola alza dos prezos. A súa forte variación modificou as características do consumo, de tal modo que agora se opta máis por produtos de marcas brancas. Nótese que nese ano o IPC dos alimentos elaborados subiu en Galicia un 6,8 % e os de sen elaborar un 5,7 %. Afortunadamente, esta forte tensión reláxase en 2024, aínda que os prezos dos alimentos sen elaborar creceron un 3,5 % e os dos elaborados un 1,2 %, 5,6 puntos menos que en 2023.

Con esta relaxación nos prezos en 2024, en Galicia, en canto á distribución retalista de base alimentaria das principais insignias, cómpre indicar que houbo un maior movemento que con respecto a 2023, ano no que practicamente non se produciron novidades en relación con 2022. Con todo, en 2024 Galicia incrementou a súa superficie comercial nesta actividade nun 1,3 %. Nese ano, na dinámica dos grandes grupos de distribución neste sector destaca, sobre todo, a actividade de Mercadona que abriu dous novos supermercados en Narón e Ponteareas. Iso compensou a caída na súa superficie por varios traslados. O novo supermercado de Narón, con 38 empregados, foi inaugurado en maio, requiriu un investimento de 4 millóns de euros e converteuse no establecemento 62 deste grupo en Galicia. Pola súa banda, o novo supermercado de Ponteareas, cunha superficie de venda de 1.640 metros cadrados, abriu no mes de novembro. Tamén incrementou a súa superficie a cadea Lidl grazas a dous novos supermercados en Fene e Cambados. O de Fene, cun investimento de 4,5 millóns de euros, foi inaugurado en outubro e localízase no Polígono de Vilar do Colo; mentres que en novembro abriu un supermercado en Cambados, o maior da comarca do Salnés, cunha superficie de venda de 1.580 metros cadrados e un investimento de 5 millóns de euros. Doutra banda, houbo movementos relevantes en Carrefour debido ás adquisicións de tendas de El Corte Inglés que tiveron lugar en 2023, pero cuxo impacto alcanzou 2024. Iso supuxo que contase con catro tendas máis en Galicia. Tamén, e en sentido contrario, hai que subliñar o retroceso de Auchan tras os axustes practicados nas adquisicións que realizou ao grupo Dia.

Gráfico 7
Cota (en %) de mercado en 2024 dos principais operadores de bens de gran consumo en Galicia



No gráfico 7 preséntase a clasificación galega dos operadores de gran consumo en Galicia. A pesar do pouco movemento que tiveron os tres principais grupos, estes manteñen a súa posición en Galicia. O líder segue sendo Gadisa, que permanece nese primeiro lugar na Coruña, Lugo e Ourense; e pasa ao terceiro posto en Pontevedra, tras Froiz e Vegalsa-Eroski. Se se compara o gráfico 7 co que se publicaba no *Informe* anterior referido a 2023 apréciase unha gran similitude, salvo que Lidl e Auchan intercambian as súas posicións polas operacións xa indicadas.

Un sector moi tradicional na estrutura do comercio polo miúdo en Galicia é o téxtil e confección. Sobre el, a Asociación Nacional de Moda Retail (Acotex) fai un seguimento mes a mes da súa traxectoria en España, e entendemos que os resultados non se deben distanciar en exceso das variacións nas vendas que se producen en Galicia. A evolución seguida en 2024 foi a seguinte: en xaneiro e febreiro as vendas só soben un 1,8 % e un 1,3 % respectivamente, debido a que o período de rebaixas xa non mantén a pauta de hai uns anos e, ademais, os clientes dispoñen de menos renda. En marzo prodúcese unha espectacular caída dun -7,9 %, a causa dun clima chuvioso e dunha Semana Santa que se celebra nese mes e que non invita ás compras. Estas dificultades persisten en abril, mentres en maio a incerteza segue aumentando polo que se anota unha nova caída nas vendas dun 3,5 %. En xuño, co inicio do verán, as vendas continúan baixando, aínda que nos dous meses seguintes se

produce unha morna recuperación. Este incremento refórzase en setembro (2,9 %), o que permite abordar con maior optimismo o último trimestre de 2024. Así, en outubro refórzase a tendencia cun incremento nas vendas dun 7,3 %, pero novembro volve ser un mes con taxas negativas que nin co *Black Friday* se recuperan. Por último, en decembro a campaña de Nadal non foi tan positiva como se esperaba e as vendas diminuíron un 1,6 %; de maneira que os resultados do ano quedan nun leve descenso do 0,3 %, por tanto, cun volume de vendas moi similar ao de 2023. Doutra banda, a información xa dispoñible de 2025 reflicte unha redución nas vendas que se fai máis notable no mes de abril cun descenso estimado do 7,1 %.

Pola súa parte, a Asociación Española de Produtores de Electrodomésticos (APPLIA) proporciona información sobre a evolución das vendas dos produtos de liña branca. O resultado de 2024 foi un crecemento dun 1,94 % na facturación e un 2,76 % no número de unidades vendidas, o que supón a recuperación dun mercado que en 2023 mostrara un comportamento negativo.

Finalmente, as plataformas dixitais proseguen co seu vertixinoso crecemento na súa actividade, polo que o seu volume de negocios, ano tras ano, se incrementa de modo espectacular. Este aumento é unha chamada de atención aos formatos comerciais tradicionais e á necesidade, se se quere ser competitivo, de adaptarse a estes cambios apostando pola dixitalización en todos os ámbitos da organización cun maior uso das TIC.

A CNMC (Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia) publica con carácter mensual o volume de negocio xerado polo comercio electrónico, entendendo este como “toda compra realizada a través de Internet, calquera que sexa o medio de pago utilizado”. Os resultados das 20 ramas de actividade con maior facturación en España, só das transaccións feitas dentro de España, preséntanse no cadro 6. Non se inclúen, por tanto, as transaccións que desde España se realizan ao estranxeiro. O período utilizado son os nove primeiros meses do ano, xa que no momento de redactar este estudo, setembro era o último mes dispoñible. No devandito cadro obsérvase un incremento total do 8,8 % (10,9 % en 2023) na facturación e que practicamente non variou a posición dos principais sectores. A contía total nestes nove meses xa excede os 20 millóns de euros. Na maioría das ramas o crecemento é positivo e de dous díxitos, e os aumentos máis significativos apréciannse nas compras en hipermercados, supermercados e tendas de alimentación e nos hoteis e aloxamento; pero o maior produciuse nas actividades recreativas e deportivas, rama que non figuraba entre as 20 primeiras en 2023.

Cadro núm. 6

Volume de negocio en España da canle electrónica nas 20 ramas de actividade máis importantes (só dentro de España)

En euros

	xan.-set. 2022	xan.-set. 2023	xan.-set. 2024	xan.-set. 2024 (%)	TVI (%) xan.-set. 2024/ xan.-set. 2023
Administración pública, impostos e Seg. Social	1.487.368.135	1.619.029.979	1.797.699.682	8,8	11,0
Carburantes para automoción	1.234.238.296	1.536.723.288	1.664.736.340	8,2	8,3
Axencias de viaxes e operadores turísticos	1.226.198.261	1.359.642.320	1.511.780.980	7,4	11,2
Hipermercados, supermercados e tendas de alimentación	1.158.577.427	1.240.683.784	1.430.220.273	7,0	15,3
Espectáculos artísticos, deportivos e recreativos	938.280.637	1.228.426.085	1.357.125.823	6,6	10,5
Outros	505.894.893	929.489.775	1.134.554.100	5,6	22,1
Transporte aéreo	770.212.374	920.977.185	967.040.769	4,7	5,0
Electrodomésticos, imaxe e son	736.286.258	740.854.799	909.146.095	4,5	11,6
Educación	659.577.767	751.016.933	856.664.875	4,2	14,1
Transporte terrestre de viaxeiros	824.412.886	814.426.260	762.443.463	3,7	2,9
Hoteis e aloxamentos similares	389.521.591	535.781.481	652.309.907	3,2	21,7
Xogos de azar e apostas	619.588.736	503.637.347	525.308.542	2,6	4,3
Publicidade	360.432.617	447.976.694	506.402.963	2,5	13,0
Enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	369.326.810	405.272.935	432.799.338	2,1	6,8
Pezas de vestir	403.529.041	407.638.624	431.005.510	2,1	5,7
Grandes almacéns	242.842.400	363.912.818	407.773.527	2,0	12,1
Intermediación financeira	286.874.744	348.661.828	393.376.829	1,9	12,8
Seguros e plans de pensións	381.635.833	421.780.404	391.250.059	1,9	-7,2
Equipos de telecomunicacións e recargas telefónicas	513.044.327	353.951.458	387.961.760	1,9	9,6
Xoguetes e artigos de deporte	221.567.180	268.309.397	349.674.339	1,7	30,3
Resto	3.540.795.447	3.561.878.077	3.540.795.447	17,3	-0,6
Total	16.911.235.873	18.760.071.468	20.410.070.621	100,0	8,8


Fonte: CNMC.

Os transportes en Galicia

Adoita ser habitual en calquera economía que o sector do transporte e do almacenamento represente unha parte relevante dos servizos. É por iso polo que a súa traxectoria é moi determinante da evolución da actividade terciaria no seu conxunto. Recentemente (o 25 de marzo de 2025), o INE publicou os resultados da Estatística estrutural de empresas: sector servizos, referida a 2023, e das variables analizadas cómpre destacar que esta actividade absorbía o 29 % do total da cifra de negocios galega dos servizos e que xeraba o 35 % do investimento en activos materiais nese período. Con todo, en canto á facturación, o seu peso relativo caeu con respecto ao existente antes da pandemia. En 2019 era o 33,6 %, polo que 1 de cada 3 euros facturados se realizaba nesta actividade. Doutra banda, se se comparan os resultados desta estatística cos de España, apréciase un maior peso do sector de transportes en Galicia xa que a cifra de negocios en España alcanzaba o 18,9 %, como se ve algo máis de 10 puntos menos que en Galicia. Tradición, localización xeográfica e as características da produción galega xustifican esta notable diferenza. En canto á distribución da actividade de transporte por especialidades, o negocio está moi concentrado, en primeiro lugar, no almacenamento e nas actividades anexas ao transporte (xera unha cifra de negocios que supón o 55,6 % do total do sector, porcentaxe que se mantivo estable nos últimos anos); e, en segundo lugar, no transporte terrestre e por tubaxe, cunha facturación que significa o 39,5 % do total. Considerando estas cifras, o peso relativo das restantes especialidades é moi baixo. A cifra de negocios do transporte aéreo tan só é o 0,8 %, o que contrasta co 11,5 % do conxunto de España, mentres que o transporte marítimo absorbe o 0,9 % (2,1 % en España) e o servizos postais e de correos un 3,1 %.

Por outra banda, nesta configuración da estrutura do sector apréciase que a actividade de transporte se realizaba, segundo a fonte anterior, en 15.171 locais (11.627 no Directorio de empresas e unidades locais do IGE) cunha media de 3,4 empregados por local, cifra catro décimas maior á do conxunto do sector en Galicia. Cómpre sinalar o maior peso que as sociedades anónimas teñen nesta actividade fronte aos restantes subsectores. Segundo o IGE, as 178 sociedades anónimas contabilizadas representan un 1,5 % do total de sociedades, porcentaxe que se eleva ao 35,5 % se só se consideran as empresas de transporte que actúan en Galicia, pero con sede social noutra comunidade autónoma española. En suma, estas cifras poñen de manifesto que as sociedades dedicadas ao transporte teñen, en liñas xerais, unha maior dimensión que as que mostran outros subsectores.

En canto á cifra de negocios, e a expensas de poder coñecer a súa contía en 2024, valores que o INE publicará en 2026, dispoñemos dos resultados do índice da cifra de negocios tamén elaborado polo INE, pero que, como xa se indicou, referidos a Galicia os publica o IGE con periodicidade mensual. No gráfico 8 apréciase que o transporte, en termos xerais, tivo unha dinámica moi positiva en 2024, mellor que a do conxunto de España que tamén foi moi boa. A cifra de negocios incrementouse (medida decembro contra decembro) en nada menos que un 12,9 % (8 % en España), o que contrasta



coas caídas experimentadas tanto en 2022 como en 2023. Iso supón unha variación media anual do 7,7 %. Ademais produciuse unha repunta no índice de persoal ocupado, que aumentou nese ano un 4 % (2,3 % en media anal); porcentaxe que contrasta cos resultados máis pesimistas da EPA, que estimaban que o número de ocupados era en 2024 de 56.300, 2.000 menos que en 2023.

A continuación, analizarase máis en detalle a traxectoria do transporte terrestre, especialidade, como xa se indicou, que acapara a maior parte da facturación

galega, centrándonos no transporte de mercadorías. Previamente, comentárase como evoluciona unha das variables que reflicte o dinamismo mantido por este sector en 2024, a matriculación de vehículos. A continuación, farase un seguimento da actividade nos tres aeroportos galegos en canto ao transporte de pasaxeiros e mercadorías; para finalizar coa traxectoria seguida polo tráfico marítimo de mercadorías e de pasaxeiros dos cruceiros nos portos de interese xeral xestionados polas autoridades portuarias.

Matriculacións

A complexa conxuntura que está a atravesar a automoción nesta década afecta sensiblemente o consumo de coches de turismo pola incerteza sobre o tipo de vehículo que se desexa adquirir, considerando as políticas públicas sobre o medio ambiente e o rendemento que se lle pode sacar aos automóviles que se compren nos próximos anos. Como xa se sinalou no capítulo deste *Informe* dedicado á industria, tanto a produción como o consumo reséntense nun contexto dunha forte competencia internacional e ante unha carreira tecnolóxica sobre o deseño dos posibles tipos de automóviles triunfadores no mercado nos próximos anos. De feito, os resultados sobre as matriculacións de turismos en Galicia nos últimos anos, segundo a Dirección Xeral de Tráfico, reflicten a retardación dunha demanda que era moi expansiva nas décadas anteriores. Certamente, en canto a matriculacións de turismos obsérvase unha significativa caída desde 2018, ano no que se matricularon 52.359 automóviles. Realmente na pandemia o mercado retardouse en Galicia, de tal modo que se alcanzou un chan en 2022, exercicio no que as matriculacións foron de tan só 30.106 vehículos. A partir de aí estase confirmando unha progresiva recuperación, moito máis evidente en 2024 que en 2023. Así, en 2024 matricularóñse un total de 35.926 vehículos de turismo, o que supón un incremento do 12,9 % con respecto a 2023, pero estas cifras están moi lonxe das que se lograban nos últimos anos da década anterior. Esta falta de renovación supón un progresivo envellecemento do parque de auto-

móviles, que en 2023 contaba con 1.596.407 unidades, o que equivale a un vehículo por cada 1,7 habitantes. En canto aos restantes tipos de vehículos obsérvase unha caída na matriculación de camións e furgonetas, o que se contrapón cun aumento do 8,6 % dos restantes tipos tales como autobuses, motos, ciclomotores ou tractores.

Cadro núm. 7
Matriculación de vehículos en Galicia

	Turismos		Camións e furgonetas		Outros*	
	Núm.	TVI (%)	Núm.	TVI (%)	Núm.	TVI (%)
2019	47.514	-9,3	5.801	-13,4	9.164	6,5
2020	38.064	-19,9	5.042	-13,1	8.614	-6,0
2021	34.047	-10,6	5.607	11,2	9.423	9,4
2022	30.106	-11,6	4.396	-21,6	9.037	-4,1
2023	31.258	3,8	5.597	27,3	9.897	9,5
2024	35.296	12,9	5.446	-2,7	10.750	8,6

(*) Entre outros: autobuses, motocicletas e ciclomotores, tractores e remolques.
Fonte: IGE-Dirección Xeral de Tráfico.

Xunto coa Dirección Xeral de Tráfico, a Axencia Tributaria a partir dos impostos de matriculación publica unha ampla información sobre o número de vehículos matriculados, especificando o seu valor total, o prezo medio dos vehículos, a emisión media e o tipo de combustible. Este organismo contabiliza 33.553 vehículos matriculados en 2024; cifra relativamente similar á de 2023 (33.145) e cunha porcentaxe de crecemento do 1,2 %, moi lonxe do 12,9 % anotado pola Dirección Xeral de Tráfico. Esta estabilidade nas matriculacións, moi inferior ás que se realizaban na década anterior, evidencia, como indicamos, a incerteza na demanda e a progresiva adaptación das novas tecnoloxías da automoción á súa produción. En 2024, a aposta en Galicia foi a compra de vehículos que utilizan como combustible a gasolina, incluídos os híbridos non enchufables (21.340, o 63,3 % do total) e a ratificación do progresivo abandono na compra dos vehículos que utilizan diésel (8.702 fronte aos 9.531 de 2023). Doutra banda, repuntou levemente a compra dos vehículos que utilizan outro tipo de enerxía, aínda que a cifra final 3.511 (case 500 máis que en 2023) tan só representa un 10,5 % do total, porcentaxe 1,5 puntos máis alta que en 2023. A conclusión é que a demanda dos vehículos alternativos ao uso da gasolina ou diésel, sexan híbridos ou non, segue sendo moi baixa tanto en Galicia como en España. Neste último territorio a porcentaxe é menor e foi a mesma que en 2023, un 9 %. Así, por múltiples motivos, os demandantes seguen sendo moi reticentes á compra de vehículos alternativos á utilización de gasolina ou diésel. Hai que apuntar que, por segundo ano en

España, os vehículos híbridos non enchufables que utilizan gasolina lideran esta clasificación. O coche eléctrico segue sen ser unha alternativa e a pesar de todas as axudas existentes que abaratan o seu prezo. Segundo a Asociación de Fabricantes de Europa, o seu peso relativo con respecto ao total de vendas só foi do 5,6 %; porcentaxe que coloca España na cola de Europa, moi lonxe de países como Noruega (88,9 %) ou Dinamarca (51,5 %). Incluso a diferenza co noso veciño Portugal (19,9 %) é moi elevada. Esta asociación suxire que son varios os motivos polos que en España se comercializan poucos coches eléctricos. Entre eles destaca, como o máis importante, a escaseza de cargadores públicos e as melloras pendentes na rede operativa; pero tamén a carencia de aparcamentos propios en moitas vivendas, que impide a instalación de cargadores, as dificultades para cobrar con prontitude as subvencións e, ademais, o prezo que segue sen ser competitivo con relación aos restantes tipos de vehículos. A alternativa de coches híbridos enchufables alcanzou unha porcentaxe de vendas do 5,8 %, o que eleva ao 11,6 % a porcentaxe de vehículos enchufables, cifra similar á do conxunto de España.

Un factor clave na evolución da demanda neste sector é a política ambiental que segue a Unión Europea. No *Informe 2023* xa se sinalaba que se mantiña a data de 2035 para a comercialización dos vehículos de combustión e que en 2050 se prohibiría a circulación deste tipo de vehículos. De igual maneira, atrasábase ata 2027, para os fabricantes de turismos e furgonetas, e ata 2029, para os camións e vehículos pesados, a entrada en vigor da directiva Euro 7 sobre a regulación dos límites aceptables para a emisión de gases dos motores de combustión coa finalidade de mellorar a calidade do aire. Pois ben, as últimas noticias apuntan cara a unha flexibilización da actual normativa debido á conxuntura que atravesa a industria da automoción en Europa. Xa se descartan as multas millonarias aos fabricantes por non cumprir en prazo coas emisións de CO₂ e estase estudando a posibilidade de eliminar máis progresivamente a venda de vehículos de automoción que iría máis aló de 2035.

A maiores, en canto ao respecto ao medio ambiente, tamén se indicaban no *Informe 2023* as restricións á circulación de vehículos contaminantes nos municipios españois con máis de 50.000 habitantes. Para iso existía a obrigación, establecida na Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética, de determinar en cada municipio unhas áreas denominada zonas de baixas emisións (ZBE), o que afectaba os sete municipios con maior número de habitantes en Galicia. Este sistema debería estar implantado en 2023. A situación a finais de 2024 é similar á descrita no ano anterior. Só dous concellos contan con ZBE, A Coruña e Pontevedra, mentres os restantes están a axilizar a súa implantación. En Ferrol era onde se observaba o maior atraso e, recentemente, acaba de aprobar a denominada Axenda Urbana 2030, que incluírá un plan de mobilidade para dar unha resposta ás ZBE. Pola súa banda, en Lugo e Santiago aprotéitanse os dous centros históricos. O proxecto de Vigo é crear catro ZBE (Centro, Praza de Portugal, Calvario e Bouzas), mentres que en Ourense se sacou a concurso o proxecto en 2024 e se aposta por unha área no centro histórico da cidade.

A Asociación Nacional de Vendedores e Reparadores de Vehículos (Ganvam) con respecto ás expectativas nas matriculacións en 2025 estima que o 40 % sexan híbridos non enchufables, xa superando con claridade a cota dos de só gasolina e cun diésel que segue perdendo protagonismo. Desta modalidade entenden que unicamente se matricularán en torno ao 7 % do total, cando en 2015 representaban o 62,8 %. Nesta asociación insisten en que os vehículos eléctricos subirán as súas cotas de mercado, pero quedarán moi lonxe dos obxectivos fixados para cumprir cos obxectivos de descarbonización que segue a Unión Europea. Son varios como xa se sinalou, os factores que están a frear este escaso incremento. Ademais dos turismos, agardan unha lixeira expansión na demanda de vehículos comerciais lixeiros pola necesidade de modernizar as frotas e poder cumprir coas normas europeas sobre emisións. Pola súa banda, os vehículos industriais enfróntanse aos elevados custos da adaptación tecnolóxica ante os obxectivos da electrificación. Esta circunstancia está a afectar o seu dinamismo, aínda que en España as matriculacións superan amplamente as existentes antes da pandemia. Lembremos que en Galicia a compra de camións e furgonetas permanece estancada, caendo en 2024 un 2,7 %. Non é unha boa noticia para o sector do transporte desta comunidade.

De maneira alternativa ás perspectivas mantidas por Ganvam, a Asociación Española de Fabricantes de Automóviles e Camións (Anfac) constata que “o mercado electrificado non avanza ao ritmo desexado pola falta dunha aposta decisiva para xerar a estabilidade e confianza necesaria no mercado”, sendo especialmente negativa a traxectoria dos híbridos enchufables. Tamén se freou a electrificación dos vehículos industriais debido, segundo Anfac, ás complexidades para dar solucións ás súas necesidades e á carencia de axudas que poidan aliviar a súa compra. Esta baixa demanda reflíctese nas expectativas de produción e nas dificultades que presenta unha competencia crecente nos mercados mundiais. Así, a cota de produción española pasou dun 11,4 % en 2023 a un 8,5 % en 2024.

Neste contexto de incerteza e de queixas por parte dos produtores e demandantes, as diferentes Administracións públicas están a xestionar un paquete de axudas para incentivar a descarbonización e para modernizar un parque móbil moi envellecido. No referente a Galicia, comentábase no *Informe 2023* que a Administración autonómica a finais dese ano puxo en marcha unha liña de subvencións denominada “Plan Renova o teu vehículo”, programa xestionado polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega). Este plan vixente en 2024 abriu unha nova convocatoria en 2025 e con el preténdese reducir a idade media dos vehículos que a finais de 2023 era de 15,4 anos. O obxectivo é poder achatar 1.400 vehículos de máis de 10 anos, o que permitirá un aforro de 915 toneladas de emisións de CO₂. O importe das axudas oscila entre 3.000 e 4.000 euros (para familias numerosas de 3.400 a 3.600 euros) e unha parte corre a cargo dos concesionarios. Os incentivos céntranse na compra de turismos ou furgonetas eléctricos ou híbridos enchufables. Desde a Xunta de Galicia infórmase que os fins que se pretendían alcanzar en 2024 se cumpriron, malia que, como xa se viu, as descompensacións nos vehículos matriculados a favor dos combustibles fósiles son aínda moi grandes.

En canto ás axudas da Administración central, o programa estrela é o Moves III que, en principio, estaba en vigor ata 2024 pero se amplía a 2025; período no que estivo dous meses inactivo ao incluírse no decreto ómnibus rexeitado no Congreso dos Deputados. Galicia, como o resto de España, pode beneficiarse deste programa de axudas aos vehículos eléctricos á vez do que mantén a Administración autonómica. A axuda máxima para os turismos coa esixencia do achatarramento é de 7.000 euros e para as motocicletas 1.300 euros. Cómpre lembrar que outro incentivo para a compra de vehículos eléctricos é unha dedución no IRPF.

En canto á circulación de vehículos polas vías galegas, a AP-9 é a columna dorsal e está previsto, por agora, que as súas peaxes duren ata 2048. O rexistro da empresa concesionaria Audasa sobre o seu uso en 2024, medido pola intensidade media diaria (IMD), foi de 26.505 vehículos; cifra que supón un incremento dun 4,1 % con respecto a 2023 (25.458 vehículos) e que se aproxima ao récord de 2007 (27.029 vehículos). Este aumento do uso, dunha infraestrutura que vertebra o transporte interior galego por estrada de viaxeiros e mercadorías, supuxo para a concesionaria unha mellora dos seus beneficios netos dun 9,3 %. Lembremos que esta autoestrada pertence ao grupo Itinere, que actualmente posúe cinco concesións no norte de España e tamén conta co contrato de concesión para a xestión da operación, mantemento e conservación dunha sexta. De forma directa ou a través doutras sociedades, o seu accionista maioritario é o fondo de pensións neerlandés APG.

O transporte de mercancías por estrada

Segundo os resultados da enquisa permanente de transporte de mercadoría por estrada, este transporte en Galicia tivo en 2024 unha traxectoria, con respecto a 2023, moi distinta, se nos referimos ao tráfico interior na comunidade autónoma, ao que se mantivo coas restantes autonomías ou ao transporte internacional. No cadro 8 obsérvase, en primeiro lugar, unha concentración da actividade no territorio galego, en especial, nos traxectos intermunicipais. Isto é o habitual, xa que tanto o número de operacións como o movemento de toneladas de mercadorías adoita realizarse cos territorios máis próximos. Estes tráfico son polo común cotiáns e recorrentes. A dinámica no interior da comunidade galega foi substancialmente superior á de 2023 tanto en operacións como na contía de toneladas transportadas, posto que en ambos os casos o aumento foi notable, un 8,6 % e un 12,1 %

Cadro núm. 8
Transporte de mercancías por estrada en 2024

	Número (millóns)				Taxas de variación interanual			
	Operacións		Toneladas		Operacións		Toneladas	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Transporte intrarrexional								
Intramunicipal	2,7	44,0	14,6	261,2	-9,3	0,9	-7,6	2,9
Intermunicipal	8,6	131,7	56,2	870,7	-6,9	1,2	-6,5	2,2
Total	11,3	175,7	70,9	1131,9	-7,5	1,2	-6,7	2,4
Transporte interrexional								
Recibido doutras CC. AA.	1,2	35,9	12,3	379,7	0,7	-2,0	-6,3	-1,9
Expedido a outras CC. AA.	1,2	35,9	17,1	379,7	2,4	-2,0	11,3	-1,9
Transporte internacional								
Recibido	0,3	2,8	2,8	34,9	5,5	-5,9	24,3	-4,8
Expedido	0,3	3,2	3,4	43,4	3,9	-4,4	12,9	-7,9

Fonte: Enquisa Permanente de Transporte de Mercancías por Estrada. 2022 e 2023.
D. X. de Programación Económica e Orzamentos. Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible.

respectivamente. Ben é certo que en 2023 se rexistrou un forte parón nesta actividade que, por fortuna, se recuperou en 2024, e por iso as taxas de crecemento foron excepcionalmente altas. No cadro 8 tamén se aprecia, a diferenza do sucedido no conxunto de España, que xunto cos movementos interrexionais tamén medrou de maneira sensible en Galicia o transporte con orixe e destino nos propios municipios. Iso podería suxerir unha repunta da demanda interna dos produtos almacenados ou procedentes da propia comunidade autónoma.

Os resultados dos movementos internos en Galicia contrastan co tráfico por estrada coas restantes comunidades autónomas españolas e co transporte internacional. Nos dous casos anótase unha elevada desaceleración, tanto con respecto ao número de operacións como ao volume de mercadorías transportadas. En canto ao transporte realizado e recibido das outras comunidades (estímase que en 2022 correspondía ao 95,7 % do total das mercadorías galegas transportadas por estrada) apréciase unha notable caída, ata o extremo de que a contía de toneladas transportadas desde Galicia ao resto de España se reduciu nunha cuarta parte. Non ocorreu o mesmo co transporte recibido. Aínda que descendeu o número de operacións, subiron nun 2,3 % as toneladas transportadas. Estes malos resultados que afectan o grao de apertura da economía galega co exterior son particularmente preocupantes no comercio internacional. As operacións, en ambos os sentidos, baixaron en torno ao 20 %, mentres que o volume do recibido en toneladas caeu un 43,3 %. É obvio que o transporte marítimo ten un maior peso neste comercio, pero non deixan de ser significativos os resultados tan negativos da contía das mercadorías transportadas por estrada. Así, segundo o Ministerio de Transporte e Mobilidade Sostible, das toneladas totais de mercadorías transportadas desde Galicia ao estranxeiro en 2022, o 21,6 % ían por estrada.

Con esta conxuntura tan particular mantense en Galicia unha estrutura sectorial pouco propicia a unha melloría substancial nos resultados do sector. Segundo a Federación Galega de Transporte de Mercadorías, o sector segue caracterizándose a finais de 2024 pola dispersión, a atomización e a pequena dimensión das empresas, o que non lles permite afrontar retos máis aló dos territorios próximos. Esta federación estima que o 70 % das empresas en Galicia son pemes ou propietarios individuais autónomos, cunha frota que, nos dous casos, non supera os 5 vehículos, aínda que a maioría dos autónomos tan só contan cun único vehículo. Esta composición nin axuda á innovación nin á realización de investimentos e tampouco permite lograr unha alta rendibilidade. Así, por exemplo, as dificultades para adaptarse á normativa europea sobre a descarbonización e o respecto ao medio ambiente son evidentes. A frota media en Galicia sitúase en 3,98 vehículos por empresa. Segundo este organismo “o sector configúrase con 6.898 empresas de transporte público de mercadorías por estrada, das que 4.598 son de transporte pesado e 2.300 de transporte lixeiro. En total hai 27.440 vehículos con autorizacións de transporte público dos que 19.649 son pesados e 7.791 lixeiro”. O futuro do sector baséase nunha redución nos custos para que así sexan máis competitivas as mercadorías que transportan desde un territorio periférico aos grandes centros europeos, e con iso poder

ampliar o seu mercado. Dun modo resumido, os principais problemas aos que o sector se enfrenta son os seguintes: a variabilidade do prezo dos carburantes agora ameazados por unha maior fiscalidade; as regulacións e o aumento das peaxes; maiores rixideces na regulación; a caída na actividade das empresas e a subida dos prezos das mercadorías que transportan; o exceso de subcontratacións; e, finalmente, o incremento na morosidade que dificulta a situación financeira das empresas.

Aeroportos

A evolución en 2024 do movemento de pasaxeiros nos aeroportos galegos foi dispar, xa que se no aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela se produciu unha subida dun 2,9 %, as cifras de Alvedro e Peinador son negativas. O movemento na terminal da Coruña descendeu un 1,2 %, mentres que a redución en Peinador foi máis acentuada, 6,8 %. Con esta evolución, o número de viaxeiros en Galicia, 5.936.762, foi moi similar ao de 2023 (5.925.628), polo que, aínda que estamos de novo ante un récord nesta modalidade de transporte, non se puido alcanzar a cifra que as previsións de 2023 apuntaban, 6 millóns de pasaxeiros. No cadro 9 apréciase como o tráfico de pasaxeiros no aeroporto de Santiago é considerablemente máis alto que a suma dos alcanzados nos da Coruña e Vigo; de feito, Santiago absorbe o 61,3 % do tráfico total, 1,5 puntos máis que en 2023 debido ás caídas de Alvedro e Peinador. Doutra banda, a dinámica de Galicia, cunha estabilización nesta variable, non segue as pautas observadas no conxunto de España. Neste último caso, o número de pasaxeiros medrou un 9,2 % nun contexto de notable incremento na actividade turística.

As cuestións conxunturais apreciadas nos tres aeroportos galegos non son similares. Así, o aeródromo de Santiago de Compostela, co aumento dun 2,9 %, alcanzou un récord no tránsito de viaxeiros; dos que, sobre un total de 3.640.664, o 79 % realizaron voos con outros puntos de España e o 21 % restante con conexións internacionais. A este resultado axudou o peche puntual de Peinador no mes de maio, que trasladou o seu operativo a Santiago.

Esta situación de sensible mellora parece que se truncará en 2025, xa que os datos do primeiro trimestre do ano, a pesar da estacionalidade que supón que a Semana Santa se celebre en abril, son moi negativos. Iso veu condicionado polo substantivo descenso nos destinos internacionais. No primeiro trimestre a perda de pasaxeiros foi do 6,3 %, o que contrasta cos incrementos elevados de Alvedro e a estabilización do tráfico en Peinador. Dúas cuestións están a incidir negativamente na actividade. Por unha banda, a competencia que na actualidade empezan a supoñer outros medios de

Cadro núm.9
Evolución do movemento de pasaxeiros, das operacións realizadas e das mercadorías movidas nos aeroportos galegos

Movemento de pasaxeiros	2022		2023		2024*	
	Pasaxeiros	TVI (%)	Pasaxeiros	TVI (%)	Pasaxeiros	TVI (%)
Alvedro (A Coruña)	963.952	62,1	1.252.022	29,9	1.237.569	-1,2
Rosalía de Castro (Santiago)	3.238.531	95,8	3.537.447	9,2	3.640.664	2,9
Peinador (Vigo)	953.170	73,6	1.136.159	19,2	1.058.529	-6,8
Total	5.153.837	84,2	5.925.628	15,0	5.936.762	0,2
Total nacional	243.693.689	103,2	283.201.865	16,2	309.344.423	9,2

Operacións	2022		2023		2024*	
	Número	TVI (%)	Número	TVI (%)	Número	TVI (%)
Alvedro (A Coruña)	14.364	18,9	15.405	7,2	14.490	-5,9
Rosalía de Castro (Santiago)	25.459	65,6	25.903	1,7	26.968	4,1
Peinador (Vigo)	13.760	49,7	14.866	8,0	11.515	-22,5
Total	53.583	46,2	56.174	4,8	52.973	-5,7
Total nacional	2.216.474	45,9	2.404.054	8,5	2.590.861	7,8

Movemento de mercadorías	2022		2023		2024*	
	Quilogramos	TVI (%)	Quilogramos	TVI (%)	Quilogramos	TVI (%)
Alvedro (A Coruña)	91.130	6,6	76.963	-15,5	54.712	-28,9
Rosalía de Castro (Santiago)	4.853.317	-1,7	4.818.283	-0,7	4.941.782	2,6
Peinador (Vigo)	689.694	-14,5	807.280	17,0	314.885	-61,0
Total	5.634.141	-3,4	5.702.526	1,2	5.311.379	-6,9
Total nacional	1.000.485.327	0,2	1.079.829.993	7,9	1.280.167.373	18,6

*Datos provisionais.
Fonte: Dirección de Operacións e Sistemas de Rede, AENA.

transporte no tráfico aéreo nacional; e, por outra, as estratexias das compañías que operan na terminal en dura pugna coa política de taxas que practica Aena. Así, Ryanair acaba de anunciar que no verán de 2025 suprimirá un dos tres avións da pista compostelá e prevé unha redución dun 28 % do seu tráfico no Rosalía de Castro en Santiago sobre o previsto, que era atender 19 destinos dos cales 5 eran internacionais. Anunciaron que os recortes afectarán dúas das rutas cunha supresión de 370.000 prazas. A pugna polas taxas aeroportuarias entre Aena e a compañía no momento de redactar este estudo está sen resolver. En canto á competencia doutros medios de transporte, conséntase a progresiva perda de pasaxeiros con destino ou orixe Madrid, ao que non axuda o cambio de política de Iberia consistente en que unha parte dos destinos a Barajas sexa realizado por Air Nostrum, con menos prazas e billetes máis caros. Calcúlase unha perda ao redor de 260.000 usuarios desde que funciona o AVE e xa a ruta de Barcelona supera a de Madrid en pasaxeiros. Todo parece indicar que os voos desde Santiago se usan máis por motivos de turismo que por negocios.

En canto a Peinador, a caída de pasaxeiros observada en 2024 dun 6,8 % xustifícase en parte polas obras efectuadas en maio e o traslado da operatividade a Santiago. Esta redución explícase pola traxectoria seguida polos voos nacionais que perderon un 7,5 % dos seus pasaxeiros, mentres nos internacionais medraron un 12,1 %. O peso dos voos internacionais é moi baixo, xa que 1.014.907 de persoas voaron a destinos nacionais, fronte a tan só 41.914 a internacionais. A perspectiva para 2025 non é optimista. Os resultados do primeiro trimestre reflicten unha caída do 0,1 %, polo que as cifras de viaxeiros son moi similares aos datos xa negativos de 2024. Entre outros problemas, e do mesmo xeito que o comentado sobre o Rosalía de Castro, a política de Ryanair incidirá negativamente no aeroporto vigués. A compañía anunciou que recortará unha das dúas liñas existentes, o que afectaría a 40.000 prazas.

Tras un incremento do tráfico de viaxeiros dun 29,9 % en 2003 no aeroporto de Alvedro, os resultados de 2024 mostraban unha caída do 1,2 %; situación que parece que se corrixirá en 2025 segundo os datos do primeiro trimestre. Neste último período, a terminal coruñesa gañou 303.02 pasaxeiros, o que contrasta co descenso de 618.622 pasaxeiros no Rosalía de Castro. Os incrementos dos viaxeiros que voan a Madrid desde A Coruña contrasta cos descensos en Santiago. En xeral, todo apunta a que se está producindo un transvasamento de pasaxeiros dun aeródromo a outro ante a perda de destinos e os cambios de horarios da terminal compostelá.

Aínda que o punto forte dos aeródromos galegos é o transporte de persoas, desde estas infraestruturas tamén se moven mercadorías. No cadro 9 preséntanse os resultados alcanzados en 2024. Chama a atención o pouco peso que esta actividade mostra en Alvedro e Peinador, cuxos datos, en ambos os casos, neste último ano foron negativos. Notable foi a caída en Vigo, terminal que, a pesar das obras efectuadas que frearon a actividade, pasou de transportar 807,2 toneladas en 2023 a tan só 314,9 en 2024. Esta redución en volume dun 61 %, que seguramente será inferior se se mide en valor, suxire un freo no tráfico de mercadorías con destino, sobre todo, ao estranxeiro, o que repercute negativamente na balanza comercial galega. Doutra banda, unha situación similar á observada en Vigo é a da Coruña. No seu aeródromo, o peso da mercadoría transportada baixou un 28,9 % e o número de operacións un 5,9 %. Se a este decrecemento se engade o alcanzado en 2023, un 15,5 %, resulta que en 2024 se transportou desde Alvedro case a metade das mercadorías movidas en 2022. A contía total, 54,7 toneladas, representan tan só o 1 % do total galego. Unha das causas que se adoita achacar a uns datos tan parcos é a obsolescencia das súas infraestruturas. Pola súa banda, no Rosalía de Castro concéntrase o movemento de mercadorías por vía aérea de Galicia. En 2024 movéronse un total 4.941,8 toneladas, o que supón o 93 % do total transportado en Galicia, pero tan só o 0,39 % de todos os aeroportos españois. Os resultados de 2024 son relativamente similares aos de 2023, xa que o seu crecemento foi dun 2,6 %. Esta situación de predominio explícase por contar o Rosalía de Castro cunha terminal loxística de Inditex con varios hangares e tamén por localizarse alí o Centro de Tratamento Automatizado (CTA) de Correos.

Portos

Dentro do sector do transporte, a vía marítima absorbe unha parte significativa das mercadorías que se moven en Galicia, en particular, as que se dirixen ou proceden do estranxeiro. No transporte por estrada, o volume de mercadorías expedidas, como se aprecia no cadro 8, foi en 2024 de 3,1 millóns de toneladas, e o de recibidas, 1,6. Iso contrasta coa cifra de 31,1 millóns de toneladas que se moveron nos portos galegos de interese xeral e polos que se canalizan unha boa parte das exportacións e importacións galegas ao estranxeiro.

Os resultados do tráfico destes portos de interese xeral recóllense no cadro 10. O movemento total de mercadorías no seu conxunto, medido en toneladas e con datos provisionais, foi moi similar ao realizado en 2023, xa que a súa taxa de variación foi do 0,5 %. Esta cifra global non ten que ocultar as diferenzas en canto á traxectoria dos distintos portos que se sinalarán a continuación. Con todo, cómpre indicar previamente que se se compara o tráfico portuario de mercadorías dos portos galegos cos do resto de España, Galicia non sae ben parada, posto que no conxunto de España o tráfico de mercadorías nos portos xestionados polas 28 autoridades portuarias medrou un 2,7 %, 2,3 puntos máis que nas infraestruturas galegas. Destas 28, en 11 a taxa de variación foi negativa e os portos galegos movéronse en posicións extremas. A maior caída no tráfico portuario de mercadorías en España rexistrouse en Ferrol-San Cibrao, cun descenso dun 21,1 %, e tras a desaceleración apreciada na Baía de Cádiz (-17,7 %) e en Xixón (-17,6 %); nun cuarto lugar situouse Vilagarcía (-8,6 %). En canto

Cadro núm. 10
Evolución do tráfico portuario (en toneladas)

	A Coruña		Ferrol-San Cibrao		Marín-Pontevedra		Vigo		Vilagarcía		Galicia	
	2023	TVI (%)	2023	TVI (%)	2023	TVI (%)	2023	TVI (%)	2023	TVI (%)	2023	TVI (%)
Graneis líquidos	8.074.960	-5,3	3.641.606	-8,1	0 ####		36.033	12,7	298.397	-0,4	12.050.996	-6,0
Graneis sólidos	5.227.701	-3,1	3.800.846	-44,6	1.029.914	-0,9	316.724	4,1	571.650	42,5	10.946.835	-21,8
Total graneis	13.302.661	-4,4	7.442.452	-31,2	1.029.914	-0,9	352.757	5,0	870.047	24,2	22.997.831	-14,2
Contedores	174	54,0	305.318	-25,8	504.821	-7,0	2.613.998	-1,7	245.144	-14,5	3.669.455	-5,9
Convencional	577.140	-35,6	689.493	21,8	555.188	12,1	1.692.369	8,6	429.550	-14,5	3.943.740	-1,9
Total mercadoría xeral	577.314	-35,6	994.811	1,7	1.060.009	2,2	4.306.367	2,1	674.694	-14,5	7.613.195	-3,8
Avituallamento	75.447	2,3	13.587	-4,1	28.306	-24,5	134.817	4,6	7.489	-3,7	259.646	-0,9
Pesca fresca	27.034	-3,9	181	-13,0	2.608	-16,4	31.644	-7,0	0		61.466	-6,1
Tráfico interior	0		872	2.906,9	0		0		0		872	####
Total outro tráfico	102.481	0,6	14.640	1,7	30.914	-23,9	166.461	2,2	7.489	-3,7	321.984	-1,7
Total tráfico portuario	13.982.456	-6,3	8.451.903	-28,4	2.120.837	0,1	4.825.585	2,3	1.552.230	3,6	30.933.010	-11,8
Contedores (TEUS)	14	40,0	25.487	-31,3	44.733	-2,7	226.555	0,2	29.087	-12,2	325.876	-4,8
Buques (número)	1.093	-0,1	957	-11,3	464	8,9	1.909	19,4	383	-3,5	4.806	4,6

	A Coruña		Ferrol-San Cibrao		Marín-Pontevedra		Vigo		Vilagarcía		Galicia	
	2024*	TVI (%)	2024*	TVI (%)	2024*	TVI (%)	2024*	TVI (%)	2024*	TVI (%)	2024*	TVI (%)
Graneis líquidos	9.846.669	21,9	2.285.344	-37,2	0		38.634	7,2	286.260	-4,1	12.456.907	3,4
Graneis sólidos	4.217.323	-19,3	3.695.341	-2,8	1.425.321	38,4	260.261	-17,8	412.377	-27,9	10.010.623	-8,6
Total graneis	14.063.992	5,7	5.980.685	-19,6	1.425.321	38,4	298.895	-15,3	698.637	-19,7	22.467.530	-2,3
Contedores	313	79,9	135.632	-55,6	518.055	2,6	3.274.322	25,3	270.096	10,2	4.198.418	14,4
Convencional	541.343	-6,2	537.571	-22,0	656.220	18,2	1.963.552	16,0	441.090	2,7	4.139.776	5,0
Total mercadoría xeral	541.656	-6,2	673.203	-32,3	1.174.275	10,8	5.237.874	21,6	711.186	5,4	8.338.194	9,5
Avituallamento	57.878	-23,3	13.310	-2,0	26.682	-5,7	113.754	-15,6	8.360	11,6	219.984	-15,3
Pesca fresca	22.929	-15,2	136	-24,5	2.093	-19,7	30.549	-3,5	0		55.707	-9,4
Tráfico interior	0		61	-93,0	0		0		0		61	-93,0
Total outro tráfico	80.807	-21,1	13.507	-7,7	28.775	-6,9	144.303	-13,3	8.360	11,6	275.752	-14,4
Total tráfico portuario	14.686.455	5,0	6.667.395	-21,1	2.628.371	23,9	5.681.072	17,7	1.418.183	-8,6	31.081.476	0,5
Contedores (TEUS)	34	142,9	14.210	-44,2	48.255	7,9	298.281	31,7	32.925	13,2	393.706	20,8
Buques (número)	1.135	3,8	820	-14,3	484	4,3	1.914	0,3	381	-0,5	4.734	-1,5

* Datos provisionais.
Fonte: Portos do Estado, Ministerio de Transporte e Mobilidade Sostible e elaboración propia.

aos portos que aumentaron o volume de mercadoría transportada en España, tras a elevada repunta de Málaga que subiu un 76,5 %, colocouse o porto de Marín-Pontevedra cun 23,9 %, seguido do de Vigo cun 17,7 %. Por tanto, tan só o porto da Coruña quedou nunha posición intermedia, ao mellorar os seus movementos nun 5 %.

No fondo, o resultado en Galicia en 2024, malia positivo, non logra recuperar a espectacular caída dun 11,8 % en 2023; variación, agora xa con datos definitivos, explicada en detalle no *Informe 2023*. De feito, en 2024 o volume de transporte queda aínda moi lonxe dos movementos que se rexistraban na década anterior. Así, mentres o tráfico en 2024 era de 31,1 millóns de toneladas, en 2019 transportáronse 33,1 millóns, por tanto, un 6 % menos. Esta recuperación con respecto aos anos anteriores á pandemia tampouco se produciu en España, a pesar de que a distancia entre 2024 e 2019 foi inferior, un -1,2 %.

O contraste dos resultados dos movementos de mercadorías das cinco autoridades portuarias galegas en 2024 explícase pola diferente dinámica seguida nos tipos de mercadorías e modos de transporte nos que están especializados. Os graneis sólidos e líquidos absorberon o 72,3 % do total transportado. Ante este volume (non o seu valor), a súa traxectoria é a que define a dinámica xeral do tráfico de mercadorías en Galicia. Así, o descenso dun 19,3 % nos graneis sólidos no porto da Coruña e dun 37,2 % nos graneis líquidos nos portos responsabilidade da Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao xustifican os malos resultados de ambos e frean a traxectoria do conxunto de Galicia. Esta dinámica obtería taxas de variación negativas se non fose pola aceleración no tráfico de graneis sólidos e de mercadoría xeral en Marín-Pontevedra, e do transporte en contedor ou de forma convencional de mercadorías no porto de Vigo.

Nunha descrición máis pormenorizada dos movementos nos portos de interese xeral localizados en Galicia, como xa se indicou, apreciouse un incremento dun 5 % na contía de mercadorías transportadas nos portos responsabilidade da Autoridade Portuaria da Coruña grazas ao aumento dun 21,9 % nos graneis líquidos, modalidade que absorbía o 67 % do volume total de tráfico. Iso permitiu contrarrestar a caída nun 19,3 % dos graneis sólidos que equivalían ao 28,7 % do total. Nótese que os dous tipos de graneis significaban o 95,8 % do total transportado e, en termos cuantitativos, practicamente converten en irrelevantes as outras modalidades, que presentan unha redución na súa actividade salvo no tráfico de contedores, pero que tan só supón 313 toneladas.

Segundo informa a propia Autoridade Portuaria, estamos no cuarto rexistro maior da historia, só superado por 2017 e 2028 cando aínda estaba activa a central térmica de Meirama; e, 2022, ante un movemento elevado do transporte de carbón debido á guerra que acababa de comezar en Ucraína e o peche do gasoduto procedente de Rusia. O crecemento observado nos graneis líquidos dun 21,9 %, o máis notable no tráfico de mercadorías en 2024, explícase pola actividade da refinaría que Repsol ten na cidade da Coruña. Este complexo industrial presentou unha dinámica moi superior á observada nos anos anteriores. En sentido contrario, a caída rexistrada nos graneis sólidos débese á finalización dos envíos de carbón e á redución nas exportacións na siderurxia e no sector da madeira. Esta traxectoria negativa compensouse, en parte, co bo comportamento dos produtos agroalimentarios.

En canto ás outras modalidades cómpre destacar que a pesca segue distando moito de alcanzar os niveis de desembarques da década anterior, malia que, a pesar do descenso dun 15,2 %, mantén en España o segundo lugar tras o porto de Vigo. A Autoridade Portuaria achaca ás políticas da Unión Europea respecto ás cotas de capturas a caída da actividade deste sector.

Unha cuestión relacionada co porto interior da Coruña e transcendente no desenvolvemento urbano da cidade foi a firma en 2024 do protocolo de colaboración para reestruturar a fachada marítima interior; e na que se comprometeron o concello da Coruña, a Xunta de Galicia, a Administración central, Portos do Estado, a Autoridade Portuaria da Coruña e Adif. O proxecto denominado "A Coruña Marítima" garante a titularidade pública dos terreos e en 2025 convocarase un concurso internacional para definir a formulación xeral dos espazos sobre os que se vai actuar. Doutra banda, e con

respecto ás infraestruturas portuarias, en 2024 avanzou a conexión por ferrocarril do porto de Punta Langosteira.

Polo que se refire aos portos xestionados pola Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao, hai que lembrar que á caída xa experimentada en 2023 no seu tráfico total dun 28,4 % debe sumarse á dun 21,1 % en 2024; as peores cifras do conxunto de portos de España. Se en 2023 os maiores descensoos se rexistraron en graneis sólidos (-44,6 %), en 2024 o maior decrecemento (-37,2 %) observouse nos graneis líquidos. Entre ambos absorbían en 2024 o 89,7 % do volume total de mercadoría transportada.

Desde a Autoridade Portuaria explícase que esta traxectoria tan negativa responde á situación dos seus dous principais e tradicionais clientes, Endesa e Alcoa. O peche da central termoeléctrica xunto ao freo na produción de Alcoa, detallados no capítulo dedicado á industria, supuxo que de mover ao redor de 13,6 millóns de toneladas en 2018 se pase a 6,7 millóns en 2024. Iso non puido ser compensado polas outras modalidades cuxo peso relativo, medido en volume, é moi baixo. Con todo, tamén baixou un 55,6 % o tráfico de contedores, achacable ás dificultades que atopan no Mar Roxo e no canal de Suez as compañías que operan en Ferrol e con escala nestes portos.

As apostas pasan por liderar, nas terminais de mercadorías do Porto Exterior, a produción de enerxía verde. En 2024 tamén se asinaron alianzas para abrir novas liñas de negocio nas ensamblaxes da eólica mariña, o almacenamento de combustible e a xeración fotovoltaica.

Un anuncio de certo impacto realizado en 2024 e que afecta o Porto Exterior de Ferrol foi a intención da marca chinesa de coches eléctricos Arcfox de situar nesa infraestrutura un centro de distribución de vehículos cara a Europa. As cifras do movemento destes vehículos son, con todo, máis ben escasas e non estaban de todo definidas. Nunha nova conxuntura internacional, marcada por unha política arancelaria moito máis dura, hai que ver en que queda esta iniciativa. Por outra parte, proximamente comezará a funcionar o ferrocarril que une o Porto Interior co Exterior. As súas obras están moi avanzadas.

Pola súa banda, xa se sinalou que, tras o porto de Málaga, o de Marín-Pontevedra fora o que mostrara un maior crecemento no seu tráfico de mercadorías en España, nada menos que un 23,9 %, con respecto a 2023. Este incremento, sobre todo, explícase pola subida dun 38,4 % no volume transportado de graneis sólidos, posto que este porto non ten transaccións de graneis líquidos. Ademais, é significativo o aumento alcanzado no tránsito de mercadorías convencionais, un 18,2 %. O crecemento na mercadoría fóra de contedor débese, principalmente, ao movemento observado en pasta de papel, madeira, produtos siderúrxicos e froita. O incremento nos graneis sólidos débese aos grandes volumes descargados en 2024 de achas de madeira e tamén foron importantes as descargas de cereais, fariñas e pensos.

Unha traxectoria diferente ao tráfico de mercadorías no porto de Marín é a que seguiu o de Vilagarcía en 2024. Debido á caída no tráfico de graneis, en particular os graneis sólidos (-27,9 %), os resultados finais reflicten un descenso no total dun 8,6 %. Con todo, hai que sinalar que o tráfico de mercadorías xerais, tanto en contedor como fóra de contedor, tivo unha variación positiva.

Aínda que os 1,4 millóns de toneladas transportadas supoñen o cuarto mellor rexistro da historia, polo que hai que valorar a contía da mercadoría transportada, o certo é que a diminución dos graneis sólidos prexudicou estes resultados. O problema residiu nunha redución xeneralizada nas exportacións posto que as mercadorías importadas mantiveron unha dinámica similar á de 2023. Unha mercadoría que fora clave no comercio dese ano foi o balastro, grava que se pon baixo as vías férreas, e que desde Vilagarcía se enviaba a México. A finalización destes envíos supuxo unha significativa caída nas súas estatísticas. Unha das principais preocupacións para manter a actividade é a situación no Mar Roxo polo que habitualmente pasan navíos cunha carga destinada ao porto da ría de Arousa, en especial o metanol, utilizado para as colas e para a industria do taboleiro.

Por último, a actividade no porto de Vigo en 2024 medrou un 17,7 % grazas ao espectacular incremento do tráfico de mercadoría en contedores (25,3 %) e dun modo convencional (16 %). Iso contrarrestou a baixada nos graneis sólidos (-17,8 %), cuxo volume e peso relativo é moi inferior ao dos portos da Coruña ou aos de Ferrol-San Cibrao. Estes tan só representan o 4,6 % do volume total facturado. Tamén, do mesmo xeito que na Coruña, 2024 non mellorou os datos de 2023 na pesca fresca, aínda que se segue mantendo como o primeiro porto de España no tráfico desta especialidade.

A Autoridade Portuaria subliña o aumento de case un millón de toneladas no tráfico de mercadorías e lembra a boa posición que foi alcanzando o porto nos últimos anos en canto á conectividade. Actualmente só é superado por Valencia, Barcelona e Alxeciras, de tal modo que pode transportar mercadorías a calquera parte do mundo a prezos competitivos.


Das principais mercadorías transportadas sobresaen, como cabería agardar, a automoción. En 2024 movéronse 657.000 automóviles, cifra relativamente similar á de 2023 (654.591). En 2024 foi moi significativo o transporte a Brasil e Alxeria de pezas de vehículos, que supuxo un tráfico de 221.305 toneladas. Estes datos reforzan a posición española do porto de Bouzas. A Autoridade Portuaria salienta que a loxística da automoción é un eixe estratéxico para o Porto de Vigo.

Doutra banda, o tráfico en contedores cunha contía de 3,3 millóns de toneladas e unha subida do 25,3% reforza o papel no noroeste de España da terminal de contedores de Guixar. Unha boa parte transportan produtos do sector da automoción a través das autoestradas do mar, en especial, a de Nantes-Saint Nazaire utilizada por Stellantis.

En canto ás autoestradas do mar, a novidade en 2024 foi a apertura dunha nova autoestrada que conecta Vigo co porto belga de Zeebrugge en Bruxas e que, aínda que tamén se centra no tráfico de coches e as súas pezas, transporta ademais outro tipo de mercadorías. As outras dúas autoestradas son a de Vigo a Tánxer e a Liverpool, nas que se agardaba aumentar o tráfico de peixe.

Gráfico 9

Crecedemento do tránsito portuario nos portos galegos
Taxas de variación interanuais (en %)



En suma, os produtos nos que está especializado en 2024 o porto de Vigo son automóbiles (999.022 toneladas), pesca conxelada (668.577), metais (384.743), froita (286.264) e cemento (260.036).

Por outro lado, múltiples son as actuacións previstas para mellorar esta infraestrutura en Vigo. A maiores, cómpre destacar a conexión vía férrea coa PLISAN (situada nos municipios pontevedreses de Salvaterra-As Neves) coa posta en servizo dun apartadoiro que permitirá a súa conexión cos peiraos de Guixar e supoñerá o impulso que necesita esta plataforma loxística.

Como nos *Informes* precedentes, nas dúas últimas filas do cadro 10 recóllense os datos para 2023 e 2024 dos contedores e do número de buques que se moveron nos portos galegos. En canto aos contedores, a unidade de medida (TEU) representa a capacidade estándar dun contedor de 20 pés de longo. Neste cadro obsérvase a gran concentración deste tipo de transporte no porto de Vigo, que absorbe o 75,8 % do total e mostra unha dinámica moi expansiva. Ademais, apréciase o seu predominio nos portos da provincia de Pontevedra, onde este transporte se incrementou de forma notable en 2024. No referente á Autoridade Portuaria da Coruña apenas ten relevancia, mentres que a nota negativa en 2024 foi a caída dun 44,2 % nos portos da Autoridade Portuaria de Ferrol, achacable por este organismo, como xa se indicou, á situación do Mar Roxo e do canal de Suez. Afortunadamente, os resultados dos primeiros meses de 2025 da terminal de contedores do porto exterior operada por Yilport sinalan unha recuperación deste tráfico.

Finalmente, en canto ao tráfico marítimo de pasaxeiros, no cadro 11 preséntanse os resultados dos cruceiros que desembarcan nos portos de interese xeral en Galicia. Estes movementos concéntranse nos portos de Vigo e A Coruña e, en especial, neste último. A novidade en 2024 é a incorporación ao tráfico de cruceiros do porto de Marín. En 2024, na Coruña entraron 35 cruceiros máis que en 2023 e consolídase como a principal referencia en Galicia, xa que Vigo experimentou un descenso con 13 cruceiros menos. As cifras de 2024 supoñen un récord de cruceiristas na Coruña e a Autoridade Portuaria estima que achegaron á cidade e á súa área metropolitana uns ingresos de entre 35 a 40 millóns de euros. Así, tras a pandemia a evolución deste xeito de facer turismo en Galicia está a ser positiva e, aínda que están moi lonxe dos datos nos portos mediterráneos (o de Barcelona moveu 3.655.981 de pasaxeiros) ou dos das Illas Canarias, constitúen un interesante pulo para as actividades galegas que atenden o sector turístico.

Cadro núm. 11
Tráfico de cruceiros (número)

	2020	2021	2022	2023	2024*
Pasaxeiros					
A Coruña	6.586	30.177	222.723	323.991	406.613
Ferrol-San Cibrao	3.040	3.096	13.244	6.571	13.294
Marín-Ría de Pontevedra	0	0	0	0	765
Vigo	9.425	34.656	173.220	223.752	211.193
Vilagarcía	0	1.166	2.076	1.375	1.959
Total portos galegos	19.051	69.095	411.263	555.689	633.824
Total portos do Estado	1.369.361	2.219.083	8.184.159	12.025.879	12.837.550
Cruceiros					
A Coruña	5	31	137	131	166
Ferrol-San Cibrao	2	5	15	14	20
Marín-Ría de Pontevedra	0	0	1	0	1
Vigo	7	28	91	99	86
Vilagarcía	0	4	5	6	8
Total portos galegos	14	68	249	250	281
Total portos do Estado	744	2.104	4.528	4.500	4.700

*Os datos do ano 2024 son provisionais.

Fonte: Portos do Estado, Ministerio de Transporte e Mobilidade Sostible e elaboración propia.

O Sector bancario



O contexto exterior do sector bancario galego

O contexto exterior do sector bancario galego en 2024 pode cualificarse como claramente favorable, xa que presentou ao mesmo tempo unha situación de crecemento significativo da actividade económica coa estabilización da subida dos prezos. Consonte ás cifras proporcionadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE), o produto interior bruto (PIB) creceu un 2,8 % en Galicia durante o ano 2024, algo menos que a cifra proporcionada polo Instituto Nacional de Estatística (INE) para o conxunto da economía española, pero moi por enriba do 0,9 % facilitado por Eurostat para o conxunto dos países da Unión Económica e Monetaria (UEM). Este aumento veu acompañado dunha redución na velocidade da alza dos prezos, paralela á experimentada no conxunto da UEM, e que deixou a taxa de variación interanual do índice harmonizado de prezos de consumo (IHPC) movéndose moi preto do 2 % que determina o obxectivo de medio prazo do Banco Central Europeo (BCE). O comportamento relativamente estable da inflación explícase, sobre todo, polo impacto da transmisión das medidas restritivas de política monetaria adoptadas polo BCE nos dous anos anteriores e, en menor medida, pola redución dos prezos da enerxía como resultado do axuste dos mercados enerxéticos ás condicións creadas pola guerra entre a Federación Rusia e Ucraína.

A converxencia da taxa de inflación cara ao seu obxectivo de medio prazo e o lento crecemento da actividade económica nos países da UEM permitíronlle ao BCE baixar os seus tipos de xuro na segunda metade do ano e continuar co proceso de "normalización" da súa operativa, revertendo as medidas extraordinarias adoptadas na década anterior para soste a economía dos países da UEM

dianete dos efectos da crise financeira global iniciada en 2007. Así, o BCE continuou durante 2024 co programa de contracción do tamaño do seu balance, liquidando anticipadamente as súas operacións de refinanciamento de longo prazo e reducindo as súas carteiras derivadas de programas pasados de compra de activos financeiros vencellados á crise financeira e á pandemia da COVID-19 ata baixar medio trillón de euros adicional no seu balance.

No mes de marzo, o Consello de Goberno do BCE aprobou modificacións no seu marco operativo, que estableceron o tipo das súas facilidades de depósito como tipo de referencia para as súas medidas de política monetaria. Este é o tipo de xuro que as entidades de depósito reciben polos seus depósitos a un día no BCE e constitúe o "chan" do sistema de tipos de xuro das economías dos países da UEM. Este tipo mantívose no 4 % durante a primeira metade do ano, pero a confianza do Consello de Goberno do BCE no carácter duradeiro do descenso na taxa de inflación impulsou as decisións de recortar o seu valor nun 0,25 % en catro ocasións; en concreto nos meses de xuño, setembro, outubro e




decembro. Deste xeito, o valor do tipo de xuro das facilidades de depósito do BCE pechou o ano no 3 %.

Unha consecuencia directa da política monetaria menos restritiva foi o abaratamento de crédito bancario. Aínda que as entidades de depósito españolas responderon a esta medida reducindo a remuneración dos seus depositantes, o nivel dos tipos de xuro dos depósitos bancarios era xa moi baixo ao comezar o ano 2024, o que limitou a capacidade das entidades para levar a cabo reducións significativas dos mesmos. De aí que, en conxunto, o diferencial entre ambos os tipos de xuro se deteriorase levemente ao longo do ano. Porén, esta pequena diminución no diferencial viuse máis que compensada polo aumento na demanda de préstamos por parte dos fogares e as empresas, de xeito que a rendibilidade do sistema bancario español continuou mellorando.


A evolución das entidades bancarias en Galicia

Despois dun período de relativa estabilidade no sector de entidades de depósito en España, no ano 2024 volveron poñerse en marcha mecanismos que potencialmente poden incrementar o xa elevado grao de concentración do sector. Neste sentido, a noticia máis relevante foi o anuncio por parte do BBVA da súa intención de adquirir o Banco Sabadell no mes de maio. De producirse esta operación, que un ano despois aínda non se materializou, as consecuencias para a estrutura do sector de entidades de depósito en Galicia serían moi significativas. Medindo a cota de mercado das entidades a través do único indicador dispoñible, que é o número de oficinas abertas no territorio da comunidade autónoma, a situación a 31 de decembro de 2023 (última data dispoñible) amosa un lento pero inexorable aumento da concentración; de xeito que apenas seis grupos bancarios acaparan o 95,2 % das oficinas.



Case a metade da rede está operada por entidades pertencentes a grupos que manteñen o seu centro de decisión en Galicia, en concreto Abanca e Caixa Rural Galega. Entre as dúas operan o 48,7 % das oficinas abertas en Galicia.

A pretendida adquisición do Banco Sabadell, cabeza dun grupo que ten abertas o 6,2 % do total de oficinas das entidades de depósito en Galicia, implicaría a absorción dun dos grupos con presenza significativa na comunidade autónoma, reducindo o seu número a só cinco. Aínda tendo en conta o inevitable peche de oficinas consideradas redundantes, a operación situaría o grupo BBVA, que a finais de 2023 operaba o 12 % da rede de oficinas, como o segundo máis importante despois do de Abanca e claramente por enriba do Banco Santander, propietario do 15 % das oficinas existentes en decembro de 2023.



Nun mercado tan concentrado, as entidades de depósito operantes en Galicia viron medrar a súa rendibilidade durante o ano 2024, principalmente a través da subida da súa marxe de xuro impulsada pola

Gráfico 14
Número de afiliados á Seguridade Social
en alta laboral no sector bancario en Galicia




Gráfico 15
Tipos de depósitos do sector privado
en entidades de depósito en Galicia (en %)





Gráfico 16
Oficinas das entidades de depósito en Galicia por concello
Datos a 31 de decembro de 2024



recuperación da demanda de crédito (malia que o crecemento da marxe de xuro foi inferior ao rexistrado en 2023), pero tamén polo aproveitamento da súa capacidade para establecer comisións ás operacións dos seus clientes.

O tamaño da rede de oficinas das entidades de depósito mantívose relativamente estable durante o ano 2024. O número de oficinas reduciuse por 15^º ano consecutivo, pero nunha cantidade tan pequena que non impediu que o número de traballadores afiliados á Seguridade Social en situación de alta laboral no sector aumentase. O ritmo de crecemento dos depósitos captados por parte das entidades permaneceu tamén estable, e o fenómeno máis relevante na operativa dos bancos en Galicia foi a recuperación da actividade de crédito, que volveu subir despois da contracción provocada pola brusca alza dos tipos de xuro experimentada en 2023.

O cambio na tendencia da evolución dos tipos de xuro en 2024 freou a leve recuperación dos depósitos a prazo, que non chegaron a acadar en ningún momento do ano o 18 % dos depósitos totais do sector privado (empresas e fogares) nas entidades de depósito operantes en Galicia. Estas cifras son historicamente baixas, confirmando a utilización maioritaria dos depósitos bancarios como medio de pago e a súa práctica desaparición como opción de aforro nas carteiras dos clientes galegos das entidades de depósito.

Outro dos previsibles impactos da oferta pública de adquisición (OPA) do BBVA sobre Banco Sabadell, no caso de que chegue a materializarse, será a probable diminución do número de concellos galegos que dispoñen dunha oficina bancaria. A 31 de decembro de 2024, 54 dos 313 concellos galegos, cunha poboación de aproxi-

madamente 67.000 persoas, non teñen ningunha. Esta situación afecta particularmente a provincia de Ourense, onde case un terzo dos concellos, 30 dun total de 92, están desprovistos de oficina bancaria.

IX. Sector turístico

- En 2024 incrementáronse os valores do turismo acadados no ano anterior. Neste ano aloxáronse nos establecementos galegos máis de 7,2 millóns de viaxeiros.
- O turismo nacional é o de maior importancia en Galicia, con máis de 3 millóns de viaxeiros que superan, de media, as dúas noites de estadía. Entre eles, os madrileños e andaluces supoñen o 19,5 % do total.
- Os portugueses e estadounidenses seguen liderando a lista dos turistas internacionais que chegan a Galicia.
- A estacionalidade continúa sendo unha característica fundamental do turismo en Galicia, o que se aplica a todos os tipos de aloxamento, concentrándose nos meses de xullo e agosto.
- As Terras de Santiago de Compostela seguidas da Ría de Vigo e o Baixo Miño e a Ría de Arousa, son as tres áreas turísticas con maior demanda hoteleira.
- Destaca o auxo das vivendas de uso turístico (VUT), pasando de 95.778 en 2023 a 115.761 en 2024. Este aumento, dun 20,86 %, mantén Galicia como sexta rexión de España con maior número de VUT.
- Os municipios costeiros e as capitais de provincia encabezan a presenza de VUT. En primeiro lugar sobresaen Sanxenxo, seguido de Vigo.
- Sanxenxo, Fisterra e Carnota son os tres concellos galegos coa *ratio* de VUT por volume de vivendas máis elevada de toda a comunidade.
- A chegada de peregrinos incrementouse con respecto a 2023. O Camiño Francés aínda é o máis frecuentado, pero sofre unha baixada debido ao auxo do Portugués e do Norte.
- Descenso dos ocupados no sector turístico en 2024, cunha variación negativa do 1,2 % fronte ao ano anterior.

Introdución

A importancia do turismo na economía galega está fóra de toda dúbida. Estamos ante un sector que achegou o 13,5 % do PIB galego en 2024 e que, segundo datos de Exceltur (2025), pechou o ano cun crecemento do 6,7 % en ingresos. Consolídase así como un dos destinos máis destacados do norte peninsular xunto con Asturias (+ 8,3 %), País Vasco (+7,6 %) e Cantabria (+5,9 %).

Cadro núm. 1
Principais indicadores de turismo de Galicia no período 2023-2024

	2023	2024
Viaxeiros aloxados (millóns)	7,02	7,29
Noites (millóns)	13,38	13,63
Estadía media (noites)	1,91	1,87
Ingresos hoteleiros (millóns de euros)	405,10	431,20
% recuperación demanda 23-24/19	109,90	112,30
Prazas (miles)	103,30	104,30

Fonte: INE.

ano 2024, aloxáronse en Galicia un total de 7.290.000 turistas (cadro 1), o que supón un 1,7 % máis que o ano pasado, 2023. Estes turistas realizaron un total de 13.630.000 noites, cunha estadía media de 1,85 noites. Esta boa conxuntura significa uns ingresos hoteleiros de 431.200.000 millóns de euros. Á hora de explicar este feito é necesario ter en conta a subida dos prezos en todos os sectores de actividade económica, entre os que o turismo non é unha excepción. Hoteis, restaurantes e negocios de lecer foron dos que máis subiron os seus prezos. A pesar disto, os cidadáns seguen dedicando unha parte importante das súas economías a viaxar e facer turismo.

Respecto do emprego (cadro 2), Galicia representa un 4,6 % do emprego nacional en hostalería, axencias de viaxes e operadores turísticos. Se atendemos aos datos da enquisa de poboación activa

(EPA), a poboación ocupada no sector é de 125.000 persoas en 2024, un 1,20 % menos en relación a 2023; se ben as afiliacións no sector rexistraron un aumento do 3,10 %. Cómpre sinalar que, se ben hai 13.812 persoas en situación de desemprego (o que supón unha variación anual do 6,8 %), se observa una redución da taxa de temporalidade nos contratos.

Cadro núm. 2
Emprego no sector turístico

	2023	2024	% variación
Ocupados segundo a enquisa de poboación activa (EPA)	127.162	125.599	-1,2
Afiliacións	83.252	85.872	3,1
Parados	12.932	13.812	6,8
Taxa de asalariados	77,1	76,7	-0,4
Taxa de temporalidade	19,3	18,7	-0,6

Fonte: INE.

A oferta de aloxamento en Galicia

Con 269.569 prazas ofertadas entre todas as modalidades de aloxamento turístico (un 11,5 % máis que no ano 2024) (cadro 3), o turismo galego consolida o seu ciclo de crecemento e evolución á alza.

Cadro núm. 3
Establecementos de aloxamento turístico en Galicia. Datos a xaneiro de cada ano

	2023		2024		% variación aloxamentos	% variación prazas
	Aloxamentos	Prazas	Aloxamentos	Prazas		
Hotel	936	57.540	942	57.970	0,6	0,7
Pensión	1.355	23.957	1.407	24.720	3,8	3,2
Albergue turístico	476	16.269	496	16.535	4,2	1,6
Turismo rural	537	6.694	534	6.629	-0,6	-1,0
Cámping turístico	150	34.060	159	33.958	6,0	-0,3
Apartamento turístico	384	11.314	431	11.830	12,2	4,6
Vivenda turística	219	1.215	218	1.203	-0,5	-1,0
Vivenda uso turístico	17.102	90.765	21939	116.724	28,3	28,6
Total	21.159	241.814	26.126	269.569	23,5	11,5

Fonte: IGE.



Os hoteis e pensións, que constitúen o sector hoteleiro regrado, destacan en canto ao volume de establecementos. Con todo, é de salientar o número de vivendas de uso turístico (VUT) que se contabilizan (máis de 20.000).

Cadro núm. 4
Vivenda de uso turístico (VUT) en Galicia. Datos a mes de agosto de cada ano

	Vivendas turísticas			Prazas		
	2020	2023	2024	2020	2023	2024
A Coruña	4.963	6.694	8.129	26.295	35.305	42.272
Lugo	1.586	2.558	2.998	8.511	13.391	16.099
Ourense	637	924	1160	3.415	5.009	6256
Pontevedra	5.362	7.904	9.696	28.829	42.073	51.134
Galicia	12.548	18.080	21.983	67.050	95.778	115.761

Fonte: INE.

pecto das modalidades de aloxamento que perden peso, están o turismo rural, cun descenso do 0,6 %, e as vivendas turísticas, cun -0,5 %.



Se atendemos á evolución entre 2023 e 2024, apreciamos que as VUT experimentaron un aumento en torno a un 28 %, mentres que os apartamentos turísticos o fixeron nun 12,2 %. Aínda que no caso da hostalería tamén se rexistra unha tendencia a alza, esta é moito máis moderada, cun 0,6 % nos hoteis, e un 3,8 % nas pensións. Res-

Centrándonos nas VUT, Galicia ocupa o sétimo lugar no contexto español, cun 5,5 % do total de VUT, despois de comunidades autónomas como Andalucía, Comunidade Valenciana, Cataluña e Canarias (con valores que oscilan entre o 22,3 % e o 12,9 %), Illas Baleares e Comunidade de Madrid (con cifras máis próximas ás galegas, do 6,8 % e do 5,7 %, respectivamente).

Pontevedra é a provincia que contabiliza máis VUT, cun total de 9.696 en agosto de 2024. Foi a que rexistrou incrementos superiores ao 80 % en relación a 2020, aínda que ditas porcentaxes tamén se acadaron en Lugo (89 %) e Ourense (82,1 %). Con todo, atendendo á evolución respecto a 2023, malia que a variación se mantivo en torno a un 20 % en todas as provincias, foi en Ourense onde se produciu un maior aumento (25,5 5 %); se ben o volume de VUT supera lixeiramente o millar, seguida de Pontevedra e A Coruña (cun 22,7 % e 21,4 %), e Lugo (17,2 %), onde se contabilizan case 3.000 VUT.

En termos de prazas, as VUT en agosto de 2024 supuñan unha oferta de 115.761 prazas (20,9 %), un 72 % máis en relación con 2020. Pontevedra e A Coruña aglutinan o 80,78 % do total, mais é Pontevedra a que destaca con 42.073 unidades. Ourense oferta 13.391 e Lugo 5.009.

Se analizamos a *ratio* de VUT en relación ao total de vivendas (gráfico 1), observamos a presenza que vai adquirindo este

Figura 2
Distribución territorial do número de prazas en vivendas de uso turístico





Figura 3
Ratio do número de vivendas de uso turístico sobre o total de vivendas



tipo de aloxamento. Se no ámbito da comunidade autónoma en 2020 a *ratio* estaba arredor do 0,78 %, na actualidade significa o 1,25 %. Unha porcentaxe esta última que tan só é superada na provincia de Pontevedra (1,83 %), que xa partía en 2020 dun valor do 1,10 %. Na provincia da Coruña a *ratio* está en 1,18 %, pero chama a atención que Lugo xa teña un 1,11 %. Ourense, pola súa vez, mantén unha cifra baixa do 0,43 %.

A escala municipal apreciamos que os municipios costeiros son os que aglutinan un maior volume de VUT, xunto coas capitais de provincia (figura 1, 2). Neste sentido cómpre destacar que Vigo é o que presenta un maior número de establecementos desta categoría (1.616), cunha media de prazas por VUT de 4,3. Séguese a curta distancia Sanxenxo, con 1.579 unidades, que ofertan un maior volume de prazas (8.465) ao rexistrar unha media de 5,4 prazas por vivenda. O terceiro posto ocúpao A Coruña, con 1.023 VUT, e 4.486 prazas, dando unha *ratio* de 4,4 por vivenda.

Outros municipios como Santiago de Compostela e O Grove superan as 600 unidades e as 3.000 prazas, mentres que termos municipais localizados na costa como Cangas, Poio, Vilagarcía de Arousa, Foz ou Pontevedra anotan máis de 400 unidades por riba das 2.000 prazas. Sete municipios superan as 300 VUT, concretamente Ribeira, Viveiro, Baiona, Carnota, Fisterra e as cidades de Ourense e Ferrol; e trece presentan máis de 200, entre os que se atopan Barreiros e Ribadeo na Mariña lucense, Malpica, Cambados, Bueu, Vilanova de Arousa, Porto do Son ou Muros.

En canto á *ratio* de VUT por volume de vivendas (figura 3), as estatísticas do inexistente amosan que Sanxenxo é o que prevalece no ranking, cunha *ratio* de 8,88; se ben Fisterra e Carnota tamén se aproximan (8,52 % e 8,33 % respectivamente). Concellos como Corcubión e O Grove roldan valores do 7,57 % e do 6,86 % respec-

tivamente. mentres que outros como Muxía, A Illa de Arousa, Laxe, Barreiros e O Vicedo presentan unha *ratio* maior ao 5 %. Os municipios que acollen as sete principais cidades galegas rexistran datos moito máis moderados. Por riba do 1 % están Santiago (1,16 %), Vigo (1,12 %) e Lugo (1,11 %), mentres

Cadro núm. 5
Evolución mensual de oferta de prazas en aloxamentos turísticos en Galicia. 2024

	Hotels	Cámpings turísticos	Apartamentos turísticos	Aloxamentos de turismo rural	Albergues	Total
Xaneiro	42.428	6.848	7.211	3.300	3.767	63.554
Febreiro	47.327	7.812	7.426	3.675	5.373	71.613
Marzo	56.660	11.761	7.953	4.746	8.669	89.789
Abril	61.910	16.702	7.894	5.165	13.673	105.344
Maio	64.951	15.124	8.016	5.417	14.938	108.446
Xuño	69.204	34.289	8.608	5.641	15.064	132.806
Xullo	73.981	40.315	12.078	5.981	15.846	148.201
Agosto	75.764	41.581	12.879	5.973	15.933	152.130
Setembro	71.487	29.918	10.591	5.670	14.809	132.475
Outubro	66.069	8.532	8.448	4.945	12.036	100.030
Novembro	54.708	6.922	7.728	4.195	6.573	80.126
Decembro	47.961	6.492	7.607	3.606	4.773	70.439

Fonte: INE.

que o resto oscila entre o 0,97 % de Pontevedra e o 0,29 % de Ourense (A Coruña e Ferrol acadan un 0,75 % e 0,73 % respectivamente)

Os efectos da estacionalidade da actividade turística fanse patentes tanto no volume de establecementos como no número de prazas que se ofertan ao longo do ano (cadro 5). En relación ás prazas dos aloxamentos colectivos obsérvase que valores máis baixos se corresponden co mes de xaneiro, cando se superan só lixeiramente as 63.000 prazas; mentres que os máis altos coinciden co mes de agosto, por riba das 152.000 prazas. No que atinxe ás VUT, a estacionalidade afecta principalmente ás provincias da Coruña, que perde un 13,6 % (7.156 unidades); Pontevedra e Lugo, as cales rexistran unha redución en torno a un 11 % (8.721 e 2.679 respectivamente). Ourense é a que menos variabilidade presenta na oferta, cunha diminución do 3,6 % (1.120 unidades).

A demanda turística en Galicia

En termos xerais o turismo en Galicia amosa unha tendencia á alza tanto no referente ao número de viaxeiros que chegaron á nosa comunidade como no número de noites. Ao longo de 2024 Galicia recibiu 7.290.561 viaxeiros, o que supón un incremento do 3,8 % respecto a 2023 (cadro 6). Á hora de explicar este aumento é preciso ter en conta a importancia do turismo internacional, que medrou case un 8 %, acadando máis de 2.650.000 viaxeiros. En calquera caso, dos tres mercados considera-

dos (interno, nacional e internacional), o máis relevante segue a ser o turismo receptor nacional (turistas españois que non son galegos), con máis de 3.100.000 viaxeiros. Neste sentido, o turismo interno (que realizan os propios galegos en Galicia) mantén un volume considerable, con máis de millón e medio de viaxeiros.



Cadro núm. 6
Demanda turística nos aloxamentos galegos. Ano 2024

	Viaxeiros	2024 Noites	Estadía media
Turismo interno	1.529.514	3.127.083	2,04
Turista nacional	3.103.320	6.386.153	2,06
Turista internacional	2.657.725	4.117.233	1,55
Total turistas	7.290.561	13.630.469	1,87

Fonte: INE.

En canto ás noites, superáronse os 13.600.000 noites de aloxamento; unha cifra que supón un crecemento lixeiramente inferior ao 2 % en relación co ano 2023. De novo, repítense os padróns anteriores en función dos diferentes mercados emisores. O segmento máis significativo é o turismo receptor nacional, con case 6.400.000 noites, seguido do turismo internacional, con máis de 4.100.000 noites. Por último, é igualmente importante o volume do turismo interno galego, con máis de 3.100.000 noites.

Dos tres ítems que consideramos (viaxeiros, noites, estadía media) é este último o único que anota unha evolución negativa, se ben a baixada é moi cativa. Os datos amosan que se pasa de 1,91 noites de media en 2023 a 1,87 en 2024. Esta lixeira diminución da estadía media, que xa era inferior a 2, en calquera caso, ten que ver co incremento dos *short breaks*, coa maior segmentación das vacacións ao longo do ano e co aumento da accesibilidade aérea, terrestre e ferroviaria, a Galicia; o que permite desprazamentos máis rápidos desde os lugares de orixe e pode levar a estadias máis curtas.



Se analizamos a demanda nos establecementos turísticos en Galicia, e nos fixamos tanto no ano 2023 como en 2024, observamos en ambos os dous casos unha marcada estacionalidade (gráfico 2). Os valores máis baixos acádanse en xaneiro, mentres que os máximos corresponden con agosto. Así, se nos detemos en 2024, no mes de agosto anotáronse máis de 2.700.000 noites, un valor que tamén se alcanzou en 2023.

A análise comparativa da variación da demanda turística entre 2023 e 2024 (gráfico 3) amosa, pola súa banda, que existen comportamentos diferenciais á alza en meses como marzo, maio e novembro, ligados a conxunturas e características do calendario e á disposición dos días festivos respecto aos fins de semana, o que pode condicionar as viaxes. De igual xeito, abril rexistra unha variación negativa a consecuencia da mobilidade dos festivos correspondentes coa Semana Santa. En todo caso, é importante salientar que os meses de verán (xuño, xullo, agosto) presentan todos eles variacións moi cativas, ben á alza ou ben á baixa.

Estes datos suxiren que a demanda turística galega segue estando moi concentrada nos meses de verán, o que indica que posúe unha importante estacionalidade. Porén, hai algúns signos dunha certa desestacionalización, que conviría promover para lograr así unha repartición da demanda turística máis homoxénea ao longo do ano.

Polo que se refire á distribución dos principais mercados turísticos (mercados emisores de turismo) (cadro 7), é a propia comunidade autónoma de Galicia a que achega máis turistas, cun valor

de practicamente o 23 %. Este dato é coherente co de anos pasados e subliña a importancia que os galegos e as galegas lle dan ao turismo de proximidade. Dentro deste turismo interior en Galicia, hai que salientar o turismo nos meses de verán e, por áreas xeográficas, as Rías Baixas como destino maioritario.

Cadro núm. 7
Procedencia dos turistas non galegos. Galicia. Ano 2024

Espaníais		Estranxeiros	
Procedencia	Porcentaxe	Procedencia	Porcentaxe
Madrid	13,5	Portugal	5,0
Andalucía	6,0	EE. UU.	3,0
Castela e León	4,8	Alemaña	2,4
Cataluña	4,3	Italia	1,8
Asturias	3,5	Reino Unido	1,5

Fonte: INE.

A seguinte comunidade por orde de importancia é Madrid, a principal por volume de turistas achegados. Cun 13,5 %, esta ampla afluencia de madrileños explícase pola tradición do veraneo litoral entre os residentes no centro da Península Ibérica, mais tamén polo feito de que hai un significativo continxente de galegos que emigraron á capital de España e retornan nos períodos vacacionais. Por último, é preciso ter en conta que as grandes melloras na accesibilidade terrestre facilitan enormemente a mobilidade cara a un destino que antes era considerado como periférico. A recente entrada en servizo do tren de alta velocidade que liga Madrid con Galicia nunhas tres horas explica tamén o incremento desta mobilidade.

A continuación, Andalucía (cun 6 %), Castela e León (4,8 %), Cataluña (4,3 %) e Asturias (3,5 %) son as seguintes comunidades autónomas polo que atinxe aos mercados turísticos interiores. A proximidade, no caso de Castela e León ou Asturias, e a presenza de tradicionais vínculos históricos debido á emigración, no caso de Cataluña, son factores explicativos.


Se ollamos agora cara aos mercados turísticos de fóra de España, Portugal acada a primeira posición, cun 5 % do total da demanda turística. De novo, a mellora na accesibilidade terrestre (neste caso, viaria) é un elemento fundamental para entender este volume de turistas. Ademais, hai que ter en conta a tradicional querenza dos portugueses do norte polo veraneo nas Rías Baixas e, moi concretamente, en Sanxenxo. Por outra banda, non se pode esquecer a práctica de turismo por motivos relixiosos, vencellada á realización do Camiño de Santiago portugués ou á visita a Santiago de Compostela.

De xeito moi significativo, o segundo mercado emisor estranxeiro son os Estados Unidos, cun 3 % do total. Se temos en conta o tempo e o custo de viaxe para vir a Compostela, hai que valorar esta cifra de maneira moi positiva. Sen dúbida, o turista estadounidense vén a Santiago atraído pola promoción da cidade e do Camiño que se fixo tanto desde institucións públicas como de xeito espontáneo (libros de Paulo Coelho, a película "The Way", de Martin Sheen etc.). En calquera caso, é un mercado moi relevante porque ten un elevado nivel de gasto e rexistra unha estadía moi superior á dos turistas de orixe europea.

Precisamente, son estes tradicionais países emisores como Alemaña (2,4 %), Italia (1,8 %) e o Reino Unido (1,5 %) os que veñen a continuación. Aínda que a partir do Xacobeo de 1993 constituíron, xunto con Francia, os principais mercados emisores, rexistraron unha perda de peso relativo. Malia que non aparecen na gráfica, é interesante tamén salientar a importancia crecente de Brasil, Australia ou Corea do Sur como novos mercados emisores, que enriquecen desde o punto de vista cuantitativo e tamén cualitativo o amplo abano internacional da demanda turística.

Polo que respecta á distribución da demanda turística no territorio galego a escala provincial (gráfico 4), os datos amosan que as provincias atlánticas, A Coruña e Pontevedra, son as que anotan máis noites, cun volume case igual e lixeiramente inferior aos 5 millóns de noites por ano. Entre as dúas totalizan o 80 % das noites realizadas en Galicia en 2024.

No caso da Coruña, temos que ter en conta o atractivo de Santiago de Compostela en relación coas peregrinacións e o feito de que a cidade sexa Patrimonio da Humanidade. Ademais, na propia provincia destaca A Coruña, un destino de turismo urbano en auxe nos últimos anos. En menor medida, a cidade de Ferrol, o Golfo Ártabro no seu conxunto, a Costa da Morte ou a Ría de Muros e Noia, ao igual que Arousa Norte, son espazos de forte atractivo turístico. A unha maior distancia está Ourense, con 1.664.433 noites, un 14 % do total. A provincia na que se rexistran menor número de noites é Lugo, con 804.612, o que supón 6 % do conxunto galego.



En canto á variación en relación a 2023, vemos que a provincia que máis medra é Lugo, cun crecemento de 8,6 %. Esta gran subida débese, por unha parte, á situación de partida. Lugo é, das catro provincias, a que ten menor volume de noites. Por outra parte, entre os factores que explican o aumento da demanda turística están o atractivo da cidade de Lugo (coa súa Muralla Patrimonio da Humanidade) e o gran crecemento da actividade turística na Mariña de Lugo. Neste caso estamos ante un espazo de "sol e praia" que ata hai pouco tempo

non foi moi valorado polo turismo de fóra de Galicia debido ás súas temperaturas frescas mesmo no verán e ao gran número de días anubrados ao cabo do ano. Porén, o cambio climático e a suba xeral das temperaturas nos meses estivais en toda a Península Ibérica están a incrementar o valor da Mariña de Lugo como unha especie de "refuxio climático" onde se pode gozar de temperaturas suaves e durmir ben polas noites.


En relación coas outras provincias destaca o crecemento de Pontevedra, que incrementa en 3,7 % a súa demanda turística, na liña do éxito dos destinos das Rías Baixas, con Sanxenxo como principal espazo turístico litoral de Galicia. Ourense presenta unha variación do 1,1 %; mentres que A Coruña rexistra unha variación negativa do -0,3 %, o que non é significativo porque os valores absolutos da provincia herculina xa son moi elevados, e esta cifra é meramente circunstancial.

Se analizamos os espazos turísticos máis visitados en función das grandes áreas turísticas (gráfico 5), Terras de Santiago de Compostela segue a ser o principal atractivo de Galicia. Sen dúbida, a importancia da cidade de Santiago de Compostela como Patrimonio da Humanidade, ao igual que as peregrinacións ao longo dos diferentes camiños, explican que o 26 % da demanda teña a capital de Galicia como destino. De igual modo, a cidade evolucionou nos últimos tempos cara a un destino de turismo urbano e cultural, diversificando a súa oferta. Desde xeito, Compostela non atrae só turistas relixiosos, senón que son precisamente os turistas culturais os que constitúen maioría.

De entre as outras grandes áreas sobresaen dúas que corresponden claramente con destinos vacacionais, en concreto estivais; con máis do 16 % nos dous casos, a Ría de Arousa e a Ría de Vigo e Baixo Miño. As Rías Baixas son, alén de Santiago, o principal destino turístico galego, presentes na publicidade e no márketing turístico desde hai moitas décadas. Á presenza de sol e praia hai que engadir tamén o turismo náutico, que nos últimos anos experimentou un notable pulo.


Unha importancia algo menor presenta a área A Coruña-As Mariñas, cun 12,5 %. Aquí Miño e Pontevedra destacan como áreas de veraneo tradicionais para a poboación residente na provincia de Lugo. Aínda que as condicións climática non son tan idóneas como nas Rías Baixas, este tipo de turismo ten unha presenza significativa.

Gráfico 5
Demanda turística por áreas turísticas



A máis distancia sitúanse xa as áreas de Lugo-Terra Chá (6,2 %) e a Ría e Terras de Pontevedra (5,8 %), con valores tamén significativos. Terras de Ourense-Allariz (3,9 %), Mariña Lucense (3,8 %), Costa da Morte e Ferrolterra (ambas con 3,5 %) son as seguintes por volume de turistas. Cifras menores son acadadas por comarcas de turismo interior como Ribeira Sacra, O Ribeiro, Ancares-Courel ou Manzaneda-Trevinca. Nestes dous últimos casos evidénciase que o turismo de natureza, de montaña e invernal en Galicia non acadou aínda un gran desenvolvemento, como si se pode apreciar noutras comunidades autónomas como Cataluña, País Vasco ou Madrid.

Gráfico 6
Distribución da demanda turística segundo as tipoloxías de aloxamento




En canto á tipoloxía de aloxamento pola que se decantan os turistas, cómpre destacar que o hotel segue a ser a predominante, con case o 60 % do total da demanda (gráfico 6). A continuación veñen as pensións, cuxa importancia está vencellada ao fenómeno das peregrinacións a través dos camiños de Santiago, onde os peregrinos optan por aloxamentos de prezos máis modestos. O peso das pensións é do 13,4 % entre o total dos aloxamentos turísticos. Tamén son relevantes os albergues, con máis do 10 %, unha modalidade de aloxamento que está relacionada, ao igual que no caso anterior, coa peregrinación e os camiños de Santiago.

A continuación, os cámpings, cun 9 %, supoñen unha opción máis económica para desfrutar da natureza e dos espazos costeiros e litorais. Aínda que as condicións climáticas de Galicia non son as máis idóneas para a práctica do campismo, cada vez hai máis turistas que se decantan por esta modalidade turística, sobre todo familias e tamén parellas que viaxan con caravanas e semellantes. Se ben os apartamentos turísticos supoñen algo menos do 6 % da demanda, é presumible que exista un importante número de VUT que se sitúan fóra da oferta regrada e, polo tanto, non figuran nestas estatísticas oficiais.

Por último, o turismo rural descende ata valores inferiores ao 3 %, de acordo cos factores aos que aludimos anteriormente. O esgotamento desta tipoloxía de turismo é evidente en Galicia, talvez polo exceso de oferta e de promoción sen unha verdadeira diversificación da oferta complementaria, o que fai que deixe de ser atractiva para a demanda.

Ao relacionar o tipo de establecemento coa procedencia dos turistas (gráfico 7), pódese observar que no caso dos establecementos hoteleiros practicamente a metade dos turistas proceden do receptivo nacional, isto é, son turistas doutras comunidades autónomas.



O seguinte segmento son os estranxeiros, que supoñen o 28,5 %, mentres que os galegos son só o 21,6 %. Este último dato é lóxico se temos en conta que moitos galegos e galegas posúen segundas residencias e, polo tanto, presentan unha menor dependencia dos aloxamentos por conta allea.

Polo que atinxe aos apartamentos turísticos, ao igual que no caso dos hoteis, practicamente a metade dos visitantes pertencen a outras comunidades

autónomas do Estado. Porén, en canto á proporción de turistas estranxeiros e turistas galegos, a situación invertece. Os galegos e galegas significan o 27,2 %, por un 23 % os internacionais.

Un tipo de aloxamento interesante e diferente son os cámpings, modalidade na que os turistas galegos son maioría, co 51,4 %. Neste caso estamos ante unha práctica tradicionalmente estival, moi vencellada á presenza de caravanas cunha serie de equipamentos complementarios ("porche", avance, mesas e cadeiras etc.) que converten nun segundo fogar moitos cámpings galegos. Os turistas do resto de España supoñen menos do 28 % e os internacionais só o 21,1 %.

Polo que respecta ao turismo rural, como cabía agardar, a presenza dos turistas galegos é a menor, por debaixo do 25 % do total. Así, nin sequera un de cada catro turistas aloxados en turismo rural son galegos. O turismo receptivo nacional anota o 46,1 % e o internacional o 29,2 %.

Por último, no caso dos albergues o segmento maioritario é o turismo internacional (54,9 %). A continuación aparecen os turistas do resto de España (40,7 %). Como era de esperar atopamos unha cifra moi baixa de turistas galegos, só o 4,4 %.

Estadía media e gasto turístico

Se analizamos os datos evolutivos da estadía turística media nos establecementos turísticos no período 2016-2024, observamos que o ano 2020 é o que acada o valor máximo, con 2,38 noites. Este feito hai que relacionalo coas importantes restricións á mobilidade que estiveron en vigor en todo este ano. A dificultade de poder realizar viaxes fixo que os turistas incrementasen as estadías nos destinos. É dicir, viaxaron a menos destinos no conxunto do ano, pero estiveron máis tempo neles. En calquera caso, a evolución da estadía amosa unha tendencia á alza desde 2016 ata o ano prepandémico, 2019, cando se acadou un valor de 2,14 noites.

Con posterioridade á pandemia, a evolución da duración da estadía media será sempre á baixa, sendo inferior a 2 días xa desde 2022. No ano 2024, a duración da estadía é de 1,87 noites. O feito de que este valor sexa o máis baixo da serie ten que ver cunha volta aínda máis clara aos padróns de realización de turismo anteriores á pandemia. É dicir, viáxase a máis destinos e pásase menos tempo en cada un deles.

A outra gráfica ofrece información complementaria, xa que amosa a estadía media segundo a tipoloxía do aloxamento en 2024 en Galicia. A maior duración da estadía prodúcese nos cámpings, con 3,23 noites; relacionado co turismo lento e cunha forte importancia do turismo familiar estacional, que pasa unha ou dúas semanas no mesmo lugar, dentro dunha concepción máis clásica do veraneo tradicional. A continuación atopamos os apartamentos turísticos, con 2,85 noites, que nas áreas costeiras galegas se vinculan cun turismo estacional estival (non así nas cidades, nas que a duración da estadía é menor).

Polo que atinxe aos hoteis, estes presentan unha estadía media lixeiramente inferior ás 2 noites, un valor semellante aos establecementos de turismo rural. Albergues e pensións son, pola súa banda, os aloxamentos que rexistran unha menor duración da estadía, como é lóxico, tendo en conta que en gran parte dos casos os hóspedes son peregrinos que realizan os camiños de Santiago e, polo tanto, están de paso polas diferentes localidades, permanecendo unha soa noite.

Se atendemos á escala provincial, vemos que é Pontevedra a que conta cunha estadía media de maior duración con 2,32 noites. Isto está claramente vinculado coa maior importancia do veraneo estival de sol e praia. Trátase dun turismo moi familiar que valora a tranquilidade de desfrutar dun destino durante un certo tempo, en moitos casos unha ou dúas semanas. O resto das provincias teñen estadías medias inferiores a 2, como é o caso de Ourense, con 1,96 noites, ou A Coruña, con 1,83. No caso coruñés, é certo que ten áreas litorais que poden asemellarse ás da provincia de Pontevedra, pero tamén conta con dúas cidades moi activas dentro do turismo urbano, como son Santiago de Compostela e A Coruña. E, evidentemente, nos destinos de turismo urbano baixa a estadía,

sobre todo se a comparamos co turismo estacional de sol e praia. Por último, Lugo presenta o valor máis baixo das noites, con tan só 1,80.

Polo que se refire aos destinos urbanos, todos eles rexistran estadias medias inferiores ás 2 noites. A Coruña é a cidade onde a estadia é maior, con 1,99. Curiosamente, a pesar da súa importancia como destino turístico, Santiago de Compostela ocupa o cuarto lugar, con 1,7 noites, o que se explica polo feito de que moitos peregrinos marchan da cidade en canto obteñen a compostela. Tamén, ao tratarse da cidade galega mellor conectada por vía aérea, é posible realizar viaxes máis curtas e aproveitar fins de semana ou pontes, o que inflúe en que a cidade teñan unha menor duración da estadia media. Lugo (1,97) e Ferrol (1,94) ocupan o segundo e terceiro lugar. Por último, Ourense e Vigo teñen cifras de 1,79 e 1,87 noites cada unha. E tamén, curiosamente, Pontevedra é a cidade cunha estadia menor, só 1,56 noites. Isto non ten que ver co maior ou menor atractivo turístico da cidade, senón que a maior parte dos visitantes se desprazan desde as localidades costeiras próximas (Sanxenxo, Poio etc.) onde pasan a noite.

Outro elemento importante á hora de analizar o turismo no ano 2024 ten que ver co gasto medio diario que realizan os propios turistas (cadro 8). Evidentemente, existen padróns e pautas de gasto diferentes en función da procedencia do turista.

Cadro núm. 8
Gasto medio diario do turista

	Gasto medio diario	Variación 2023-2024
Turismo interno	40,4	-6,8
Turista nacional	65,0	-2,7
Turista internacional	164,2	12,5

Fonte: INE.

Se nos fixamos no gasto medio diario, o turista internacional é con claridade o que máis diñeiro gasta por día, con 164,2 euros. A moita distancia aparece o turismo do resto de España (65 euros). En canto ao turismo interno, este presenta o menor nivel

de gasto, con só 40,4 euros. Deste xeito, o turismo internacional é o máis relevante para Galicia pola súa maior capacidade de gasto. Dentro del resulta especialmente interesante o que vén de fóra de Europa, pois tende a permanecer máis días no destino.


Un dato moi importante é a evolución moi positiva do turista internacional, que se incrementa un 12,5 % entre os anos 2023 e 2024. Isto pon de manifesto unha clara recuperación tras o período pandémico. Dos tres tipos de segmentos de procedencia turística analizados, o turismo internacional foi o que máis tardou en se recuperar, pero fíxoo xa plenamente, con niveis similares ou superiores ao período prepandémico. O feito de que o turismo receptor nacional (-2,7 %) ou o interno (-6,8 %) baixase o seu nivel de gasto medio diario ten que ver coa percepción da carestía da cesta da compra ou da vida en xeral no conxunto de España. Esta situación pode levar a unha certa contención no gasto turístico, se ben en moi poucos casos se suspenden as vacacións, que aparecen xa como unha necesidade adquirida para boa parte da sociedade.

Turismo urbano e de cruceiros

O turismo urbano segue a ter un peso relevante ao permitir gozar non só da cidade senón tamén dos seus elementos patrimoniais, materiais e inmateriais. Desde 2021 rexístrase unha tendencia á alza do turismo urbano, que pasou das 2.909.402 noites rexistradas nas cidades galegas en 2021, a máis de 4.550.000 en 2024 (gráfico 8).

Santiago de Compostela é, de maneira clara, a cidade máis visitada, cun valor lixeiramente inferior ás 1.600.000 noites. Como xa mencionamos, Compostela é o principal espazo turístico de Galicia debido á súa historia, tradición e simbolismo como centro de peregrinacións mundial, e á súa condición de Patrimonio da Humanidade. A continuación vén Vigo (992.171 noites), un destino urbano tradicionalmente moi discreto, pero que nos últimos anos coñeceu un crecemento moi notable debido ao éxito da campaña de Nadal coa iluminación das súas rúas; unha aposta do seu alcalde que sitúa Vigo dentro do mapa dos destinos urbanos emerxentes de España.

Gráfico 8
Distribución da demanda hoteleira turística por destinos urbanos




Séguea a escasa distancia A Coruña, con 957.612 noites. Lugo (329.832 noites), Ourense (256.767 noites) e Pontevedra (224.536 noites) acadan valores máis modestos. Cómpre sinalar, en calquera caso, o crecente atractivo de Lugo debido á declaración da súa Muralla como Patrimonio da Humanidade. En último lugar sitúase Ferrol, con algo máis de 190.000 noites, unha cidade que ten aínda moito percorrido turístico, explorando o seu patrimonio arquitectónico industrial e militar, así como o atractivo do urbanismo ilustrado do Barrio da Magdalena, onde tamén hai exemplos de arquitectura modernista.

En definitiva, o turismo urbano en Galicia consolida a súa importancia, con Santiago de Compostela á cabeza, pero coas outras seis grandes cidades ben situadas como destinos de turismo urbano e cultural cun atractivo percorrido por diante.

Por outra banda, as cidades de Vigo e A Coruña gozan dos beneficios que achega o turismo de cruceiros. No ano 2023 o volume de cruceiristas que chegou á Galicia alcanzou practicamente os 600.000 e no último ano do que hai datos dispoñibles, 2024, superan os 635.000. Estas cifras apuntan unha clara tendencia á alza ano tras ano, o que implica que os principais portos galegos onde atracan estes barcos terán que agardar cada vez máis afluencias masivas de excursionistas procedentes de ditos cruceiros. O porto da Coruña é o que maior volume de cruceiristas recibe, case as 2/3 partes do total. O porto de Vigo conta aproximadamente coa metade que o da Coruña e, por último, os outros portos do Estado teñen unha representación simbólica, con menos do 3 % en todos os casos.

Son sen dúbida as dúas grandes cidades atlánticas galegas as que posúen unhas mellores condicións *a priori* para recibir cruceiros, non só polas características dos seus portos, senón tamén pola dotación de servizos e comercial. Hai que ter en conta que cando un cruceiro chega a unha cidade, son varios milleiros de persoas os que desembarcan ao mesmo tempo e pasan tan só unhas horas no destino. Por esa razón é importante que os portos de atraque contengan cunha ampla oferta hostaleira e de servizos en xeral que poida satisfacer un volume elevado de viaxeiros.



O Camiño de Santiago

No gráfico 9 poden observarse cantos peregrinos recibiron a compostela durante os anos 2010 e 2024. Como ben se sabe, a compostela é un documento expedido pola Igrexa Católica que acredita que se fixo a peregrinación a Santiago desde polo menos 100 quilómetros de distancia. Tendo en conta que non podemos asimilar directamente o número de compostelas co de peregrinos (hainos que non solicitan o documento ao chegar ou non cumpren os requisitos para obtelo), apreciamos un

Cadro núm. 9
Distribución dos peregrinos por camiños a Santiago

Camiño	2023	2024		% variación 2024/2023
	Número	Número	%	
Francés	219.799	236.270	47,33	7,49
Portugués	88.732	95.497	19,13	7,62
Portugués Costa	52.754	74.757	14,98	41,71
Inglés	24.105	28.062	5,62	16,42
Primitivo	20.713	24.464	4,90	18,11
Norte	20.582	21.416	4,29	4,05
Via da Prata	7.965	9.028	1,81	13,35
Camiño de Inverno	2.022	2.869	0,57	41,89
Muxía-Fisterra	1.787	2.256	0,45	26,25
Outros camiños	2.031	2.014	0,40	-0,84
Camiño do Barbanza	611	841	0,17	37,64
Geira e Arrieiros	547	690	0,14	26,14
Muros-Noia	190	369	0,07	94,21
Camiño da Mar	115	197	0,04	71,30
Total	442.125	498.823	100,00	12,82

Fonte: Oficina do Peregrino

crecemento constante desde 2011 a 2019, o último ano antes da pandemia, cando se chega a 347.578 compostelas.

É preciso ter en conta que o número de compostelas en 2010 é de case 272.135 debido a que se trata dun ano santo. Porén, a partir de 2017 supérase este valor, o que é moi relevante, ademais, por non ser xa ano xubilar. As cifras marcan unha clara tendencia ascendente, porque o fenómeno das peregrinacións se fai global e se desvincula dos anos santos. Loxicamente, a pandemia da COVID-19 supuxo unha drástica caída no número de compostelas en 2020.

A recuperación é notoria xa en 2021 e en 2022 supéranse todos os rexistros de compostelas que existían ata o momento. Loxicamente, debido á existencia de maiores restricións e á maior duración das mesmas, o número de peregrinos internacionais tarda máis en recuperarse que o de peregrinos nacionais. En 2024 acádase o máximo histórico con 499.243 peregrinos.

Cómpre insistir en que esta cifra supón practicamente medio millón, o que confirma a grande importancia non só cualitativa senón tamén cuantitativa das peregrinacións a Compostela. Por outra banda, a análise por procedencia dos turistas confirma a predominancia dos turistas españois nos anos pandémicos de 2020 e 2021 e mesmo en 2022, pero a continuación son os peregrinos internacionais os que dominan.

Se atendemos á distribución das persoas peregrinas ao longo do ano, observamos unha marcada estacionalidade, pois o período de maior chegada vai de abril a finais de outubro. Porén, son os meses de inverno, con máis frío e menos horas de luz, nos que se rexistra unha menor presenza de peregrinos. En calquera caso, as peregrinacións a través dos diferentes Camiños de Santiago constitúen un fenómeno en aumento ano tras ano, e cada vez presentan unha maior desestacionalización. Na medida en que os distintos camiños tenden a unha certa masificación na tempada alta, crecen os peregrinos que deciden camiñar na tempada baixa.

Se atendemos á variación do volume de peregrinos en función dos diferentes camiños a Santiago (cadro 9) apreciamos que o Camiño Portugués da Costa é o que experimenta un maior crecemento entre os anos 2023 e 2024. Para iso hai que ter en conta a grande importancia e conectividade do aeroporto internacional Sá Carneiro do Porto, que ofrece un bo número de voos directos con cidades europeas. Desde Porto, os peregrinos camiñan máis ou menos unha semana e chegan a Compostela nun período de tempo razoable, ao longo dun percorrido máis doado e cunha paisaxe máis agradable que o Camiño Portugués do Interior.

Por iso, o Camiño Portugués da Costa medrou un 41,7 %. Outra ruta que experimentou unha suba significativa é o Camiño de Inverno, cun 41,9 %. Sen dúbida, neste caso hai que ter en conta que parte dunha situación inicial con cifras moito máis baixas. Outras opcións que incrementan notablemente a súa importancia son o Inglés e o Primitivo, entre o 16 % e o 19 % nos dous casos.

Como era de agardar, o crecemento dos camiños máis tradicionais como o Francés ou o Portugués do Interior é máis pequeno, nos dous casos entre un 7 % e un 8 %. Isto é lóxico precisamente porque parten de valores moito máis elevados que os anteriores. De todos os xeitos, é evidente que hai unha tendencia á diversificación á hora de elixir as rutas de peregrinación. Aos tradicionais Camiños Francés e Portugués Interior súmanse agora outras opcións que conforman unha importante oferta de itinerarios turísticos en Galicia.

X. Sector público

- A liquidación do exercicio 2024 do sector público autonómico pechouse cun superávit de 273,5 millóns de euros, o que representa un 0,25 % do PIB rexional. Galicia sitúase así nunha posición de capacidade de financiamento que contrasta cos déficits dos exercicios anteriores e co resultado medio do conxunto das comunidades autónomas, que presentaron unha necesidade de financiamento do 0,1 % do PIB. Este resultado responde á combinación dun consolidado incremento dos ingresos correntes e da contención relativa do gasto, así como ao efecto estabilizador das transferencias extraordinarias recibidas.
- As importantes necesidades de gasto derivadas da pandemia e da recuperación económica foron atendidas mediante un reforzo significativo das transferencias desde a Administración central. Neste contexto, entre 2019 e 2024, os ingresos por transferencias correntes medraron un 70 %, mentres que as transferencias de capital duplicaron o seu volume. Estes recursos adicionais permitiron facer fronte a novas políticas públicas, destacando neste sentido o impacto dos fondos *Next Generation* da Unión Europea.
- Galicia aumentou a súa débeda en 855 millóns de euros entre os anos 2019 e 2023, pero no exercicio 2024 reverteu esta tendencia, reducindo o seu endebedamento en 234 millóns e situando a débeda total en 12.936 millóns de euros; o 14,5 % do PIB, fronte ao 21,1 % da media estatal. Galicia segue a ser unha das comunidades menos endebedadas e cunha reducida exposición aos mecanismos extraordinarios de financiamento articulados pola Administración central, dos que nos últimos anos só utilizou 659 millóns en 2020.
- A Administración autonómica continúa a destacar polo seu esforzo investidor. Nos últimos cinco anos destinou 8.571 millóns de euros a gastos de capital, o que supón o 14,8 % do seu gasto non financeiro e representa o 8 % do total do gasto de capital do conxunto das comunidades autónomas, moi por enriba do seu peso relativo en termos de gasto total (5,6 %).
- Galicia recibiu 2.298 millóns de fondos *Next Generation* xestionados polo Estado, equivalentes ao 3 % do seu PIB e 851 euros por habitante, por riba da media do resto de comunidades autónomas. Para a xestión autonómica foron asignados 1.746 millóns, cunha taxa de resolución do 75,3 %, liderando a execución entre comunidades.
- A recadación da AEAT en Galicia reflicte a recuperación pospandemia. Tras unha caída do 8,6% en 2020, os ingresos creceron un 12 % en 2022-2023 e un 6,7 % en 2024. Aínda así, Galicia só achega o 3,7 % da recadación estatal, fronte ao 5 % do PIB e 5,6 % da poboación.
- O sistema público de pensións en Galicia presenta un déficit estrutural elevado: en 2023 o desequilibrio foi de 4.021 millóns (13 % do total estatal), debido á baixa *ratio* afiliados/pensionistas (1,57 fronte a 2,31) e a pesar dunha pensión media que só acada o 85,6 % da estatal.
- O gasto sanitario segue a ser prioritario: en 2023 destináronse 1.988 euros por habitante, por riba da media estatal, supoñendo o 43,4 % do gasto non financeiro e o 6,9 % do PIB. Con todo, Galicia só executa o 5,8 % do gasto sanitario estatal, malia contar co 6,4 % da poboación protexida equivalente.
- O gasto educativo acadou en 2024 os 6.690 euros por alumno entre 4 e 22 anos, un 4,9 % por riba da media estatal. Non obstante, supón o 21,5 % do gasto autonómico non financeiro, por baixo da media estatal, e sen recuperar aínda os niveis previos á crise de finais dos anos 2000.



Introdución

Analizamos o sector público galego a través das principais magnitudes e funcións levadas a cabo polas Administracións autonómica, local e estatal en Galicia. Poñemos o foco nos aspectos de maior relevancia e actualidade e, dado que as tendencias principais amosan certa continuidade no tempo, centramos a análise, con maior detalle, na estrutura e evolución do gasto en pensións, sanidade e educación, tanto no ámbito galego como no conxunto do Estado. Estes tres eixes constitúen os alicerces do estado de benestar e son obxecto dun debate constante sobre o nivel de gasto e o esforzo que debe asumir o sector público nestas áreas.

O sector público autonómico galego

No exercicio 2024, a liquidación orzamentaria da Administración autonómica galega, incluíndo a súa Administración xeral e os organismos cos que consolida, pechouse cun superávit de 273,5 millóns de euros, que significan un 0,25 % do PIB rexional. Sitúase así a nosa comunidade nunha posición de capacidade de financiamento, que contrasta cos déficits de anos anteriores, así como co resultado maioritario no conxunto autonómico, que rexistrou unha necesidade media de financiamento do 0,1 % do PIB. Galicia xa viña presentando nos últimos anos saldos negativos inferiores aos doutras comunidades, o que agora se traduce nun resultado positivo.

A evolución dos ingresos e gastos dos últimos cinco exercicios da Administración autonómica galega, en gran parte similar ao acontecido no conxunto do Estado, é o resultado en boa medida da situación excepcional provocada pola pandemia e das iniciativas que se tomaron para afrontala. Neste sentido, os ingresos tributarios, principalmente os derivados dos impostos indirectos, experimentaron unha forte caída pola contracción da actividade económica no ano 2020 e seguintes, para recuperarse con forza en 2023 e 2024. Con todo, estes menores ingresos tributarios foron compensados, amplamente, coa inxección de recursos extraordinarios por parte do Estado ao longo destes anos. Nun principio, mediante as achegas do coñecido como Fondo COVID-19; a continuación, coa condonación dos resultados negativos da liquidación do sistema de financiamento do ano 2020, que no caso da nosa comunidade supuxo evitar ter que devolver 392 millóns de euros; e, por último, coa transferencia ás comunidades autónomas dos fondos *Next Generation*, artellados para facer fronte á crise, que supoñen unhas dispoñibilidades adicionais moi significativas.



mentaron unha forte caída pola contracción da actividade económica no ano 2020 e seguintes, para recuperarse con forza en 2023 e 2024. Con todo, estes menores ingresos tributarios foron compensados, amplamente, coa inxección de recursos extraordinarios por parte do Estado ao longo destes anos. Nun principio, mediante as achegas do coñecido como Fondo COVID-19; a continuación, coa condonación dos resultados negativos da liquidación do sistema de financiamento do ano 2020, que no caso da nosa comunidade supuxo evitar ter que devolver 392 millóns de euros; e, por último, coa transferencia ás comunidades autónomas dos fondos *Next Generation*, artellados para facer fronte á crise, que supoñen unhas dispoñibilidades adicionais moi significativas.

Todo isto provocou un cambio substancial na contía e na dinámica da evolución dos ingresos e gastos das comunidades autónomas que, ademais, non estiveron sometidas durante estes anos ás regras fiscais de estabilidade orzamentaria, suspendidas temporalmente. Ademais, o

Estado mantivo os mecanismos extraordinarios que subministran liquidez ás comunidades autónomas, achegando a estas entre 2020 e 2024 uns 171.409 millóns de euros —contía moi importante, se ben parte dos recursos se destinaron a amortizar débedas previas—; sendo de destacar que Galicia tan só recorreu a estas medidas de apoio financeiro por importe de 659 millóns de euros en 2020.

Co obxectivo de valorar con maior precisión como se trasladou esta realidade aos ingresos e gastos da nosa comunidade, realizamos unha comparación entre os dous últimos exercicios (2023 e 2024), nos que a situación pode considerarse xa estabilizada, e o 2019, anterior á crise, destacando tamén os fitos máis relevantes dos anos intermedios. Ao longo deste período, os ingresos correntes experimentaron un incremento do 28 %, debido sobre todo ao notable aumento das transferencias correntes e dos ingresos por impostos directos. Esta evolución, combinada cun crecemento do gasto

corrente do 42 %, derivou en que o aforro bruto acadado en 2024, cun total de 1.577 millóns de euros (gráficos 1 e 2), triplicase o rexistrado no exercicio 2019.

As necesidades de financiamento acumuladas ao longo destes anos, malia o contexto de política de consolidación orzamentaria e de acadarse practicamente o equilibrio no exercicio 2020, comportaron un aumento do endebedamento por importe de 855 millóns de euros entre 2019 e 2023. Esta tendencia reverteuse no último exercicio, no que Galicia diminuíu o seu endebedamento en 234 millóns de euros,

pechando cun volume de débeda total de 12.936 millóns de euros. A pesar diso, Galicia continúa a ser unha das comunidades con menor nivel de endebedamento do Estado, cunha *ratio* do 14,5 % sobre o PIB, fronte á media nacional situada no 21,1 % (gráfico 3).






Gráfico 4
Débeda viva das comunidades autónomas. Proposta de condonación



Do total da débeda viva de Galicia a finais do ano 2024, só 2.089 millóns de euros están vinculados aos mecanismos de financiamento articulados pola Administración central para as comunidades autónomas, o que representa apenas o 1 % do conxunto da débeda autonómica contraída co Estado. O debate iniciado a finais de 2023 sobre unha posible condonación da débeda de Cataluña, derivado do pacto de investidura, concretouse a comezos de 2025 nunha proposta do Goberno central para asumir parte da débeda das comunidades autónomas de réxime común. Esta proposta implicaría unha condonación global de 83.252 millóns de euros, que beneficiaría a todas estas comunidades, independentemente de se manteñen ou non débeda co Estado. No caso de Galicia, o impacto estimado ascendería a 4.010 millóns de euros (gráfico 4). Con todo, a proposta aínda non foi aprobada de forma definitiva e está a ser obxecto de fortes críticas por parte das comunidades gobernadas polo principal partido da oposición a nivel estatal. O razoable sería que esta operación de asunción de débeda se integrase nun proceso de reforma do sistema de financiamento autonómico; un ámbito no que, porén, non se produciron avances significativos nin se agardan cambios substanciais nesta lexislatura, dada a complexa conxuntura política actual.



Se nos centramos na evolución dos ingresos e gastos non financeiros por habitante en Galicia e no conxunto do Estado ao longo dos últimos exercicios, como se recolle no gráfico 5 en euros constantes, podemos avaliar con maior precisión a actividade das Administracións autonómicas e o impacto das dúas crises máis recentes sobre a mesma. Tras rexistrar importantes crecementos en ambas as variables ata o ano 2009, as dúas redúcense de forma abrupta a partir dese exercicio, cun certo desfasamento temporal entre a caída dos ingresos e a dos gastos; estabilízanse no período 2012-2014 e inician unha recupe-

ración progresiva ata 2019. No ano 2020, tanto os gastos —polas necesidades derivadas da pandemia— como os ingresos —pola maior achega do Estado— experimentan un forte incremento, que se reverte parcialmente en 2021 e 2022. Nos exercicios 2023 e 2024, a mellora da conxuntura económica, xunto cos recursos extraordinarios procedentes dos fondos *Next Generation*, deron lugar a un aumento significativo do gasto *per cápita*, superando incluso os niveis de 2020. Con todo, nin Galicia nin o conxunto das comunidades autónomas recuperaron aínda, en termos reais, o nivel de gasto por habitante acadado no máximo de 2009.

Centrando a análise no gasto executado nos últimos anos e comparando os datos do exercicio 2024 cos de 2019, salientan catro aspectos fundamentais que se presentan no cadro 1. En primeiro

Cadro núm. 1
Obrigas recoñecidas da Administración autonómica galega (en millóns de euros)

Capítulos	2014	2016	2018	2019	2020	2022	2023	2024
Gastos de persoal	3.451,1	3.667,8	3.845,0	4.065,7	4.278,0	4.663,9	4.919,5	5.252,7
Compras de bens e servizos	1.567,3	1.650,2	1.831,2	1.864,2	2.057,4	2.143,2	2.287,4	2.521,3
Xuros	364,6	269,7	153,9	158,1	140,5	73,2	111,2	190,1
Transferencias correntes	1.992,7	2.019,0	2.157,1	2.241,9	2.478,4	2.646,7	2.953,5	3.085,9
Total gastos correntes	7.375,6	7.606,7	7.987,2	8.329,9	8.954,4	9.527,0	10.271,6	11.049,9
Investimentos reais	525,6	690,2	680,1	686,1	806,3	882,1	1.204,8	1.412,4
Transferencias de capital	434,0	347,8	436,7	501,8	595,6	542,1	891,4	759,2
Total gastos de capital	959,6	1.038,0	1.116,8	1.187,8	1.401,9	1.424,1	2.096,2	2.171,6
Total gastos non financeiros	8.335,2	8.644,7	9.104,0	9.517,8	10.356,3	10.951,1	12.367,8	13.221,6
Variación de activos financeiros	168,2	176,3	130,3	393,2	159,0	162,7	165,5	228,6
Variación de pasivos financeiros	1.460,7	1.334,0	1.033,7	2.710,1	3.423,2	1.438,1	1.610,6	1.649,6
Total gastos financeiros	1.628,9	1.510,3	1.164,0	3.103,3	3.582,1	1.600,8	1.776,1	1.878,3
TOTAL GASTOS	9.964,1	10.155,0	10.268,0	12.621,1	13.938,4	12.552,0	14.144,0	15.099,9

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Xunta de Galicia e Ministerio de Facenda.

lugar, destaca o notable incremento dos gastos en compras de bens e servizos, cun crecemento do 35 %, motivado inicialmente polas necesidades derivadas da pandemia, pero que se consolidaron nos exercicios posteriores. En segundo lugar, obsérvase un aumento dos gastos de persoal do 29 %, impulsado polas alzas retributivas, pola incorporación de persoal adicional en ámbitos sociosanitarios e pola recuperación de efectivos tras varios anos de restrición nas taxas de reposición. En terceiro lugar, prodúcese un maior recurso ás transferencias correntes, cunha subida do 37 % no gasto executado, destinado sobre todo a cubrir necesidades nos ámbitos sanitario e educativo. Finalmente, cómpre subliñar o forte incremento dos gastos de capital, tanto nos investimentos reais como nas transferencias de capital, que no seu conxunto superan nun 83 % o nivel de execución do ano 2019 (cadro 1).

Neste contexto, resulta especialmente destacable que Galicia destinase un total de 8.571 millóns de euros a gastos de capital durante os últimos cinco anos, o que representa un 14,8 % do conxunto do seu gasto non financeiro. Esta cifra equivale ao 8 % do total de gastos de capital das comunidades autónomas, poñendo así de relevo o esforzo investidor realizado pola nosa comunidade en termos comparativos, en particular se se ten en conta que o seu gasto non financeiro apenas significa o 5,6 % do total autonómico.

En relación coa análise dos ingresos e da súa evolución, as liquidacións dos últimos exercicios amosan con claridade o impacto das medidas adoptadas en materia tributaria e financeira para dar resposta ás necesidades excepcionais destes anos, así como para facer posible o financiamento das novas políticas aplicadas. Salienta, neste contexto, o aumento do 70 % nas transferencias correntes, derivado tanto das achegas extraordinarias da Administración central para afrontar gastos excepcionais como do incremento das entregas a conta no marco do Sistema de financiamento autonómico. Cómpre subliñar tamén o comportamento positivo dos ingresos por impostos directos, que experimentan un crecemento global do 47 %, con subas relevantes na recadación do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre sucesións e doazóns, malia os incentivos fiscais aplicados pola Xunta de Galicia nestes tributos. Este notable aumento da imposición directa permitiu compensar a evolución menos favorable dos ingresos procedentes dos impostos indirectos, aínda que estes últimos rexistran, nos anos 2023 e 2024, unha recuperación vinculada á reactivación da actividade económica. Por último, cabe destacar o forte incremento das transferencias de capital, que duplicaron o seu volume no período analizado, en gran medida asociadas á chegada de fondos europeos destinados á recuperación económica (cadro 2).

O comportamento recente dos ingresos revela a política adoptada polo Goberno central de asumir unha parte significativa das novas necesidades xeradas pola pandemia mediante a transferencia de recursos adicionais ás comunidades autónomas. Neste contexto, no ano 2020 púxose en marcha o Fondo COVID-19, que destinou a estes territorios un total de 16.000 millóns de euros, dos cales Galicia recibiu 734,8 millóns, un 4,5 % do total. Esta porcentaxe sitúase por debaixo do peso relativo da comunidade tanto en termos de PIB como de poboación, debido á aplicación de criterios de

Cadro núm. 2

Dereitos recoñecidos da Administración autonómica galega (en millóns de euros)

Capítulos	2014	2016	2018	2019	2020	2022	2023	2024
Impostos directos	1.992,4	2.250,6	2.391,7	2.499,1	2.788,9	2.891,9	3.478,9	3.678,1
Impostos indirectos	3.077,6	3.155,8	3.491,9	3.425,0	3.430,6	3.107,6	3.775,7	4.017,1
Taxas e outros ingresos	186,7	183,7	181,5	197,6	174,5	198,1	228,5	226,1
Transferencias correntes	2.006,1	2.452,3	2.685,6	2.734,9	3.585,8	3.799,4	3.830,1	4.657,2
Ingresos patrimoniais	28,5	19,1	11,4	12,1	17,3	22,9	47,4	48,8
Total ingresos correntes	7.291,3	8.061,6	8.762,1	8.868,8	9.997,2	10.020,0	11.360,6	12.627,4
Alleamento investimentos reais	10,6	8,2	3,8	15,8	3,8	4,7	4,0	7,8
Transferencias de capital	391,6	222,2	445,3	417,2	333,8	656,7	777,8	859,9
Total ingresos de capital	402,2	230,4	449,1	437,8	337,6	661,4	781,9	867,7
Total ingresos non financeiros	7.693,5	8.292,0	9.211,1	9.306,5	10.334,7	10.681,4	12.142,4	13.495,1
Variación de activos financeiros	25,8	34,8	44,4	30,4	33,3	17,8	15,7	66,9
Variación de pasivos financeiros	2.221,2	1.881,6	1.194,4	2.971,5	3.645,4	2.141,0	1.798,9	1.701,9
Total ingresos financeiros	2.247,0	1.916,4	1.238,9	3.001,9	3.678,8	2.158,8	1.814,6	1.768,8
TOTAL INGRESOS	9.940,5	10.208,4	10.450,0	12.308,4	14.013,5	12.840,2	13.957,0	15.263,9

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Xunta de Galicia e Ministerio de Facenda.

repartición baseados en indicadores vinculados á incidencia real da pandemia, cuxo impacto foi relativamente menor en Galicia.

Esta liña de apoio ás Administracións autonómicas tivo continuidade no período 2021-2024 a través da asignación das Axudas á recuperación europea, coñecidas como Fondo REACT-UE, enmarcadas nos fondos *Next Generation*. O importe global destas axudas ascendeu a uns 10.002 millóns de euros, repartidos entre as comunidades autónomas atendendo a tres indicadores establecidos pola Unión Europea para medir os efectos da crise sanitaria: a caída do PIB, a taxa de desemprego e o desemprego xuvenil. A Galicia destináronse 441 millóns de euros, o que representa o 4,4 % do total repartido.

En último termo, dentro do conxunto de apoios extraordinarios que as comunidades autónomas están a recibir neste anos, destacan tamén as achegas procedentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), que canaliza a maior parte dos fondos *Next Generation*. Dentro deste plan, unha parte significativa dos recursos é xestionada directamente pola Administración Xeral do Estado (AXE), mentres que outra corresponde á xestión das comunidades autónomas e das corporacións locais.

No marco desta liña de financiamento, o Ministerio de Economía, Comercio e Empresa activou a ferramenta ELISA, que permite facer un seguimento pormenorizado da execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR). A través desta plataforma, ofrécese información actualizada sobre as diferentes convocatorias de licitacións e subvencións, así como sobre o seu estado de resolución, tanto no caso dos fondos xestionados directamente pola Administración Xeral do Estado como daqueles transferidos ás comunidades autónomas e ás corporacións locais para a súa execución descentralizada.

Segundo os datos dispoñibles a 31 de marzo de 2025, resumidos no cadro 3, a Administración Xeral do Estado xestionou convocatorias por un total de 31.222 millóns de euros, dos cales a Galicia lle corresponderon 2.298 millóns. Este volume de recursos representa o 3 % do PIB galego e supón un investimento de 851 euros por habitante, situándose por riba da media estatal en termos relativos respecto dos fondos centralizados.


En paralelo, fóronlle asignados a Galicia 1.746 millóns de euros para a súa xestión directa, na súa maior parte a cargo da Administración autonómica. Estes fondos equivalen ao 2,3 % do PIB galego e representan 647 euros por habitante, tamén lixeiramente por riba da media nacional. Ata o momento, xa se convocaron axudas por importe de 1.339 millóns de euros, cunha taxa de resolución do 75,3 %; o que sitúa Galicia, xunto con Murcia, entre as comunidades con maior nivel de execución destas convocatorias.

Cadro núm. 3
Execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (datos a 31 de marzo de 2025)

	Resolto Adm. Xeral Estado			Asignado CC. AA. e CC. LL.					
	Millóns de €	Euros/hab.	% PIB	Millóns de €	Euros/hab.	% PIB	Convocatorias	Resolucións	Taxa resolución
Andalucía	3.377	393	1,73	4.199	489	2,15	3.817	2.403	62,96
Aragón	1.529	1.140	3,37	1.012	754	2,23	1.067	778	72,91
Asturias	749	744	2,67	749	744	2,67	688	391	56,83
Baleares	437	361	1,13	1.065	880	2,77	1.082	642	59,33
Canarias	798	361	1,50	1.816	821	3,41	1.362	832	61,09
Cantabria	351	597	2,11	474	806	2,84	474	245	51,69
Castela-A Mancha	1.000	480	1,97	1.386	665	2,73	1.312	955	72,79
Castela e León	2.335	980	3,35	1.797	754	2,58	1.816	1.239	68,23
Cataluña	4.953	627	1,79	4.096	518	1,48	5.410	2.810	51,94
Extremadura	1.085	1.029	4,44	886	840	3,62	713	469	65,78
Galicia	2.298	851	3,03	1.746	647	2,30	1.339	1.008	75,28
Madrid	4.912	715	1,73	3.243	472	1,14	4.399	2.581	58,67
Murcia	1.121	722	2,88	881	568	2,27	724	546	75,41
Navarra	772	1.149	3,15	621	924	2,53	379	249	65,70
A Rioxa	227	704	2,20	348	1.080	3,37	299	182	60,87
C. Valenciana	3.343	641	2,44	2.763	530	2,01	2.673	1.612	60,31
País Vasco	1.935	873	2,25	1.402	633	1,63	1.613	1.200	74,40
TOTAL	31.222	652	2,14	28.484	594	1,95	29.167	18.142	62,20

Fonte: ELISA. Ministerio de Economía, Comercio e Empresa.


Gráfico 6
Resolución do PRTR por políticas panca
(en % sobre total)



En canto ao destino dos fondos recibidos, se atendemos ás denominadas políticas panca promovidas polo Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR), as infraestruturas sostibles constitúen a principal área de investimento, concentrando o 37 % dos recursos asignados nas resolucións ata a data de referencia. Como se observa no gráfico 6, a continuación aparecen os investimentos dirixidos á modernización do tecido industrial (29 %), seguidos polos destinados aos ámbitos da ciencia e da saúde (9 %), á axenda urbana e rural (8 %), á transición enerxética (7 %), á economía dos cidadáns e ao emprego (4 %), á modernización da Administración pública (3 %), á educación e formación (3 %) e, finalmente, aos sectores da cultura e o deporte (1 %).

Polo que respecta á tipoloxía dos destinatarios destes fondos, destaca que o 40 % das resolucións teñen como beneficiarios microempresas, autónomos e pequenas e medianas empresas (pemes), e o 26 % grandes empresas. As unións temporais de empresas absorben o 17 % dos recursos, seguidas por fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro, que concentran o 12 %, e, finalmente, os fogares, que representan o 5 % das resolucións (gráfico 7).

Gráfico 7
Resolución do PRTR por tipo de adxudicatarios
(en % sobre total)



O conxunto destes recursos extraordinarios, procedentes tanto do Goberno central como da Unión Europea, resultou determinante para soste as finanzas das comunidades autónomas nun contexto marcado, primeiro, pola necesidade de facer fronte aos custos derivados da pandemia e, posteriormente, pola prioridade de reactivar a economía. Este reforzo financeiro permitiu atender necesidades excepcionais sen comprometer o equilibrio


orxamentario a curto prazo. Non obstante, cómpre salientar que, alén de substituír financiamento ordinario en determinadas partidas, estas achegas adicionais puideron dar lugar á creación de novos compromisos de gasto de carácter estrutural que, unha vez desapareza o apoio extraordinario, esixirán recursos permanentes para a súa continuidade. Neste contexto, ábreanse importantes incertezas sobre a evolución a medio e longo prazo das finanzas autonómicas, tanto no eido dos ingresos como no dos gastos, o que fai imprescindible acometer unha reformulación global da estrutura e orientación da actividade pública autonómica, así como dos seus mecanismos de financiamento. Resulta, pois, urxente avanzar na planificación dos eixes estratéxicos que deben guiar a actuación futura das Administracións autonómicas, así como artellar un novo marco financeiro estable, baseado nun renovado e imprescindible Sistema de financiamento autonómico; cuxa revisión se leva adiando reiteradamente, mais que se revela clave para garantir a sostibilidade das contas públicas neste novo escenario.

O sector público local galego

No que atinxe ao sector público local, a análise céntrase na situación económico-financeira dos concellos galegos, na cal se identifican certos trazos diferenciais respecto dos seus homólogos do resto do Estado que, aínda que lentamente, comezan a corrixirse. Esta corrección, porén, está a producirse a un ritmo moi pausado e viuse en parte condicionada desde o ano 2020 polas consecuencias da pandemia neste nivel de administración. Neste contexto, cómpre salientar que o volume de recursos xestionados polos concellos galegos, medido en euros por habitante, supón o 84 % da media estatal, porcentaxe que se reduce canto menor é a dimensión do municipio. Con todo, esta fenda vénse acurtando gradualmente, cunha mellora de máis de dez puntos nos últimos quince anos.

Esta situación diferencial entre os concellos galegos e os doutras comunidades autónomas débese tanto a factores esóxenos —como a infravaloración dos municipios galegos na distribución da participación nos ingresos do Estado— como a factores endóxeos, en concreto unha utilización insuficiente da súa capacidade tributaria. Son estes últimos os que teñen un maior peso explicativo na persistencia das desigualdades actuais.

En relación cos ingresos procedentes da participación nos recursos do Estado, cómpre sinalar que o modelo vixente favorece claramente os municipios de maior poboación, en detrimento dos máis pequenos; e que non incorpora de forma adecuada variables determinantes como a dispersión xeográfica. Esta formulación prexudica de maneira particular os concellos galegos, que reciben, como resultado, unha menor dotación de recursos que os seus equivalentes noutras zonas do Estado, explicando en parte as diferenzas antes referidas.



En calquera caso, a limitada capacidade de gasto dos concellos galegos débese sobre todo ao escaso aproveitamento da súa autonomía fiscal, como reflicten o gráfico 8 e o cadro 4. Os ingresos por tributos propios, medidos en euros por habitante, sitúanse arredor do 78 % da media estatal, evidenciando unha considerable reticencia no exercicio da capacidade tributaria recoñecida pola normativa vixente. Con todo, hai que destacar unha evolución positiva neste eido, cunha redución de máis de catorce puntos na devandita diferenza ao longo dos últimos quince anos.

Cadro núm. 4

Ingresos e gastos dos concellos. Orzamentos liquidados (en euros por habitante)**a) Galicia**

Capítulos	2010	2012	2014	2016	2018	2020	2023	2024
INGRESOS								
Impostos directos	240,2	264,0	285,5	305,9	328,7	318,5	325,6	342,4
Impostos indirectos	19,4	15,6	13,8	16,0	21,4	19,4	27,4	34,1
Taxas e outros ingresos	127,7	142,2	149,1	151,8	161,5	142,7	176,1	191,3
Transferencias correntes	291,5	264,3	287,5	304,8	335,7	357,9	438,0	419,1
Ingresos patrimoniais	9,4	8,2	8,7	7,5	7,5	8,6	14,0	11,4
Total ingresos correntes	688,2	694,3	744,6	786,0	854,9	846,9	981,0	998,4
Alleamento investimentos reais	3,4	0,6	0,9	0,5	7,8	1,6	2,4	8,2
Transferencias de capital	188,5	43,9	38,4	42,5	55,5	56,1	135,0	61,8
Total ingresos de capital	191,8	44,5	39,3	43,0	63,2	57,7	137,3	69,9
Total ingresos non financeiros	880,0	738,8	783,8	829,0	918,1	904,6	1.118,4	1.068,3
Variación de activos financeiros	1,0	1,0	1,1	0,9	0,8	0,7	0,6	6,8
Variación de pasivos financeiros	34,0	78,2	9,0	13,9	14,1	14,2	19,2	47,8
Total ingresos financeiros	35,1	79,1	10,1	14,8	14,9	14,9	19,9	54,6
TOTAL INGRESOS	915,1	817,9	793,9	843,8	933,0	919,5	1.138,2	1.122,9
GASTOS								
Gastos de persoal	274,1	234,6	250,3	258,1	274,3	296,9	334,0	356,0
Compras de bens e servizos	301,2	324,4	326,8	340,2	365,7	380,8	485,1	498,5
Xuros	5,2	8,3	8,0	2,6	3,0	4,6	2,7	5,9
Transferencias correntes	39,9	40,0	42,8	44,7	49,7	61,7	67,3	68,1
Total gastos correntes	620,3	607,2	627,9	645,6	692,7	743,9	889,1	930,4
Investimentos reais	244,3	86,1	86,7	86,4	131,4	122,4	229,0	146,6
Transferencias de capital	6,9	9,2	6,0	5,2	3,9	6,1	4,9	12,3
Total gastos de capital	251,2	95,3	92,6	91,7	135,3	128,5	233,9	158,9
Total gastos non financeiros	871,5	702,5	720,5	737,3	828,0	872,4	1.123,1	1.089,3
Variación de activos financeiros	1,1	1,0	1,0	1,3	1,0	0,6	0,9	1,9
Variación de pasivos financeiros	33,5	36,1	50,6	44,3	38,7	14,1	12,0	13,4
Total gastos financeiros	34,6	37,0	51,6	45,7	39,7	14,7	12,9	15,3
TOTAL GASTOS	906,1	739,5	772,1	782,9	867,7	887,2	1.136,0	1.104,6

b) España

Capítulos	2010	2012	2014	2016	2018	2020	2023	2024
INGRESOS								
Impostos directos	356,3	391,1	419,2	454,5	461,5	451,3	444,7	455,4
Impostos indirectos	30,1	22,3	22,3	29,9	40,1	34,7	53,8	58,2
Taxas e outros ingresos	191,5	182,6	168,5	176,5	185,0	154,9	200,2	203,4
Transferencias correntes	323,5	315,2	301,6	346,6	369,1	391,8	486,2	482,3
Ingresos patrimoniais	28,2	23,4	24,6	19,0	18,5	16,2	26,6	27,6
Total ingresos correntes	929,6	934,7	936,4	1.026,5	1.074,2	1.048,8	1.211,4	1.226,9
Alleamento investimentos reais	15,3	7,9	6,3	7,4	9,5	4,8	8,7	18,6
Transferencias de capital	176,2	34,9	35,1	31,2	43,5	39,5	98,9	50,3
Total ingresos de capital	191,5	42,9	41,3	38,6	53,0	44,3	107,6	69,0
Total ingresos non financeiros	1.121,1	977,6	977,7	1.065,1	1.127,2	1.093,1	1.318,9	1.295,9
Variación de activos financeiros	7,1	3,0	2,1	2,1	1,7	1,3	1,9	4,5
Variación de pasivos financeiros	72,2	193,8	59,5	36,7	36,7	27,8	45,4	44,7
Total ingresos financeiros	79,3	196,8	61,6	38,8	38,5	29,2	47,3	49,2
TOTAL INGRESOS	1.200,4	1.174,4	1.039,3	1.103,9	1.165,7	1.122,3	1.366,2	1.345,1
GASTOS								
Gastos de persoal	370,4	326,6	318,1	352,3	370,7	391,2	449,4	469,7
Compras de bens e servizos	358,4	355,6	312,3	346,2	370,9	367,5	479,6	507,9
Xuros	15,5	26,7	29,3	15,8	12,3	9,3	10,3	12,8
Transferencias correntes	96,5	89,9	86,2	100,2	101,9	116,3	133,4	133,5
Total gastos correntes	840,7	798,9	745,9	814,5	855,9	884,2	1.072,8	1.131,0
Investimentos reais	274,3	99,3	89,6	93,1	120,1	112,1	205,4	155,6
Transferencias de capital	21,9	10,6	12,2	12,9	16,4	13,5	16,0	16,1
Total gastos de capital	296,2	109,8	101,8	106,0	136,5	125,6	221,4	171,7
Total gastos non financeiros	1.136,9	908,8	847,7	920,4	992,4	1.009,9	1.294,2	1.302,7
Variación de activos financeiros	3,9	10,2	3,0	3,6	3,4	3,9	3,5	3,3
Variación de pasivos financeiros	53,9	69,7	130,1	93,6	81,9	48,8	38,1	32,7
Total gastos financeiros	57,8	79,8	133,1	97,2	85,3	52,7	41,6	36,0
TOTAL GASTOS	1.194,7	988,6	980,8	1.017,6	1.077,7	1.062,5	1.335,7	1.338,7

Fonte: Ministerio de Facenda.


Alén dos factores estruturais, os efectos das sucesivas crises económicas tamén se fan patentes no ámbito do sector público local. A crise financeira de 2008 provocou unha forte contracción do gasto das entidades locais, que só comezou a reverterse a partir de 2013, interrompéndose de novo pola pandemia sanitaria. Así, en termos de euros constantes, o gasto executado polos concellos en

2024 representa un 79 % do nivel alcanzado no ano 2009, que foi o seu máximo histórico. No caso galego, porén, esta porcentaxe elévase ao 87 %, grazas ao proceso de converxencia co conxunto estatal xa mencionado.


O sector público estatal en Galicia

No referente ao sector público estatal, a análise céntrase nas principais actuacións da Administración central en Galicia, segundo a información dispoñible, poñendo o foco especialmente na evolución dos ingresos tributarios xestionados pola Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e no volume dos investimentos públicos realizados nesta comunidade autónoma. Estes dous eixes constitúen os elementos máis relevantes para avaliar a presenza e o impacto económico do Estado no territorio galego, tanto en termos de contribución fiscal como de retorno en forma de gasto público.


A evolución da recadación da AEAT en Galicia constitúe un reflexo claro da dinámica económica rexistrada nos últimos exercicios, condicionada nun inicio pola crise sanitaria derivada da pandemia da COVID-19 en 2020 e, posteriormente, polos procesos de recuperación económica e polas fortes tensións inflacionistas que marcaron os anos 2022 e 2023. Así, no exercicio 2020, os ingresos tributarios experimentaron unha caída significativa, cun descenso do 8,6 % en Galicia e do 8,8 % no conxunto estatal respecto a 2019. A partir dese ano, produciuse unha recuperación notable, impulsada tanto pola reactivación da actividade económica como polo efecto directo do incremento dos prezos sobre as bases impositivas, acadándose subas acumuladas do 12 % en Galicia en 2022 e 2023, superiores ás rexistradas na media estatal. En 2024, mantívose esta tendencia positiva, cun aumento da recadación do 6,7 % en Galicia, se ben inferior ao 8,3 % contabilizado a nivel estatal (gráfico 9).



A pesar do dinamismo mostrado polos ingresos tributarios en Galicia, continúa a resultar salientable o seu escaso peso relativo no conxunto estatal. Así, os impostos recadados en Galicia representan tan só o 3,7 % do total dos ingresos tributarios do Estado; unha proporción sensiblemente inferior ao peso que Galicia ten tanto no produto interior bruto (5 %) como na poboación total (5,6 %). Esta disparidade pon de manifesto unha diferenza estrutural que non pode explicarse unicamente pola menor capacidade económica relativa da comunidade, senón que apunta tamén á existencia doutros factores: como a estrutura produtiva, a distribución territorial da actividade empresarial ou mesmo a configuración das competencias e dos centros de decisión fiscal que afectan a asignación territorial dos ingresos tributarios (gráfico 10).



No que atinxe ao investimento da Administración central en Galicia, a dispoñibilidade de datos por territorios presenta certas limitacións. Así, só se dispón de cifras completas do conxunto do investimento estatal ata 2021, mentres que para



o exercicio 2023 só se publicaron datos desagregados correspondentes ao Ministerio de Transportes (gráfico 11). A información accesible revela que, entre os anos 2017 e 2019, o esforzo investidor en Galicia, medido en euros por habitante, foi notablemente superior á media estatal, chegando a triplicala durante ese período. Porén, a partir de 2020 obsérvase un cambio de tendencia: a contía investida experimentou un descenso significativo ata situarse en niveis equiparables á media nacional.

Esta evolución do investimento estatal en Galicia responde, sobre todo, a dúas causas principais: por unha banda, os problemas de execución derivados das restricións e dificultades operativas impostas pola pandemia; e, por outra, a conclusión dos grandes proxectos de infraestrutura que se viñan desenvolvendo na comunidade, en especial aqueles vinculados á rede de alta velocidade ferroviaria. Non obstante, cómpre salientar que, segundo os datos máis recentes do Ministerio de Transportes, Galicia segue rexistrando un lixeiro trato preferente respecto da media estatal en termos de investimento por habitante.

O sistema público de pensións en Galicia

Co fin de contextualizar a análise do sistema público de pensións, no cadro 5 preséntanse as principais magnitudes dos distintos esquemas, tanto no ámbito galego como no conxunto do Estado. O sistema proporciona cobertura a máis de 10,37 millóns de pensionistas ou beneficiarios, cun volume de gasto equivalente ao 12,83 % do PIB estatal. No caso galego, os indicadores acadan unha relevancia relativa superior, cun total de 775.000 persoas cubertas (o 28,6 % da poboación) e un esforzo económico que representa o 16,96 % do PIB de Galicia.

Cadro núm. 5
O sistema público de pensións. Ano 2024

	Seguridade Social		Clases pasivas		Pensións non contributivas	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Pensionistas/beneficiarios ¹	689.046	9.221.477	48.605	693.355	n.d.	n.d.
Pensións/prestacións ¹	777.755	10.188.818	50.094	713.078	36.521	457.400
Altas de pensións	43.343	629.431	2.653	35.508	n.d.	n.d.
Baixas de pensións	35.488	458.366	1.748	23.987	n.d.	n.d.
Gasto total pensións (millóns de euros)	11.665,0	178.540,0	1.549,6	22.195,2	270,1	3.411,2
Gasto total pensións en % PIB	14,67	11,22	1,95	1,39	0,34	0,21


¹ Media anual
Fonte: Elaboración propia a partir do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións (MISSM), Ministerio de Facenda e Instituto Nacional de Estadística (INE).

Cadro núm. 6
Cobertura do sistema público de pensións. Ano 2024

	Galicia	España
Poboación		
65 anos ou máis	719.891	9.928.368
% sobre o total	26,61	20,42
Pensionistas		
65 anos ou máis	562.640	7.456.758
% / Poboación 65 anos ou máis	78,16	75,11
64 anos ou menos	126.406	1.764.719
% / Poboación 64 anos ou menos	6,37	4,56


Fonte: Elaboración propia a partir do INE e MISSM.

Centrando a análise no sistema público da Seguridade Social, destaca que o 25,4 % da poboación galega é pensionista deste réxime, fronte ao 18,9 % no conxunto estatal. Esta diferenza explícase tanto polo maior peso relativo da poboación de 65 ou máis anos en Galicia —o 26,6 % da súa poboación total— como pola maior cobertura proporcionada polo sistema na comunidade, onde o 78,2 % dese grupo de idade


Gráfico 12**Gasto en pensións** (en % do PIB)

percibe unha pensión, polo 75,1 % a nivel estatal. Esta maior cobertura tamén se observa entre a poboación de 64 anos ou menos, cunha taxa de pensionistas do 6,3 % en Galicia fronte ao 4,5 % no conxunto de España (cadro 6).

O sistema público de pensións en Galicia supón un gasto equivalente ao 14,67 % do seu PIB, por un 11,22 % no conxunto estatal. O peso das pensións sobre o PIB rexional acadou o seu máximo en 2020, como consecuencia da contracción económica dese exercicio, e reduciuse nos dous anos seguintes debido á recuperación da actividade. Porén, as reformas orientadas á revalorización das pensións e ao incremento das contías máis baixas supuxeron un lixeiro aumento da súa proporción no PIB en 2023; se ben volve diminuír o seu peso relativo no ano 2024. Esta dinámica reproducécese tanto en Galicia como no total estatal, conservándose as diferenzas estruturais xa sinaladas, tal como se aprecia no gráfico 12.



Gráfico 13**Evolución da pensión media** (en euros)

O maior peso do gasto en pensións respecto ao PIB en Galicia non se traduce nunha maior contía das prestacións, xa que a pensión media na comunidade representa unicamente o 85,6 % da media estatal. Este dato sitúa Galicia como a segunda autonomía co importe máis baixo, ampliándose ademais esta fenda nos últimos anos, tal e como se mostra no gráfico 13. Esta situación está relacionada, en boa medida, co feito de que o 26,9 % das pensións galegas son prestacións mínimas. Ademais, esta realidade non parece que tenda a corrixirse, ao contrario, dado que as diferenzas se incrementan nos últimos anos na pensión media das altas que se incorporan ao sistema, como podemos observar no gráfico 14.

Gráfico 14**Evolución da pensión media das altas e baixas** (en euros)

Con todo, a revalorización das pensións vinculada ao IPC si tivo reflexo na evolución recente da pensión media, tras un período prolongado de contención.

O sistema contributivo da Seguridade Social estrutúrase baixo un modelo de repartición, no cal as cotizacións actuais de traballadores e empresarios son empregadas para sufragar as pensións en vigor. Esta natureza do sistema fai que a proporción entre persoas afiliadas e pensionistas constitúa un determinante esencial para a súa sostibilidade financeira. De feito, a evolución dos ingresos e dos gastos da Seguridade Social adoita reflectir con fidelidade a dinámica demográfica entre contribuíntes e beneficiarios, sempre que se manteñan inalterados os principais parámetros de cálculo das cotizacións e das prestacións.



O gráfico 15 amosa a evolución da relación entre afiliados e pensionistas, en medias anuais, tanto para Galicia como para o conxunto estatal desde o ano 2005. No último exercicio, esta *ratio* situouse en 1,57 en Galicia e en 2,31 no total do Estado. A serie reflicte un descenso acusado a partir de 2008, cunha recuperación moderada desde 2014, interrompida pola crise de 2020, que se retomou posteriormente. Porén, a mellora foi máis intensa a nivel estatal, o que levou a un incremento da diferenza respecto a Galicia en 0,15 puntos a partir de 2014. Ademais, dentro do territorio galego obsérvanse fortes contrastes provinciais (gráfico 16): Ourense (1,12) e Lugo (1,30) presentan os valores máis baixos, mentres que A Coruña (1,72) e Pontevedra (1,69) amosan *ratios* máis elevadas, impulsadas por maiores niveis de emprego e unha menor proporción de persoas xubiladas, asociada a unha estrutura demográfica máis nova.

O resultado da interacción entre o número de afiliados e pensionistas, as cotizacións e prestacións correspondentes, así como o conxunto de variables que afectan

os ingresos e obrigas do sistema, está a xerar un notable desequilibrio financeiro. Considerando unicamente os fluxos vinculados á vertente contributiva, este déficit acadou os 30.890 millóns de euros no conxunto do Estado en 2023; dos cales 4.021 millóns se atribúen a Galicia (cadro 7). A estas cifras cómpre engadir os complementos a mínimos, financiados con cargo aos impostos xerais a través dos orzamentos estatais. As medidas adoptadas nos últimos anos, como a revalorización das pensións e a caída das cotizacións no exercicio 2020, volveron agravar estes desequilibrios, que viñan experimentando unha leve mellora ata 2019 no ámbito estatal. No caso de Galicia, porén, a evolución é máis negativa, cun aumento persistente e significativo do déficit ao longo dos últimos exercicios, agás unha discreta redución rexistrada en 2021.

Da análise da evolución e situación actual do sistema público de pensións despréndese que os seus desequilibrios transcenden a conxuntura económica dos últimos anos e o seu impacto sobre o mercado laboral. O principal factor que condiciona a súa sostibilidade futura é o escenario

Cadro núm. 7
Ingresos e gastos do sistema contributivo da Seguridade Social (en millóns de euros)

	Galicia				Total nacional			
	2018	2020	2022	2023	2018	2020	2022	2023
Cotizacións sociais	5.252,8	5.374,7	6.115,9	6.675,2	102.846,5	106.958,0	123.842,8	136.395,5
Prestacións contributivas	8.154,7	8.893,3	9.726,0	10.696,9	125.537,4	137.877,7	151.538,3	167.285,7
Pensións	7.896,1	8.520,0	9.268,8	10.219,2	121.290,0	131.922,5	144.189,5	159.315,4
Incapacidade temporal	155,4	242,8	290,1	307,7	2.113,3	3.199,2	3.837,4	4.304,1
Prestacións por maternidade	90,8	118,8	146,4	151,3	1.947,6	2.595,0	3.305,3	3.474,0
Outras prestacións	12,3	11,7	20,8	18,7	186,5	161,0	206,1	192,2
Saldo sistema contributivo	-2.901,8	-3.518,6	-3.610,1	-4.021,7	-22.690,9	-30.919,7	-27.695,5	-30.890,2
Complemento a mínimos	709,9	694,6	683,0	711,0	7.141,7	6.950,0	6.935,8	7.324,2
Saldo global	-3.611,8	-4.213,2	-4.293,1	-4.732,7	-29.832,6	-37.869,7	-34.631,3	-38.214,5
% total nacional	12,1	11,1	12,4	12,4				

Fonte: Elaboración propia a partir do MISSM.

demográfico, cuxa incidencia se intensificará de maneira estrutural no medio prazo. A realidade galega confirma esta diagnose e anticipa a tendencia xeral do sistema, poñendo de relevo a urxencia de acometer reformas estruturais que garantan a súa viabilidade a longo prazo.

Neste contexto, desde o ano 2021 avanzouse en acordos entre o Goberno do Estado e os axentes sociais en materia de reforma do sistema público de pensións. Entre as medidas máis salientables xa implantadas destacan: a revalorización automática das pensións segundo a evolución do IPC; a separación entre os gastos e as fontes de financiamento, de xeito que os denominados gastos impropios sexan asumidos polos orzamentos xerais do Estado, reservándose para a caixa da Seguridade Social o financiamento das obrigas estritamente contributivas; a introdución de medidas dirixidas a desincentivar a xubilación anticipada e fomentar o seu aprazamento; a derogación do factor de sostibilidade e a súa substitución polo denominado mecanismo de equidade interxeracional, que implica un incremento das cotizacións sociais nun 0,6 %; e a ampliación do período computable para o cálculo da pensión, mediante un sistema dual optativo que pretende mitigar o impacto individual desta modificación.


Con todo, estas reformas implican, na práctica e desde a óptica da sostibilidade do sistema, un incremento das cotizacións sociais e un traspaso do déficit cara ao Estado, o que supón un retroceso en termos de equidade interxeracional, ao encarecer o custo do traballo e incrementar a carga fiscal que deberán asumir as xeracións futuras. Este enfoque resulta especialmente problemático nun contexto no que será preciso aplicar, de forma gradual e sostida no tempo, un plan de consolidación para reducir o déficit estrutural do Estado, máis aínda cando se prevé a reactivación inminente das regras fiscais vinculadas á sostibilidade das finanzas públicas. Neste escenario, será cada vez máis complexo financiar con recursos alleos ao propio sistema os importes necesarios para garantir o seu equilibrio financeiro. En consonancia coas recomendacións formuladas por distintos organismos internacionais, a evolución das contas da Seguridade Social e o seu impacto sobre o déficit das Administracións Públicas esixirán, sen dúbida, a aplicación de medidas adicionais pola vía do control e contención do gasto.


O gasto sanitario en Galicia

Aínda que a sanidade pública constitúe por si mesma un dos alicerces fundamentais do estado do benestar, a pandemia da COVID-19 intensificou notablemente a súa relevancia no conxunto dos servizos prestados polas Administracións Públicas, condicionando de forma significativa as súas prioridades e actuacións. Dispoñendo xa de datos consolidados sobre a contía e estrutura de financiamento do gasto sanitario no período 2020-2023, resulta posible realizar unha análise do impacto que a crise sanitaria tivo sobre as contas públicas. Con todo, consideramos pertinente afondar no exame da evolución do gasto sanitario público nos últimos anos, tendo en conta que, alén de ser unha competencia esencial das comunidades autónomas, a anterior crise económica e as súas consecuencias

fiscais incidiron de xeito relevante na dotación e progresión deste gasto. Esta circunstancia alimentou un debate profundo sobre se o nivel de esforzo público realizado neste ámbito foi suficiente para dar resposta adecuada á situación excepcional vivida. A continuación, preséntase un estudo do gasto público en sanidade, avaliando a posición de Galicia no contexto estatal.


Ao analizar o gasto público en sanidade hai que ter en conta que en España, como se pode ver no gráfico 17, o 93,2 % do





mesmo corresponde ás comunidades autónomas que, desde o ano 2002, asumiron de forma xeneralizada esta competencia (Galicia, como comunidade histórica, desde 1991). O resto do gasto en sanidade corresponde á Administración central (1,5 %), que, se ben incrementou a súa participación a raíz da pandemia, a reduciu no último ano, para o que se dispón de datos; ás mutualidades dos funcionarios (2,5 %); ao sistema da Seguridade Social (2 %), e ás corporacións locais (0,9 %).


Do estudo da evolución do gasto sanitario nas comunidades autónomas ao longo dos últimos exercicios, destaca en primeiro lugar o notable incremento rexistrado entre 2002 e 2009, cun crecemento acumulado do 46 % en Galicia e do 56 % no conxunto do Estado. A partir dese momento, produciuse unha contracción significativa ata os anos 2012-2013, con reducións medias próximas ao 20 % en termos reais; seguida dunha recuperación parcial que se mantivo ata 2020, exercicio no que o gasto se disparou debido á pandemia. Posteriormente, experimentouse unha diminución nos dous anos seguintes, para volver medrar de maneira apreciable en 2023. Cómpre salientar que Galicia presenta un ritmo de crecemento do gasto sanitario inferior á media autonómica, ampliándose a fenda respecto do resto das comunidades durante a crise económica. Esta diferenza reduciuse parcialmente nos anos 2014 e 2015, pero volveu ensancharse nos exercicios seguintes, en especial entre 2021 e 2023, período no que a diverxencia se acentuou de forma relevante (gráfico 18).




Ademais da evolución do gasto sanitario nas diferentes comunidades autónomas, resulta de interese cuantificar este en termos que permitan unha análise comparativa da súa realidade actual. Neste sentido, se calculamos o gasto sanitario en euros por habitante (gráfico 19), atopamos importantes disparidades entre territorios. Así, temos comunidades que superan nesta *ratio* en máis dun 28 % as de menor gasto. Estas diferenzas xurdiron sobre todo nos últimos anos, ao seren relativamente menores no momento de culminar o traspaso da sanidade ás comunidades autónomas en 2002. Galicia executou gasto en sanidade no exercicio 2023 por importe de 1.988 euros por habitante, lixeiramente por riba da media do Estado, que se situou nos 1.942 euros.

En todo caso, á hora de avaliar o gasto sanitario por habitante, é preciso considerar que a sanidade pública non abrangue a totalidade da poboación, xa que unha pequena parte queda fóra do sistema e outra se integra en réximes alternativos, como é o caso do persoal funcionario adscrito ás súas propias mutualidades. Por esta razón, para unha análise máis precisa, debe empregarse a denominada poboación protexida, é dicir, aquela efectivamente incluída no sistema público, que, á súa vez, cómpre ponderar segundo as necesidades estimadas de gasto derivadas da súa estrutura de idade, dando lugar ao concepto de poboación protexida equivalente. Esta é a variable empregada no actual sistema de financiamento autonómico para calcular a parte correspondente á sanidade dentro do Fondo de garantía dos servizos públicos fundamentais. A comparación entre o peso relativo destas magnitudes e o gasto sanitario real das distintas comunidades autónomas permite achegar unha visión máis axustada das disparidades territoriais. Tal como amosa o gráfico 20, as diferenzas detectadas ao utilizar a totalidade da poboación non só se manteñen, senón que, nalgúns casos, se intensifican, como ocorre en Galicia: malia representar o 6,4 % da poboación protexida equivalente do Estado, só concentra o 5,8 % do gasto sanitario total.

Estas disparidades no nivel de gasto sanitario entre as comunidades autónomas non teñen unha translación exacta no esforzo relativo que estas fan se relacionamos este co PIB rexional (gráfico 21). Tendo en conta que nesta *ratio* incide tamén o nivel de riqueza das comunidades autónomas, vemos






como as diferenzas se incrementan e cambian as posicións relativas, sendo as comunidades máis ricas as que presentan un menor peso do gasto sanitario en relación ao PIB; a pesar de que algunhas delas son as que máis gastan en termos *per cápita*, como acontece no caso de Navarra e o País Vasco. Galicia, cun gasto en sanidade que representa o 6,9 % do seu PIB, sitúase lixeiramente por riba da media estatal, se ben reduciu esa diferenza positiva nos últimos anos.

Por último, resulta tamén revelador, á hora de analizar a relevancia do gasto sanitario e a súa prioridade nas políticas públicas, valorar o seu peso relativo dentro do conxunto do gasto das comunidades autónomas. Neste sentido, as crecentes necesidades vinculadas a esta función, así como a propia dinámica expansiva do gasto sanitario —aínda antes da crise da COVID-19 e malia os axustes orzamentarios aplicados—, xunto co proceso de consolidación fiscal, contribuíron a que a sanidade gañase progresivamente peso dentro do gasto non financeiro autonómico, tal como se aprecia no gráfico 22. No ámbito estatal, esta tendencia supuxo un incremento acumulado de 4,11 puntos porcentuais entre 2002 e 2022, malia que cunha leve redución no exercicio 2023. En Galicia, o aumento foi aínda máis acusado: o gasto sanitario ampliou o seu peso en 6,49 puntos porcentuais, acadando o 43,38 % do gasto non financeiro; o que evidencia unha clara reorientación de recursos cara a unha función xa altamente priorizada antes da pandemia. Cómpre destacar que, a pesar de rexistrar algunhas das maiores *ratios* de gasto sanitario por habitante, as comunidades do País Vasco e Navarra presentan as porcentaxes máis baixas de gasto non financeiro destinado a esta área; evidenciando os beneficios que lles reportan os seus réximes de financiamento singularizados.

A análise da evolución e contía do gasto sanitario ao longo dos últimos 22 anos pon de manifesto, de maneira evidente, o peso crecente desta función no conxunto do gasto autonómico. Esta realidade reforza a necesidade de valorar axeitadamente a súa relevancia e dimensión, así como de avaliar o seu custo efectivo e os mecanismos de financiamento máis adecuados. Alén das demandas extraordinarias derivadas da pandemia —moitas das cales se están a consolidar no tempo—, existen múltiples factores estruturais que seguirán impulsando o incremento do gasto público en sanidade,




facendo imprescindible a asignación de recursos adicionais e específicos no marco do Sistema de Financiamento Autonómico. Esta necesidade adquire especial transcendencia no caso de Galicia, onde o envellecemento da poboación e a elevada dispersión territorial implican un custo relativo superior na prestación dos servizos sanitarios, situando a comunidade nunha posición comparativamente de maior esixencia que a maior parte das restantes autonomías.

O gasto en educación en Galicia



A educación representa un dos piares fundamentais da actuación das comunidades autónomas e sufriu un impacto notable, tanto pola crise económica iniciada a finais dos anos 2000 como pola máis recente derivada da pandemia da COVID-19, aínda que con consecuencias de natureza diferente. Abordar o gasto nesta área, valorando tanto a súa dimensión económica como a súa evolución temporal, constitúe un elemento esencial para completar a análise do sector público galego.

Do exame histórico do gasto educativo despréndese como primeira constatación o seu significativa




incremento entre 2002 e 2009, cunha suba do 28 % en Galicia e do 40 % no conxunto autonómico. Posteriormente, rexístrase unha redución significativa ata o ano 2012, seguida dunha etapa de estabilización nos exercicios 2013 e 2014, e dunha recuperación parcial nos anos seguintes. En 2020 obsérvase un aumento relevante, mantido en parte no 2021, impulsado polas necesidades excepcionais xeradas pola pandemia; a continuación prodúcese unha caída en 2022 e unha recuperación nos anos seguintes, pero só no total do Estado.

Resulta salientable o menor dinamismo relativo do gasto educativo en Galicia e como ambas as crises ampliaron a distancia coa media das comunidades autónomas; unha diferenza que se intensificou de



maneira destacada nos últimos cinco anos, en particular no exercicio 2024 (gráfico 23).

Hai que sinalar tamén as notables diferenzas interterritoriais no gasto educativo entre comunidades autónomas. Se analizamos o gasto en euros por habitante considerando a poboación obxectivo entre os 4 e os 22 anos (gráfico 24), obsérvanse comunidades que practicamente duplican as de menor investimento, evidenciando un incremento das desigualdades nos últimos exercicios. Estas discrepancias reflíctense de igual modo ao relacionar o gasto educativo co PIB rexional (gráfico 25), malia que neste caso inflúe tamén o nivel de riqueza relativo de cada territorio. No ano 2024, Galicia destinou á educación un total de 6.690 euros por habitante na devandita franxa de idade, un 4,9 % por riba da media estatal. Con todo, en termos de esforzo relativo respecto ao PIB, sitúase practicamente na media nacional, debido ao menor peso proporcional da poboación en idade educativa sobre o total da súa estrutura demográfica.



Por último, cómpre subliñar que a evolución do gasto asociado á función educativa, en combinación coa dinámica do conxunto do gasto público e co proceso de consolidación orzamentaria, contribuíu a unha perda de peso relativo do gasto en educación dentro do total dos gastos non financeiros das comunidades autónomas (gráfico 26). En Galicia, este gasto representa actualmente o 21,5 % do total non financeiro, case un punto e medio por debaixo da media estatal. Nos últimos exercicios detectouse unha certa recuperación desta proporción, logo de alcanzar, nos anos máis críticos da crise, unha diferenza negativa de ata cinco puntos en relación co rexistro de 2002.